VALEDOR DO CIDADÁN

# INFORME AO PLENO DO CONCELLO 2010

## ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE
## ACTUACIÓNS DE OFICIO



VALEDOR DO CIDADÁN

# INFORME AO PLENO DO CONCELLO

# 2010

ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE

ACTUACIÓNS DE OFICIIO

Edita: Valedor do Cidadán

Fotografía de portada: Diego Durán

Maquetación: Diego Durán

Imprime: Grupo SR (www.serviciosrelacionados.com)

Depósito Legal: VG 192-2011

ISBN: 978-84-92425-24-2

## ÍNDICE

**Presentación** ....................7

**Introdución** ....................9

**PARTE I**
**Actuacións a instancia de parte do ano 2006 con incidencias no ano 2010** ........15
Capítulo I: Medio ambiente ....................16
Capítulo II: Mobilidade e seguridade ....................25
Capítulo III: Urbanismo e Vivenda ....................36
Resumo estatístico....................56

**PARTE II**
**Actuacións a instancia de parte do ano 2007 con incidencias no ano 2010** ......57
Capítulo I: Medio ambiente ....................58
Capítulo II: Mobilidade e seguridade ....................88
Capítulo III: Urbanismo e Vivenda ....................96
Resumo estatístico....................108

**PARTE III**
**Actuacións a instancia de parte do ano 2008 con incidencias no ano 2010** ....109
Capítulo I: Medio Ambiente ....................110
Capítulo II: Tribunal Económico-Administrativo....................111
Capítulo III: Mobilidade e Seguridade ....................112
Capítulo IV: Servizos Xerais ....................124
Capítulo V: Urbanismo e Vivenda.....................128
Resumo estatístico....................146

**PARTE IV**
**Actuacións a instancia de parte do ano 2009 con incidencias no ano 2010** ....147
Capítulo I: .Cultura ....................148
Capítulo II:.Deportes ....................148
Capítulo III:.Gabinete Alcaldía ....................149
Capítulo IV:.Medio Ambiente ....................151
Capítulo V: Mobilidade e Seguridade....................165
Capítulo VI: Participación Cidadá ....................180
Capítulo VII: Servizos Xerai ....................184

Capítulo VIII: Urbanismo e Vivenda....201
Capítulo IX: Xestión Municipal....221
Resumo estatístico....226
Requirimentos tramitados no ano 2010....229

**PARTE V**
**Actuacións a instancia de parte do ano 2010**....237
Capítulo I: . Medio Ambiente....238
Capítulo II:. Mobilidade e Seguridade....240
Capítulo III:.Normalización, Xuventude e Igualdade....255
Capítulo IV: Participación Cidadá....276
Capítulo V: Servizos Xerais....279
Capítulo VI: Urbanismo e Vivenda.....282
Capítulo VII: Xestión Municipal....289
Capítulo VIII: Outros....294
Resumo estatístico....307
Requirimentos tramitados no ano 2010....309

**PARTE VI**
**Entrevistas e consultas por correo electrónico**....317
Entrevistas ano 2010....317
Consultas por correo electrónico ano 2010....319
Reflexións....321

**PARTE VII**
**Actuacións de Oficio**....325

**ANEXOS**
**Expedientes actualizados até marzo de 2011**....331
**Terceiro Encontro Estatal de Deffensores Locais**....337
**CONAMA (Congreso Nacional de Medio Ambiente)**
**Grupo de Traballo GT-15. Plans locais de acción contra o ruído**....359

## PRESENTACIÓN

O obxectivo do Valedor do Cidadán non é fiscalizar senón colaborar coa Administración Local, independentemente da súa ideoloxía, pois o fin supremo das súas funcións reside na consecución dun viguismo integrador, para o cal debe dar a coñecer os defectos observados no funcionamento desa administración co obxectivo de que subsanen sen imposicións senón con recomendacións ao Pleno, admitindo que, nalgunhas ocasións, pode haber diverxencias cos órganos executivos, mais relembrando a Heráclito, que nos deixou escrito que "a harmonía máis bela nace do confronto das diferenzas". Portanto, calquera consenso que non implique a admisión de diferenzas non ten espazo na nosa sociedade, constantando que é moito máis o que nos une do que nos separa.

Este Informe ao Pleno do Concello, ao igual que os editados en anos anteriores, plasma un resumo estatístico das actuacións desenvolvidas ao longo do pasado ano. Estas dividíronse en Actuacións a instancia de parte por medio de consultas diarias, intervencións, mediacións, entrevistas e expedientes e Actuacións de oficio dentro do seu ámbito competencial que se circunscrebe, de forma exclusiva, ao Concello. De forma sucinta e en aras de plasmar unha visión fixa de todas estas actuacións, clasifícanse por áreas temáticas mantendo, en todo momento, e para unha mellor comparación, ese necesario punto de obxectividade e de equilibrio.

As Actuacións a instancia de parte ascenderon a 1036 e, pola primeira vez desde o inicio desta Valedoría, hai oito anos, superouse a cifra do millar. A evolución anual foi incrementándose de forma notábel. Así, no ano 2006 estas actuacións foron 484, que ascenderon a 532 en 2007, a 579 en 2008 e 846 en 2009. Portanto, estas actividades duplicáronse nos últimos catro anos.

As Actuacións a instancia de parte distribuíronse da seguinte forma: 110 consultas (vía correo electrónico) que deron lugar a intervencións, 844 entrevistas que supuxeron xestións ou avinzas e 82 expedientes (abertos cando non se logrou a avinza).

En relación coas Actuacións de Oficio foron publicadas dúas monografías "Encuesta sobre aparcamientos disuasorios. Análisis de los factores condicionantes para su planificación" e "La accesibilidad a los servicios básicos. Aplicación al municipio de Vigo y comparación con otras ciudades europeas. Indicador común europeo de sostenibilidad A-4". Por outra parte, o número de enquisas realizadas para o desenvolvemento destas monografías foi de 3.300.

Finalmente, convén referir tamén que todo Valedor é un árbitro, non un xuíz, non procura a xustiza senón a equidade. Isto é, o equilibrio entre os dereitos e deberes cívicos. Coa esperanza de ter contribuído a dito equilibrio, teño a ben presentar este Informe ao Pleno do Concello de Vigo.

**Luis Espada Recarey**

# INTRODUCIÓN

A célula básica da convivencia social no medievo é a vila, aldea ou cidade; instálase no que sobrevive dos espazos ocupados pola poboación romana ou romano-visigoda e créase como algo novo como un núcleo defensivo.

Rapidamente adquiriu o significado de agrupación urbana, e teñen, segundo os casos, un obxectivo político-social, ben de fixación da poboación ou ben de carácter relixioso (caso do Camiño de Santiago).

A característica común destes concellos e xustamente a súa constitución como municipios que constituían o marco físico cun marco xurídico-político integrado polo señorío e o municipio, esta distinción sobrevive en liñas xerais até as Cortes de Cádiz.

O municipio é o organismo político administrativo da cidade ou vila; o seu desenvolvemento arranca como di a Exposición de Motivos da Lei de Bases de Réxime Local (Lei 7/1985, de 2 de abril) "do desexo do desfrute de liberdade até entón inaccesíbel; permitindo a redención dos maos usos e da opresión señorial, así como a adquisición dun estatuto xurídico liberador das pasadas restriccións".

O sistema normativo das entidades locais, non obstante está lonxe de ser claro, non só pola complexa evolución e polo xogo competencial na materia senón tamén por unha parte importante do que antes era "o réxime local" deixou de estar regulado na normativa de réxime local.

A administración local está necesitada de adaptación a nova realidade.

A propia Exposición de Motivos avisa xa verbo de seu carácter ao advertir que máis que pretender garantir a autonomía sobre a quietude de compartimentos estancos e incomunicados, e, en definitiva, sobre un equilibrio estático propio das cousas inanimadas, busca fundamentalmente aquilo no equilibrio dinámico propio dun sistema de distribución do poder, tratando de artigos e intereses do conxunto, recoñecendo a cada un o seu e establecendo as competencias, principios, criterios e directrices que guían a aplicación práctica da norma no seu conxunto de forma aberta a realidade e as necesidades do presente.

Hoxe estamos a asistir a institucionalización da chamada fórmula da "asignacións de competencias", a característica de esta figura e a utilización das estructuras administrativas interiores a modo de Administración indirecta situándoas en posición de órganos sometidos a poderes xerárquicos, sen que varíe, por tanto, o

centro de interpretación. Así, e dado que a Entidade local en este suposto actúa como simple mandatario, por conta e para a Administración competente, ningún reparo pode opoñerse ao exercicio das técnicas de control na súa plenitude. Neste senso circula, entre outra a Lei galega 5/1997 (art. 174 e 186).

Procede por tanto a posta en marcha de mecanización de coordinación cando as actividades e os servizos locais transcenden o interese propio das correspondentes entidades, incidan ou condicionen relevantemente os de ditas Administracións xa sexan concorrentes ou complementarias dos destas. (Francisco Sosa Warner).

Non está de máis aludir as consideracións que se facían en materia de coordinación na introdución da Memoria do ano 2006.

Por outra banda, e seguindo a Constantino Alvarellos Galve sería conveniente relembrar as principais consideracións sobre a reforma administrativa na Administración autonómica galega, concebida como un proceso global e cuxos principais obxectivos a considerar son:

1. Achegamento ao administrado, que permite que o cidadán poda, en calquera momento, coñecer a situación dos procedementos nos que interveña.

2. Simplificación de trámites, eliminando todo aquilo que non estea xustificado, racionalizando os contidos e aplicando medios instrumentais de carácter informático.

3. Control de eficacia dos procedementos. Un obxectivo básico e facer posíbel que se poida contar e medir en todo momento nunha actuación da Administración o que require a creación dunha Inspección Xeral de Servizos, con funcións xenéricas de control e proposta de medidas correctoras das desviacións que se poidan producir.

4. Normalización de documentos. Con isto facilitarase o cidadán as súas relacións coa Administración, permitindo tamén reduci-lo tempo de tramitación quedando precisados os documentos que sexan de aplicación xeral así como os datos que deban consignarse, evitando así paralizacións e atrasos.

5. Axilidade na tramitación de documentos. Resolvendo así o problema de atraso frecuente na circulación de documentos desde a oficina, onde se

presentan á unidade competente para a súa tramitación ou resolución. Cun servizo de valixa que permite chegar o seu destino o día seguinte do seu rexistro.

6. Desconcentración. Instrumento básico para conseguir un maior grao de eficacia na actuación administrativa e de proximidade ao cidadán.

   Ademais de outorgarlle un papel máis activo e resolutorio aos órganos inferiores en determinadas actividades de xestión previamente definidas evita unha excesiva acumulación de funcións e tarefas nos órganos superiores.

   Por outro lado, ven a cumprir unha finalidade democratizadora, na medida, que fai aproximación dos centros de decisión os administrados, e ao mesmo tempo facilita a participación cidadán nos órganos desconcentrados, a ver que supón o efecto dunha maior profesionalización no exercicio das competencias, por canto os funcionarios poderán desenvolver tarefas até entón reservadas en exclusiva aos niveis más altos de función directiva.

7. Accesibilidade e control de información. A eficacia esixe, que se poida coñecer, en calquera momento, o fluxo de información que se está producindo e, ao mesmo tempo, o control e manexo de dita información.

   Por iso é polo que un dos obxectivos básicos de reforma é o da informatización integral dos procedementos de xestión, desde o inicio do procedemento deica a súa conclusión.

# PARTE I
## ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2006 CON INCIDENCIAS NO ANO 2010

## INTRODUCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de 16 expedientes correspondentes a solicitudes formuladas no ano 2006 con incidencias durante o 2010 e que corresponden a:

| | |
|---|---|
| MEDIO AMBIENTE | 3 |
| MOBILIDADE E SGURIDADE | 3 |
| URBANISMO E VIVENDA | 10 |
| **TOTAL** | **16** |

# EXPEDIENTES

CAPITULO I- MEDIO AMBIENTE.

## EXPEDIENTE 1/2006

ASUNTO:

Queixa en relación co estado dunhas fincas lindeiras coa do interesado que se atopan cheas de silveiras, herbas e maleza e nas que proliferan os ratos e os mosquitos, o que é prexudicial para a saúde. Indica o promotor da queixa que desde agosto de 2005 presentou varios escritos no Concello, sen que se lle dese solución ao problema.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 4/01/2006. Con data 9/01/2006 solicítase o preceptivo informe ao servizo de Sanidade da Concellaría de Urbanismo e Medio Ambiente, que se recibe o 18/01/2006, no que se reflite que con data 11/01/2006 se inicia expediente sancionador ao propietario do solar denunciado por telo en condicións de insalubridade, o que se traslada ao interesado o 23/01/2006.

Con data 22/03/2006 solicítase ao servizo de Sanidade información actualizada en relación co expediente sancionador antes citado, a cal se recibe o 4/04/2006 e na que se indica que, unha vez rematado o prazo para levar a cabo a limpeza da finca, remítese de novo o informe do inspector de sanidade para que comprobe si se deu cumprimento á resolución da Alcaldía. Do anterior dáse cumprida información ao interesado.

Con data 20/04/2006, dado o tempo transcorrido, solicítase información en relación coa actuación do inspector de Sanidade, petición que se reitera o 23/05/2006 e o 21/06/2006.

Con data 5/07/2006 recíbese escrito do Concelleiro delegado de Medio Ambiente, no que informa que, o 15 de xuño, o inspector de Sanidade comunica que non puido comprobar si se levara a cabo a resolución da Alcaldía de 6 de febreiro de 2006, pola que se ordenaba a limpeza da finca, porque para realizala tería que acceder ao interior do edificio do denunciante e foille imposíbel porque non contestou ninguén ás súas chamadas, tanto no enderezo daquel como por

teléfono. O anterior notifícase ao interesado o 6/07/2006, quen acusa recibo persoalmente da información.

Con data 7/09/2006 solicítase nova información, que se reitera o 9/10/2006, o 9/11/2006 e o 5/12/2006. No escrito de novembro indícase que produce asombro que o interesado non responda ás chamadas do Concello e, en cambio, si recibe a información desta oficina do Valedor do Cidadán.

REFLEXIÓNS:

Resulta contraditorio que a inspección de Sanidade non poda contactar co denunciante no seu domicilio e, pola contra, as comunicacións escritas que se fan, a nivel informativo, desde a oficina do Valedor do Cidadán son recibidas todas polo interesado.

A Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos é clara e concisa cando, no seu capítulo II, determina que os propietarios de toda clase de solares, terreos e construcións deberán mantelos en constante estado de limpeza, salubridade e ornato público e que o Concello ordenará de oficio a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións.

RECOMENDACIÓN:

Un axeitado cumprimento da ordenanza municipal.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 14/02/2007, 12/03/2007, 11/04/2007, 09/05/2007. Con data 1/05/2007, recíbese escrito do Servizo de Sanidade, no que se indica que, unha vez, rematado o prazo para realiza-la limpeza, pasase o expediente o Inspector Auxiliar de Sanidade para comprobar que se realizaran os traballos. Esta comprobación leva bastante atraso, que se trata de evitar unha nova incorporación doutro Inspector. Realizándose nestes días as probas de Oferta de Emprego Público. En caso de informe desfavorábel procederase a tramitar unha sanción coercitiva de 300€, reiterábeis até lograr a execución do ordenado, podendo chegar os 6.000€ do que se dá cumprida información ao interesado o 21/05/2007.

Con data 19/06/2007, ínstase nova información actualizada, e con data 10/07/2007, recíbese novo escrito de Sanidade no que informa que aínda non se realizou a inspección que se fará por orde de antigüidade dos expedientes, e

que o novo Inspector aínda non se incorporou o servizo, coa nova incorporación espérase que se rendese o tempo de tramitación, e que o estado de abandono, non xera ningún risco para os cidadáns, non ten carácter urxente polo que non se pode adiantar a súa tramitación. Pola nosa parte faise preciso indicar que o interesado presentou a súa primeira denuncia o 01/08/2005, e dicir fai vinte e tres meses. Do anterior deuse cumprida información ao interesado o 09/07/2007.

Con data 19/09/2007, solicítase información actualizada, recibíndose resposta o 27/09/2007, na que se informa que aínda o Inspector non realizou a inspección, que se atopa de baixa médica o que se lle comunica ao interesado o 02/10/2007, seguindo o expediente en tramitación.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/02/2008 instase unha acción eficaz no tema que nos ocupa o que se reitera o 01/04/2008 o 07/05/2008, o 27/05/2008, o 26/06/2008, 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008, 25/11/ 2008, 18/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 23/01/2009 reiterase por onceava vez o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 18/02/2009 o 24/03/2009 e 24/04/2009.

Con data 15/05/2009, recíbese escrito da Concellaría de Medio Ambiente, sen rexistro de saída, no que informa o seguinte:

*"En relación co seu escrito solicitando información actualizada con respecto ao expediente 1/2006, expediente municipal, segundo me informan os técnicos municipais, comprase informarlle do seguinte:*

*Con data 20 de abril de 2006, o Valedor do Cidadán require información sobre denuncia presentada por ……… , por abandono dun inmoble, sito na rúa……… e invasión de xestas na súa propiedade.*

*Con data 15 de xuño de 2006, o inspector de sanidade informa de que non se puido comprobar se a denunciada seu cumprimento ao requirimento municipal de proceder á limpeza da súa finca, porque para realizar a inspección é necesario acceder ao interior do edificio do denunciante, ……………, extremo este que foi imposíbel por non atoparse no domicilio o mesmo e non responder ao teléfono.*

*Con data 2 de febreiro de 2007, finalmente, o inspector de sanidade pode acceder ao inmoble e informa efectivamente do estado de abandono do edificio sito na rúa …….. A propiedade, segundo se indica no informe, terá que reparar as fiestras, limpar a maleza, en cumprimento do artigo 13 da Ordenanza de Protección do Medio Ambiente.*

*A vista do informe do inspector de sanidade, con data 5 de febreiro de 2007, o Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, dita resolución para a incoación de expediente de orde de execución a denunciada, como propietaria do solar.*

*Con data 22 de febreiro de 2007 a denunciada acusa recibo de dita resolución, que tamén lle foi notificada a promotor da queixa coa mesma data.*

*Con data 16 de abril de 2007, o Concelleiro de Medio Ambiente dita resolución na que se ordena a …….. que no prazo máximo de 30 días proceda á limpeza do solar, garantindo o mantemento nas condicións de limpeza, salubridade e ornato esixíbeis segundo a ordenanza municipal en vigor.*

*Na mesma resolución se lle comunica á propietaria que de non cumprir o mandato procederase á súa execución forzosa, ben de forma subsidiaria pola administración municipal, ben mediante a imposición de multa coercitiva de entre 300 e 6.000 euros, reiterábeis até acadar a execución do ordenado.*

*Esta resolución lle foi notificada a ……. con data 24 de abril de 2007 e a o promotor da queixa coa mesma data.*

*Persistindo a reiteración da denuncia formulada por el interesado,, o inspector municipal do servizo de Sanidade, informa con data 9 de outubro de 2007, que "personado no lugar dos feitos da denuncia é imposíbel facer nova inspección por non ter acceso ao interior". Chamouse por teléfono en varias ocasións en días distintos e se pasou por esta dirección varias veces, sendo imposíbel contactar co denunciante".*

*Dada a reiterada imposibilidade de contactar por teléfono co denunciante, pregamos nos sexa facilitado outro teléfono para contrastar se persisten as causas da denuncia formulada no seu día e se procede xirar nova visita de inspección.*

*Do que se deu cumprida información ao interesado o 15/05/2009*

Coa mesma data dirixímonos a Concellaría de Medio Ambiente sinalando que esta Institución non dispón de medios de investigación ao respecto, indicándolle o

que dispón a Lei 30/1992 para os sistemas de notificación; esperando nova información ao respecto, reiterándoa o 22/06/2009, 27/07/2009, 28/08/2009. Con data 18/09/2009, recíbese informe de Medio Ambiente no que relata as dificultades para lograr a debida comunicación e que seguirán as pescudas ao efecto, do que se dá cumprida información ao interesado, indicándolle que, en datas vindeiras instarase nova información (comunicación de 21/09/2009), o que se fai o 22/10/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 solicítase información actualizada sobre o problema que motivou a queixa, que se recibe o 24/02/2010 e no que se indica o seguinte.

Segundo informe reiterado do inspector municipal resultoulle imposíbel realizar a inspección do inmoble presumibelmente abandonado por non ter acceso ao interior da finca. Chamou por teléfono e pasou polo enderezo indicado en diferentes e numerosas ocasións, sendo imposíbel contactar co denunciante. Tentouse en reiteradas ocasións tamén chamar ao teléfono indicado na denuncia, cun resultado similar.

Realizouse notificación por escrito no domicilio indicado a efectos de notificación en datas 23 e 27 de setembro de 2009, e a persoa presente no domicilio di descoñecer ao interesado.

Intentouse a notificación noutro domicilio resultado da investigación desta administración na rúa nas mesmas datas e faise constar que o interesado atópase ausente. Deixándolle aviso para que retire a notificación no Concello de Vigo.

Pasado o prazo concedido para a recollida do mesmo, a notificación foi devolta ao departamento de Sanidade.

A día de hoxe o denunciante non volveu contactar con esta administración nin recolle as notificacións enviadas, polo que en aplicación da Lei de Procedemento Administrativo: "Cando a notificación se practique no domicilio do interesado, de non estar presente no momento de entregar se a notificación poderá facerse cargo da mesma calquera persoa que se atope no domicilio e que faga constar a súa identidade. SE ninguén se puidera facer cargo da notificación, farase constar esta circunstancia no expediente, xunto co día e hora no que se tentou a notificación, tentativa que se repetirá por unha soa vez e en horas distintas".

Neste sentido, todos os intentos de contactar co denunciante teñen sido infrutuosos e o acceso á súa vivenda é inescusábel para poder comprobar o estado do

inmoble lindeiro que está abandonado e elevar acta para incoación de expediente de orde de execución de limpeza.

Agás que esa Oficina do Valedor teña algunha noticia do denunciante, este Concello arquiva o expediente até que o interesado impulse de novo o procedemento mediante escrito ou comparecencia nesta administración.

Do que se deu cumprida información ao interesado, sen incidencias posteriores.

**EXPEDIENTE 16/2006**

ASUNTO:

Queixa en relación cos ruídos que soportan os veciños da rúa Vía Norte, tanto de día como de noite, pola actividade dos talleres. O promotor da queixa solicitou a protección á que ten dereito no Concello, intentando que se sometese a actividade deses talleres a un procedemento de avaliación da incidencia ambiental e se lle aplicasen, de se-lo caso, as medidas correctoras necesarias.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 13/03/2006. Con data 16/03/2006 solicítase á Concellaría de Medio Ambiente o preceptivo informe, pedimento que tivo que reiterarse o 17/04/2006, o 18/05/2006 e o 12/06/2006.

Con data 16/06/2006 recíbese escrito do Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, no que informa o seguinte: *"Con data 6/06/2006 solicítase información ao enxeñeiro técnico de Licenzas e Actividades das actuacións a seguir con respecto ás zonas consideradas de servidume, como rectores do territorio afectado por servidumes sonoras a favor de sistemas xerais de infraestruturas viarias, ferroviarias ou outros equipos públicos que as reclamen"*.

Do anterior dáse cumprida información ao interesado o 19/06/2006 indicándolle que, en datas vindeiras, instarase información actualizada en relación co contido do informe antes citado, o que se fai nas seguintes datas: 13/07/2006, 22/08/2006 e 25/09/2006.

Con data 6/10/2006 recíbese o informe, no que se reflite que se procede a aplicar o disposto na ordenanza municipal e na Lei de ruídos da Xunta de Galicia,

polo que se están a realizar as actuacións previas para determinar se concorren circunstancias que xustifiquen a iniciación do expediente.

O anterior trasládase ao promotor da queixa, quen, o 6/11/206, remite escrito no que proporciona nova información, que se traslada ao Concelleiro Delegado de Medio Ambiente o 8//11/2006, interesando, ademais, información actualizada con respecto ao expediente. Con data 5/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

REFLEXIÓNS:

Coñecido é o dilema entre descansar ou durmir, fronte a determinadas actividades (lecer, dereitos empresariais, servidumes, etc.), dilema que é totalmente falso, xa que o dereito ao descanso é máis primario, máis fundamental. O debate está falseado, o vieiro de integración europea non pode reducirse ao estritamente político-económico.

Hai que lembrar, unha vez máis, a introdución da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións que, en realidade, ten que considerarse como algo máis cunha mera lenda. Nela indícase claramente que: *"O ruído é unha das perturbacións ambientais que de xeito máis importante afectan ás persoas, proba diso é o aumento de denuncias por parte das e dos cidadáns."*

A ordenanza pretende protexer ás persoas e aos bens contra este tipo de agresión, e abrangue a todo tipo de actividades, instalacións e comportamentos que xeren ruídos ou vibracións susceptíbeis de producir molestias, lesións ou danos materiais ás persoas ou bens situados no municipio.

Sabido é que o ruído pode producir efectos fisiolóxicos non desexados, e que a actividade aludida neste expediente é unha das principais fontes de contaminación, non só pola actividade de circulación ou tráfico, senón tamén pola actividade sectorial dos talleres, polo que é preciso cuantificar a intensidade do ruído e ter en conta, ademais, a duración do mesmo, de aí que sexa preciso actuar sobre as vías de transmisión e nas zonas de recepción.

Hoxe existen decisións xurídicas que obrigan a realizar medicións dos ruídos xerados por actividades similares á que nos ocupa, xa que, en virtude do principio de subsidiariedade proclamado pola Carta Europea de Autonomía Local, os Concellos terán que velar para que os veciños gocen dun medio ambiente axeitado e para que as molestias que producen os aeroportos (ou actividades similares) se reduzan ao máximo.

RECOMENDACIÓN:

Cómpre tomar exemplo da rama laboral do dereito que cada día está concedendo máis importancia aos trastornos que produce a contaminación acústica, pasar de ser o convidado de pedra e adoptar con realismo medidas serias e concluíntes, cortando unha problemática que cada vez se lle vai máis das mans, como se descoñecéndoa fose a desaparecer. A administración, en especial a local, ten que actuar e evitar que o cidadán se converta a cotío en xustizábel para poder resolver as situacións anómalas que na súa existencia e paz social provocan os ruídos e todos os seus condicionantes (Izquierdo Carbonero).

Durante o ano 2008, déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2008 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo o 19/02/2008, 27/03/2008, 05/05/2008, 21/05/2008, 26/06/2008, 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008.

Non recibíndose información algunha durante o ano 2008.

Con data 20/05/2009, reitérase o pedimento informativo e de novo o 22/06/2009, 27/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/10/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 reitéranse de novo a petición de informe, e, de novo o 02/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010, 09/12/2010.

## EXPEDIENTE 61/2006.

ASUNTO:

Queixa en relación co estado de abandono dun terreo propiedade do Concello, o que supón un perigo para a saúde dos residentes na zona.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 6/10/2006, solicitándose o preceptivo informe o 9/10/2006, petición que se reitera o 8/11/2006 e o 4/12/2006.

REFLEXIÓNS:

As Entidades locais son un dos principais fundamentos dun réxime democrático. O dereito dos cidadáns a participar na xestión pública permite unha administración eficaz e próxima aos mesmos.

Os poderes públicos teñen que velar pola utilización racional dos recursos naturais, contribuíndo á conservación, protección e mellora da calidade do medio ambiente, sobre todo cando o seu descoido afecta á saúde dos cidadáns, e deben establecerse como servizos mínimos a recollida de residuos, a limpeza viaria, a protección sanitaria, etc.

A Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos, subliña como obrigatorio para os propietarios (entre eles o Concello) o mantemento en constante estado de limpeza, salubridade e ornato público das súas propiedades. O Concello, de oficio, ordenará a execución das obras necesarias para

conservar aquelas condicións. ¿Que sucede cando o Concello se esquece dos terreos que lle son propios?, ¿a quen sancionará?

RECOMENDACIÓN:

Unhas actuacións áxiles e eficaces en temas que afectan a propiedades municipais en relación coa sanidade e o decoro públicos.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007, reitérase o pedimento anterior, e, de novo, o 14/02/2007. 13/03/2007, 11/04/2007, con data 17/04/2007 recíbese escrito de Sanidade no que se informa que dadas as dificultades para acceder os terreos, remitiuse o expediente a Xerencia de Urbanismo para a realización das pescudas sobre a existencia dun acceso público para poder realizar a limpeza do mesmo, sen invadir propiedades privadas. Do que se dá cumprida información á interesada o 19/04/2007. De novo o 14/05/2007, instase información sobre a situación, e, o 22/05/2007, recibe novo informe da Sanidade no que se indica que se descoñece a situación da oficina de Urbanismo a quen se lle trasladou o expediente, e que non é da súa competencia pescudar a situación de dita oficina que non depende xerarquicamente do negociado de Sanidade. E obvio que a coordinación brilla, unha vez máis, pola súa ausencia. Do que damos cumprida información á interesada o 23/05/2007, e coa mesma data dirixímonos a xerencia de Urbanismo que

con data 12/06/2007, nos informa que existe un expediente en tramitación sobre as competencias de mantemento do noiro existente nas traseiras do edificio, sobre orde de execución do mantemento do dito noiro, o que lle participamos á interesada o 13/06/2007.

Con data 30/07/2007, interésase, de novo, información actualizada, e de novo o 30/08/2007.

Con data 06/11/2007, recíbese comunicación da interesada na que nos participa, que están a seguir padecendo molestias constantes, por mor das picadelas dos insectos con perigo para súa saúde, do que se dá cumprida información a Urbanismo, instando, unha vez máis, unha solución axeitada o 08/11/2007.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/02/2008 reiterouse o pedimento anterior, e de novo, o 26/03/2008, 05/05/2008, 20/05/2008, recibíndose escrito de Disciplina Urbanística o 26/05/2008, do que se deu cumprida información á interesada quedando o tema pendente das xestións ante Patrimonio. Con data 24/06/2008 solicitouse información ao respecto, e de novo o 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 19/11/2008, 17/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reitérase por sexta vez o pedimento informativo do 24/06/2008, e de novo, o 18/02/2009, 18/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 16/06/2009, 24/07/2009, 24/08/2009, 24/09/2009, 26/10/2009. Con data 06/11/2009 recíbese escrito de Medio Ambiente informando que se procedeu a limpeza de parte do recinto, ordenándose de novo a limpeza do resto, e que con respecto ao peche débese actuar ante Patrimonio do que se deu cumprida información á interesada o 10/11/2009. Con data 4/12/2009 interésase información actualizada.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2010 recíbese escrito da Concellaría de Medio Ambiente no que se informa o seguinte:

"En relación co seu escrito de data 1 de decembro, con respecto ao expediente 61/2006 (expediente municipal), segundo me informan os servizos municipais, práceme informarlle do seguinte:

Que por non resultar posíbel a notificación persoal ao interesado no lugar indicado como domicilio da orde de execución de limpeza, tal e como esixe a lexislación en vigor, con data 8 de xaneiro de 2010 foi remitido anuncio á Excma. Deputación Provincial de Pontevedra para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia no que se notifica á Comunidade de Propietarios o trámite de audiencia do expediente de incoación de orde de execución, dándolle un prazo de dez días hábiles, contados a partires do seguinte á publicación do anuncio no BOP para presentar as oportunas alegacións.

No caso de que no prazo indicado no se presentasen alegacións, ordénase ao interesado para que no prazo máximo de 30 días naturais proceda á realización dos traballos precisos no terreo para manter as condicións de limpeza estipuladas na Ordenanza Municipal de Limpeza de Residuos Sólidos Urbanos, apercibíndolle de que de non cumprir esta orde procederase á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas que van desde 300 a 6.000 euros, reiterábeis até lograr a execución do ordenado."

Do anterior deuse cumprida información á interesada o 27/01/2010. Con data 24/02/2010 solicitouse información actualizada ao respecto, pedimento que se reitera o 22/04/2010, 24/05/2010, 23/06/2010.

Coa mesma data recíbese informe de Medio Ambiente no que indica os trámites seguidos desde 28/01/2010.

• Anuncio no BOP, coa orde de execución de limpeza de terras.

• A Inspección informa que o 11/05/2010 non se tiñan realizados os traballos de limpeza.

• O 03/05/2010 dítase resolución impoñendo multa coercitiva por incumprimento de orde de execución de limpeza.

Do que se dá cumprida información á interesada o 24/06/2006, indicando que en datas vindeiras ínstase nova información actualizada, que se fai o 26/07/2010, 25/08/2010, 23/09/2010 e 21/10/2010. Con data 09/11/2010 recíbese escrito de Medio Ambiente no que se informa que o 28/09/2010 realizase visita de inspección comprobándose que o terreo limpouse en parte pero non na súa totalidade, sendo necesaria a limpeza de novo na súa totalidade coa advertencia de que teñen que retirar a maleza, entendendo que nestes momentos non se debería sancionar por crer que houbo vontade de cumprir co requirimento feito no seu momento.

Non obstante, 0 14/10/2010 dítase resolución indicando:

1. Orde de que no prezo máximo de 30 días naturais se proceda a limpeza adecuada na súa totalidade, e retirada da maleza.

2. De non cumprir a orde, procederase a execución forzosa ben en forma subsidiaria e a costa da propiedade, ben mediante a imposición de multas coercitivas de 300 a 600 euros, reiterábeis. Sen prexuízo de tramitación do expediente sancionador.

Do que se dá cumprida información á interesada o 10/11/2010, indicando que en datas vindeiras solicitarase informe actualizado, o que se efectúa o 09/12/2010.

## CAPITULO II- MOBILIDADE E SEGURIDADE

### EXPEDIENTE 10/2006.

ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por conducir sen cinto de seguridade, situación negada polo interesado toda vez que o seu vehículo dispón dunha alarma acústica e rexente para estes supostos, a cal lle fai imposíbel a condución. Ademais, pregúntase como é posíbel que o axente da Policía local perciba tal situación sen darlle o alto, máxime cando o condutor vestía de gris, cor igual á do cinto.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 21/02/2006. Con data 2/03/2006 solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Mobilidade e Seguridade, que se recibe o 20/03/2006, no que informa que o 15 de xuño de 2004 formulouse a denuncia correspondente, cando no documento de notificación da denuncia figura como data da mesma o 28/09/2005; indica, ademais, que, unha vez presentado o escrito de alegacións, estas seguen a tramitación habitual, sen que fosen obxecto de resolución na actualidade. Do anterior dáse cumprida información ao interesado.

Con data 24/04/2006 solicítase información actualizada con respecto á situación do expediente, pedimento que se reitera o 24/05/2006, o 21/06/2006, o 17/07/2006 e o 22/08/2006.

Con data 24/08/2006 recíbese información do servizo de Seguridade, Circulación e Transporte, no que se indica que non recaeu resolución ningunha sobre as alegacións e que o procedemento se atopa dentro do prazo legal habilitado no artigo 81.2 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo.

Do anterior dáse cumprida información ao interesado, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase de novo información actualizada, o que se fai o 24/10/2006, o 23/11/2006 e o 19/12/2006.

REFLEXIÓNS:

Resulta obvio que as Administracións públicas non teñen impedimentos para resolver os asuntos encomendados con criterios de axilidade. Non hai que esperar ao último día para resolver, como xa se expuxo en casos anteriores.

Un procedemento que non sexa áxil e breve é difícil que poida ser unha institución ao verdadeiro servizo dos cidadáns.

Atopámonos con supostos no que a dilixencia e a axilidade na tramitación do procedemento non corresponde cos criterios consagrados na normativa xeral. A eficacia non é máis que un principio activo, o que implica que se está en disposición de obrar, que se actúa con rapidez e eficacia. O principio de actividade non só é desexábel, senón indispensábel no seu funcionamento, só así acadaremos un achegamento na procura de credibilidade.

Estamos ante un procedemento que se iniciou o 28 de setembro de 2005, sen que se notificase ao denunciado no momento do feito e sen que existiran causas que xustificasen a falta de notificación (intensidade de tráfico, factores meteorolóxicos, obras ou outras circunstancias). Dáse ademais a circunstancia de que a comprobación de que o interesado non levaba posto o cinto de seguridade é altamente dificultosa. O que lle permitiría ao axente a súa comprobación exacta sería a detención de vehículo.

Tal como reflite o Código Europeo de boa conduta administrativa, os poderes exerceranse coa finalidade para a que foron outorgados, tendo ademais en conta os factores relevantes, con actuacións xustas e razoábeis, xa que das alegacións parece inducirse que o axente municipal actúa cun criterio absolutamente infalíbel.

Ademais, en todo procedemento administrativo deberá terse en conta que as cuestións presentadas polos interesados constitúen o contido mínimo do mesmo,

por canto ao resolverse polo órgano competente, este poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas, fosen ou non presentadas ou alegadas por aqueles.

RECOMENDACIÓN:

Unha axilidade máxima na resolución dos expedientes, así como a atención ás connotacións que xorden das reflexións.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 23/02/2007 recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que se fai un relatorio do acontecido no expediente rematando coa indicación de desestimación das alegacións aducidas polo interesado o 23/11/2006, dándose cumprida información ao mesmo o 26/02/2007.

Con data 22/03/2007, dirixímonos escrito a Mobilidade e Seguridade facendo as seguintes puntualizacións:

"1) Con esta data, 22/03/2007, o interesado manifesta a súa inquedanza pola resolución ditada o 2/01/2007, aínda que non recibiu notificación da mesma.

¿Que sucede co disposto no artigo 58 da Lei 30/1992 sobre o prazo establecido para as notificacións das resolucións? Podemos estar, unha vez máis, ante un suposto no que a dilixencia e a axilidade na tramitación do procedemento non se albisca por ningún lado. A eficacia non é máis que un principio activo que implica que se está en disposición de obrar; o principio de actividade non só é desexábel senón indispensábel no seu funcionamento, só así acadaremos un achegamento na procura da credibilidade.

2) En canto ao punto do rexeitamento das alegacións formuladas polo interesado na defensa á que ten dereito, baste con recordar que non se deu causa xustificativa en favor da falta de notificación da denuncia no momento da suposta infracción. A comprobación dun feito antirregulamentario é altamente dificultosa. O que permitiría ao axente a súa comprobación exacta sería a detención do vehículo

Tal como se contempla no Código Europeo de boa conduta administrativa, os poderes exerceranse para a finalidade coa que foron outorgados, tendo ademais en conta os factores relevantes, con actuacións xustas e razoábeis, xa parece deducirse que o axente municipal actúa con criterio absolutamente infalíbel. A presunción de veracidade da denuncia precisa

do deber de achegar todos os elementos probatorios que sexan posíbeis sobre o feito denunciado e dar as probas que en defensa dos seus dereitos poidan subliñar os denunciados. A proba do feito denunciado parece basearse nun criterio de absoluta infalibilidade; todo se reduce a unha simple ratificación como práctica habitual.

3) Da análise do expediente sancionador resulta:

En data 3/02/2006 notifícase a denuncia ao interesado.

En data 22/03/2006, non consta resolución sancionadora, o que implicaría a caducidade do procedemento.

Por todo, e en cumprimento co disposto no artigo 10.2 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, prégase informe fundamentado e completo sobre as puntualizacións anteriores."

Con data 19/04/2007, reitérase a petición anterior, e, de novo, o 18/05/2007, 18/06/2007, 30/07/2007, 30/08/2007, 30/10/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/02/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo, é, de novo, o 05/05/2008, o 21/05/2008, o 26/06/2008, 28/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008, 25/11/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 23/01/2009, reitéranse os pedimentos anteriores, e, de novo, o 13/02/2009, 24/03/2009, 24/04/2009, 21/05/2009, 22/06/2009, 27/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/10/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 reitérase o pedimento informativo anterior, e de novo o 02/03/2010. Con data 16/03/2010 recíbese escrito de Mobilidade e Igualdade no que informa o seguinte.

"En contestación ás reiteradas peticións de informe actualizado sobre a queixa presentada por referente ao expediente sancionador nº 10511135854 infórmolle o seguinte:

Dito expediente xa foi informado a esa Institución en data 14 de marzo de 2006, 2 de agosto de 2006 e 22 de febreiro de 2007.

Solicitado informe ao axente denunciante sobre os feitos denunciados este ratifícase no contido da denuncia; por outra banda indicar que o interesado non presentou en ningún intre probas que acreditasen o manifestado nos seus escritos.

Sinalar que este informe ten valor probatorio, neste sentido a Sentenza 21/2008 do Xulgado Contencioso Administrativo número 1:

"..... a ratificación polo Axente do contido da denuncia permite ter por certas as afirmacións contidas naquela, debidamente referendadas coa firma do seu autor, na súa calidade de Funcionario no exercicio das súas funcións".

Previamente esta Institución tiña formuladas as seguintes puntualizacións:

A) Con data 22/03/2007 diriximonos á Concellaría de Mobilidade e Seguridade facendo unha serie de puntualizacións e solicitando información ao respecto:

As puntualizacións son as seguintes:

"Pola nosa parte, puntualízase o seguinte:

1) Con esta data, 22/03/2007, o interesado manifesta a súa inquedanza pola resolución ditada o 2/01/2007, aínda que non recibiu notificación da mesma.

Que sucede co disposto no artigo 58 da Lei 30/1992 sobre o prazo establecido para as notificacións das resolucións? Podemos estar, unha vez máis, ante un suposto no que a dilixencia e a axilidade na tramitación do procedemento non se albisca por ningún lado. A eficacia non é máis que un principio activo que implica que se está en disposición de obrar; o principio de actividade non só é desexábel senón indispensábel no seu funcionamento, só así acadaremos un achegamento na procura da credibilidade.

2) En canto ao punto do rexeitamento das alegacións formuladas polo interesado na defensa á que ten dereito, baste con recordar que non se deu causa xustificativa en favor da falta de notificación da denuncia no

momento da suposta infracción. A comprobación dun feito antirregulamentario é altamente dificultosa. O que permitiría ao axente a súa comprobación exacta sería a detención do vehículo

Tal como se contempla no Código Europeo de boa conduta administrativa, os poderes exerceranse para a finalidade coa que foron outorgados, tendo ademais en conta os factores relevantes, con actuacións xustas e razoábeis, xa parece deducirse que o axente municipal actúa con criterio absolutamente infalíbel. A presunción de veracidade da denuncia precisa do deber de achegar todos os elementos probatorios que sexan posíbeis sobre o feito denunciado e dar as probas que en defensa dos seus dereitos poidan subliñar os denunciados. A proba do feito denunciado parece basearse nun criterio de absoluta infalibilidade; todo se reduce a unha simple ratificación como práctica habitual.

Da análise do expediente sancionador resulta

En data 03/02/2006 notifícase a denuncia ao interesado.

En data 22/03/2006, non consta resolución sancionadora, o que implicaría a caducidade do procedemento.

Por todo, e en cumprimento co disposto no artigo 10.2 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, prégase informe fundamentado e completo sobre as puntualizacións anteriores.

B) O pedimento anterior reiterouse até vintesete veces, a última o 02/03/2010.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 22-03-2010. Sen incidencias posteriores.

**EXPEDIENTE 35/2006.**

ASUNTO:

Queixa en relación coas dificultades que ten o interesado para acceder á súa vivenda polo feito de ter sinais de dirección prohibida en ambos os dous sentidos, sendo sancionado nunha ocasión, non obstante facer uso dunha autorización verbal pola que se lle permitía aparcar entre as 20 e as 8 horas.

Hai que ter en conta, ademais, que os bolardos fixos impiden o acceso de servizos necesarios (butano, etc.) e existe un sinal que só permite o paso aos vehículos de emerxencia.

O interesado tramitou unha solicitude ao respecto en abril de 2006, sen obter resposta ningunha.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 7/06/2006. Con data 8/06/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera nas seguintes datas: 12/07/2006, 9/08/2006, 18/09/2006, 23/10/2006, 22/11/2006 e 13/12/2006.

REFLEXIÓNS:

Independentemente das razóns polas que se prohibe a mobilidade na rúa en cuestión, sería desexábel unha revisión exhaustiva que delimitara fidedignamente as limitacións, coa posibilidade de acceso restrinxido aos veciños da rúa mediante unha reordenación dos bolardos, como existe noutras rúas con limitacións de mobilidade.

Por outra banda, o interesado ten dereito a recibir información puntual e detallada en relación coa solicitude formulada no seu día.

RECOMENDACIÓN:

O cumprimento de legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación.

A revisión da situación dos bolardos, adaptándoos ás medidas de mobilidade, como noutras rúas.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 20/02/2007, 20/03/2007, 18/04/2007 e 04/10/2005.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/02/2008, reiterouse por doceava vez, o pedimento informativo anterior, é de novo, o 01/04/2008, o 05/05/2008, 21/05/2008, o 26/06/2008, 24/07/2008, 27/08/2008, 29/10/2008, 25/11/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes.

Con data 23/01/2009 reitérase por vixésima vez, os pedimentos anteriores, e, de novo, o 18/02/2009, 24/03/2009, 24/04/2009, 21/05/2009, 22/06/2009, 27/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes.

Con data 03/02/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 02/03/2009, 08/04/2010, o 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010, 09/12/2010.

**EXPEDIENTE 48/2006.**

ASUNTO:

Queixa en relación coa retirada dun vehículo da vía pública por aparente abandono do mesmo. O automóbil atopábase correctamente estacionado na rúa debido ás obras que se estaban a realizar no garaxe do promotor da queixa e este non recibiu notificación ningunha no seu domicilio ao respecto.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 18/08/2006. Solicítase o preceptivo informe o 19/07/2006, petición que se reitera o 22/08/2006, o 25/09/2006, o 23/10/2006, o 22/11/2006 e o 20/12/2006.

REFLEXIÓNS:

O vehículo non estaba en situación de abandono e a notificación efectuada non foi correcta, xa que existen probas mediante documentos oficiais de que o enderezo do interesado non é o que figura na notificación que se indica en relación co expediente de abandono. Este feito supón unha situación de indefensión do promotor da queixa por un erro da Administración municipal.

RECOMENDACIÓN:

O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que no seu artigo 10.2 establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación.

A declaración da nulidade do expediente, xa que os datos non son verdadeiros por erro imputábel ao Concello, o arquivo do mesmo e a corrección dos danos ocasionados.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2007, recíbese escrito de Seguridade no que se informa que a interesada solicita a declaración de nulidade das actuacións do expediente, cuxa resolución está este en trámite.

Con data 22/02/2007, instase información o respecto e de novo o 21/03/2007, 27/03/2007, 19/04/2007, 18/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007, 22/08/2007, 23/10/2007, 22/11/2007, 20/12/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/02/2008, reitérase por oitava vez, o pedimento informativo, é, de novo, o 11/06/2008, logo de diversas xestións ante o Tribunal Económico-Administrativo e diversas actuacións da interesada ante a Policía de Tráfico e a Policía Municipal, instando unha solución urxente, do tema, trala exposición das irregularidades por parte do Concello que poderían dar lugar a responsabilidades ante outras instancias, despois de facer as seguintes puntualizacións:

"Con data 19 de xullo de 2006, iníciase a solicitude de Dª. ..., con domicilio na rúa ....., en Vigo o expediente de referencia por retirada da vía pública do vehículo, marca Mercedes, modelo 190D, matricula ...., alegando pola Policía Local que o mesmo estaba abandonado, estimando a interesada que o vehículo estaba correctamente estacionado, e que o motivo de estar estacionado na vía pública, de xeito correcto, debíase a circunstancia de que o seu garaxe estaba sometido a obras de acondicionamento.

A interesada non recibiu notificación oficial algunha con respecto a retirada do vehículo, xa que as notificacións enviadas polo Concello non eran correctas, tal como consta nos arquivos municipais, polo que solicitou a anulación de expe-

diente sancionador e a devolución do vehículo no estado en que estaba no momento da retirada do mesmo.

A tal fin, a interesada acreditou, no seu día, ante o Concello e segundo certificación que se adxunta o seu domicilio correcto.

Esta puntualización foi reiteradamente presentada no Concello, coas probas correspondentes, sen que lle foxe tido en conta en ningún momento.

Como é posíbel que o 23/02/2006, desde Seguridade e Transportes se lle comunique á interesada no seu domicilio correcto que as notificacións enviadas en 2005, a dirección incorrecta, resulten negativas, e obvio, xa que tal domicilio no é o mesmo.

Con data 22/02/2007, en escrito nº 213, documento 70025916, solicítase informe en relación coa solicitude de D ......interesando a nulidade das actuacións polos defectos de forma (errónea identificación de domicilio).

Con data 09/01/2007, a interesada solicita ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello, a anulación do imposto de circulación, alegando a destrucción do vehículo por orde de Mobilidade e Seguridade, da que se fai cargo esta oficina do Valedor do Cidadán ante dito Tribunal, sen deixar por iso a Xestión ante Mobilidade e Seguridade, a quen nos diriximos por última vez o 18 de febreiro de 2008, n/s 148, documento 80020857, aínda sen resposta.

Con data 09/04/2008, recíbese resposta do Tribunal Económico Administrativo, indicándonos que o 11/04/2007 (é dicir un ano antes) foi resolta a solicitude formulada por Dª ......

Con data 07/05/2008, a interesada fainos entrega dunha copia da devandita resolución co resultado desestimatorio, toda vez que se alegan cuestións sobre as débedas apremadas, as cales deberan ser alegadas no intre oportuno.

O 20/05/2008, a interesada comparece no Concello (Seguridade) onde se lle indica que non aparece parte algún; e na Policía de Tráfico indícaselle que solicite unha exección de imposto de rodaxe, xaque nesa dependencia carecese de datos e polo tanto non o poden dar de baixa. O vehículo foi despezado por Orde do Concello baseándose en datos erróneos, o vehículo non estaba abandonado, as pescudas non foron axeitadas, a Policía Local tería que esgotar todos os medios o seu alcance, certificación veciñal, seguimento nas direccións operantes e diferentes (dentro do mesmo edificio) etc., etc.

A interesada non foi atendida nos seus dereitos a ser informada, a ser asesorada convenientemente, o Concello como as demais administracións públicas no seu réxime xurídico debe transcender as regras de funcionamento interno, para integrarse na sociedade a que serve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.

Estamos ante un suposto en que a obxectividade non se albisca por ningunha parte, así como os criterios de eficiencia e Servizo aos cidadáns, sen esquecer o principio de transparencia.

A Policía de Tráfico informa á interesada que (19/05/2008) o papel ou documento da Policía Local non sirve para nada, xa que no mesmo no figura a empresa de despece.

A Policía Local ten a obriga de notificar a Policía de Tráfico o despezamento do vehículo e a empresa encargada de tal operación, trámite que non se fixo axeitadamente, de tal modo que aínda hoxe o vehículo figura de alta.

O vehículo despezase o mesmo día en que se retirou, achégase parte do mesmo, como ANEXO-4.

O 20/05/2008, a interesada presenta nova solicitude no rexistro de entrada, documento nº 80063070, sobre o tema en cuestión en relación coas obrigas do Concello.

A baixa temporal que lle suxire Tráfico non é realmente satisfactoria, e que o Concello ten un número significativo de vehículos na mesma situación, e dicir carecen da baixa de oficio." Reiterase o pedimento o 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008, 25/11/2008.

Durante o ano 2009 déronse as actuación seguintes:

Con data 23/01/2009 reitéranse os pedimentos anteriores e, de novo, o 18/02/2009 e o 24/03/2009. Con data 13/04/2009 recíbese informe da Concellaría de Mobilidade e Seguridade no que indica unha serie de actuacións en relación co vehículo afectado. Do que se dá cumprida información ao interesado o 14/04/2009.

Datas despois recíbese, chamada telefónica da interesada que manifesta o seu descordo co informe da Concellaría e comunica que presentará por escrito as obxeccións correspondentes.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 27/01/2010 recíbese escrito de alegacións da interesada no que indica que esta a padecer un agravio comparativo porque ten noticia dun suposto caso idéntico o seu e solicita devolución do imposto cobrado por vía executiva e indemnización polo despezamento do vehículo, o que se comunica a Mobilidade e Seguridade o 28/01/2010, solicitando información ao respecto, achegando documentación achegada pola interesada; pedimento que se reitere o 24/02/2010, 30/03/2010, 22/04/2010, 22/05/2010, 24/06/2010, 26/07/2010, 25/08/2010, 23/09/2010, 21/10/2010, 18/11/2010, 09/12/2010.

## CAPITULO III-URBANISMO E VIVENDA

### EXPEDIENTE 25/2006.

ASUNTO:

Queixa en relación coas obras efectuadas nun local con actividade de bar con música na zona vella de Vigo que provoca contaminación acústica.

Indica o interesado que non está de acordo coa comunicación efectuada pola X.M.U. o 1/03/2006 en relación cun expediente, polos motivos seguintes:

*"1.- Que o local en cuestión realizou reformas interiores e obras sen a preceptiva licenza, segundo comprobacións e notificación oficial, o que se considera unha aldraxe.*

*2.- Que estima lamentábel que nunha zona "residencial e de servizos" (PERI/2002), como é a zona en cuestión, se outorguen licenzas para "bar con música", o que favorece incomodidades pola contaminación acústica até altas horas da madrugada, confundindo a citada actividade coa de discoteca, tal como se acreditou nas medicións sonométricas feitas pola Policía local, segundo consta no expediente do departamento de Medio Ambiente.*

*O local en cuestión incumpriu reiteradamente a Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica.*

*3.- O local carece de insonorización, o que debe conducir, cando menos,*

*a unha suspensión cautelar da actividade, interesando unha revisión da licenza, así como a redefinición do Casco Vello como zona habitábel sen ruídos. Sublíñase, ademais, que a … é zona BIC, polo que non entende que coa Lei de patrimonio cultural español e galego se produzan na zona actividades dese tipo que só carrexan prexuízos patrimoniais e culturais."*

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 27/04/2006. Con data 2/05/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 5/06/2006 e o 3/07/2006.

Con data 8/08/2006 recíbese escrito do servizo de Participación Cidadá, no que indica que achega copia da resposta remitida ao Valedor do Pobo e que ten relación coa solicitude desta oficina do Valedor do Cidadán. Ademais, remite copia das respostas dadas polos servizos de Medio Ambiente, Policía local e Licenza de actividades e instalacións, relativas ao mesmo concepto. De todo o anterior dáse cumprida información ao interesado o 18/08/2006.

Con data 18/09/2006 solicítase ao servizo de Participación Cidadá información actualizada, sinalando que a recibida do departamento de Licenza de actividades e instalacións, indica que *"a denuncia, ao igual que o informe de inspección evacuado, foi remitido ao departamento de Inspección de obras: infraccións, para a incoación, se procede, do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística. En todo caso cómpre subliñar, sen prexuízo do exposto, que a insonorización esixida para a actividade de restaurante (sen música) é menor que a esixida para a actividade de bar con música que está autorizada no local."*

Con data 29/09/2006 recíbese escrito do servizo de Participación Cidadá, co que se achega copia dos informes da Inspección de obras da X.M.U., da Inspección técnica de obras, no que inclúe o do Inspector xefe da Policía local, e do arquitecto municipal.

Con data 2/10/2006 dáse cumprida información ao interesado do contido dos escritos anteriores, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase información actualizada, especialmente en relación coa execución de obras de adaptación do local sen previa licenza e coa cheminea para a saída de fumes, petición que se formula ao servizo de Participación Cidadá o 26/10/2006, o 22/11/2006 e o 12/12/2006.

Con respecto á contaminación acústica, sublíñase que a Policía local, en informe de 15/09/2006, indica que o interesado manifestou que non é necesario levar

a cabo máis medicións sonométricas, xa que non é tanto un problema de ruídos como das vibracións producidas pola música e a xente que se atopa no local, ademais dos fumes e cheiros que saen da cociña do local.

REFLEXIÓNS:

Da proliferación de informes e inspeccións realizadas dedúcese que non se aclaran os distintos aspectos formulados polo interesado na súa queixa, destacando que na mesma indica que se fixeron reformas interiores sen licenza.

En canto ás medicións sonométricas, xa o Valedor do Pobo indica que non é preciso solicitar que se realicen expresamente por escrito, e as realizadas non se corresponden cos tempos actuais.

Pódese dicir que, unha vez máis, a resposta do Concello é lenta e, polo tanto, carente de eficacia.

RECOMENDACIÓN:

A adopción de medidas coherentes, áxiles e eficaces en temas de urbanismo, seguindo a pauta constitucional, que indica que a Administración pública serve con obxectividade os intereses xerais, e actúa (debería) de acordo cos principios de eficacia, …, con sometemento pleno á lei e ao dereito.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/02/2008 reiterouse o pedimento informativo, e, de novo, o 01/04/2008, 05/05/2008, 04/06/2008, 04/07/2008, 18/08/2008, 17/09/2008, 17/10/2008, 17/11/2008, 15/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2009, reiterouse, por onceava vez, o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 11/05/2009, 08/06/2009, 21/07/2009, 21/08/2009, 21/09/2009, 22/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 27/01/2010 recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa o seguinte:

*En relación co asunto de referencia, comunícolle que co número 13756/423 tramitouse expediente de protección da legalidade urbanística a polas obras realizadas no local situado no número X da Praza da Constitución.*

*- Con data 24 de agosto de 2007, a delegada da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu declarar como realizadas sen licenza as obras obxecto do presente expediente, executadas na, sendo legalizábeis as obras de adaptación de local para exercer a actividade de tapería-restaurante e ilegalizábeis as da cheminea para saída de fumes e requirir a para que presente a solicitude da oportuna licenza para as obras de adaptación de local para exercer a actividade de tapería-restaurante e para que proceda voluntariamente á desinstalación da cheminea para saída de fumes existente. Achego copia da resolución.*

*- Con data 13 de decembro de 2007, a delegada da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu desestimar o recurso de reposición interposto por contra a resolución de data 24/08/2007. Achego copia da resolución.*

*- O expediente de protección da legalidade urbanística núm. 13756/423 atópase finalizado e arquivado.*

*- Co número 15007/423 estase a tramitar o procedemento de execución forzosa para dar cumprimento o ordenado na resolución da delegada da Área de Urbanismo e Vivenda de data 24 de agosto de 2007.*

*O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos procedentes.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 28/01/2010, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase información actualizada ao respecto o que se fai o 24/02/2010, 30/03/2010, 19/04/2010, 21/06/2010, 21/07/2010, 24/08/2010, 22/09/2010, 18/10/2010, 18/11/2010, 10/12/2010.

## EXPEDIENTE 33/2006.

ASUNTO:

Queixa en relación co estreitamento dun camiño público mediante postes de madeira e rede de plástico que afecta a unha curva moi pechada, o que supón un elevado risco para os cidadáns. Esta situación denunciouse reiteradamente polo interesado.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 1/06/2006. Con data 5/06/2006 solicítase o preceptivo informe ao servizo de Vías e Obras, desde onde, o 20/06/2006, nos indican que trasladaron o expediente á Concellaría de Urbanismo, por ser da súa competencia. Con esa mesma data solicítase a esa Concellaría o preceptivo informe, que se reitera nas seguintes datas: 18/07/2006, 22/08/2006, 26/09/2006, 26/10/2006, 27/11/2006 e 21/12/2006.

REFLEXIÓNS:

Trátase dun suposto denunciado en xuño de 2005 e que afecta a un vial público de titularidade municipal, con numerosas intervencións da Policía local desde o ano 2004. A pesar de todo, a finais do ano 2006 seguen as mesmas circunstancias, coma se fose un asunto descoñecido.

Neste suposto obviase claramente a función que corresponde á Administración municipal, que debe servir aos intereses xerais con obxectividade e actuar de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito. Este mandato, imposto polo artigo 103 da Constitución española, confirma, xunto co artigo 106, a concepción constitucional dunha administración eficaz e controlada, con implicacións de diversa índole; concluíndo, polo tanto, coa falta de racionalización dunha actividade pública, tal como pretende a Lei 57/2003, de modernización dos gobernos locais, ao facer caso omiso da obriga de actuar en defensa da legalidade urbanística.

RECOMENDACIÓN:

O cumprimento da legalidade que dimana do artigo 12 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

O cumprimento axeitado da protección da legalidade urbanística.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2007, 22/03/2007, 19/04/2007, 18/05/2007, 18/06/2007, 30/07/2007, 28/08/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 13/02/2008, reitérase por décimo terceira vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 01/04/2008, o 05/05/2008, 04/06/2008, 04/07/2008, 18/08/2008, 17/09/2008, 17/10/2008, 17/11/2008, 15/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2009 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 11/05/2009, 08/06/2009, 21/07/2009, 21/08/2009, 21/09/2009, 22/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 03/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010, 10/12/2010.

**EXPEDIENTE 43/2006.**

ASUNTO:

Queixa en relación coa instalación dunha estación de telefonía móbil sen licenza, feito denunciado repetidamente.

O interesado indica que existe unha notificación da X.M.U., de 24/04/2006, na que se reflite unha resolución pola que se ordena a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística pola execución de obras sen licenza e non legalizábeis, en principio; así como a concesión do trámite de audiencia ao interesado. Ademais, hai outra notificación da mesma xerencia, de 3/02/2006, na que se indica a suspensión do procedemento para o outorgamento de licenza de obras e instalacións.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 26/06/2006. Con data 29/06/2006 solicítase o preceptivo informe, que se reitera nas seguintes datas: 19/07/2006, 23/08/2006, 26/09/2006, 26/10/2006, 27/11/2006 e 21/12/2006.

REFLEXIÓNS:

Estamos, unha vez máis, ante unha falta de accións decididas, áxiles e eficaces, en canto á protección da legalidade urbanística se refire.

Non é clarificador indicar só que se ordena a incoación dun expediente de protección da legalidade urbanística cando o prioritario sería o precinto e a interrupción da subministración eléctrica, tal como se reflite na lexislación ao respecto (Decreto 28/1999, de Disciplina urbanística de Galicia).

O promotor da queixa achega informes dun centro de investigación médica, nos que se fan precisións sobre os efectos deste tipo de instalación: alteración do sono, cefaleas, perdas de memoria, alteracións cardiovasculares e formación de tumores; e conclúe dicindo que parece que o que se intenta é non danar os intereses económicos das empresas provedoras, máis que protexe-la saúde dos cidadáns.

Que pasa entre a instalación e o funcionamento do equipo até que se produza un acordo definitivo? ¿Que pasa no suposto contemplado na Lei 38/1972, modificada pola Lei 16/2002, de Prevención e control integrados da contaminación, no caso de que haxa presenza de formas de enerxía no aire que impliquen risco, dano u molestias graves para as persoas e bens de calquera natureza?

Na memoria do ano 2004 xa se indicaba que a planificación estratéxica das cidades cobra unha dimensión prioritaria debido a que o desenvolvemento futuro depende, en gran medida, dunha axeitada identificación das súas vantaxes comparativas e da posta en práctica de actuacións orixinais e específicas. Isto ten que basearse en compromisos nos que a imaxinación, a planificación e a producción conduzan a xestionar as cidades dun xeito máis transparente, eficiente e eficaz.

Noutros expedientes de denuncia destas instalacións acordouse suspender os outorgamentos de licenza en toda a área territorial do municipio nos casos en que a nova ordenación, inicialmente aprobada, resultase incompatíbel coa establecida no ordenamento vixente.

RECOMENDACIÓN.

O exercicio eficaz das competencias que teñan por finalidade a preservación de dereitos constitucionais dos cidadáns e a incoación dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2007 reiterouse o pedimento anterior e, de novo, o 22/02/2007, 22/03/2007, 19/04/2007, 18/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007. Con data 28/08/2007, recíbese escrito de Urbanismo no que se indica que se resolveu

ordenar a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística o 19/04/2006, caducado o procedemento procederase a incoación de novo expediente, o que se comunica á interesada o 19/09/2005 e coa mesma fecha instase a Urbanismo información actualizada o respecto.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 13/04/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e de novo, o 01/04/2008, o 05/05/2008, o 04/06/2008, 04/07/2008, 18/08/2008, 17/09/2008, 17/10/2008, 17/11/2008, 15/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2009 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 11/05/2009, 08/06/2009, 21/07/2009, 27/08/2009, 21/09/2009, 22/10/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 reitéranse os pedimentos anteriores, e, de novo, o 03/03/2010, 03/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010, 10/12/2010.

## EXPEDIENTE 62/2006

ASUNTO:

Queixa en relación coa situación de abandono na que se atopa o edificio no que reside o interesado. Indica que desde o 15/11/2001 presentou catro denuncias na X.M.U., sen recibir resposta.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 13/10/2006. Con data 18/10/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 17/11/2006 e o 11/12/2006.

REFLEXIÓNS:

O interesado sente desprotexidos os seus dereitos ao non obter información nin orientación en relación coas solicitudes presentadas. As súas queixas son

obxecto de demora, o que implica unha manifesta desatención por non ser orientado sobre a natureza e o modo de exerce-lo seu dereito e, incluso, sobre as institucións e órganos aos que se ten que dirixir se a denuncia presentada non é competencia do Concello. Todo isto de acordo co previsto no artigo 35 da Lei 30/1992 e co contido do Real Decreto 208/1996.

Desde outra perspectiva, a Constitución impón aos poderes públicos a obriga de garantir a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade dos mesmos. Do mesmo xeito, o cidadán ten dereito á protección da saúde de forma específica e da súa dignidade como persoa.

<u>RECOMENDACIÓN:</u>

Unhas actuacións puntuais, áxiles e eficaces en relación coas peticións que se formulan, que son facilmente contrastábeis con visitas de inspección.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e , de novo, o 19/02/2007, 15/03/2007, 17/04/2007, 16/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007, 30/08/2007. Con data 14/09/2007, recíbese escrito da X. M. de Urbanismo no que se informa que o 18/07/2007 se resolveu ordenar a Comunidade de Propietarios par que proceda de inmediato, e baixo dirección técnica competente a adoptar as medidas de seguridade que procederan no contorno do edificio, debendo presentar o correspondente proxecto técnico, oficio de dirección, e estudio de seguridade e saúde visados polo correspondente colexio profesional e garantindo durante o transcurso das obras a adopción das medidas de seguridade necesarias cora a vía pública. O prazo para a execución das obras é dunha semana para o seu inicio e dous meses para a súa finalización.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 19/07/207. Sen actuacións posteriores.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 10/04/2008, solicitouse información en relación coas manifestacións feitas polo interesado na súa visita de 08/04/2008, reiterándose o pedimento o 26/06/2008, e o 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008. Con data 27/10/2008, o interesado entrega copia de resolución de 07/10/2008, na que se acorda denegar o recurso de reposición e ordenar a adopción de medidas urxentes, de segurida-

de. Con data 29/10/2008 instase información actualizada, e de novo o 25/11/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/04/2009, solicítase información en relación coa imposición dunha multa coercitiva por incumprimento da orde de execución citada o 18/06/2007.

O pedimento anterior reiterouse o 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 28/08/2009, 24/09/2009, 26/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 20/01/2010 recíbese escrito da Oficina de Conservación de Xerencia Municipal de Urbanismo no que se indica o seguinte:

*"En resposta aos seus escritos de data 16 de abril, 22 de maio, 20 de xuño, 23 de xullo, 25 de agosto, 23 de setembro e 23 de outubro de 2009 (a súa referencia: expediente 62/2006), nos que solicita información actualizada relativa á queixa realizada ante esa Institución, infórmolle o seguinte:*

*Na data 19 de febreiro de 2009 o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu, no expediente, impoñer á comunidade de propietarios da edificación sita na, a cada un deles:, como propietarios da devandita edificación, multa coercitiva en contía de 600,51 euros, polo incumprimento da orden de execución ditada polo alcalde do Concello de Vigo con data 18 de xuño de 2007 e a fin de lograr a súa execución forzosa, co apercibimento de que dita multa podería ser reiterada e aumentada na súa contía até lograr a execución polos obrigados se, transcorrido o prazo dun mes, a contar desde a notificación da presente resolución, as obras non se tivesen realizado, sen prexuízo de esixir perante os tribunais da orde penal as correspondentes responsabilidades por delito de desobediencia, tipificado no artigo 556 do Código penal.*

*Na data 13 de abril de 2009 a entidade mercantil presenta escrito no Rexistro da XMU (doc. 90052310), no que interpón recurso de reposición contra a resolución de data 19 de febreiro de 2009.*

*Na data 21 de maio de 2009 a Comunidade de Propietarios presenta escrito no Rexistro da XMU (doc. 90076529), no que comunica que se están levando a cabo as obras de reparación, segundo expediente de licenza de obras menores autorizadas o mesmo día 21 de maio de 2009.*

*No día de hoxe envíanse os expedientes de orde de execución e execución forzosa ao Servizo de Inspectores para que xiren nova visita de inspección ao inmoble sito no número e emitan informe sobre se se deu cumprimento á resolución do alcalde do Concello de Vigo de data 18 de xuño de 2007.*

*Do que se deu cumprida información ao interesado o 20/01/2010 indicándolle que, en datos vindeiros, instarase nova información actualizada en relación coa visita de inspección antes citada, o que se fai o 17/02/2010, e de novo, o 23-03-2010, 19/04/2010, 21/06/2010, 21/07/2010, 24/08/2010, 22/09/2010, 18/10/2010, 18/11/2010, 10/12/2010.*

## EXPEDIENTE 63/2006

ASUNTO:

Queixa en relación coa invasión da vía pública por parte duns veciños. O interesado indica que desde o 3/01/2005 presentou varias denuncias no Concello, xa que uns veciños forraron unha columna que estreita o camiño e puxeron unha balaustrada e lanzadeiras de ferro para tendais, ademais de que producen vertidos de auga que anegan o camiño público e impiden o tránsito.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 18/10/2006. Con data 24/10/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que ser reitera o 20/11/2006 e o 11/12/2006.

REFLEXIÓNS:

Á queixa xúntase documentación da unidade de Patrimonio do Concello de Vigo, na que se acredita a titularidade municipal do camiño, e da unidade técnica de obras na que se comproba que as obras realizáronse sen licenza (16/01/2006); así como outro informe técnico (23/06/2006), polo que se ordena a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística.

Resulta que, dezaoito meses despois da primeira denuncia, acórdase incoar expediente de protección da legalidade urbanística, o que demostra, unha vez máis, unha falta na mellora dos métodos de traballo. A racionalización non se pon de manifesto, polo que cómpre adoptar sistemas de calidade na xestión, unha metodoloxía de mellora continua que facilite unha avaliación da calidade dos ser-

vizos que chegue a provocar a satisfacción dos cidadáns, e unha mellora da lexitimidade da actividade pública pola vía dos rendementos.

Nun caso como este, o que está a primar é o pesadelo dos cidadáns.

RECOMENDACIÓN:

Un proceder axeitado na protección da legalidade urbanística.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007, reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 19/02/2007, 15/03/2007, 17/04/2007, 16/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007, 30/08/2007. Con data 31/08/2007, recíbese informe da Concellaría de Urbanismo no que se indica que o expediente atópase pendente de firma da resolución de incoación. O que se lle comunica ao interesado o 20/09/2007 e coa mesma data instase a Concellaría de Urbanismo información actualizada o respecto, indicándolle que tal acordo data de 23/06/2006, e dicir 14 meses antes.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 07/02/2008 solicítase información actualizada como continuación o pedimento de 20/09/2007, que se recibe o 29/02/2008 e no que informase da orde de retirada dos elementos que invaden a vía pública, así como a que se solicite a oportuna licenza respecto as obras de reforma do expediente, do que se dá cumprida información ao interesado o 06/03/2008.

Con data 10/04/2008, solicitouse a Urbanismo información actualizada en relación ca orde antes citada, pedimento que se reitera o 05/05/2008, o 20/05/2008. Con data 17/06/2008, recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que se indica que a persoa interesada no expediente presentou recurso contencioso-administrativo no xulgado nº 1 de Vigo, do que se deu cumprida información ao promotor da queixa indicándolle que, polo tanto, esta Institución non pode continuar coas súas xestións mentres non se substancie o procedemento xudicial aberto. Non obstante, e segundo escrito achegado polo interesado no que conta a data do xuízo (16/07/2008), con data 25/08/2008 solicítase a Urbanismo información no suposto de que se teña coñecemento da sentenza, petición que reitera o 29/09/2008, e o 23/10/2008, 19/11/2008, 17/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 16/06/2009, 24/07/2009, 24/08/2009, 24/09/2009, 26/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores e, de novo, o 22/02/2010, 22/03/2010, 19/04/2010, 21/06/2010, así como o 21/07/2010, insistindo na retirada total do revestimento do piar e dos cascallos de forma correcta, e de novo o 24/08/2010 e o 22/09/2010, 18/10/2010, 05/11/2010, e o 10/12/2010.

## EXPEDIENTE 66/2006

ASUNTO:

Queixa en relación coa colocación dun valo na terraza dun edifico de dezasete alturas. O interesado indica que lles comunicaron a colocación do mesmo con dous días de antelación.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 24/10/2003. Con data 30/10/2006 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 28/11/2006 e o 26/12/2006.

REFLEXIÓNS:

A colocación do valo vulnera a Ordenanza municipal reguladora da publicidade exterior, aprobada o 24 de febreiro de 2003, especialmente os artigos seguintes:

- Artigo 6.1: indica que os soportes publicitarios e os seus elementos e estruturas de sustentación, así como o seu conxunto, deberán reunir as condicións suficientes de calidade e seguridade, mesmo en condicións atmosféricas adversas.

- Artigo 8.4: cando as instalacións produzan molestias aos ocupantes, será requisito indispensábel acreditar, mediante documento fidedigno, a expresa aceptación polos afectados de tales limitacións ou molestias.

- Artigo 8.5.4: non se autorizarán instalacións publicitarias que poidan afectar á seguridade dos inmobles.

- Artigo 17.2: as superficies publicitarias só poderán instalarse sobre a coroación da última planta do edificio (cornixa de fachada, cumio ou terraza) sempre que ningunha zona da mesma se dedique a vivenda.

- Artigo 17.6: non existirán zonas do anuncio a menos de 15 metros dos ocos das ventás.

Precísase que a descrición do valo non se axusta ás prescricións expostas. Ademais, realizouse unha inspección ocular, co apoio de fotografías que constan no expediente, por parte de técnicos do Concello que expuxeron o seu asombro ante semellante desatino.

Esta situación causa alarma entre os veciños, máxime cando, ao parecer, dáse unha apropiación de elementos comúns, produciuse a rachadura da varanda da terraza e o elemento colocouse a distancias inferiores ás establecidas na normativa municipal.

Por outra banda, existe unha contradicción entre a colocación do valo e o informe solicitado polos veciños a técnicos municipais, xa que este indica que o acondicionamento e a colocación non se axusta á licenza, o que debe conducir a unha acción rápida e eficaz por parte da Concellaría competente para devolver o edificio ás condicións que lle son debidas.

RECOMENDACIÓN:

Unha acción áxil e eficaz para a protección da legalidade urbanística.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 25/01/2007, reitérase o pedimento anterior, e, de novo, o 27/02/2007, 27/03/2007, 23/04/2007, 21/05/2007, 21/06/2007, 27/07/2007, 30/08/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

O 13/02/2008, reiterouse una vez máis o pedimento anterior, informe que se recibe o 10/03/2008 indicando que se achega copia do informe técnico, municipal de 04/12/2006, no que se indica que a carteleira obxecto do informe cumpre

co artigo 17.2 da Ordenanza de publicidade exterior, o que se lle participa os interesados na queixa o 18/04/2008, que comparecen nesta oficina o 12/05/2008 e expoñen unhas precisións sobre o tema obxecto de queixa, achegando fotografías e informes técnicos, que se trasladan a Urbanismo o 19/05/2008 solicitando revisión do expediente e información actualizada, pedimento que se reitera o 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 19/11/2008, 17/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo 12/02/2009, 18/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 16/06/2009, 24/07/2009, 24/09/2009, 26/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 reitéranse os pedimentos anteriores, e, de novo, o 03/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010, 10/12/2010.

**EXPEDIENTE 69/2006**

Expediente iniciado ante Medio Ambiente.

ASUNTO:

Queixa en relación coas molestias (ruídos e cheiros) producidas por unha campá extractora instalada, sen licenza, nun patio exterior.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 9/11/2006. Con data 13/11/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 20/12/2006.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un feito denunciado o 30/12/2004 e do cal existe un informe do departamento de Medio Ambiente de 21/01/2005 no que se indica que a instalación incumpre a ordenanza protectora do ambiente atmosférico. Ademais, con data 10/02/2005 esténdese dilixencia do servizo de Licenza de actividades e instalacións da X.M.U. no que se reflite que non consta a licenza de actividades e instalacións.

Cómpre salientar que en escrito do 24/10/2005 o departamento Medio Ambiente traslada o expediente ao servizo de Disciplina urbanística para que se incoase, de se-lo caso, expediente de protección da legalidade urbanística.

Que pasa coas molestias que o interesado está a padecer desde que fixeron a súa denuncia?

O cidadán non pode soportar tanta realidade. A falta de axilidade conduce a unha ineficacia que produce danos na saúde e na tranquilidade ás que ten dereito a gozar o promotor da queixa, como calquera outro cidadán, e que, polo acontecido, non se lle proporciona.

RECOMENDACIÓN:

O cumprimento axeitado da defensa dos dereitos do cidadán e da legalidade urbanística.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 24/01/2007, reitérase o pedimento anterior, e, de novo, o 26/02/2007, 26/03/2007, 23/04/2007, 21/05/2007, 19/06/2007, 26/07/2007, 30/08/2007. Con data 02/11/2007, recíbese informe de Urbanismo indicando que con data 09/10/2007, se solicita informe a la inspección para comprobar que tipo de actividade se está a realizar (e dicir vintedous meses desde producida a primeira denuncia), o que se comunica ao interesado o 05/11/2007.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/02/2008, solicitouse a Concellaría de Urbanismo e Vivenda información actualizada sobre as comprobacións dos feitos denunciados (en especial falta de licenza).

Con data 17/03/2008, recíbese escrito de Urbanismo no que se informa que se expediu titulo de cambio de titularidade da actividade e toda vez que o local conta con licenza non procede incoación de expediente de protección de legalidade urbanística; e que nesa mesma data (07/03/2008) trasládase o expediente a Medio Ambiente aos efectos oportunos de contaminación acústica; do que se da traslado ao interesado.

Con data 06/05/2008, instouse información ao respecto a Concellaría de Medio Ambiente, solicitude que se reitera o 20/05/2008 o 24/06/2008, 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 19/11/2008, 17/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterase por novena vez o pedimento informativo, e, de novo o 18/02/2009, 18/03/2009, 23/04/2009.

Con data 28/04/2009, recíbese escrito da Concellaría de Medio Ambiente, sen rexistro de saída, no que comunica que se ten solicitado información a Xerencia de Urbanismo sobre a licenza concedida de actividade de café bar sen música permite o servizo de comidas, actividade que ocasiona as molestias de fume o olores obxecto da denuncia.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 30/04/2009, indicando que, en datas vindeiras instarase información actualizada ao respecto, e que se fai o 24/07/2009, 24/08/2009 e o 24/09/2009, e o 26/10/2009. Con data 13/11/2009, recibe informe de Medio Ambiente indicando que seguen en espera da información solicitada, do que se dá cumprida información ao interesado o 18/11/2009.

Con data 26/03/2010 recíbese escrito de Medio Ambiente que se da traslado do mesmo ao Departamento de Disciplina Urbanística, ante o que se solicita información actualizada o 05/04/2010, 29/04/2010, previa notificación ao interesado, e, de novo, o 31/05/2010, e o 29/06/2010, 27/07/2010, 25/08/2010, 23/09/2010, 21/10/2010, 18/11/2010, 10/12/2010.

## EXPEDIENTE 75/2006

ASUNTO:

Queixa en relación coa construción dun muro de peche nun camiño público sen deixar ningún tipo de retranqueo.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 4/12/2006. Con data 5/12/2006 solicítase o preceptivo informe.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2007, reitérase o pedimento anterior, e , de novo, lo 14/02/2007, 12/03/2007, 11/04/2007, 09/05/2007, 12/06/2007, 13/07/2007, 13/08/2007.

Con data 27/08/2007, recíbese escrito de X. M. Urbanismo no que se informa que o acordo do Concello de X. M. de Urbanismo de data 24/05/2007 declara como realizadas sen licenza e incompatíbel coa ordenación urbanística vixente e, xa que logo, decreta-la súa derruba, as obras obxecto do presente expediente, e que o interesado presentou recurso de reposición pendente de resolver. Do que se dá cumprida información ao interesado o 19/09/2007.

Con data 08/10/2007, comparece o interesado na queixa e indícanos que segue a padecer moitas dificultades para acceder a súa propiedade, existindo un furado que se enche de porcallada e auga que as incrementa, así como o depósito de plantas que se fixo polo propietario de obra denunciada. Previamente o 19/09/2007, instouse nova información con respecto o recurso pendente de resolver.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/02/2008, reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 10/04/2008 o 05/05/2008, o 20/05/2008 o 24/06/2008 o 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 19/11/2008, 17/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 18/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 16/06/2009, 24/07/2009, 24/08/2009, 24/09/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 03/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010, 10/12/2010.

## EXPEDIENTE 77/2006

ASUNTO:

Queixa en relación coa instalación dunha antena de telefonía móbil sen licenza.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 13/12/2006, solicitándose na mesma data o preceptivo informe.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e de novo, o 19/02/2007, 15/03/2007, 17/04/2007, 16/05/2007, 18/06/2007, 27/07/2007, 30/08/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/02/2008, reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 10/04/2008, o 05/05/2008, o 20/05/2008, o 24/06/2008 o 23/07/2008, 23/10/2008, 19/11/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/02/2009 reitera o pedimento anterior, e, de novo o 18/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 16/06/2009, 24/07/2009, 24/08/2009, 24/09/2009, 26/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 03/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010, 20/12/2010.

**EXPEDIENTE 78/2006**

ASUNTO

Queixa en relación cunha obra declarada ilegal e incompatíbel coa legalidade, segundo acordo do ano 1997, e que segue sen solución.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 26/12/2006, solicitándose o preceptivo informe na mesma data.

No ano 2007 déronse as actuacións seguintes:

Con data 29/01/2007 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 27/02/2007, 27/03/2007, 23/04/2007, 21/05/2007, 21/06/2007, 26/07/2007,

30/08/2007.

No ano 2008 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2008 recíbese escrito de Disciplina Urbanística no que informa que tralas sentenzas do xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, d e08/05/2005, e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 04/10/32007, procédese a apertura de expediente de execución subsidiaria.

Do que se deu cumprida información á interesada o 24/01/2008.

Con data 10/04/2008, e dado o tempo transcorrido, solicítase información actualizada en relación co expediente de execución subsidiaria citada, e de novo, o 07/05/2008, o 27/05/2008 o 26/06/2008 o 24/07/2008, 28/08/2008, 29/09/2008, 25/11/2008, 17/12/2008.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 23/01/2009, reiterouse o pedimento anterior, por novena vez, que se reitera o 18/02/2009, 24/03/2009, 24/04/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 27/07/2009, 28/08/2009, 24/09/2009, 26/10/2009

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 03/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010, 10/12/2010.

## RESUMO ESTATÍSTICO

| **ÁREA DE MEDIO AMBIENTE** | **3** |
|---|---|
| Estado dun terreo público | 1 |
| Estado dunha finca | 1 |
| Contaminación acústica | 1 |

| **ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE** | **3** |
|---|---|
| Sanción Tráfico | 1 |
| Dificultades acceso vivenda | 1 |
| Retirada vehículo vía pública | 1 |

| **ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA** | **10** |
|---|---|
| Obras sen licenza | 2 |
| Obras en camiño público | 3 |
| Antena telefónica móbil sen licenza | 2 |
| Estado dun Edificio | 1 |
| Valo publicitario | 1 |
| Obra declarada ilegal 1997 | 1 |
| **TOTAL EXPEDIENTES** | **16** |

| **REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS** | |
|---|---|
| 1. URBANISMO | 62,50 % |
| 2. MOBILIDADE E SEGURIDADE | 18,75 % |
| 3. MEDIO AMBIENTE | 18,75 % |

# PARTE II
## ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2007 CON INCIDENCIAS NO ANO 2010

## INTRODUCCION:

Nesta Institución rexistráronse un total de 15 expedientes correspondentes a solicitudes formuladas no ano 2007 con incidencias durante o 2010 e que corresponden a:

| | |
|---|---|
| MEDIO AMBIENTE | 3 |
| MOBILIDADE E SGURIDADE | 4 |
| URBANISMO E VIVENDA | 8 |
| **TOTAL** | **15** |

# EXPEDIENTES.

## CAPITULO I- MEDIO AMBIENTE.

### EXPEDIENTE 2/2007:

ASUNTO

Queixa en relación co desacougo que está a padecer a veciñanza por mor da actividade que se realiza en determinadas industrias que están a prexudicar a súa saúde pola insalubridade con que están a traballar, superando os límites establecidos en materia de contaminación acústica que consideran insoportábeis.

O interesado achega copia da última denuncia, de data 24-11-06, na que fai mención a cinco denuncias anteriores, sen que se tivese adoptado ningunha medida, non obstante as funcións e obrigas que se citan na última denuncia e que se reflíten:

- Vulneración continua da normativa de Medio Ambiente.
- Obrigas da administración pública municipal segundo o disposto no Decreto 320/2002 de 7 de novembro polo que se aproba o Regulamento que establece as ordenanzas tipo sobre contaminación acústica, con especial referencia ao artigo 3 sobre a quen corresponde a adopción de medidas correctivas; así como o artigo 32, sobre as obrigas en relación co control do cumprimento do previsto no Regulamento; así como o artigo 33 en relación coa actividade de inspección.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 08-01-07. Con data 16-01-07 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 21-02-07, 22-03-07, 23-04-07, 22-05-07, 11-06-07. Con data 26-07-07 recíbese escrito de Medio Ambiente no que se informa de que se quedou de acordo co interesado para ter unha reunión no mes de agosto.

Con data 22-08-07, dáse traslado do anterior ao interesado pregándolle que unha vez celebrada a reunión, teña a ben informarnos da mesma. Información que non se ten recibido até o 09-11-07 e na que se subliña que por parte do Concello non se ten adoptado medida algunha na defensa da saúde dos cidadáns; do que

se dá cumprido traslado á Concellaría o 19-11-07, instando información actualizada ao respecto; reiterándose o 19-12-07.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto que foi denunciado polo cidadán interesado en xuño de 2004, sen ter recibido resposta escrita en ningún momento, nin realizar acción ou actividade algunha en aras das obrigas que se derivan do Decreto 320/2002 (Ordenanza Tipo).

Este desleixo e omisión de auxilio ven a confirmar, unha vez máis, a cualificación que se lle ten asignado aos Concellos neste ámbito, cal é de "convidado de pedra".

Desde esta perspectiva, xa frecuente, no ámbito desta cidade, cabe precisar, unha vez máis, o seguinte:

1º) A Ordenanza vixente ten como obxectivo primordial regulamentar a actuación municipal cara á protección das persoas e dos bens, en contra das agresións producidas pola enerxía acústica de ruídos e vibracións.

Cando a ordenanza, de obrigado cumprimento, cita "actuación", está indicando acción e efecto de actuar, e "actuar" non é máis que realizar actos ou funcións propios do cargo ou do traballo, tamén significa facer uso dos propios dereitos.

Non actuar pois significa unha desleixo de funcións, unha falta de cumprimento dunhas obrigas que obviamente implican unhas responsabilidades do axente en cuestión.

Esta situación implica, por unha parte un ataque ao concepto de domicilio inviolábel; este dereito fundamental require, como algo imprescindíbel, asegurar a súa protección non só fronte ás inxerencias de terceiras persoas, senón tamén fronte aos riscos que poidan xurdir nunha sociedade tecnoloxicamente avanzada. Así o ruído pode chegar a representar un factor psicopatóxeno destacado no seo da sociedade e unha fonte de permanente perturbación da calidade de vida dos cidadáns (sentenza do Tribunal Supremo de 10 de abril de 2003).

Neste mesmo senso, e en relación co denominado ruído industrial pronunciouse o Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña (18 de xullo de 2002).

2º) A contaminación acústica pasa, nos últimos anos, a ser un problema de grande transcendencia social, que produce efectos fisiolóxicos non desexados nos

cidadáns; e as principais fontes de contaminación atópanse na actividade industrial, na que se fai especialmente sensíbel non só pola intensidade do ruído senón tamén pola duración e pola discriminación horaria en que se produce. Entre os trastornos que ocasiona, faise especial referencia aos seguintes: auditivos, cardiovasculares, neurolóxicos, dixestivos, embarazo, poboación escolar, etc.

Retomando a perspectiva xeral do tema e, en especial, a actividade pasiva da administración responsábel, é dicir, dos oídos xordos da administración, séguese, como consecuencia, punxindo sobre os cidadáns, obrigándolles a encamiñarse á vía xudicial para dar saída a unhas circunstancias cuxa resolución pola administración máis próxima xa tiña que ser un feito lóxico e normal, non excepcional como ven acontecendo.

Estamos aínda lonxe de chegar a actuacións administrativas propias dos países do contorno máis avanzado.

Como exemplo de actividade non axeitada, cítase a sentenza do Tribunal Supremo, Sala Segunda do Penal, de 19 de outubro de 2006, na que se cualifica de inactividade dolosa dun alcalde ante a emisión de ruídos que fai desleixo de funcións, a sabendas de que unha industria emisora vulneraba a normativa legal.

Desde outra perspectiva de actividade diferente, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Zaragoza, en sentenza de 14 de febreiro de 2007, condena ao Concello de Zaragoza a indemnizar con 7.000 € a cada un dos veciños demandantes prexudicados polos ruídos provenientes dunha zona de lecer da cidade por funcionamento anormal ao non actuar en defensa dos cidadáns.

O que hoxe o "ruído se escoite" é testemuña dun esperanzador acordar da sociedade civil que clama polos seus lexítimos dereitos, coa esixencia de que os políticos aborden efectivamente de maneira decidida os problemas reais. (Lorenzo Martín Retortillo)

RECOMENDACIÓNS

Actuacións decididas e efectivas, nun tema que afecta permanentemente aos cidadáns.

Respecto ao principio de legalidade que dimana do Regulamento Orgánico do Valedor do cidadán, artigo 10.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 17/01/2008, reiterouse o pedimento informativo actualizado, e de novo, o 19/02/2008, o 01/04/2008, faise constar a visita do interesado que fai entrega da copia de escritos dirixidos o Concello; de 13/09/2007, 20/11/2007 e25/01/2008, do que non tivo resposta.

Con data 05/05/2008, reiterase o pedimento informativo, e de novo, o 22/05/2008, o 18/06/2008 achegando copia de informe técnico da avaliación acústica ambiental do entorno que nos ocupa, efectuado por empresa acreditada e autorizada; no mesmo observase que o problema da contaminación e grave o que imposibilita unha vida decorosa dos afectados; indicando, unha vez máis, que a mellora da lexitimidade tense que buscar pola vía dos rendementos e que esta lexitimidade está ligada coa capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do entorno. Con data 23/07/2008 reitérase o pedimento anterior, e de novo o 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008, 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009, reitérase, por décimo terceira vez, o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009.

Con data 24/04/2008 recíbese informe pormenorizado, de Medio Ambiente sobre as actuacións levadas a cabo pola Policía local. Do que se dá cumprida información ao interesado o 30/04/2009. Con data 16/06/2009, o interesado fainos entrega dun escrito, acompañado de varios anexos no que fai unha serie de alegacións ao informe de Medio Ambiente e que, en resumo, refírense a:

- Falta de axilidade e eficacia no solución do problema.
- Situación das actividades que se están a realizar, sen a adopción de medidas de prevención necesarios.
- Visitas policiais sen acompañamento dos medios técnicos necesarios.
- Visitas nas que se compraba o grao de inseguridade ambiental.
- Solicitude de medicións sonométricas que non se realizan
- Visitas da Policía nas que se comproba a polución ambiental.
- Solicitude de novas medicións, recibindo trato eslamiado por parte do persoal da Policía.
- Continuo funcionamento de sirenas a horarios intempestivos.
- Previsións ao informe da Xerencia Municipal de Urbanismo sobre a situación da vivenda.
- Precisións sobre a información policial en relación coas súas visitas.
- Referencia ao informe confeccionado por empresa homologado, efectuando a petición do Valedor do Cidadán.

Do que se deu completo traslado a Concellaría de Medio Ambiente o 18/06/2009, instando nunha actuación axeitada a situación e solicitando informe actualizado ao respecto, petición que se reitera o 29/07/2009.

Con data 24/08/2009, recíbese informe de Medio Ambiente no que se indica o seguinte:

"En relación co seu escrito de data 18 de xuño de 2009, con respecto ao expediente 2/2007, este Concello, este Concello infórmalle que, a denuncia do interesado seguiu a seguinte tramitación:

> *1.- En 2004, don..... presenta denuncia no Rexistro Xeral do Concello de Vigo nas que manifesta o seguinte:*
>
> *" (...) Los astilleros ....... sitos en la calle ......., frente a la fachada posterior de la finca urbana, ........, sobrepasan la emisión de decibelios que se pueden tolerar en el casco urbano.*
>
> *Que el astillero ........., contiguo con el astillero ......., tiene colocados 2 altavoces sobre un andamio. Que dichos altavoces son utilizados con gran sonoridad y repiqueo de campana para llamar a sus trabajadores indicando, nombre y apellido, a presentarse en la portería del astillero.*
>
> *Que los barcos son decapados y pintados al aire libre, que gran parte de estos residuos van al mar directamente.*
>
> *Que los olores y los restos de los componentes de las pinturas, altamente contaminantes, son por el viento transportados sobre las viviendas, con riesgo para nuestra salud.*
>
> *Que no se cumplen los horarios de actividad laboral, que se efectuan trabajos nocturnos, en días festivos.*
>
> *Que no se respeta el derecho fundamental que los ciudadanos tenemos ha ser protegidos de la contaminación acústica y el derecho al descanso como así reconoce el Tribunal Constitucional (...)"*
>
> *2.- Á vista da denuncia presentada, o departamento de Medio Ambiente do Concello de Vigo remite copia da mesma ao departamento de Medio Ambiente da Autoridade Portuaria, xa que o Concello non ten competencias no ámbito da súa titularidade onde se atopan as instalacións dos*

*devanditos estaleiros e notifica a don ........... sobre o mesmo informándolle que en relación á superación dos niveis permitidos na Ordenanza Municipal de Contaminación acústica, debe avisar á Policía Local para realizar unha medición, a cal será remitida ao departamento de Medio Ambiente e se do mesmo, dedúcese a comisión dunha infracción se incoará un expediente.*

*3.- En novembro de 2006, a Autoridade Portuaria na súa calidade de titular das concesións de ámbalas dúas factorías, remite ao Concello de Vigo informe sobre os resultados obtidos no estudo de ruídos realizado, os cales manifestan que se encontraban dentro das marxes permitidas pola lexislación vixente, poñendo en coñecemento que a pesar de elo continuará realizando estudos de ruído na zona como control preventivo.*

*4.- Posteriormente don.......presenta reiteradas denuncias en datas sucesivas nas que solicita:*

*"(...)*

- *Los controles de sonido, serán a efectuar en las instalaciones donde se desarrollan las activdades. No en las viviendas de los ciudadanos.*
- *Que se efectúen mediciones sonométricas de las grúas en movimiento.*
- *Que no se efectúe ningún trabajo de embutición o conformado de chapa en el exterior (...).*
- *Que se suprima en absoluto el toque de las sirenas, todo el mundo debe conocer a que hora debe empezar o terminar su jornada laboral (...)*
- *Que se supriman las llamadas por megafonía a los trabajadores, hay otros medios (...)"*

*Asemade con data de entrada no Rexistro Xeral 12/02/07, solicita medición sonométrica.*

*5.- Con data 4 de maio de 2007, a Policía Local remite dilixencia ao departamento de Medio Ambiente no que informa que "Adjunto remito escrito del arriba reseñado, en el que se queja de los ruidos procedentes de los astilleros ubicados en la Avenida de ..............*

*El remitente declina el ofrecimiento realizado por esta Policía Local para llevar a cabo una medición sonométrica en su domicilio, insistiendo que el lugar donde ha de medirse son los astilleros o en la vía pública (...)"*

*6.- Con data 9 de outubro de 2007, o departamento de Medio Ambiente do Concello de Vigo, solicita a colaboración da Policía Local para que emitan un informe da utilización das sirenas en horario diúrno e en actividade normal das empresas Freire e Armón.*

*7.- Con data 23 de outubro de 2007, a Policía Local informa que "(...) el viernes 19 de octubre de 2007, nos personamos en los astilleros ........., poniéndonos al habla con (...) jefe de producción de la firma.*

*Nos informó que la sirena ( de inicio de trabajo) que sonaba a las 7,00 horas durante e horario de verano había sido suprimida. Que actualmente suena a las 8,00 (horario de invierno) pero que iba a ser suprimida (...).*

*El mismo día 19, nos personamos una vez finalizada esta primera entrevista en los Astilleros ........, ubicados en el .......... (...). Ambos fueron informados del motivo de nuestra visita así como de las molestias que causaban las sirenas de su empresa, expresando su voluntad, al igual que en el primer caso, de tomar medidas encaminadas a solucionar el problema.*

*El día 15 de noviembre nos trasladamos a la Avenida.......... exteriores de los dos astilleros objetos de informe.*

*A las 7,00 horas, momento en que se tendría que escuchar la sirena de Astilleros ......., que sirve para avisar del inicio de la jornada laboral, no se escuchó sonido alguno.*

*A las 8,00 horas del mismo día , momento en el que se inicia la jornada laboral en .........., se percibió un leve sonido de sirena, muy atenuado y casi imperceptible, cuya duración fue de dos o tres segundos, no pudiendo precisarse por parte de los agentes que realizabamos el control si procedía de los citados astilleros o cualquier otra empresa de la zona (....)"*

*8.- Con data 23/01/08, a Concellaría delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo require ao interesado para que o denunciante solicite medicións sonométricas á Policía Local, posto que o departamento non ten partes de medicións, e é unha actuación previa para determinar con carácter preliminar si concorren circunstancias que xustifiquen a incoación d expediente sancionador, sinalando que a referida medición deberá preceptivamente contemplar o ruído de fondo, ou de ser o caso, reflectir a negativa dos responsábeis das industrias a paralizar a actividade e avalado sempre polo informe técnico correspondente.*

*Segundo consta no expediente, en data 24/01/08 sendo as 13.25 horas o interesado négase a recoller a documentación.*

*9.- Con rexistro de entrada de data 25/01/08, o interesado presenta denuncia na que manifesta o seguinte " A la fecha de la presente, no he recibido contestación escrita a los documentos anteriormente referenciados (...). No es el entender de los responsables del astillero ......., puesto que lo siguen utilizando; con un primer toque a las 7:55 otro a las 8:00 y así todo el día (...).Del mismo modo, el astillero ........, sigue utilizando ilegalmente, altísimos tonos de megafonía, desde las 7:00, para llamar a sus operarios a distintas partes de las instalaciones. (...) ".*

*10.- Con data 05/02/08, a Concellaría delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo require os estaleiros .......... manifestando que "*

- *Deberán solicitar autorización ao menos 24 horas de antelación para calquera operación que entrañe risco contra o medio ambiente.*
- *Cando realicen traballos de limpeza, pintado e outros, deberán solicitar a correspondente autorización, sendo necesario toldear hermeticamente a zona de traballo, recoller e ser entregados os restos o Xestor autorizado dos residuos xerados.*
- *Os traballos que xeren contaminación acústica, están prohibidos en horario nocturno.*
- *Deberán substituír o sistema acústico (sirena) de aviso, por outro que non xere molestias o entorno, de conformidade a Lei 7/1997, de agosto e da Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica e vibracións"*

*O devandito requirimento notifícase ao interesado con data 17/03/08.*

*11.- Con rexistro de entrada 14/03/08, XX presenta escrito no que manifesta que "este Astillero cuenta, desde hace varios años, con las certificaciones : ISO 9001 de calidad; ISO 14001 de Medio Ambiente y en trámite la OHSAS 18001 de Seguridad y Salud Laboral, que todas las actividades que realiza este Astillero en la concesión de …….., son autorizadas y supervisadas por la Autoridad Portuaria, que en la factoría no se realizan trabajos en horario nocturno, que desde que entró en vigor la Ley de Prevención de Riesgos Laborales contamos con un Servicio de Prevención Ajeno que lleva a cabo la empresa Fremap y que incluye, entre otros, la medición anual del nivel acústico en todos los puestos de trabajo no habiéndose detectado un nivel de ruidos que supere los autorizados, que cuenta con un gestor autorizado por la Xunta de Galicia, que en cuanto al sistema acústico (sirena de aviso), y tras la entrevista con Uds en el Concello, hemos reducido sustancial-*

*mente su nive, de tal forma que prácticamente a la entrada de la factoría en el puesto de portería casi pasa inadvertida pues de momento no conocemos otra solución alternativa que sea efectiva, que hemos realizado una medición del nivel acústico de dicha sirena, con un equipo sonómetro BRUEL & KJAER recogiendo unos niveles sonoros entre 55 a 65 dBA de ruído ambiental y 61,3 dBA en el momento de tocar la sirena, Esta medición en el interior de la portería de la factoría con la puerta abierta pues con la puerta cerrada, hemos obtenido unos niveles de 45 a 55 dBA y 51,2 dBA en el momeno de tocar la sirena y finalmente que con fecha 31/01/08 hemos solicitado autorización a la Autoridad Portuaria para instalar una pantalla sobre el muro de cierre de la factoría que linda con la Avda Beiramar con intención de aislar aún más si cabe cualquier tipo de posible contaminación. Adxúntase copia do Dossier presentado ante a Autoridade Portuaria para a instalación da pantalla".*

*12.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 24/03/08, o interesado presenta escrito no que manifesta o seguinte: " Con número de documento de registro de salida 2289 de 5 de febrero de 2008 recibo de esa Concejalía una nota informativa cuyo contenido demuestra su total incapacidad y desconocimiento para ocupar la Concejalía de Medio Ambiente (...). Dado que usted Sra Concejala, no cumple con su trabajo le informo y a la vez denuncio: Que en el astillero ……., desde hace más de tres semanas se está pintando por chorreo y sin protección alguna al buque ……. (...), Debo entender, Sra Concejala, que las correspondientes autorizaciones que Usted señala deben ser solicitadas por los mencionados astilleros a la Concejalía de Medio Ambiente que Usted preside (...), los trabajos que generan contaminación acústica, están prohibidos las 24 horas del día (...), el sistema acústico (sirena) está funcionando en el astillero……… a 7:55, 8:00, 13:00, 14:30, 17:30, "deberán sustituir o sistema acústico" no sirve para nada Sra Concejala es ilegal y Usted, como lo anteriormente denunciado está simplemente prevaricando. En la cita que mantuvimos el 10 de octubre de 2007 (...) me prometió que iba a entrevistarse de inmediato con los responsables de los mencionados astilleros para encontrar una solución a este problema (...); en tal caso Usted me mintió"*

*13.- Con data 7 de xuño de 2008 mediante parte de servizo a Policía Local informa que " requeridos por el interesado con el domicilio reseñado, haciéndonos pasar al interior de la vivienda pudiendo observar como desde su terraza estaban trabajando en "chorreteado" de un barco en los astilleros ……. sin guardar las medidas de protección exigidas para la tarea, al no encontrarse el barco totalmente toldado (...) y pudiendo comprobar como tenía la terraza y barandilla de esta sucia de polvillo negro (...). Una vez en el astillero y en compañía del vigilante de seguridad se identificó al encargado de la empresa que realizó la labor antes indi-*

*cada (...). Manifestándonos este que el día anterior a esta intervención se personaron en el lugar Policía Portuaria indicándoles que las medidas de seguridad en lo referente al toldado eran suficientes. Manifestación corroborada por el vigilante de seguridad que se encontraba presente también en ese momento".*

*14.- Con data de entrada no rexistro xeral 12/06/08 e 26/06/08, o interesado solicita copia das últimas intervencións do expediente, o cal se lle entrega con data 04/07/08 e presenta denuncia no que reitera as molestias producidas pola contaminación acústica producida polos estaleiros ……….*

*"15.- Con data 1 de xullo de 2008, o xefe do Servizo de Medio Ambiente, solicita a colaboración da Policía Local para que emitan informe correspondente das seguintes medidas:*

- *Procedeuse a toldear hermeticamente as zonas de pintado, limpeza e outros*
- *Entréganse os restos dos residuos xerados ao xestor autorizado.*
- *Substituíronse o sistema acústico (sirenas) por outro que non xere molestias no entorno, de conformidade a Lei 7/1997, de agosto e da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica."*

*16.- Con data 3 de xullo de 2008, o xefe do Servizo de Medio Ambiente, solicita:*

*" Que a Policía Local acuda de novo ao domicilio do denunciante……………… sito na rúa ……………, teléfono de contacto ……., as horas que se produzan os ruídos denunciados para realizalas medicións pertinentes (...)·"*

*17.- Con datas 16/07/08, 30/07/08, 31/07/08, 04/08/08, 06/08/08 e 14/08/08, a Policía Local remite ao departamento de Medio Ambiente partes de servizo no que informa que :*

- *Parte de 16/07/08: "(...)para que quede constancia de que se está pintando sin protección creando una nube de pintura visible por los Agentes desde su balcón (...)".*
- *Parte de 30/07/08: " (...)nos trasladamos al Astillero ………. sito en Avda …………(...). Personados en el lugar a las 10:15 horas nos pusimos en contacto con el responsable de estos trabajos (...) el cual nos acompañó por el interior del recinto de la mencionada empresa comprobando como los barcos que están en fase de construcción o reparación hasta el momento no están llevando a cabo tareas de pintado o chorreo (...)"*

- *Parte de 31/07/08: " (...). Que se significa que durante el servicio ordenado se pudo comprobar como hasta el momento no están haciendo trabajos de pintado y chorreado en los barcos ubicados en los diques secos (...)"*
- *Parte de 04/08/08: " (...). Que se siginifica que durante el servicio ordenado se pudo comprobar que el momento de la revisión no se encontraban efectuando dichas tareas"*
- *Parte de 06/08/08: " Por medio del presente en relación al expediente de referencia, por el que interesa realizar mediciones sonométricas en el domicilio do interesado (...), se hace constar que tras varios intentos puestos en contacto telefónico con el requirente el día 18/07/08, éste manifiesta que por el momento debido a problemas personales no puede concretar fecha y hora para la medición y que cuando estime oportuno se pondrá en contacto con esta Unidad para requerir sus servicios (...). Que a día de la fecha no se ha tenido conocimiento de requerimiento alguno en este sentido"*
- *Parte de 14/08/08: " (...) sobre las revisiones realizadas por la Patrulla Medioambiental desde el día 07/08/08 hasta el 13/08/08 en los astilleros .............., referente al expediente, obteniendo los siguientes resultados:*

***Referente a la sirena:***

*(...) sigue sonando a las 10:30 en la empresa …….y a las 15:00 horas en ambas empresas. Destacar que según las revisiones realizadas por todos los agentes integrados en la sección, dicho sonido no supone molestia, ya que es de baja intensidad y apenas dura 3 segundos, llegando a ser más ruidoso el tráfico que circula por la calle...*

***Referente al funcionamiento de la megafonía:***

*Todavía no ha cesado, destacando que el sonido no es muy alto no intensivo (...).*

***Referente al ruido producido por movimiento de grúa:***

*Esta sigue funcionando en la empresa, si bien el movimiento no produce gran ruido. (...)*

***Referente a los trabajos de limpieza y pintado de barcos:***

*Estos se realizan esporádicamente, Si bien sólo se estaban realizando estos trabajos en la empresa …….. (...). Sobre los trabajos realizados por la empresa …..se pudo comprobar que cuentan con autorización del departamento de Medio Ambiente de Puerto de Vigo (se entrega copia de la solicitud), los trabajos se realizan en el agua y cuentan con la protección de un toldeo no hermético (...)"*

*18.- Perante a solicitude presentada polo interesado con data de entrada no rexistro xeral 22 de xullo de 2008, fáiselle entrega de copia das últimas actuacións do expediente en data 28 de agosto de 2008.*

*19.- Con data de entrada no Rexistro xeral 18/09/08 e 29/08/08, o interesado presenta sendas denuncias onde expón que " el miercoles 8 de agosto de 2008, se solicita a las 13:26:27 horas, al número 986810101 una medición sonométrica, se personaron los agentes XXX y YYY de la Policía Local pero desprovistos de sonómetro (...). El día 4 de septiembre de 2008, se solicita a las 16:07 horas otra medición al mismo número, contestó una Sra Agente, que se negó a identificarse (...).*

*Nuevamente llamé, y tras mi demanda, se identifica el Cabo C-XXX, le solicito, envíe a alguien para efectuar medición sonométrica (...). A las 16:55, ya fuera de mi domicilio, recibo una llamada de un Agente de la Policía Local, el cual me señala que le han llamado de la centralita para efectuar tal medición. Le indico, que informe claramente hasta que hora previsiblemente duraría tal actividad, y dada la tardanza del aviso, ya me encontraba fuera de mi domicilio y por tanto era ya innecesario que se desplazase (...)"*

*Asemade denuncia os danos provocados na súa vivenda nas proxeccións de pinturas e restos de residuos de granalla provinte de actos ilegais nos mencionados estaleiros, o nivel de contaminación acústica sufridos nas vivendas e que día após día respiran aire tóxico.*

*20.- Con data 24 de setembro a concelleira delegada de Medio Ambiente remite fax aos estaleiros denunciados para que confirmen a súa asistencia á reunión prevista para o día 25 de setembro as 12:00 horas, reunión efectivamente realizada co obxecto de adoptar as medidas pertinentes para compatibilizar os dereitos dos cidadáns coa liberdade da empresa.*

*Asemade en data 09/10/08, o xefe do Servizo de Medio Ambiente achégalle a Autoridade Portuaria, por entender que é da súa competencia, copia do parte da Patrulla Medioambiental da Policía Local de data 14 de agosto de 2008 sobre as revisións realizadas desde o día 7 ao 13 de agosto de 2008 nas factorías dos estaleiros ………………………….. respectivamente, no que informan sobre o modo de proceder nos traballos de limpeza e pintado de barcos en relación coas denuncias formuladas por …………………., para o seu coñecemento e demais efectos.*

*Solicitando informen sobre o estado da tramitación da autorización solicitada con data 31 de xaneiro de 2008 ………………… para instalar unha pantalla sobre o muro de peche da factoría con intención de illar aínda máis calquera tipo de posíbel contaminación.*

*21.- Consonte a disposición adicional duodécima da Lei do Ruído 37/2003 a cal establece que "Reglamentariamente, en las áreas acústicas de uso predominan-*

*temente industrial se tendrán en cuenta las singularidades de las actividades industriales para el establecimiento de los objetivos de calidad, respetando en todo caso el principio de proporcionalidad económica. Ello sin menoscabo de que la contaminación acústica en el lugar de trabajo se rija por la normativa sectorial aplicable", o departamento de Medio Ambiente con data 11 de novembro de 2008 remitiu oficio a Xerencia de Urbanismo solicitando informe sobre a clasificación do uso do solo no que se encontran sitos os devanditos estaleiros segundo a clasificación realizada polo PXOU vixente.*

*22.- Con data 7 de xaneiro de 2009, a Xerencia Municipal de urbanismo de Vigo informa que " (...) as instalacións a que se refire o seu escrito figuran con respecto ao plan xeral vixente nun sistema xeral portuario como solo urbano de uso industrial".*

*Cómpre sinalar que o reclamante don …………………. ten coñecemento de todas as actuacións operantes no expediente, tendo sido informado puntualmente polo Servizo de Medio Ambiente en reiteradas ocasións de xeito persoal ao respecto.*

*Por todo o exposto, ante esta institución ponse a súa disposición toda a información e documentación operante no expediente que poida esclarecer os feitos sinalados, entendendo que esta administración actuou coa toda dilixencia debida co fin de garantir os dereitos e intereses lexítimos do cidadán, e reitera a necesidade de obter unha medición sonométrica, posto que segundo establece a Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e o Manual de procedementos anexo a Ordenanza Municipal, cando a medicións dos niveis de ruídos e vibracións as que fai referencia a Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica do Concello de Vigo, resulten fóra dos niveis de ruído admitidos pode desembocar na iniciación dun expediente sancionador sinalando como persoal competente para realizar as devanditas medicións á Policía Local.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 25/08/2009.

Con data 14/09/2009, comparece o interesado, facendo entrega dun amplo escrito de alegacións no que constar os problemas xa coñecidos que veñen, anos ai, prexudicando a súa saúde e tranquilidade.

Copia literal do mesmo remítese a Concellaría de Medio Ambiente, coa mesma data, insistindo unha adopción de medidas que permitan paliar a situación, facendo, unha vez máis, alusión o artigo 45 da Constitución Española, e solicitan-

do información actualizada ao respecto. Con data 22/10/2009, solicítase desde esta oficina información actualizase reiterándose o pedimento o 02/12/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reiterase o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 08/02/2010.

Con data 10/03/2010 recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"En relación coa súa solicitude de información de data 18 de febreiro de 2010, relativa á queixa formulada por, expediente desa institución 2/2007, práceme informarlle do seguinte:*

*1) No noso escrito de data 17 de setembro de 2009 facíamos unha exhaustiva exposición de todos os pasos que ten dado esta administración en relación co obxecto da queixa formulada, tendo en conta o feito absolutamente relevante de que* ***o Concello non ten competencias no ámbito da súa titularidade onde se atopan as instalacións dos estaleiros (competencia exclusiva da Autoridade Portuaria de Vigo).***

*2) Polo tanto, no tocante ás denuncias sobre o chorreado dos barcos, a sirena, a megafonía, etc. terá de ser a autoridade portuaria a que obrigue á empresa radicada no seu ámbito a cumprir coa lexislación en vigor. En todo caso, e precisamente polo deber de colaboración entre as administracións que vostede esgrime no seu escrito, este Concello realizou numerosas xestións tanto coa autoridade portuaria coma co propio estaleiro para que adoptase as medidas correctoras oportunas que permitan garantir o dereito ao descanso de .*

*Un sucinto relatorio destas xestións sería:*

- *O Concello de Vigo requiriu por escrito ao estaleiro para que cesase na actividade molestas e para que adoptase as medidas correctoras oportunas.*
- *Requiriu á Autoridade Portuaria para que vixiase de oficio que se estaban a cumprir todos os requisitos esixidos pola lei para o chorreteado dos barcos* (memoria de continxencias, autorización previa, toldeado hermético, *etc.)*
- *En novembro de 2006 a Autoridade Portuaria de Vigo -na súa calidade de titular da concesión de ámbalas dúas factorías- remite ao Concello de Vigo un informe cos resultados obtidos no estudo de ruídos realizado, no que se*

*manifesta que está dentro dos marxes permitidos pola lexislación vixente.*

- *Despois de numerosas visitas da Policía local aos estaleiros, con data 5 de febreiro de 2008 a Concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo require aos estaleiros para que soliciten o permiso pertinente con 24 horas de antelación para calquera operación que entrañe risco contra o medio ambiente; lembrándolle que deben toldear hermeticamente para os labores de chorreo, limpeza e pintado, así como entregar os restos ao xestor autorizado dos residuos xerados; que os traballos que xeren contaminación acústica están prohibidos en horario nocturno e que deben substituír o sistema acústico de aviso por outro que non xere molestias ao entorno, de conformidade coa Lei 7/1997 de agosto e da Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica e vibracións.*
- *En resposta a este requirimento, a dirección dos estaleiros remite con data 14 de marzo de 2008 un escrito ao Concello no que acreditan que todas as actividades que realizan na concesión portuaria son autorizadas e supervisadas pola Autoridade Portuaria -única competente na materia-; que non realizan actividades nocturnas; que realizan anualmente unha medición acústica que nunca superou os niveis permitidos; que conta cun xestor autorizado de residuos e que con respecto á sirena -despois da entrevista mantida cos técnicos do Concello- rebaixaron substancialmente o seu nivel e que con data 31 de xaneiro de 2008 teñen solicitado permiso á autoridade portuaria para a colocación dunha pantalla sobre o muro de peche da factoría coa intención de illar aínda máis se cabe calquera tipo de contaminación.*
- *A maiores, con data 1 de xullo de 2008 o Concello volveu a enviar á Policía Local para comprobar se estaban a toldear os barcos para as labores de chorreo, limpeza e pintado; se reduciron o nivel acústico da sirena; se contan con xestor autorizado.*
- *Ademais, a Concelleira delegada de medio ambiente remitiu por fax aos estaleiros unha convocatoria de reunión para o día 25 de setembro de 2008, co obxecto de liquidar este tema e adoptar as medidas pertinentes para compatibilizar os dereitos dos cidadáns coa liberdade da empresa, comprometéndose en dita reunión a empresa a adoptar as medidas indicadas.*

*3) É necesario reiterar e salientar que a única entidade competente no ámbito de emprazamento da empresa é a Autoridade Portuaria, quen manifesta a este Concello que o toldeo que se realiza habitualmente para o chorreo e limpeza é o correcto e prescrito pola lei.*

*4) Que incluso, tendo acudido a Policía Local aos estaleiros e instando á empresa ao toldeado hermético, acudiu a Policía do Porto manifestando que o*

*toldeado existente é suficiente e que contan con autorización da autoridade portuaria.*

*Por todo o exposto, esta administración entende que actuou con toda a dilixencia debida co fin de garantir os dereitos e intereses lexítimos dos cidadáns, mediando e intentando colaborar -como é seu deber- coa autoridade portuaria para poder buscar unha solución ao problema.*

***En todo caso, e á vista de nova queixa de , no mesmo día en que recibimos escrito do Valedor do Cidadán, 1 de marzo de 2010, remitidos un novo requirimento a autoridade portuaria, no que en síntese se lle esixe o seguinte:***

*"Debido ás reiteradas denuncias presentadas por D. diante desta administración e ante as institucións do Valedor do Cidadán e do Pobo, pregámoslles informen, á maior brevidade posíbel, se os Estaleiros XXX están a cumprir a lexislación vixente nas seguintes materias:*

1) *Se está a presentar a preceptiva memoria de continxencias para as operacións de chorreo e reparación de buques a frote e se se está recabando puntualmente a autorización pertinente a esa autoridade portuaria.*
2) *Se se está a proceder ao **toldeado hermético** cada vez que se producen estas operacións de chorreo. Xa que segundo informa a Policía Local non se está a observar esta medida, incumprindo claramente a prohibición de pintado a pistola e chorreo exterior de buques a frote, cun alto risco de vertido accidental e as consecuentes molestias.*
3) *Se se están a tomar medidas de limpeza cando o chorreo exterior é en varadero, co fin de evitar arrastres por vento ou auga dos resíduos xerados.*
4) *Se a empresa está a entregar os restos dos resíduos xerados ao xestor autorizado.*
5) *Se substituíron o sistema acústico (sirenas) por outro que non xere molestias ao entorno, de conformidade coa Lei 7/1997, de agosto e da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a contaminación acústica, tal e como lle foi requirido en numerosas ocasións.*
6) *Solicitamos asemade información sobre o estado de tramitación da autorización solicitada polos Estaleiros con data 31 de xaneiro de 2008 para instalar unha pantalla sobre o muro de peche da factoría co fin de evitar calquera tipo de contaminación e, de selo caso, información sobre se a devandita pantalla está efectivamente instalada.*

*Por outra parte, e dado que esa empresa se atopa en área de competencia portuaria, pregamos que no caso de que se estea a incumprir algún dos extremos antes*

*sinalados, se proceda por parte desa autoridade portuaria a realizar o oportuno requirimento á empresa para que no prazo máis breve posíbel proceda a adoptar as medidas correctoras que esixe a lexislación en vigor, co fin de garantir os dereitos e intereses lexítimos do cidadán"*

*Por outra banda, con respecto á contaminación acústica na vivenda do denunciante, cabe sinalar o seguinte:*

*1) Que tal e como consta no expediente, en diferentes informes da Policía Local, D., negouse en reiteradas ocasións a que se realizase medición sonométrica desde o seu propio domicilio, indicándolles aos funcionarios que fixeran as medicións desde a rúa.*

*2) Que en virtude do principio de presunción de veracidade dos funcionarios públicos e neste caso autoridade, Policía Local, este departamento ao carecer de medición sonométrica positiva non pode incoar expediente sancionar por contaminación acústica.*

***3) Que, en todo caso, e á vista de nova denuncia de , este Departamento no mesmo día de recepción da queixa do Valedor, 1 de marzo de 2010, remitiu carta certificada e con acuse de recibo ao denunciante para que indique o día e a hora que considere máis idóneo para a realización da medición sonométrica,** advertíndolle de que a Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica a o Manual de Procedemento anexo á Ordenanza Municipal, indican que para a iniciación dun expediente sancionador por contaminación acústica é preceptivo e necesario que exista previamente unha medición sonométrica con niveis de ruído superiores aos admitidos pola ordenanza e que ademais dita medición deberá ser realizada pola Policía Local.*

*Por todo o antedito, en función da resposta da Autoridade Portuaria de Vigo -única entidade competente para adoptar medidas correctoras no referente ao chorreado, limpeza e pintado, por se tratar dunha concesión portuaria- e do resultado da medición sonométrica que se realice, esta Concellaría seguirá informando puntualmente a esa institución.*

De que se deu cumprida información ao interesado, o 15/03/2010, indicándolle que, en datas vindeiras solicitarase información actualizada en relación co exposto anteriormente.

Con data 25/03/2010, o interesado fai entrega dunha copia do escrito que, coa

mesma data entrega o orixinal no Concello, replicando puntualmente o comunicado último da Concellaría de Medio Ambiente.

Con data 08/04/2010 dirixímonos a Medio Ambiente solicitando información actualizada e consignando que o interesado fixo entrega dunha copia do escrito dirixido a esa Concellaría o 25/03/2010.

Con data 23/04/2010 recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

"En relación coa nova queixa formulada por, número de expediente desa institución 2/2007 e expediente municipal, práceme informarlle do seguinte:

Tal e como xa lle informabamos no noso escrito de resposta de data 2 de marzo de 2010 o Concello de Vigo non ten competencias no ámbito da súa titularidade onde se atopan as instalacións dos estaleiros denunciados (competencia exclusiva da Autoridade Portuaria de Vigo).

A Autoridade Portuaria é a única administración competente na materia, en relación coa obriga de velar polo cumprimento da normativa vixente en materia de pintado, chorreado e demais operacións de mantemento dos buques nese ámbito, que son os extremos obxecto da denuncia.

En todo caso, o Concello de Vigo, cumprindo co seu deber de colaboración coas institucións e velando pola defensa dos intereses dos cidadáns, REQUIRIU á Autoridade Portuaria en varias ocasións, a última con data 1 de marzo -o mesmo día que recibiu a queixa do Valedor- para que informase á maior brevidade posíbel sobre as cuestións denunciadas e para que, en todo caso, obrigue aos estaleiros ao cumprimento escrupuloso da lexislación en vigor, xa que as devanditas instalacións atópanse en terreos da súa competencia exclusiva e é o titular de dita concesión.

Con data 5 de marzo de 2010, a Autoridade Portuaria acusa recibo do escrito remitido con urxencia polo Concello.

A día de hoxe, a Autoridade Portuaria aínda non contestou ao requirimento do Concello.

Con respecto ás queixas por contaminación acústica e tal e como lle REITERAMOS en numerosas ocasións, esta administración non pode incoar expediente sancionador en tanto en canto non exista unha medición sonométrica positiva.

Precisamente con ese fin, o Concello de Vigo remitiulle escrito a, con data 1 de marzo, do que acusou recibo o 15 de marzo, para que sinalase a este Concello o día e a hora que considere máis conveniente para que a Policía Local poida acceder ao seu domicilio co obxecto de practicar a PRECEPTIVA medición sonométrica.

Debemos informarlle que, a día de hoxe, 15 de abril, o denunciante aínda non acudiu a esta administración para facilitar a práctica de dito medio de proba e, polo tanto, o Concello de Vigo non pode incoar expediente sancionador en tanto non se cumpra con ese trámite inescusábel e preceptivo, tal e como indica a Ordenanza municipal correspondente.

Por todo o antedito, en relación co que afecta á competencia da Autoridade Portuaria esta administración volverá a requirir a ese organismo para que informe e cumpra, de se-lo caso, coa normativa presumibelmente infrinxida.

E con respecto á contaminación acústica, reiterar que o denunciante debe manifestar diante desta administración o día e a hora no que a Policía Local pode acudir ao seu domicilio co obxecto de practicar a PRECEPTIVA medición sonométrica, xa que do contrario, a denuncia será arquivada sen máis trámite, xa que dita proba é imprescindíbel para poder incoar o expediente sancionador correspondente.

Os principios básicos sobre os que se asenta a capacidade sancionadora da administración son o de legalidade e o de tipicidade, manifestación neste ámbito da seguridade xurídica e, polo tanto, non se pode incoar un expediente sen o medio de proba imprescindíbel para acreditar os feitos denunciados.

A tipicidade debe ir acompañada doutros principios que priman na potestade sancionadora da Administración, como son a presunción de inocencia, a información, a defensa, a responsabilidade, a proporcionalidade e a interdicción da analoxía.

Con data 26/05/2010 recíbese escrito do interesado no que fai unha serie de observacións en relación coa resposta de Medio Ambiente que se resumen en:

- Obxecto, ámbito e competencia administrativa en canto se refire a ordenanza municipal vixente.
- Irregularidades e dificultades no ámbito das medicións sonométricas realizadas e pendentes de realizar.
- Reiteradas molestias causadas pola case permanente contaminación acústica e pola polución de sustancias procedentes de actividades perturbadoras.

Do referido escrito dáse traslado a Medio Ambiente o 31/05/2010, instando unha acción eficaz e solicitando información actualizada con respecto as xestións levadas a cabo coa Autoridade Portuaria.

Con data 14/06/2010 recíbese informe de Medio Ambiente no que indica o seguinte:

"En relación co seu expediente 2/2007 (expediente municipal), con respecto á queixa presentada por, práceme informarlle do seguinte:

Despois de distintos requirimentos realizados polo Concello de Vigo á Autoridade Portuaria de Vigo, así como á dirección dos Estaleiros, os últimos con datas 1 de marzo e 4 de maio de 2010, comunícolle o seguinte:

1) A Autoridade Portuaria de Vigo, en escrito de data 30 de abril de 2010, manifesta que "esta autoridade portuaria non ten inconveniente en que o Concello de Vigo solicite a información e documentación correspondente directamente aos denunciados, posto que algunha das denuncias como o suposto de contaminación acústica no que a facultade de inspección e sanción corresponde ao Concello de Vigo". Con respecto ao requirimento realizado polo Concello en relación co resto das cuestións formuladas no escrito que son de estrita competencia da Autoridade Portuaria, (se a empresa está a presentar a preceptiva memoria de continxencias, se se está a proceder ao toldeado hermético para as operacións de chorreo, se se están a tomar medidas de limpeza cando o chorreo exterior é en varadeiro, se a empresa está a entregar os restos dos residuos a xestor autorizado, se substituíron o sistema acústico de sirenas e se concederon o preceptivo permiso para a instalación de pantalla sobre o muro de peche para evitar a contaminación acústica), esta institución NON SE PRONUNCIA.

2) En relación co requirimento realizado polo Concello nos mesmos termos á dirección do Estaleiro con data 4 de maio, informar de que a empresa respondeu a este Concello en senllos escritos de datas 1 de xuño de 2010 o seguinte: "Pola presente lle comunicamos que con data 31 de xaneiro de 2008 solicitamos permiso á Autoridade Portuaria de Vigo para a instalación dunha pantalla desmontábel e que con data 15 de abril de 2010 a Autoridade Portuaria autorizounos a instalación da citada pantalla". En outro escrito tamén de data 1 de xuño de 2010 a empresa manifesta "por la presente le comunicamos que en lo referente a los puntos 1), 2), 3), 4) e 5) do seu escrito estamos elaborando e estudando a resposta pertinente, co auxilio dos nosos asesores".

Do que se deu cumprida información ao interesado o 16/06/2010, indicándolle que, en datas vindeiras, instarase nova información actualizada, con data 15/07/2010 recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"En relación coa denuncia formulada por D......................., seu número de expediente 2-2007, expediente municipal, práceme informarlle do seguinte:*

*Despois de varios requirimentos tanto á Autoridade Portuaria como ao Estaleiro XXX, dos que fomos dando conta puntualmente a esa institución, o pasado día 11 de xuño de 2010, a dirección do Estaleiro remite escrito a esta Concellaría respondendo ao último requirimento de información realizado polo Concello, no que se explicitan os seguintes extremos:*

*a) En relación coa memoria de continxencias esixida polo Concello con respecto ás operacións de chorreo e reparación de buques, á dirección de empresa manifesta que presentou diante da Autoridade Portuaria -órgano competente- o "Plan Interior de Contingencias por Contaminación Marina Accidental", que foi aprobado por resolución de data 30 de agosto de 2006. (achegan acreditación).*

*b) Tamén acreditan no seu escrito que cada vez que a empresa procede a realizar operacións de chorreo dun buque, informa de elo á Autoridade Portuaria, recabando a pertinente autorización e indicando as medidas preventivas adoptadas (achegan as autorizacións).*

*c) Afirma a empresa no seu escrito que cada vez que leva a cabo operacións de chorreo procede ao toldeado hermético do buque en cuestión e que incluso nos últimos buques tratados se mellorou os sistema de peche.*

*d) Indica que as operacións de chorreo lévanse a cabo en grada cuberta ou ben aíllase do exterior do seguinte modo:*

*1.- En Factoría de Bouzas mediante portalón de peche.*

*2.- En Factoría de Coia mediante pantalla antipartículas e anti-ruído coa preceptiva autorización solicitada á Autoridade Portuaria que foi concedida con data 15 de abril de 2010.*

*3.- A pantalla anti-ruído e antipartículas se atopa neste momento no trámite de cálculo de estrutura por empresa especializada.*

*4.- En todo caso, afirma a empresa, que sempre se levan a cabo as oportunas tarefas de limpeza e recollida de granalla utilizada, evitando en todo momento a chegada da mesma ao mar, a pesares de non se tratar dun residuo catalogado como perigoso.*

*e) Con respecto aos restos de residuos xerados noutras operacións, afirman que a granalla utilizada pola empresa non é contaminante, tendo sido obxecto de análise e considerada nos informes como asimilábel a residuo sólido urbano. A pesar de esto, lévase a cabo a recollida de residuos pola empresa "XX", extremo este que a empresa acredita mediante xustificante.*

*f) No tocante ao sistema acústico, en resposta ao requirimento do Concello, a empresa informa de que decidiuse suprimir os sábados e que se compromete a atenuar o nivel sonoro o resto dos días da semana.*

*g) En relación coas grúas, a empresa afirma que o sistema acústico cando as mesmas se desprazan está esixido así pola Lei de Prevención de Riscos Laborais, razón pola que é imposíbel eliminalo, pero que en todo caso soan dentro do horario permitido durante 9 dos 12 meses do ano. A empresa afirma que non existe contaminación acústica por non superar nin os límites de ruído establecidos na Lei 7/1997, nin o horario permitido para levar a cabo traballos sonoros, en caso de que estes superen ditos niveis. Afirma tamén a empresa que os niveis de ruído fora das instalacións da empresa son inferiores aos producidos polo tráfico existente na Avenida de Beiramar.*

*O que lle traslado aos efectos oportunos".*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 19/07/2010.

Con data 27/07/2010, recíbese novo escrito da Concellaría de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"O que lle traslado aos efectos oportunos". "En relación coa denuncia............................, seu número de expediente 2-2007, expediente municipal, práceme informarlle do seguinte:*

*Despois de varios requirimentos tanto á Autoridade Portuaria como ao Estaleiro XXX, o último deles realizado por este Concello con data 4 de maio de 2010, o pasado día 7 de xullo de 2010, tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello escrito da dirección do Estaleiro, no que se explicitan os seguintes extremos:*

*En relación coa memoria de continxencias esixida polo Concello con respecto ás operacións de chorreo e reparación de buques, á dirección de empresa manifesta que presentou diante da Autoridade Portuaria -órgano competente- o "Plan Interior de Continxencias por Contaminación Marina Accidental", que foi aprobado por resolución de data 1 de decembro de 2007. (achegan acreditación).*

*Afirman, asemade no seu escrito que cada que o Estaleiro procede a realizar operacións de chorreo dun buque, informa diso á Autoridade Portuaria, solicitando a preceptiva autorización e indicando as medidas preventivas adoptadas (achegan copia de ditas comunicacións.*

*Indican que "a empresa procede ao toldeado hermético dos buques cada vez que se leva a cabo unha operación de chorreo".*

*O chorreo, confirman, lévase a cabo habitualmente en grada cuberta, sendo inusual o chorreo en varadeiro aberto. Pero en todo caso, lévanse a cabo as oportunas operacións de limpeza e recollida de granalla, evitando en todo momento a chegada da mesma ao mar, aínda que non se trata dun residuo catalogado como perigoso.*

*Con respecto aos restos de residuos xerados noutras operacións, afirman que a granalla utilizada pola empresa non é contaminante, tendo sido obxecto de análise e considerada nos informes como asimilábel a residuo sólido urbano. A pesar de isto, lévase a cabo a recollida de residuos pola empresa "XXX", extremo este que a empresa acredita mediante xustificante.*

*No tocante ao sistema acústico, en resposta ao requirimento do Concello, para que o timbre de entrada e saída do traballo non soe antes das 08:00 h. da mañá, optaron durante os meses de xuño, xullo e agosto, en que se realiza un horario de 07.00 a 15.00 h, o timbre non sona á hora de entrada, tocando unicamente á hora de saída.*

*En relación coas grúas, a empresa afirma que o sistema acústico cando as mesmas se desprazan está esixido así pola Lei de Prevención de Riscos Laborais, razón pola que é imposíbel eliminalo, pero que en todo caso soan dentro do horario permitido durante 9 dos 12 meses do ano. A empresa afirma que non existe contaminación acústica por non superar nin os límites de ruído establecidos na Lei 7/1997, nin o horario permitido para levar a cabo traballos sonoros, en caso de que estes superen ditos niveis. Afirma tamén a*

*empresa que os niveis de ruído fóra das instalacións da empresa son inferiores aos producidos polo tráfico existente na Avenida de Beiramar.*

*O que lle remito aos efectos oportunos"*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 27/07/2010.

Con data 11/08/2010 recíbese escrito do interesado no que formula unha serie de consideracións sobre a veracidade das informacións proporcionadas polos estaleiros así como sobre as obrigas do Concello que non se cumpre n de acordo coa normativa vixente; Lei 34/2007, Ordenanza Municipal del 28/07/2000 e Decreto 320/2002; sen que faga caso das medicións e actuacións da Policía Local, Patrulla de Medio Ambiente do Porto de Vigo, e medicións efectuadas por empresa homologada e legalizada. Con data 19/08/2010 dáse traslado solicitando información actualizada destas reconsideracións a Concellaría de Medio Ambiente; pedimento que se reitera o 16/09/2010, e o 18/10/2010. Con data 17/11/2010 recíbese escrito de Medio Ambiente que informa o seguinte:

*" En relación coa queixa formulada …., expediente 2/2007, expediente municipal, práceme informarlle o seguinte:*

*Tal e como xa lle informamos en reiteradas ocasións, a Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación acústica, así como o Manual de Procedemento para a Medición de Ruídos e Vibracións, establecen que para a iniciación dun expediente sancionador por contaminación acústica é preceptivo e necesario que exista previamente unha medición sonométrica con niveis de ruído superiores aos admitidos pola ordenanza.*

*Ademais, establece que as medicións as deberá facer* ***persoal municipal competente,*** *concretamente, a Policía Local, engadindo que* ***o Concello poderá,*** *ao seu xuízo, reclamar a axuda de empresas ou entidades especializadas. É dicir, a iniciativa e competencia para a solicitude a unha empresa privada dunha medición, en substitución do persoal municipal, é* **exclusivamente** *do Concello e nunca de parte.*

*Precisamente, co obxecto de poder atender a demanda do promotor da queixa,, con data 1 de marzo de 2010 remitiuse escrito nos seguintes termos:*

*"Diante da nova queixa formulada por vostede a través da institución do Valedor do Cidadán con data 15 de febreiro de 2010, en relación coa contaminación acústica provocada polos Estaleiros XXX, e como* ***trámite pre-***

> ***vio e preceptivo*** *para poder iniciar un expediente sancionador por contaminación acústica, será necesaria a realización da correspondente medición sonométrica por parte da Policía Local.*
>
> *Por todo o antedito, pregámoslle que no prazo máis breve posíbel,* ***indique a esta Concellaría as datas e horarios máis idóneos para que os funcionarios deste Concello poidan acceder ao seu domicilio co obxecto de realizar a devandita medición."***
>
> *Con data 15 de marzo de 2010, o denunciante acusa recibo desta notificación no seu domicilio (achégase copia do acuse de recibo)* ***sen que a día de hoxe se puxera en contacto nin con esta Concellaría nin coa Policía Local para facilitar a realización da medición sonométrica.***
>
> *En definitiva, en virtude do principio de presunción de veracidade dos funcionarios públicos e tal e como indica a Ordenanza Municipal e mailo Manual de Procedemento de aplicación da devandita norma, é imprescindíbel que exista unha medición sonométrica realizada pola autoridade ou funcionario público competente para poder iniciar a incoación dun expediente sancionador.*
>
> *Unha vez máis, poñémonos a disposición do denunciante para que indique a este Concello o día e hora máis idóneos para que os funcionarios poidan acceder ao seu domicilio co obxecto de realizar a devandita medición".*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 18-11-2010; quen o 13-12-2010, achéganos consideracións, en cinco folios, en relación coa resposta dada por Medio Ambiente, :

- A Concellaría de Medio Ambiente, persiste na negativa a responder as súas alegacións.
- Precisións sobre a medición sonométrica efectuada por empresa homologada, a solicitude da oficia do Valedor do Cidadán.
- Comparecencia policial con medios técnicos axeitados cando se estean a producir os feitos denunciados.
- Emprego de medios acústicos de avisos ou chamamentos.
- Utilización de guindastres fixos non silenciosos.
- Falta de control municipal.
- Danos na vivenda.
- Pintado exterior de buques a flote.
- Utilización de area para engraecer os buques.

Do que se deu literal traslado a Medio Ambiente o 14/12/2010.

**EXPEDIENTE 12/2007**

ASUNTO:

Queixa en relación co desacougo polo que está a pasar á veciñanza por mor da contaminación de alta frecuencia como consecuencia das tarefas de carga e descarga de chatarra a calquera hora do día e da noite, ademais dunha elevada polución de compoñentes férricos e de aluminio que se estende nunha área aproximada de 100 metros.

A interesada agrega comunicación de Participación Cidadá na que se acusa recibimento das súas catro queixas, a primeira de novembro de 2006, todas admitidas a trámite para que no prazo de quince días recibisen unha resposta do departamento competente, o que non se corresponde coa realidade.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 08-03-07. Con data 12-03-07 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 23-04-07. Con data 08-05-07, recíbese escrito de Participación Cidadá no que se indica o incumprimento nos prazos por parte de Medio Ambiente, así como que unha das queixas (de 06-02-07) foi remitida á Autoridade Portuaria. Do que se deu cumprida información á interesada o 09-05-07.

Con data 12-06-07, solicítase de novo a Participación Cidadá información actualizada ao respecto, e así mesmo a Medio Ambiente o 27-07-07; quen, con data 20-08-07, fainos chegar escrito informado que no seu departamento non constan antecedentes da queixa da interesada, e que a mesma debe solicitar á Policía Local unha medición sonométrica, o que este Institución procede a dar a resposta seguinte:

"Con data 20 de agosto do ano que andamos recíbese o seu escrito de data 08-08-07, número de saída 12745, súa referencia Expte, no que se reflite que no departamento de Medio Ambiente non constan antecedentes do denunciante polo que deberá solicitar unha medición sonométrica á Policía Local.

Con respecto o inciso de non ter antecedentes da interesada signifícolle que segundo consta no escrito do Concello de Vigo (Participación e Atención Cidadá) de data 23-11-06, referencia (nº doc. 60123302) reflítese a súa queixa relativa ao RUÍDO e que a mesma foi admitida a trámite co número de documento 60123302

e remitida ao departamento competente para que no prazo máximo de 15 días dea resposta á mesma.

Posteriormente, o 08-05-07 e a petición desta oficina do Valedor do Cidadán o Servizo de Participación Cidadá comunícanos que respecto da queixa presentado pola interesado o documento 60123302 foi remitido o 27-11-06 ao Servizo de Medio Ambiente e que está pendente de informe.

En canto ao inciso de que a interesada ten que solicitar medición sonométrica á Policía Local, feito en outro expedientes, tal cal á o que dispón a ordenanza municipal vixente sobre a protección das persoas e os bens, función que lle completa o Concello no control do seu cumprimento, realizando cantas inspeccións sexan necesarias e aplicar as sancións correspondentes, podendo reclamar o auxilio da Administración autonómica ou de empresas ou entidades especializadas.

Procedimentalmente as inspección poderán levarse a cabo a iniciativa municipal ou traela solicitude calquera interesado, o que xa fixo a interesada ao formular a súa queixa.

E ben coñecida por esa Concellaría a doutrina e recomendación do Valedor do Pobo no senso de que o cidadán non ten obriga de solicitar á Policía Local a medición sonométrica. E obvio, toda vez que, xa ten formulada denuncia de contaminación acústica no Concello, que este e máis concretamente a Concellaría de Medio ambiente é quen ten que proceder ás comprobacións pertinentes e o impulso do procedemento tal como resulta das máis elementais normas desde carácter, para acadar convencendo que o que se cuestiona funciona ou non adecuadamente. Sen esquecer o disposto no artigo 20 da Lei 30/92.

Polo que solicitouse información actualizada con respecto ao expediente que nos ocupa.

Pedimento que se reitera o 02-10-07, o 08-11-07 e o 10-12-07.

REFLEXIÓNS

Deste expediente vense a clarexar, unha vez máis, a falta de coordinación; medida esta da máxima importancia en toda organización que se prece. Neste senso fíxose especial referencia na introdución da Memoria do ano 2006.

É preciso reiterar que as condicións de acougo público atoparémolas naquela cidade na que os ruídos non superen os límites legais, e nas que, polo menos, pola noite sexamos capaces de conciliar o sono sen alteracións da intimidade.

No suposto que nos ocupa, asemade nos vemos enfrontados por outro tipo de contaminación non desdeñábel: a polución atmosférica.

Xa temos subliñado noutros expedientes de anos anteriores algo que é válido para outros moi frecuentes: A Constitución é algo máis que un libriño pousado nun andel ou nunha mesa de cabeceira. A Constitución, lonxe de ser un simple catálogo de principios de non inmediata vinculación e de non inmediato cumprimento até que non sexan obxecto de desenvolvemento legal, é unha norma xurídica, a norma suprema; por iso, é indubidábel que os seus preceptos son alegábeis ante os tribunais, tal como o proclama o Tribunal Constitucional (sentenza 16, do 28 de abril de 1982).

A esfera do dereito é a esfera da seguridade (J. Pérez Royo).

Cando a realidade dalgunhas actividades supera e quebra preceptos e normas que afectan aos cidadáns en función do espazo físico da súa vivenda, dereitos que non son defendidos e protexidos como debería ser, vense obrigados á creación de figuras, asociacionismo, para a súa defensa o que ven a confirmar o desleixo das funcións e obrigas propias da súa administración máis próxima.

RECOMENDACIÓN

Control das obrigas que lle competen a cada departamento; defensa da saúde e protección da intimidade dos cidadáns.

Cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán, artigo 12.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008, reiterase o pedimento informativo anterior, e de novo, o 13/02/2008 o 24/03/2008, o 05/05/2008 o 03/06/2008, 02/07/2008, 31/07/2008, 02/09/2008, 02/10/2008, 04/11/2008, 05/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009, reitérase por décimo quinta vez, o pedimento anterior, e, de novo, 02/02/2009, 06/03/2009, 15/04/2009, 06/05/2009, 04/06/2009, 03/07/2009, 21/08/2009, 21/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuación seguintes:

Con data 12/01/2010, reitéranse os pedimentos anteriores, e, de novo, o 08/02/2010, 08/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 04/11/2010, 14/12/2010.

## EXPEDIENTE 14/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coa contaminación producida pola emanación de gases procedentes dun local de hostalaría.

O interesado ten presentado dúas denuncias en Medio Ambiente, téndose efectuado unha inspección da Policía Local o 26-06-06, sen que a contaminación desaparecese.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26-03-07. Con data 27-03-07 solicítase o preceptivo informe, recibíndose o 18-04-07 no que se indica que se atopa aberto, en Medio Ambiente, o expediente administrativo, e que os interesados teñen en todo momento dereito a coñecer o estado do trámite do procedemento e obter copia dos documentos; o que se lle comunica ao /interesado o 19-04-07.

Con data 22-05-07, ínstase información actualizada que se recibe o 05-06-07 indicando que os expediente segue en trámite, o que se lle comunica ao interesado o 11-06-07. Con data 30-07-07 e tendo en conta que, a primeira denuncia data do 07-07-06, ínstase a que os trámites teñan un desenvolvemento acorde coas necesidades dos cidadáns afectados, e polo tanto prégase unha información actualizada da situación do expediente; pedimento que se reitera o 29-08-07, o 02-10-07 e o 10-12-07.

REFLEXIÓNS:

Estamos ante unha situación que prexudica notabelmente a saúde dos cidadáns, e que se denuncia e se comproba en xullo de 2006.

Hoxe a lexislación municipal, nalgúns municipios, está a espertar nos temas de protección da atmosfera contra a contaminación por variadas formas de enerxía, en orde a tratar de protexer ás persoas, e tamén os bens contra tales agresións, que obrigan aos titulares de establecementos á adopción de medidas de illamento.

O Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, ten declarado que as vulneracións do medio ambiente poden afectar ao benestar persoal e privar ao afectado do goce do seu domicilio de maneira que dana a súa vida privada e familiar, sen poñer por iso en perigo grave a saúde dos interesados.

Recórdese a tal fin a famosa sentenza López Ostre, perfectamente trasladábel a outros ámbitos.

RECOMENDACIÓN:

Xestións máis eficaces, efectivas e áxiles, en temas como o que nos ocupa. Os trámites téñense que axilizar ao máximo. A sociedade require de executivos máis eficaces.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008, reiterase, por quinta vez, o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 03/06/2008, o 02/07/2008, 31/07/208, 02/09/2008, 02/10/2008, 04/11/2008, 05/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009 reiterouse por décimo sexta vez, o pedimento anterior, e de novo, o 02/02/2009, 08/03/2009, 15/04/2009 e 05/05/2009, Con data 19/06/2009 recíbese resposta de Medio Ambiente informando un cambio de titularidade del local, polo que se solicita a Urbanismo información sobre o estado actual da edificación. Do que se dá cumprida información ao interesado, indicándolle que, en datas vindeiras, instarase nova información actualizada; o que se fai o 24/08/2009, e de novo o 21/09/2009, 15/10/2009, e o 19/11/2009.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 08/02/2010, 09/03/2010, 14/06/2010.

Con data 23/06/2009 recíbese informe de Medio Ambiente indicando que se realizaron os traballos de adecuación constando a conformidade do interesado. Dándose por pechado o expediente.

## CAPITULO II- MOBILIDADE E SEGURIDADE.

### EXPEDIENTE 13/2007

ASUNTO:

Queixa en relación cunha multa de tráfico mentres realizaba tarefas profesionais de carga e descarga co seu vehículo industrial dedicado a tales mesteres.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 14-03-07. Con data 15-03-07 solicitouse o preceptivo informe, que se reiterou o 23-04-07, e de novo o 22-05-07, o 22-06-07, o 26-07-07, o 29-08-07, o 02-10-07, o 08-11-07 e o 10-12-07.

REFLEXIÓNS

Son ilustrativos os feitos relatados polo interesado no seu escrito de alegacións, cales son:

- O vehículo é de tipo industrial e con el realiza as tarefas de lle son propias: carga e descarga; tal como acreditou coa fotografía presentada no seu momento, na que se reflite claramente o rotulado ao respecto.

- O vehículo foi inmobilizado e retirado dunha zona de carga e descarga, onde estaba a realizar as tarefas que lle son propias e non simplemente, como indica o documento da sanción, como vehículo estacionado.

- A Ordenanza de carga e descarga foi observada e respectada totalmente polo interesado, tal como se declara na mesma, nos seus artigos 10 e 18.

- Faise especial fincapé en que o vehículo, segundo a súa ficha técnica, ten unha lonxitude de 4,525 metros, é dicir, non excede os límites subliñados no artigo 18 da Ordenanza Municipal (BOP do 20-03-91).

- O vehículo está incluído dentro do apartado de vehículos comerciais e o imposto de vehículos a favor do Concello cualifícao de camión, é dicir, asígnalle unha cualificación industrial.

- O interesado achega proba escrita dunha testemuña que é o destinatario-cliente das mercadorías na que se acredita que se estaba realizando unha función comercial que precisa dunha acción de descarga, así como do tempo empregado en tal mester.

Pola nosa parte precísase engadir que, seguindo posicións doutrinais acreditadas que é necesario e imprescindíbel a harmonización entre os intereses xerais e os locais, o que non quere dicir que estes últimos non sexan tamén xerais. A coherencia non permite xustificación de potestades ilimitadas ou parciais de control, a lóxica impide o exercicio desorbitado de competencias.

En primeiro lugar, atopámonos con que se omiten ou non son verdadeiros os datos básicos da denuncia. O procedemento administrativo, por definición, implica a existencia dunha pluralidade de actos funcionalmente relacionados entre si; os actos de trámite e a resolución constitúen un todo complexo e, ao mesmo tempo, unitario. As actuacións administrativas terán que servir de garantía específica para o administrado, o cal poderá intervir persoalmente no procedemento e lograr por diversos medios (alegacións, probas, audiencia, recursos, etc.) a tutela efectiva dos seus dereitos.

As cuestións presentadas polo interesado nas súas peticións non definen, por si mesmas, exclusivamente o obxecto do procedemento, senón que constitúen o contido mínimo do mesmo por canto ao resolverse polo órgano competente, este poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas, fosen ou non presentadas ou alegadas por aquel.

En segundo lugar, non é suficiente que o axente denunciante se limite a reafirmarse na denuncia. Existen unha serie de modos de proba suficientes para substanciar axeitadamente unha resolución conforme á realidade, resolución que se debe fundamentar de forma razoada e na que se contemplarán as alegacións e probas presentadas, con especial referencia á citación de terceiros (testemuñas), que debe ser favorecida sempre coa finalidade de estender o asunto a todos os que participaron no feito. Ao rexeitar as testemuñas pódese incorrer en desviación de poder. O feito de non atender ás peticións e os argumentos documentados produce unha incongruencia procedimental que debe ser rexeitada.

RECOMENDACIÓN

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 13/02/2008, o 24/03/2008, o 05/05/2008, o 03/06/2008, o 02/07/2008, 31/07/2008, 02/09/2008, 02/10/2008, 04/11/2008, 05/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009, reiterouse por décimo sétima vez, o pedimento anterior, e de novo, o 02/02/2009, 06/03/2009, 14/04/2009 e 06/05/2009, 04/06/2009, 03/07/2009, 21/08/2009, 21/09/2009, 15/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2010, reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 08/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 18/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 04/11/2010, 10/12/2010.

## EXPEDIENTE 25/2007

ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por mor do roubo dun vehículo, que apareceu en lugar distinto do que se tiña aparcado.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 05-06-07. Con data 11-06-07 solicítase o preceptivo informe, pedimento que se reitera o 13-07-07, o 13-08-07, o 04-10-07, o 12-11-07 e o 13-12-07.

REFLEXIÓNS

Atopámonos certamente cunha situación na que se reflite unha carencia total de coordinación:

- Un vehículo é obxecto de roubo, e abandonado despois nunha demarcación da que foi retirado polo guindastre municipal, sendo obxecto de sanción.

- A interesada ao comprobar que o vehículo non se atopaba no lugar onde o tiña aparcado contactou coa Policía Local onde lle informaron de que o mesmo foi retirado polo guindastre por estar aparcado enriba da beirarrúa.

- Coa información anterior acudiu ás dependencias da Policía Municipal onde formula a pertinente denuncia por roubo, e co xustificante correspondente acode ao depósito de vehículos solicitando a súa entrega para trasladalo ás dependencias da Policía Nacional para revisión e análise da Policía Científica. No depósito comunícanlle que o vehículo non se pode observar nin retirar sen o previo pagamento da sanción, non obstante facer entrega da copia da denuncia, polo que ten que satisfacer 126,85 € para a súa retirada.

Posteriormente, o 12-02-07, solicita no Concello a devolución do pagamento satisfeito para recoller o vehículo. Como resposta recibe unha notificación dunha multa por estacionamento indebido; ante a súa insistencia no Concello (05-04-07) indícaselle que debe instar á Policía Nacional para que por escrito faga constar que a Policía Científica encontrou pegadas no vehículo pero que, non obstante, non tiñan identificado o autor do roubo. Entregou copia do anterior comunicado no Concello o 12-04-07, onde lle indicaron que "recibirá por escrito a resolución do caso". Despois dun mes de espera, o 08-05-07, acudiu ao Concello, onde lle indican que ten que "chegar un informe da Policía". Con data 28-05-07, telefonicamente contactou co Concello e lle comunican que se procede a anular a multa, sen facer referencia algunha ás taxas pola recollida do vehículo e traslado ao depósito municipal, xa que a persoa responsábel non estaba ese día e, ademais, faltaba o informe da Policía Local. Indícanlle que recibirá comunicación por escrito ao respecto, escrito que a primeiros de novembro aínda estaba sen recibir.

A descoordenación das actuacións municipais fican notabelmente comprobadas. A ordenada disposición do esforzo do grupo competente brilla pola súa ausencia.

RECOMENDACIÓN

Alén da necesidade de accións axeitadas e eficaces, demándase o cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10 do Regulamento Orgánico do Valedor do cidadán.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2008, reiterouse, por sexta vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 18/02/2008, o 27/03/2008, o 05/05/2008, o 22/05/2008, o 26/06/2008, 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008, 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009 reiterase, décimo oitava vez, o pedimento anterior, e de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 27/04/2009 e o 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/10/2009. Con data 30/10/2009, recíbese escrito da Concellaría competente no que informa que o 11/01/2008 comunicoulle á interesada a desestimación do seu escrito de alegacións, resolución que pode ser recorrida en reposición nun prazo de un mes. E dicir que 20 meses despois dásenos tal información, pero ademais indícase, o 26/10/2009, que o expediente está pendente de resolver o recurso de resposición presentado pola interesada, do cal se lle dará ao Valedor traslado unha vez resolto. Asombra que tal recurso estea sen resolverse 20 meses logo de presentado.

Así o facemos constar en escrito dirixido a Concellaría o 03/11/2009.

Do anterior deuse cumprida información á interesada, o 03/11/2009.

Con data 02/12/2009, solicítase de novo, información actualizada.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2010, reitéranse os pedimentos anteriores, e de novo, o 08/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 22/04/2010, 13/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 04/11/2010, 10/12/2010.

**EXPEDIENTE 41/2007**

ASUNTO:

Queixa en relación coas dificultades que está a pasar unha persoa con unha deficiencia considerábel para acadar unha tarxeta de mobilidade para o uso dos autobuses urbanos, dos que se ve obrigada a facer uso tres ou catro veces ao día o que lle supón un custo considerábel.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 29-10-07. Con data 29-10-07 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 30-11-07 e o 28-12-07.

REFLEXIÓNS

A interesada foi cualificada cunha valoración de deficiencia e incapacidade dun 65%, con carácter definitivo.

Segundo a Carta Europea de Autonomía Local, de 15 de outubro de 1985, débese reflexionar sobre a convicción de que a existencia de Entidades Locais investidas de competencias efectivas permite unha administración que á vez que eficaz, atópase próxima ao cidadán, o que implica a acción de medidas urxentes e axeitadas ás necesidades que se suscitan.

A Constitución Española (1978), non só é unha norma xurídica, é un instrumento para a convivencia, un factor decisivo de integración social, unha canle de comunicación, un instrumento cotián.

As concepcións europeístas actuais conciben á Constitución, entre outras puntualizacións, como a concreción dun ámbito de liberdade que implica incorporar un catálogo de dereitos e liberdades; apélase a uns contidos, rematándose co dito de que toda sociedade na que a garantía dos dereitos non estea asegurada non ten en absoluto Constitución. Pois ben, a Constitución Española no seu artigo 49 impón ás administracións públicas a realización dunha política de previsión, tratamento, rehabilitación e inserción dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos aos que prestarán a atención especializada que requiran e os ampararán especialmente para o goce dos dereitos que se outorgan a todos os cidadáns.

No ámbito local, a Lei Básica (Lei 7/1989) considera o municipio como o marco por excelencia de convivencia social; o equilibrio social estivo asociado desde a antigüidade ao florecemento municipal.

As normas téñense que ponderar en canto á súa aplicación se refiren; se ben os tributos os soportan os que se benefician dos servizos, non se debe esquecer a necesidade de extremar o rigor distributivo.

Tense que afondar no ámbito social de seguir inculcando os valores de solidariedade, responsabilidade, esforzo e compromiso; só así se poderá facer fronte aos novos desafíos que a nova sociedade ten que afrontar.

RECOMENDACIÓN

Revisión e actualización da normativa aplicábel á adxudicación da tarxeta de viaxe urbano, así como daquelas outras que regulan medidas de apoio ás persoas afectadas de deficiencias e outros colectivos como os da terceira idade.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 07/01/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 29/01/2008, e o 06/03/2008, o 01/04/2008, o 05/052008, o 27/05/2008, o 26/06/2008, 26/08/2008, 30/09/2008, 30/10/2008, 28/11/2008, 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009 reiterase, por décimo cuarta vez, o pedimento anterior, e de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2010 reitéranse, os pedimentos anteriores, e de novo, o 05/02/2010, 09/03/2010, 19/04/2010, 12/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 04/11/2010, 10/12/2010.

## EXPEDIENTE 62/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coa discriminación da que foi obxecto por mor de ser sancionado por estacionar o seu vehículo e non o sendo nese mesmo lugar e hora outros vehículos na mesma situación.

Non tendo recibido información ao respecto.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 12-12-07. Con data 18-12-07 solicitouse o preceptivo informe.

REFLEXIÓNS

Discriminación e a infravaloración dun grupo ou individuo por parte doutro; é un comportamento polo que unha actitude recibe unha resposta mentres que outro igual provoca outra diferente ou non produce ningunha.

Estase a dar un trato de inferioridade a unha persoa sen razóns que o xustifiquen.

Estamos pois ante unha situación das recoñecidas como "mala administración". A "fuxida" do dereito administrativo e con iso a imaxe da Administración cada día se esvaece un pouco máis, co que se dificultan os resortes garantistas do sistema. Estase a actuar en desacordo coas normas e cos principios que son obrigatorios.

A sociedade non se educa só con discursos, fan falta discursos con iniciativas que erradiquen as inxustizas e os obstáculos, que orienten e informen aos cidadáns, a todos os cidadáns.

O artigo 3 da Lei 30/92 fala de "actuacións axeitadas aos criterios de eficiencia e servizo ao cidadáns"

O Código Europeo de Boa Conduta Administrativa, impón a ausencia de discriminación e igualdade de trato para todo o público.

RECOMENDACIÓN

Quen pregunta merece unha resposta; isto non é somente un recordatorio do poeta alemán; sen esquecer por suposto o artigo 14 da Constitución Española no que se proclama a igualdade de todos ante a lei, non prevalecendo discriminación ningunha por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 15/01/2008, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo anterior, e de novo, o 19/02/2008, o 27/03/2008, o 05/05/2008, o 22/05/2008, o 26/06/2008, 23/07/2008, 25/09/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008, 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009 reiterouse, por décimo segunda vez, o pedimento anterior, e de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2010 reitéranse, os pedimentos anteriores, e de novo, o 08/02/2010, 09/03/2010, 19/04/2010, 18/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 04/11/2010, 10/12/2010.

## CAPÍTULO III: URBANISMO E VIVENDA

### EXPEDIENTE 4/2007

ASUNTO

Queixa en relación cunha parede que se atopa incluída no proxecto de reparcelamento dun polígono dun PERI. O interesado solicitou en tres ocasións a exclusión da parcela da citada actuación en base á súa consideración como Edificación Consolidada, por diversos motivos:

- A parcela comprende a casa, de baixo e tres andares, na que reside de modo ininterrompido desde os anos sesenta do século pasado e na que a súa filla ten un negocio que constitúe a fonte de ingresos familiar.

- Coa consideración que se fai no polígono de Edificación Non Consolidada, do que pretende desvincularse, non se lle concede ningunha vantaxe e, polo contrario, preténdese que participe nos custes da urbanización, o que supón unha considerábel cantidade.

- No caso contrario está a parcela seguinte do mesmo polígono, á que se lle dá a consideración de Edificación Consolidada, excluíndoa do novo polígono.

- Cando construíu a súa vivenda para obter a licenza tivo que acatar as correspondentes cesións de superficie e participar nos custes de urbanización da rúa na que está situada.

Continúa facendo consideracións con respecto da Lei 9/1992, e a determinadas sentenzas do Tribunal Supremo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 12-01-07. Con data 16-01-07 solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 07-02-07, no que se fai un relatorio informativo, concluíndo que o interesado presentou novo escrito de alegacións o 21-12-06, que actualmente é obxecto de exame (25-01-07). A esta información achégase copia do acordo da Xunta de Goberno Local do 26-12-05, no que se aproba inicialmente o proxecto de reparcelamento que se somete a información pública e audiencia dos interesados, e que o mesmo e un acto de mero trámite non sometido a recurso. Do que se deu cumprida información ao interesado o 08-02-07.

Con data 21-02-07, solicitouse información adicional en relación co escrito de alegacións presentado polo interesado o 21-12-06, e que se recibe o 16-03-07 na que se nos informa de que o expediente atópase en trámite de información pública (BOP 27-02-07). Do que se dá cumprida información ao interesado o 19-03-07.

Con data 23-04-07, solicítase información actualizada con respecto ao anterior, pedimento que se reitera o 22-05-07. Con data 07-06-07, recíbese escrito de Urbanismo no que se indica que está rematado o trámite de información ao público de todos os interesados no expediente, e que entre as alegacións atópase a do interesado, na queixa que nos ocupa e que de acordo coa normativa vixente non pode aprobarse actualmente o proxecto de equidistribución até que se dea aprobación ao Plan Xeral de Ordenación Municipal, actualmente en tramitación. Do que se dá cumprida información ao interesado o 11-06-07.

Non dándose actuacións posteriores por mor da aprobación pendente do PXOM.

REFLEXIÓNS

Este suposto, como tantos outros, tense que contemplar desde unha óptica universal ou xeneralizada.

Os Consellos Europeos de Lisboa e Niza asumiron no ámbito da Unión Europea o compromiso de promover un crecemento sustentábel que reduza a exclusión social e, entre as premisas que integran a exclusión social, cítase a carencia de vivenda digna.

O informe do Banco Mundial (21-08-02) sinala a mellora das transaccións sociais, económicas e ambientais, cara un mundo predominantemente urbano.

A través de distintos foros, comézase a configurar unha nova cultura que non é outra que a coñecida, desde o marco físico da ocupación da terra, do uso e desuso, do abuso do territorio, coa denominación de urbanismo.

O crecemento da cidade xa confundiu para sempre os seus límites e a relación co seu territorio fíxose máis complexa.

A cidade contemporánea está caracterizada pola súa ambivalencia, a súa desintegración; é algo fragmentario, caótico, disperso, fáltalle unha figura propia. O home, no seu día a día, sofre tan contraditorios estímulos que acaba, a semellanza da cidade que habita, atopándose desorientado; as cidades terminan parecéndose unhas a outras co selo dunha triste monotonía cuarteleira (Chueca Goitia).

Rematemos coa Carta de Atenas, quen lle asigna ao urbanismo as seguintes funcións:

- Garantir aloxamentos sans, lugares nos que o espazo, o aire puro e o sol estean garantidos con largueza.

- Organizar os lugares de traballo de maneira que en vez de ser unha penosa servidume, recuperen o seu carácter de actividade humana natural.

- Prever as instalacións necesarias para unha boa utilización do tempo libre, facéndoo benéfico e fecundo.

- Establecer a vinculación entre estas diversas organizacións mediante unha rede circulatoria que garanta os intercambios, respectando as prerrogativas de cada un.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 28/05/2008, diriximonos a Urbanismo, solicitando informe actualizado do expediente a vista da aprobación do PXOM.

Con data 17/06/2008, recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo no que informa que segundo o artigo 70.2 da Lei 7/1985 as Administracións Públicas publicarán por medios telemáticos o contido actualizado dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística en vigor, do anuncio do seu sometemento a información pública que de calqueroutros actos de tramitación que sexan relevantes para a súa aprobación ou alteración.

En consecuencia no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo no entrará en vigor nun prazo de quince días desde a publicación da súa normativa, competencia neste caso municipal e aínda non se realizou.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 17/06/2008, indicándolle que, en datas vindeiras, instarase información actualizada; o que se fai o 30/07/2008.

Con data 18/08/2008, recíbese información da X. M. de Urbanismo que indica que despois do 26/08/2008, retomase a tramitación do expediente, data de entrada en vigor do novo PXOM. O que se comunica ao interesado, o 30/09/2008, solicítase información sobre a tramitación e de novo o 30/10/2008, o 28/11/2008 e o 23/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 23/01/2009 reiterouse de novo o pedimento anterior e o 18/02/2007, 24/03/2008, 27/04/2008, 30/05/2008, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2007, 28/09/2009, 27/10/2009.

Durante o ano 2010déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse de novo os pedimentos informativos anteriores, e de novo o 08/02//2010. Con data 19/02/2010, recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que informa que a Xunta do Goberno Local en sesión de 23/03/2009 acordou aprobar definitivamente o Proxecto de reparcelamento do Polígono do PERI e que con data 13 de abril de 2009, previa notificación a todos os interesados o acordo, expediuse certificación de firmeza e posteriormente remitiuse ao Rexistro de Propiedade para a súa inscrición na forma establecida na lexislación aplicábel.

O que se comunica ao interesado o 22/03/2010. Sen incidencias posteriores.

**EXPEDIENTE 8/2007**

ASUNTO:

Queixa en relación coa solicitude feita en 1992, na tramitación do PXOM de 1993, instando para que o Concello corrixa un erro evidente cando se traza unha falsa liña, chamada “RIBERA DE MAR” que en nada coincide co deslinde vixente

naquelas datas. As alegacións formuladas pola veciñanza, no período de exposición pública do Plan, foron contestadas como Estimadas, mais, na realidade, non foi tida en conta.

A citada liña está a producir serios prexuízos, xa que a Xerencia Territorial do Catastro considera rústicas parte das súas fincas.

O promotor achegou documentación complementaria que se fixo constar no pedimento do informe.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 19-02-07. Con data 20-02-07 solicitouse o preceptivo informe, que se reiterou o 21-03-07, o 23-04-07, o 22-05-07, o 20-06-07, o 27-07-07, o 28-08-07 e o 02-10-07.

REFLEXIÓNS

O 26-09-06 a Xerencia Municipal de Urbanismo comunícalle ao interesado que a liña de deslinde marítimo-terrestre, así como a liña da ribeira do mar, grafada na folla 11-27 do PXOM, era a vixente nese momento; e que ademais mentres non sexan definitivas as modificacións non há lugar a rectificación. O interesado responde a este comunicado o 06-10-06, no que se precisan determinadas alegacións; sen resposta ningunha.

Estase, polo que parece, a dar unha discrepancia entre dúas Administracións, o que evidencia un abandono da inquedanza da veciñanza, a falta de harmonización das administracións non produce a clarificación da disputa.

RECOMENDACIÓNS

Clarificación da situación que remate coa diferenciación de cualificación dos terreos, sen prexuízo de ulteriores ditames que se poidan instar polos afectados.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 28/02/2008 reiterouse de novo, o pedimento informativo anterior, e o 01/04/2008, 16/04/2008, 07/05/2008, o 30/05/2008, o 06/06/2008. Con data 22/07/2008, recíbese informe de Planeamento, achegando copia dos remitidos ao interesado en febrero-2007 que o deslinde que se pretendía corresponde o Ministerio de Medio Ambiente, do que se dá cumprida información ao interesado o

22/07/2008. Dándose o expediente por pechado. No obstante o 16/09/2008, o expediente reábrese a instancia do interesado por considerar que se da un erro fundamental en resposta do Concello, e así se fai constar ante Urbanismo 17/06/2008, reiterándose o 16/10/2008, o 17/11/208, 15/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009, reiterouse o pedimento anterior, e de novo, o 04/02/2009, 18/03/2009, 14/04/2009, 18/05/2009, 15/06/2009, 24/07/2009, 24/08/2009, 21/09/2009,15/10/2009, 19/11/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010, reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 08/02/2010.

Con data 19/02/2010, recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbano-Xestión no que informa que a vía xudicial contencioso-administrativa e a axeitada para recorrer a alteración da liña do deslinde do dominio público marítimo-terrestre polo que se considera debidamente cumprimentado e finalizado o expediente de queixa e procede ao seu arquivo.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 22/02/2010.

## EXPEDIENTE 30/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coa desconformidade que ten ante unha comunicación da Xerencia Municipal de Urbanismo sobre a orde de execución por ruína dunha edificación; edificación da que non se considera propietario.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 21-06-07. Con data 25-06-07 solicitouse o preceptivo informe, que se reiterou o 27-07-07, o 30-08-07. Con data 04-10-07, recíbese escrito da Xerencia municipal de Urbanismo no que indica un relatorio sobre o tema do expediente e remata subliñando que se concede unha prórroga aos herdeiros, de dous meses, para o derrube do inmóbel, e ordena se proceda a executar as medidas de seguridade de carácter urxente.

Con data 04-10-07, recíbese visita da filla do interesado que nos comunica que están a localizar a herdeiros ausentes, e que, entón, renunciarán, mediante escritura pública a favor de Patrimonio Histórico.

Coa mesma data dáse traslado do informe recibido da Xerencia Municipal de Urbanismo antes citado e que a raíz da visita da filla do interesado, nese mesmo día, co exposto no parágrafo anterior, dáse o tema pendente por pechado.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 30/04/2008, reábrese o expediente con ocasión da visita da filla do interesado quen nos achega nova documentación, explicando novas actuacións que se expoñen no noso escrito de data 30/04/2008, interesando unha aclaración da situación mediante as accións coordinadas e correctores que procedan. O que se reitera o 17/06/2008, e o 18/08/2008, 18/09/2008, 16/10/2008, 17/11/2008 e o 15/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009 reiterouse pedimento anterior, e de novo, 04/02/2009, 18/03/2009, 14/04/2009, 18/05/2009, 15/06/2009, 24/07/2009, 24/08/2009, 21/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 08/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 18/05/2010, 14/06/2010., 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 05/11/2010, 10/12/2010.

## EXPEDIENTE 31/2007

ASUNTO:

Queixa en relación cun expediente de protección da legalidade urbanística e pola colocación dun peche con postes de madeira sen o retranqueo debido entre o lixo do camiño até o inicio do peche.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 11-07-07. Con data 11-07-07 solicitouse o preceptivo informe que se reiterou o 28-08-07 e o 08-10-07.

REFLEXIÓNS

Consta desde abril de 2006 a adopción dunha resolución pola que se inicia o procedemento relativo á protección da legalidade urbanística; sen que a estas datas de finais de 2007, se teña proporcionado ao interesado máis información ao respecto.

Toda boa administración debe tratar e resolver os asuntos dentro dun prazo razoábel; dando a cumprida información ao cidadán interesado en relación co tema que lle incumbe e que ten solicitado, o que indica unha actuación non conforme ás normas e principios que son obrigacións.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 06/03/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 164/2008, o 0705/2008, o 30/05/2008, o 02/07/2008, 30/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 30/10/2008, 28/11/2008 e o 23/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 22/01/2008 reiterouse, por décimo cuarta vez, o pedimento anterior, e de novo, o 18/02/2009, 24/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 08/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 12/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2007, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 05/11/2010, 10/12/2010.

## EXPEDIENTE 50/2007

ASUNTO:

Queixa en relación cunha imposición dunha multa como sanción por executar obras nunha estrada, cando o interesado non é propietario responsábel do terreo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 08-11-07. Con data 15-11-07 solicitouse o preceptivo informe que foi reiterado doce veces.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reitérase de novo o pedimento informativo, e o 18/02/2009, 24/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/10/2009

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 08/02/2010, 09/03/2010, 19/04/2010, 12/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 10/12/2010.

**EXPEDIENTE 56/2007**

ASUNTO:

Queixa en relación coa instalación dunha estación transformadora de enerxía eléctrica; da que non consta licenza nin comunicación aos veciños afectados.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 05-12-07. Con data 13-12-07 solicítase o preceptivo informe.

Estamos ante unha instalación da que non consta previa información á veciñanza, sobre a capacidade e alcance da citada instalación que, como tantos outros exemplos ao longo da xeografía soen xustificarse coa cantinela de que non existen "evidencias científicas de perigosidade dos campos electromagnéticos sobre a saúde das persoas".

Existen informes científicos nos que se fundamenta que as ondas electromagnéticas xeradas polas tormentas eléctricas e polas denominadas microondas interfiren e distorcen o funcionamento normal do organismo humano, sendo estes efectos os seguintes:

- Trastornos neurolóxicos (irritabilidade, cefalea, astenia, somnolencia, mareos).
- Trastornos mentais (alteracións do humor, do carácter, depresións, tendencias suicidas).
- Trastornos cardiopulmonares (alteración da frecuencia cardíaca, modificacións da tensión arterial e alteracións vasculares).

- Trastornos reprodutivos (alteracións ciclo menstrual, abortos, infertilidade, diminución da libido sexual).
- Incremento do risco dalgúns tipos de cancro (leucemias agudas, tumores do sistema nervioso central na infancia).
- Trastornos dermatolóxicos.
- Trastornos hormonais.
- Trastornos inmunolóxicos.
- Trastornos no ámbito laboral.

RECOMENDACIÓNS

Adopción da medidas precautorias previas á instalación deste tipo de elementos; para actualizar e potenciar a fractura co modelo tradicional de actuacións, tense que dar axeitada resposta á problemática enunciada na introdución da Lei 57/2003, sobre modernización dos gobernos locais, tense que acadar o equilibrio entre a innovación e o respecto ás previsións constitucionais en razón aos dereitos dos cidadáns.

O dereito a ser escoitado antes de determinadas actuacións é básico nunha boa administración teranse en conta os factores relevantes.

Durante o ano 2008 déronse as seguintes actuacións:

Con data 15/01/2008, reiterase o pedimento informativo anterior, por sexta vez, e de novo, o 19/02/2008, o 01/04/2008, o 05/05/2008, o 22/05/2008, o 26/05/2008, 23/07/2008, 25/08/2008, 29/09/2008, 23/10/2008, 21/11/2008, 18/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2009, reitérase, por doceava vez, o pedimento anterior, e de novo, o 12/02/2009, 18/03/2009. Con data 28/04/2009, sen rexistro de saída, recibe informe de Medio Ambiente escrito no que comunica que o 17/04/2009, solicitouse ao departamento de licenzas sobre a existencia da preceptiva licenza de instalacións.

Do que se deu cumprida información á interesada o 29/04/2009.

Con data 27/05/2009, solicítase información actualizada sobre o tema iniciado fai dezasete meses, e o 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009. Con data 15/09/2009, recíbese escrito de Medio ambiente suliviando a súa competencia par

ao tema en cuestión e indica que nos dirixamos ao Departamento de licenza, o que facemos o mesmo día 15/09/2009, e así llo comunicamos ao interesado na mesma data. Con data 15/10/2009, solicítase información actualizada ao Departamento de licenza de Urbanismo.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 19/04/2010 dirixímonos a Urbanismo (Licenzas) reiterando o pedimento anterior, e de novo, o 11/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 05/11/2010, 10/12/2010.

## EXPEDIENTE 63/2007

ASUNTO:

Queixa en relación coas obras que se están a acometer na zona do sistema protexido na ribeira do Lagares.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 13-12-07. Con data 18-12-07 solicitouse o preceptivo informe, facendo fincapé en que a denuncia presentada na Xerencia Municipal de Urbanismo en marzo de 2006 non tivo resposta ningunha. Ante esta falta de información os interesados dirixíronse a Urbanismo o 24-04-06; e verbalmente se lles indicou que o expediente en cuestión o tiñan trasladado á Delegación Provincial de Ordenación Territorial, por ser tema da súa competencia.

Pasado o tempo, e sen ter constancia de actuación oficial ningunha, os interesados dirixíronse á COTOP, o 30-11-07, onde lles dixeron que o tema era competencia do Concello, e que lle devolveran o expediente ao Concello de Vigo o 02-12-07; un ano e meses despois da súa recepción.

REFLEXIÓNS

Do exposto anteriormente xorde o asombro.

A Administración, sexa cal for, ten que levar a cabo as súas tarefas de información social a prol das garantías que lles asisten aos cidadáns.

O artigo 103 da Constitución Española proclama que a Administración Públi-

ca, serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación; no mesmo senso pronúnciase o artigo 3 da Lei 30/1992; e non digamos nada en relación co exposto no artigo 18 desta Lei que se remite ás actuacións entre as distintas administracións os principais de, entre outros, proporción de información, cooperación e asistencia activa. Algo que neste suposto brilla pola súa ausencia.

A descoordenación neste suposto vulnera, sen dúbida, a lóxica e legal esixencia de coordinación o que facilita a consolidación de actuacións ilegais que derivan nun prexuízo dos cidadáns afectados pola comisión dunha ilegalidade urbanística. Estamos ante a presenza dunha falta de harmonización entre dous tipos de intereses: os xerais ou comunitarios, e os locais ou municipais, que non quere dicir que os intereses locais non sexan tamén xerais.

Durante o ano 2008, déronse as seguintes actuacións:

Con data 06/03/2008 reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 10/04/2008, o 07/05/2008, o 30/05/2008, o 02/07/2008, o 30/08/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 30/108/2008, 28/11/2008 e o 23/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as seguintes actuacións:

Con data 22/01/2009, reiterouse por onceava vez o pedimento anterior, e de novo, o 18/02/2009, 24/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 26/06/2009, 29/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/11/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos anteriores, e de novo, o 08/02/2010, 09/03/2010, 19/04/2010, 12/05/2010, 14/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 01/09/2010, 05/10/2010, 05/11/2010, 10/12/2010.

# RESUMO ESTATÍSTICO

| | |
|---|---|
| **ÁREA DE MEDIO AMBIENTE** | **3** |
| Contaminación acústica e polución | 2 |
| Polución atmosférica | 1 |

| | |
|---|---|
| **ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE** | **4** |
| Sanción Tráfico | 3 |
| Tarxeta de mobilidade | 1 |

| | |
|---|---|
| **ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA** | **8** |
| Situación dunha parcela incluída nun PERI | 1 |
| Corrección sobre liña delimitadora terras | 1 |
| Obras sen retranqueo | 1 |
| Obras ilegais | 1 |
| Edificio en estado ruinoso | 1 |
| Sanción por execución de obras | 1 |
| Obras sen licenza | 1 |
| Obras en terreos protexidos | 1 |
| **TOTAL EXPEDIENTES** | **15** |

| | |
|---|---|
| **REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS** | |
| 1. URBANISMO E VIVENDA | 53,33 % |
| 2. MOBILIDADE E SEGURIDADE | 26,66 % |
| 3. MEDIO AMBIENTE | 20,00 % |

# PARTE III
## ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2008 CON INCIDENCIAS NO ANO 2010

## INTRODUCCION:

Nesta Institución rexistráronse un total de 23 expedientes correspondentes a solicitudes formuladas no ano 2008 con incidencias durante o 2010 e que corresponden a:

| | |
|---|---|
| MEDIO AMBIENTE | 1 |
| TRIBUNAL ECONO-ADMINISTRATIVO | 1 |
| MOBILIDADE E SEGURIDADE | 5 |
| SERVIZOS XERAIS | 3 |
| URBANISMO E VIVENDA | 13 |
| **TOTAL** | **23** |

# EXPEDIENTES

CAPITULO I- MEDIO AMBIENTE.

**EXPEDIENTE 81/2008:**

ASUNTO

Queixa en relación coas molestias producidas polas manobras de colocación e retirada das cadeiras, mesas e soportes de parasoles dun local de hostalería que se lle impide conciliar o sono non só os veciños dunha vivenda, senón tamén aos hóspedes dunha instalación dun hotel-residencia a cargo dos promotores da queixa.

SITUACIÓN

A interesada durante o ano 2008, ten presentado 21 denuncias no Concello, se resultado algún. Queixa presentada o 11/11/2008, con esa mesma data solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 10/12/2008.

REFLEXIÓNS

As reflexións en outros expedientes deste capitulo faise, preciso recordar que lle asiste os cidadáns no referente a que o réxime xurídico das administracións públicas debe transcender as regras de funcionamento interno para integrarse na sociedade a que sirve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.

A lexitimidade por rendementos está ligada coa capacidade para dar resposta satisfactoria as demandas do contorno.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterouse o pedimento anterior, e de novo, o 10/02/2009, 18/03/2009, 14/04/2009, 11/05/2009, 15/06/2009, 22/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009.

Con data 15/09/2009, se recibe escrito de Medio Ambiente informando que se remite nova dilixencia a Policía Local, para inspección. Do que se dá cumprida

información á interesada o mesmo día.

Con data 15/10/2009 solicítase información actualizada, e de novo o 16/11/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos anteriores e de novo, o 05/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 10/12/2010.

## CAPITULO II- TRIBUNAL ECONOMICO ADMINISTRATIVO.

### EXPEDIENTE 76/2008

ASUNTO

Queixa en relación coa denegación da execución da taxa pola recollida de lixo

SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/10/2008; con data 14/10/2008 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 29/11/2008.

REFLEXIÓNS

A interesada manifesta reuni-los requisitos esixidos a tal fin; despois de varias chamadas telefónicas feitos desde febreiro do ano 2008, informáselle que está pendente, así leva oito meses.

E necesario que as actuacións administrativas sexan tratadas dentro de prazos razoábeis, de xeito equitativo, e que as medidas sexan proporcionais ao obxectivo que se presentan.

RECOMENDACIÓNS

Actuacións conforme os principios normativos de axilidade, eficacia e eficiencia.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2009, recíbese escrito de Administración de Tributos. Lixo Vivendas, informe detallado da situación, que remata indicando que se traslada copia do informe ao Tribunal Económico Administrativo para os efectos que proceden.

Do que se dá cumprida información á interesada o 14/01/2009.

Con data 27/01/2009, solicitouse do Tribunal Económico Administrativo información actualizada ao respecto, que se reitera o 27/02/2009, 26/03/2009, 27/04/2009, 27/07/2009, 27/08/2009, 24/09/2009, 22/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2010, recíbese escrito de Administración de Tributos Lixo-Vivenda que despois dun minucioso informe remata indicando que traslada copia do informe ao Tribunal Económico Administrativo para os efectos que procedan.

Con data 05/02/2010, dirixímonos ao citado Tribunal solicitando información ao respecto, pedimento que se recibe o 09/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10,2010, 08/11/2010, 10/12/2010.

## CAPITULO III- MOBILIDADE E SEGURIDADE

### EXPEDIENTE 4/2008

ASUNTO:

Queixa en relación cunha multa de tráfico por non ter recibo da ORA, cando realmente o tiña, facéndose constar na denuncia as 10,30 horas, tendo o resgardo da ORA o limite das 11,12 horas, séndolle aplicado o cepo para a súa inmobilización. A interesada fai entrega da seguinte documentación:

1º- Resgardo da regulación do aparcamento: día 16/05/06, hora final do estacionamento 11:12.

2º- Resgardo da dilixencia do Concello de Vigo, polo que se detalla a infrac-

ción, hora 12,18, axente nº X, expediente 6241619, data 16/05/2006.

3º- Notificación de denuncia, por estacionar sen billete de uso de estacionamento que non colocalo en lugar visíbel, expediente 068685226.

4º- Impreso de notificación pola liberación do vehículo o que se lle tiña colocado o cepo de inmobilización, expoñendo a súa desconformidade.

5º- Solicitude de anulación de sanción, nº de documentos 60054334, de 18/05/2006, que formula como prego de descargo, no que alega que o ticket atopábase correctamente, así como a presencia de testemuñas, indicase ademais que o axente manifesta que existen fotografías da situación.

6º- Copia do escrito de Mobilidade e Seguridade de 09/10/2006 do que se achegan fotografías efectuadas as 14,43 horas.

7º- Fotografías, na que aparece como hora da súa realización as 18,42. Erro manifesto.

8º- Escrito de alegacións que formula a interesada o 29/08/2006, nº de documento 60091163, no que incide: "Segundo. Se me hace abonar la grúa al haberme puesto el cepo, según el agente que intervino (X), por tener varias multas acumuladas por el mismo hecho. Consultado en el Departamento Ejecutivo del Concello me informan de que no hay ninguna sanción anterior a esta. Esto también figura reflejado en la sanción recibida ("Reincidencias: 0, se adjunta copia). Erro manifiesto. Tercero. En la notificación de denuncia se señala que el motivo de la No notificación en el acto de la misma se debió a la ausencia del condutor, hecho incierto ya que aboné las tasas, de la grúa en el momento de la sanción, lo que demuestra que el agente de la Policía Local estaba presente". Erro manifiesto.

9º- Novo escrito da interesada de 11/12/2006, nº de documento 60129322 no que se pon de manifesto novo erro por parte da administración Municipal en relación cos datos das fotografías, que a policía presenta como probas.

10- Resolución da Concellaría de Mobilidade e Seguridade de 09/07/2007, na que se reflite que se aplica de oficio a prescrición de infracción e se desestima o reembolso da taxa pola mobilización do vehículo.

Vistas as alegacións feitas por X, con X, no seu escrito de 11 de decembro de 2006, con número de rexistro DOC60129322, en relación co expediente, onde

solicita que se deixe sen efecto a sanción de 45 euros coa que foi sancionada e se lle reintegre o importe de 114 euros aboado ao guindastre municipal pola inmobilización do seu vehículo, procede facer as seguintes:

SITUACIÓN

Queixa presentada o 03/01/2008; solicitándose o preceptivo informe o 14/01/2008, reiterándose o 13/02/2008. Con data 25/03/2008, recíbese escrito de Mobilidade, Transporte e Seguridade no que informa o seguinte:

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeiro.- Prescrición da infracción**

A infracción denunciada é tipificada como leve no art. 65.3 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

En atención ao tenor literal do artigo 18 do Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Procedemento Sancionador en Materia de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, en concordancia co disposto no artigo 81 da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, o prazo de prescrición das infraccións leves é de tres meses.

Transcorridos os prazos regulamentarios, e en consonancia co art. 18.3 do Real Decreto 320/1994, corresponde aplicar de oficio a prescrición da infracción, polo que se anula a sanción imposta e se procede ao arquivo do expediente sancionador.

**Segundo.-** Nembargantes, **non procede resolver positivamente a súa solicitude de devolución do importe aboado pola inmobilización do vehículo,** polos seguintes motivos:

a) O dito importe corresponde a unha **taxa**, en atención ao disposto na Ordenanza Fiscal nº 15 do Concello de Vigo, Reguladora das Taxas pola Inmobilización, Retirada, Depósito e Custodia de Vehículos.

Establécese así mesmo expresamente no artigo 7.c) da mesma norma que "O devengo das taxas polos servizos prestados é independente da sanción que proceda impoñer conforme ao procedemento establecido".

b) O artigo 2.2.a) da Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003, de 17 de decembro, en adiante L.X.T.) recolle o concepto de taxa coma un clase específica de **tributo**, polo que a determinación da súa esixibilidade obedece aos conceptos tributarios seguintes: O feito impoñíbel (art. 6 da L.X.T.; art. 6 da Ordenanza Municipal nº 1, Fiscal Xeral) que é a realización do servizo de inmobilización do vehículo tal como dispón o artigo 1.a) da Ordenanza Municipal nº 15 antes mencionada, e que determina a suxeición ao pago da taxa, levouse efectivamente a cabo ao procederse á inmobilización do XX con matrícula XX. O período de devengo e esixibilidade (art. 21 L.X.T.; art. 8 da Ordenanza Fiscal Xeral), que determina o momento de esixibilidade da taxa, en atención ao artigo 6 da citada Ordenanza nº 15, corresponde "[...] no momento en que se preste o servicio ou simplemente no momento en que se tivera iniciado [...]".

c) O **procedemento para a devolución de tributos,** en atención ao disposto no art. 31 L.X.T., farase de acordo coa normativa de cada tributo, polo que hai que seguir os trámites do art. 86 da Ordenanza Fiscal Xeral.

En canto aos requisitos materiais, a solicitude realizada non pode resolverse favorabelmente ao non concorrer ningún dos supostos do apartado 1 do citado artigo, xa que non existe unha duplicidade no pagamento (a), a cantidade aboada non foi superior á que resultaría dun acto administrativo (b), as cantidades non se ingresaron despois de transcorridos os prazos de prescrición (c), e non existen outros supostos nas normas legais ou nas Ordenanzas Municipais que sexan de aplicación (d).

**Terceiro.-** Con independencia do arquivo das actuacións, polo cal non se pode aplicar sanción algunha á conduta denunciada, **resulta incuestionábel a persistencia da obriga tributaria** correspondente á taxa pola inmobilización do vehículo, pois esta é independente do proceso sancionador, e corresponde a un servizo efectivamente realizado en cumprimento da lexislación vixente.

**Cuarto**.- En canto á procedencia da medida de inmobilización do vehículo, hai que sinalar o seguinte:

a) Esta tomouse en **estrito cumprimento** do establecido no artigo 8 da Ordenanza Reguladora do Servicio de aparcamento na vía pública mediante máquinas expendedoras de Tiquets na Cidade de Vigo (ditada ao amparo da previsión do artigo 38.4 da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial) que dispón:

"Apreciaranse como infraccións a esta Ordenanza e serán consideradas como estacionamento de vehículo en lugar prohibido, de conformidade co establecido no artigo 39.2 contido na Lei 5/1997, de 24 de marzo, de Reforma do Texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial:

a) Estacionar carecendo de tiquet.

b) Estacionar superando o horario autorizado no tiquet.

c) Estacionar superando as horas de aparcamento máximo autorizado manténdose estacionado na mesma rúa.

As anteditas infraccións denunciaranse de conformidade co disposto no artigo 75 da Lei de seguridade vial.

* A infracción definida no apartado a) sancionarase con multa de 7.500 pesetas.

* As demais sancionaranse con multa de 5.000 pesetas.

Ademais do exposto denunciaranse, na mesma forma, as restantes infracción que se cometan na zona ORA e que se recollan como tales na Ordenanza municipal de circulación do termo municipal de Vigo.

Poderá procederse á retirada do vehículo coa grúa cando o vehículo careza de tiquet ou cando rebase o dobre do tempo aboado.

Tamén poderá procederse á inmobilización do vehículo cando careza de tiquet ou exceda da autorización concedida até que se logre a identificación do seu condutor.

En ámbolos dous casos deberá procederse ao aboamento da taxa polo servicio de retirada ou inmobilización prevista na Ordenanza Fiscal correspondente."

b) En proba da comisión da infracción que deu lugar á inmobilización do vehículo, ademais da denuncia do Vixiante da O.R.A debidamente contrastada e adverada pola Policía Local, atópanse varias **fotografías** incorporadas no informe do Axente actuante que deixan constancia gráfica da inexistencia de tiquet habilitador do aparcamento.

Esas fotografías adoecen dun defecto na inserción da hora, que en nada ensombrece a claridade da imaxe e dos feitos dos que nela se deixa constancia.

c) A **fotocopia do tiquet** presentado pola recorrente, se ben non se acreditou nen se recoñece a súa validez, dispuña como hora límite de aparcamento as 11:12 horas.

A denuncia formúlase ás 10:30 horas do día 16/05/2006, e foi adverada polo Axente número XX da Policía Local ás 12:18 horas; a inmobilización do vehículo realizouse ás 12:25 horas, polo que inda se fose válido o tiquet e estivese situado en lugar visíbel en cumprimento da normativa, a medida de inmobilización estaría tomada correctamente por exceso do período de autorización concedida, ao ser equivalente un tiquet caducado á inexistencia de tiquet.

En aplicación da doutrina dos actos propios, coa presentación dese tiquet coma auténtico, inda que non se lle recoñeza esa condición, nin moito menos que estivera situado en lugar visíbel do vehículo, a recorrente admite a comisión da conduta de superar o tempo autorizado -que pode dar lugar á inmobilización-, polo que asume a efectiva actualización do risco de ter que aboar as taxas do guindastre municipal.

d) A medida de inmobilización do vehículo disponse pola normativa de referencia coma unha actividade na que se exerce unha **potestade discrecional,** ao establecerse literalmente "[...] poderá procederse á medida de inmobilización do vehículo [...]".

Polo tanto, depende da apreciación dos Axentes e da dispoñibilidade técnica e humana efectuar a inmobilización, sempre que se dea o suposto de feito recollido na norma. No caso recorrido, dándose o suposto fáctico e podéndose prover de medios para a instalación do cepo, levouse a cabo este servizo, cumprindo todos os requisitos formais e materiais para a validez da medida adoptada.

En atención ás consideracións efectuadas, formulase a seguinte:

PROPOSTA

Desestimar a solicitude de reembolso da taxa pola inmobilización o día 16 de maio de 2006 do vehículo marca , por considerar que foi correctamente adoptada a medida de inmobilización tendo en conta os informes do axente actuante.

Con data 27/03/2008 solicítase informe con respecto as reflexións feitas por esta oficina, na que non se resposta o informe anterior; e de novo reiterase o 18/04/2008, 17/06/2008, 15/07/2008, 19/08/2008, 22/09/2008, 20/10/2008, 20/11/2008.

REFLEXIÓNS

1)Cales son as motivacións polas que se declara a prescrición de sanción de oficio.

2) O que cabe deducir do expediente en cuestión, e que nos atopamos ante un suposto no que se evidencian erros por parte de administración municipal.

- Non é correcta a indicación da falta do resgardo de regulación do aparcamento.
- Non se teñen en conta a existencia de testemuñas.
- Non é correcta a relación horaria das fotografías.
- Non é correcta a indicación de reiteración na comisión deste tipo ou outras de faltas a normativa vixente.

O interesada non pretende unha exención da bonificación das cuotas da inmobilización do vehículo, a interesada pretende, nin sequera unha conmutación ou indulto dunha sanción, o que solicita e a anulación dunha penalización imputada que non é real, e dicir non é certa.

Atopámonos ante un erro dos tipificados, no artigo 105 de la Lei 30/1992, e que polo tanto require un novo acto administrativo que revoque o acto previo desfavorábel a interesada, xa que o caso que nos ocupa non constitúe nin dispensa exención prohibida por as leis. O axente pode apreciar unha actuación, pero esta dispoñibilidade non ampara a comisión dos erros que derivan da súa apreciación.

Por outra banda, son de apreciar segundo o exposto datos erróneos na tramitación do expediente tal como se alegou o que implica erros imputábeis a esa administración o que debe traducirse nunha cualificación de nulidade, e polo tanto o seu arquivo, e non unha prescrición de oficio o que tamén implicara unha ineficacia da xestión.

As atribucións que a Administración recibe non se poden utilizar de xeito aleatorio ou incontrolado, a súa utilización ten que propiciar a consecución do ben público mediante uns medios de defensa e garantías que acaden o equilibrio entre as facultades públicas e os dereitos persoais. Cando no se procede nesa dirección, cando a Administración se desvía xurde o afastamento marcado pola norma.

Estamos ante unha situación na que a Administración persigue unha finalidade diferente a aquela que a norma lle asignaba, e o que o Tribunal Supremo

(14/05/1959) cualifica como consecución de obxectivos non previstos concretamente pola motivación legal que inspira a norma. Noutros termos e o que a Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativo define como exercicio de potestades para acadar fins distintos dos fixados polo ordenamento xurídico.

Polo que entendemos que procede a nulidade da resolución cuestionada.

RECOMENDACIÓN:

Cumprimento de legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 reitérase pedimento informativo tres veces e durante o ano 2010 reiterouse o 12/01/2010, 05/02/2010, 08/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 06/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

## EXPEDIENTE 26/2008

ASUNTO:

Queixa en relación coa imposición dun recargo que derivou nunha retención por dilixencia de embargo por mor dunha multa de tráfico, como consecuencia de non identificar ao condutor.

O interesado manifesta que non tivo constancia do expediente ni sequera polo método habitual: aviso no propio vehículo.

A dirección de correo a que se lle dirixiu o aviso, non existe desde fai máis de 15 anos, na data en que o Concello lle efectuou o comunicado. O Concello cónstalle o seu empadroamento en Vigo (cítase enderezo), e estando, polo tanto, o día no imposto municipal de circulación de vehículos en Vigo.

O que considera de xustiza se lle libere do sobrecargo da retención debida a un erro administrativo non imputábel a el mesmo.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 18/03/2008; con data 14/04/2008, solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 14/04/2008, solicítase o preceptivo informe que se rei-

tera o 19/05/2008, 17/06/2008, 15/07/2008, 19/08/2008, 20/09/2008, 20/10/2008, 20/11/2008.

REFLEXIÓNS:

Resulta desconcertante que se lle estea a notificar a un cidadán a un domicilio inexistente cando é comprobado que o seu enderezo está actualizado no propio Concello, e a propósito propio estamento de tráfico.

O que implica que a administración queda obrigada a revoca-lo acto, de acordo co artigo 105 da Lei 30/1992.

A administración debe actuar racionalmente e razoabelmente. Estamos ante o clásico desenvolvemento tecnocrático de finais dos sesenta, hoxe a desviación de poder xa está desvalorizada.

RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento de legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán, que si se tivo en conta nos expedientes anteriores (13,18,19,20,21 e 22/2008).

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse, por oitava vez, o pedimento informativo solicitado, e de novo, o 23/02/2009, 24/03/2009, 24/04/2009. 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 24/09/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010, reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 05/02/2010, 08/03/2010, 08/04/2010. 07/05/2010, 22/06/2009, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

## EXPEDIENTE 58/2008

ASUNTO:

Queixa en relación co incidente acaecido con dous membros da Policía Local cando circulando co seu vehículo pola rúa Dr. Marañón e incorporándose a Rúa

López Mora (sendo preciso xirar a esquerda) se viu sorprendido por dous membros da Policía Local circulando en bicicleta pola Rúa López Mora procedendo da súa dereita, sen atender o semáforo en vermello, interpóndose na marcha do seu vehículo e obrigándoo a realizar unha urxente freada. Os axentes aproximáronse o interesado que lles preguntou a razón de non atendela sinal do semáforo, sen obter resposta algunha, déronlle orde eslamiada de que continuara circulando.

A vista do acontecido dirixiu escrito ao Concello solicitando se lle indicase se a conduta exposta era correcta. Recibe un escrito da Policía Local que o cita para un conversa telefónica ou persoal, polo que, de novo se dirixe por escrito ao Concello reiterando o pedimento anterior, sendo, de novo, citado para unha entrevista telefónica ou persoalmente.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 29/07/2008, con data 31/07/2008 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 04/09/2008, 02/10/2008, 06/11/2008, 03/12/2008

REFLEXIÓNS:

As normas da circulación, agás excepcións claras e xustificadas, tamén obriga os membros da Policía Local.

O cidadán ten dereito a ser informado, as actuacións administrativas teñen que transcender as regras de funcionamento interno, para, deste xeito, interesarse na sociedade a que sirve, como instrumento que promove as condicións, para que os dereitos constitucionais dos individuos sexan reais e efectivos.

As actuacións teñen que ser axeitadas os criterios de eficiencia e servizo os cidadáns, conforme os principio de transparencia e de participación.

Tanto o artigo 35.i da Lei 30/1992 como o artigo 4 do R.D. 208/1996 determinan as atencións que, a modo de dereitos, se lle deben prestar os cidadáns, así como tamén o artigo 12 do Código Europeo de Boa conduta (dilixencia, corrección, cortesía, presentación de escusas en caso de erro, e corrección dos efectos negativos de forma máis rápida posíbel).

RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento de legalidade antes exposta, así como a do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterouse o pedimento solicitado no ano 2008, e de novo, o 03/02/2009, 06/03/2009, 15/04/2009, 08/06/2009, 21/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos anteriores, e de novo, o 05/02/2010, 09/03/2010, 08/04/2009, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

**EXPEDIENTE 73/2008**

ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por non identificar ao condutor.

SITUACIÓN:

O interesado ten cumprido as súas obrigas administrativas con rigor, domiciliado en tres domicilios diferentes en ano e medio, cumprindo cos trámites en Facenda, Permiso de conducir, Censo, etc.

Queixa presentada o 08/10/2008, con data 08/10/2008, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 05/11/2008, e o 03/12/2008.

REFLEXIÓNS:

Unha vez máis atopámonos co feito derivado da actividade administrativa, que revela unha falta de coordinación, medida esta sen a que non e posíbel acadar una xestión eficaz, áxil e efectiva.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterase o pedimento xa solicitado o ano anterior, e de novo, o 03/02/2009.

Con data 03/03/2009, recíbese escrito de Seguridade, Circulación e Transporte no que informa do seguimento en relación cos diversos cambios de domicilio, rematando que a tramitación do expediente ten sido correcta.

Do que se deu cumprida información ao interesado, o 04/03/2009.

Con data 04/03/2009, interesase información actualizada en relación coa resolución do expediente, e de novo, o 11/05/2009, 08/06/2009, 21/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 05/02/2010, 09/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

**EXPEDIENTE 87/2008**

ASUNTO:

Queixa en relación coas necesidades dunha liña de Vitrasa os domingos de todo o ano.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 01/12/2008, coa mesma data solicítase o preceptivo informe.

REFLEXIÓNS:

Do mesmo xeito que outros anos e con motivo dos festas do Nadal se puxo en funcionamento unha nova liña os domingos (C-2), non adoptándose a mesma medida este ano, e nembargantes se reforzan outros, estimase preciso que o reforzo se faga todos os domingos do ano a vista de que o C-1, ten unha alta rendibilidade nas datas de domingo.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 26/01/2009 reiterouse o pedimento informativo do ano 2008, e, de novo, o 02/03/2009, 24/03/2009, 27/04/2009, 30/05/2009, 25/06/2009, 27/07/2009, 27/08/2009, 24/09/2009, 22/10/2009

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos anteriores, e, de novo, o 05/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

## CAPITULO IV- SERVIZOS XERAIS

### EXPEDIENTE 28/2008

ASUNTO:

Queixa en relación coa incríbel situación na que atopa un tramo de acceso o Hospital do Meixoeiro.

Existe un tramo de aproximadamente 15 m. de lonxitude e ancho do 3,5 m., que non permite a circulación dun vehículo, formándose retencións que chegan até a ponte da subida o hospital o que impide o acceso dos autobuses urbanos obrigando os cidadáns necesitados das atencións do hospital a percorrer o último tramo a pé, carecendo de beiravía e polo tanto o seu acceso tense que facer a pé e pola zona de vehículos.

Asemade o tramo citado atópase totalmente cuberto de maleza que endurece o desprazamento. Achegáronse fotografías da situación.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 27/03/2008, con data 21/04/2008, solicítase o preceptivo informe que se recibe o 20/05/2008, no que se indica que efectuadas as comprobacións e confirmada a súa viabilidade quedan pendentes da existencia da consignación presupostaría. O que se informa á interesada o 21/05/2008.

Con data 17/06/2008, solicítase información actualizada encarecendo unha solución áxil e eficaz dada a identidade do problema que se reitera o 24/07/2008 e o 29/08/2008, recibíndose escrito de Vías e Obras o 17/09/2008 no que informa para a redacción dun proxecto ao respecto e posterior execución cando exista consignación presupostaría, do que se deu cumprida información á interesada o 18/09/2008. Con data 31/10/2008 solicitouse información sobre o proxecto en cuestión, de novo o 29/11/2008.

REFLEXIÓNS:

Os cidadáns teñen constitucionalmente recoñecido o dereito a protección da saúde así como a que esa protección se basee en procedementos eficaces.

As entidades locais interveñen na actividade dos cidadáns mediante a presentación duns servizos públicos que tenden a consecución dos fins que se lle asignan como competencia de ei que o cidadán teña recoñecido o dereito a que se lle presten os correspondentes servizos públicos que se derivan daquela faceta competencial, entre a que figura a conservación de camiños e vías rurais, máis aínda nun caso como o que nos ocupa, cal é a mobilidade de cidadáns que se ven necesitados de protexer a súa saúde.

RECOMENDACIÓNS:

Impulso a solución de peticións como a de esta queixa que, por mor, dos procedementos lentos habituais, está a ocasionar serias dificultades aos cidadáns necesitados do coidado da súa saúde.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reiterase o pedimento informativo de 2008, e de novo, o 23/02/2009, 30/09/2009, 23/04/2009. Con data 05/05/2009 recíbese escrito de Vías e Obras no que informa que o 22/04/2009 solicitouse a Xunta de Galicia a cesión de 300 m2 para facer o ensanche necesario. Do que se deu cumprida información á interesada o 05/05/2009.

Con data 09/06/2009, solicitouse información actualizada ao respecto, e de novo, o 22/06/2009. Con data 30/06/2009 recíbese escrito de Vías e Obras informando que aínda non se recibiu resposta da Xunta de Galicia, e que se reitera con data 24/06/09, do que se dá cumprida información ao interesado 01/07/2009. Con data 28/10/2009 reiterase información actualizada.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 24/02/2010 solicítase de Concellaría de Servizos Xerais insista ante a Xunta de Galicia. Servizo de Administración e Xestión Patrimonial de Concellaría de Facenda, Secretaria Xeral e do Patrimonio, para acceder a cesión dos terreos necesarios para executa-las obras que afectarán a miles de cidadáns, con frecuencia diaria, pedimento que se reitera o 30/03/2010. Con data 14/04/2010 recíbese escrito de Vías e Obras no que informa que o 30/03/2010 insistiu ante o

Servizo, antes citado, da Xunta de Galicia. Con data 21/09/2010 solicítase información actualizada, que se recibe o 08/10/2010, indicando que o 29/09/2010 a Concellaría de Servizos Xerais-Vías e Obras reitera a Xunta de Galicia a petición de cesión para a mellora da estrada en cuestión.

**EXPEDIENTE 63/2008**

ASUNTO:

Queixa en relación coa colocación de dous colectores de lixo na porta da vivenda. A interesada manifesta que no momento da colocación atopábase preto membros da Policía Local que lle indicaron os encargados da colocación dos colectores que alí non os podían colocar, en canto a Policía Local non estaba presente, os colectores foron colocados.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 26/08/2008, con data 02/09/2008, solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 07/10/2008, 04/11/2008 e o 03/12/2008.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes. Con data 12/01/2009 reiterase o pedimento de 2008, e de novo, o 03/02/2009, 06/03/2009, 05/05/2009, 09/06/2009. Con data 29/06/2009, recíbese escrito desde Seguridade no que informa que segundo comprobación da Policía Local non se prexudica nin o acceso nin a saída da vivenda, non obstante trasladase o tema a limpeza por si houbera outra posíbel localización. Do que se dá traslado á interesada o 30/06/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 24/03/2010 solicítase ao Servizo de Limpeza se comprobe a localización dos contentores a fin de acceder unha solución ao problema, pedimento que se reitera , o 22/04/2010, e o 27/05/2010, 24/06/2010.

**EXPEDIENTE 70/2008**

ASUNTO:

Queixa en relación coa pasividade dos servizos de limpeza nunha veciñanza, situación que foi denunciada pola Asociación de Veciños xa en xullo de 2007 achegando fotografías que mostran o estado calamitoso da situación.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 26/09/2008, con data 29/09/2008 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 31/10/2008 e o 29/11/2008

REFLEXIÓNS:

A vista das fotografías que obran no expediente, observase a acumulación de lixo, maleza cubrindo as beirarrúas, excrementos de animais, roedores e cheiros.

A realidade social, cultural, tecnolóxica e económica rachou definitivamente coas situacións singulares de relativo illamento polo que viña pasando a sociedade municipal.

A veciñanza ten recoñecido legalmente o seu dereito a utilizar, de acordo coa súa natureza, os servizos públicos municipais, esixindo a prestación dos mesmos.

Os concellos por vía legal teñen que asumir, entre outros, unha serie de servizos ou prestacións como a xestión e execución de parques e xardíns, protección do medio ambiente, servizo de limpeza, recollida e tratamento de residuos.

RECOMENDACIÓNS:

Atención efectiva das obrigas antes citadas.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reiterase o pedimento do ano 2008, e de novo, o 23/02/2009, 24/03/2009, 23/04/2009, 21/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 27/08/2009, 28/09/2009, 02/12/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 05/02/2010, 09/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 10/12/2010.

## CAPITULO V- ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA

### EXPEDIENTE: 7/2008

ASUNTO:

Queixa en relación coa situación en que se atopa unha vía pública, a fronte dun cemiterio, sen cartel identificador algún con referencia as obras que se están a realizar obstruíndo constantemente a calzada con camións a tódalas horas sen permitir o acceso a veciñanza a súas vivendas.

SITUACIÓN:

A interesada formulou unha queixa, recibindo desde Participación Cidadá un escrito de 12/12/2007 no que se indica que a súa queixa foi admitida a trámite e que no prazo de quince días recibirá resposta do departamento competente.

A vista de que tal resposta non chegaba formulou queixa ante esta oficina do Valedor do Cidadán o 16/01/2008, con data 18/01/2008 solicitouse o preceptivo informe a Vías e Obras quen con data 14/02/2008, informa que se deu traslado da solicitude a Disciplina Urbanística por ser de súa competencia. Do que se deu cumprida información á interesada o 15/02/2008.

Con data 21/02/2008, solicitouse información a Disciplina Urbanística que se reitera o 31/03/2008, o 07/05/2008, o 17/06/2008, o 15/07/2008, o 19/08/2008, o 19/09/2008, 21/10/2008, 20/11/2008.

REFLEXIÓNS:

As intervencións como a que nos ocupa, obviamente repercuten na vida dos cidadáns próximos. Pero non é menos certo que tales medidas deben ir precedidas dunhas

manifestacións en canto as molestias que se ocasionarán, así como da adecuación dos espazos para facer o menos penosas posíbeis as circunstancias da mobilidade dos afectados

RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento do dereito do cidadán a ser informado consecuentemente.

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse por novena vez, o pedimento solicitado en 2008, e de novo, o 23/02/2009, 24/03/2009, 23/04/2009, 22/05/2009, 28/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 24/09/2009, 22/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010, reitéranse os pedimentos anteriores, e de novo, o 0902/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

## EXPEDIENTE 11/2008

ASUNTO:

Queixa en relación coa situación dun expediente de protección da legalidade urbanística iniciado xa fai anos que segue o edificio en cuestión sen axustarse a normativa vixente, sen que o Concello tome as medidas que proceden, e que máis ben parece que se está a espera de que se produza una prescrición.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 05/02/2008, solicitándose o preceptivo informe o 06/02/2008, reiterándose o 31/03/2008, 07/05/2008, 12/06/2008, 15/07/2008, 18/08/2008, 19/09/2008, 21/10/2008, 20/11/2008.

REFLEXIÓNS:

Nun expediente xa cualificado fai anos como de ilegal, e polo tanto suxeito a reposición da legalidade urbanística, segue estando “a espera”.

A realidade ven a contradicir o disposto no artigo 10.3 da Constitución Española en canto as actividades de toda administración pública que teñan que estar presididas polos principios de eficacia, e con sometemento plena a lei e o dereito.

O artigo 3, da Lei 30/1992, repite o exposto na Constitución Española, e ademais indica que "igualmente deberán respectar na súa actuación os principios de boa fe e de confianza lexítima".

O mesmo artigo explícita que ademais debe rexerse polos criterios de eficiencias o servizo dos cidadáns.

RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento dos principios legalmente establecidos, e anteriormente citados, así como co disposto no artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse, por décima vez o pedimento solicitado en 2008, en de novo o 23/02/2009, 24/09/2009, 23/04/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 24/09/2009, 22/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 09/02/2010, reitéranse os pedimentos anteriores, e, de novo, o 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

## EXPEDIENTE 12/2008

ASUNTO:

Queixa en relación coa situación dun local de hostalería en canto as licenzas concedidas que están sendo reclamadas desde maio de 2007. Ademais solicítase pescudas en relación coas denuncias verbais efectuadas a Policía Local polo uso indebido da terraza polo mesmo local, ademais polo xeito co que foi tratada pola propia Policía local, citando o artigo 7 da Lei 4/2007, sobre o exercicio das actuacións dos axentes municipais, ademais dos artigos 80 e81 da mesma norma legal.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 08/02/2008, con data 11/02/2008 solicítase o preceptivo informe que se recibe o 14/03/2008, achegando a correspondente a Policía Local, no que se fai referencia as actuacións levadas a cabo, con especial atención as data s en que se actuou en relación coa terraza (permisos ou carencia dos mesmos), sen outras especificacións, quedando pendentes as actuacións por parte de X.M. de Urbanismo. Do que se dá cumprida información á interesada.

Con data 05/05/2008, solicítase información actualizada en relación coas competencias de Urbanismo, que se recibe o 16/05/2008 e no que se indica que despois de diversas actuacións, a data de 14/05/2008 as deficiencias observadas (obras sen axustarse a licenza concedida) seguen sen repararse, do que se dá cumprida información á interesada o 19/05/2008, indicándolle, que as datas vindeiras, instarase información actualizada, o que se fai 03/06/2008, o 02/07/2008, o 31/07/2008, o 04/09/2008, o 03/10/2008, 06/11/2008, 03/12/2008

REFLEXIÓNS:

Denótase unha falta de eficiencia nas actuacións correspondentes a Xerencia Municipal de Urbanismo, quen durante un ano non se adoptan medidas de protección da legalidade urbanística.

En canto as queixas por mor da forma de actuar a Policía Local, non se fai mención algunha no seu informe por moito recoñecemento que das mesmas se faga, no R.D. 208/1996, e na Lei 4/2007.

RECOMENDACIÓNS:

Actuacións conforme a obriga de actuar de acordo cos principios legais de eficacia e coordinación.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010, reitérase por doceava vez o pedimento informativo solicitando durante os anos anteriores, e, de novo, o 05/0322010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010.

Con data 16/11/2010, recíbese escrito do departamento de Licenza e Actividades no que informa que as obras de acondicionamento non se consideran aceptábeis polo que se referiu (03/06/2010) a emenda das mesmas.

Do que se deu cumprida información á interesada o 17/11/2010. Coa mesma data dirixímonos ao departamento de Licenza de Actividades e Instalacións sinalando que xa en maio de 2005, se tiña detectada esta deficiencia e que 30 meses despois aínda persistía, instando unha acción axeitada, así como a información correspondente.

Con data 14-12-2010, reiterase o pedimento anterior.

Con data 27-12-2010, recíbese escrito do departamento de Licenza e Actividades e Instalacións, no que informa que as medicións efectuadas realizadas no dormitorio da vivenda 1ª A por considerarse as máis afectadas polo ruído das instalacións e no exterior do local, certificándose uns niveis de 28,2 e 45 dBA respectivamente considéranse aceptábeis ao non superar os límites máximos permitidos-

Do que se dá cumprida información á interesada o 28-12-2010.

## EXPEDIENTE 16/2008

ASUNTO:

Queixa en relación coa instalación dunha antena de telefonía móbil que foi desestimada segundo expediente de urbanismo de 12/04/1999.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 22/02/2008, con data 25/02/2008 solicítase o preceptivo informe que se reiterou o 16/04/2008, o 07/05/2008, o 17/06/2008, o 15/07/2008, o 19/08/2008, o 19/09/2008, 21/10/2008, 20/11/2008.

REFLEXIÓNS:

Desde o 04/02/2008 en que segundo o documento 80013757, fíxose polo interesado un relatorio das actuacións ante o Concello, sen resposta algunha, e constando unicamente como actuación administrativa da Xerencia Municipal de Urbanismo a resolución de 12/07/1999 na que se desestima a solicitude de licenza, no se coñece actividades administrativas ningunha, non obstante as solicitude

do interesado na que se pon de manifesto o listado de saúde da súa dona que considera seriamente afectado polo funcionamento dunha antena que carece de licenza.

Por outra banda o interesado ten dereito a ser informado puntualmente das actuacións levadas a cabo en relación coa súa petición formulada, a última, o 04/02/2008, xa que ademais o cidadán ten dereito, a un medio ambiente saudábel, o que obriga a administración a que se teña en conta o respecto e a súa protección, prestándolle asistencia informativa, e garantindo o principio de axilidade na tramitación e resolución das solicitudes de información e resolución das solicitudes de información ambientalo, xa que nos atopamos nun suposto de emisións que poden afectar seriamente a saúde dos cidadáns. O perigo para a saúde dos campos electromagnéticos está cientificamente demostrado.

RECOMENDACIÓNS:

Prestar a debida atención o caso que nos ocupa. Cumprimento da legalidade que dimana do dereito a ser informado o cidadán, e de que deriva o artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse por novena vez o pedimento solicitado en 2008, e de novo, o 23/02/2009, 24/03/2009, 23/04/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 24/09/2009, 12/10/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010, reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 09/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

**EXPEDIENTE 33/2008**

ASUNTO:

Queixa en relación coa construción dunha placa con tella e formigón.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 10/04/2008, con data 24/04/2008 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 20/05/2008, o 24/06/2008, 24/07/2008, 29/08/2008, 21/10/2008, 20/11/2008.

Con data 29/09/2008, recíbese escrito da X.M. Urbanismo-Infraccións ao que se achega informe da Inspección municipal d e21/06/2008, no que indica que se puido comprobar a realización de obras consistentes na construción dun galpón de nova planta sobre solera de formigón. Este galpón, construído a base de paredes de bloques de formigón, enfoscados interior e exteriormente, con coberta de tella de cerámica sobre pranchas de fibrocemento ten unhas dimensións d e2,30x4,30 metros e atópase recuada de lindeiros lateral e posterior 2.40 e 3,90 metros respectivamente.

A vista da cartografía municipal púidose comprobar que este galpón foi realizado en substitución de outro anteriormente existente que se atopaba encostado a lindeiro lateral.

A propietaria destas obras manifesta ter unha licenza de obras menores, para arranxo de muro existente e solado de cemento. Do que se deu cumprida información ao interesado o 25/09/2008.

Con data 20/10/2008, comparece o interesado e manifesta que o galpón que non está retranqueado está no plano na cuadrícula C0 (en roxo). O que se comunica a Urbanismo o 21/10/2008, achegando copia do plano e fotografía ao respecto, e instando unha acción eficaz así como información actualizada, que se reitera o 20/11/2008.

REFLEXIÓNS:

A visita efectuada polo inspector municipal e de 21/06/2005, e comunicase dous anos despois, e o parecer a mesma non se corresponde coa obra obxecto de queixa. E de primeira necesidade actuacións axeitadas e puntuais, do contrario a eficacia non resulta fiábel.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reiterouse o pedimento de 2008, e de novo, o 23/02/2009, o 24/03/2009, 24/04/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 24/09/2009, 22/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010, reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 09/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

**EXPEDIENTE 35/2008**

ASUNTO:

Queixa en relación coa construción dun edificio de seis alturas.

SITUACIÓN:

O interesado ten denunciado no Concello, desde o 29/01/2007, tres veces que as alturas da citada construción non se cumpren nas vertentes dunha escalinata, como tampouco nas de planta baixo teitado e o cumio do tellado.

Con data 21/08/2007 recibe escrito de Urbanismo no que se indica que se procede o arquivo das actuacións xa que os feitos denunciados non constitúen infracción urbanística.

Con data 23/11/2007 o interesado entrega no Concello escrito no que subliña o seguinte:

1) Ter procedido a comprobación das alturas na fachada que da a rúa...... mediante equipo láser, obtendo medidas que contradín o informe técnico do Concello, sendo estas as seguintes:
   - Cota a planta 21,9 m., en vez de 21 m., indicados no plano.
   - Cota entre planta e cumio 5 m., en vez dos 4 m., indicados no plano.

2) A vista da evidente contradicción entre as medidas do técnico do Concello e as existentes, e co ánimo de evitar posteriores actuacións na vía xudicial.

3) Tendo en conta ademais que se procedeu a instalación dun bosque de chemineas con altura excesiva.

Por todo interesa, se efectúe unha medición contrastada entre técnico municipal e outra de súa parte, e se procede a adopción de medidas de protección da legalidade urbanística.

Con data 15/04/2008, recíbese a queixa, e con data 24/04/2008, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 26/05/2008, 24/06/2008, 22/07/2008, 29/08/2008, 01/10/2008, 21/10/2008, 27/10/2008, 27/11/2008.

REFLEXIÓNS:

O cidadán ten dereito a recibir unha resposta a súa petición co ánimo de evitar posíbeis controversias que transcendan o ámbito puramente administrativo.

RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento da legalidade informática a que ten dereito o cidadán. Así como do que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 09/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

**EXPEDIENTE 39/2008**

ASUNTO:

Queixa en relación cunha obra ilegal, lindando coa súa propiedade que a deixa sepultada, achegando fotografías.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 22/04/2008, con data 05/05/2008 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 17/06/2008, 15/07/2008, 19/08/2008, 19/09/2008, 21/10/2008, 20/11/2008.

REFLEXIÓNS:

Non resulta unha actividade realmente eficaz a efectuada por Urbanismo, xa que en data 17/20/2007 a Inspección Municipal informa sobre a construción dunha nova planta sobre unha edificación existente.

A superficie da nova planta é aproximadamente de 55 m2, a altura no cumio da cuberta é de 2,50 m. E no lateral é de 2 m.

Construíuse un alpendre duns 2,5 m2, cunha escaleira de acceso a vivenda de 2,70 x 1,15 m.

Non localizándose ningunha referencia sobre a existencia de licenza para a dita obra.

E dicir, que un ano despois do informe oficial descoñecese a posta en marcha de medidas protectoras e restauradoras de legalidade urbanística, o que induce unha falta de eficacia e eficiencia.

RECOMENDACIÓNS:

Axilidade nas tarefas de Protección da legalidade urbanística, e cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009 reiterouse por sétima vez, o pedimento realizado durante o ano 2008, e de novo, o 23/02/2009, o 24/03/2009, 23/04/2009, 22/06/2009, 24/07/2009 e 19/08/2009, 24/09/2009, 22/10/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/02/2010 reitéranse as peticións informativas anteriores, e de novo, o 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

**EXPEDIENTE 56/2008**

ASUNTO:

Queixa en relación coas humidades que está a padecer nunha vivenda por mor das filtracións procedentes dun edificio lindeiro; feito xa denunciado en 2003 o que motivou a actuación do Policía Local, procedéndose a un arranxo temporal, que agora se repite.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 16/07/2008; con data 17/07/2008 solicitouse o preceptivo informe a Sanidade, petición que se reiterou o 27/08/2008, 01/10/2008, 31/10/2008, 29/11/2008.

REFLEXIÓNS:

Os cidadáns teñen dereito a protección da saúde así como a defensa, como usuarios, das situación que afectan a súa seguridade a súa saúde; tanto a nivel estatal como a nivel local quen entendemos estaría dentro dos cometidos que se regulan nas ordenanzas reguladoras da prevención sanitaria dos cidadáns.

RECOMENDACIÓN:

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2010 recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa que o asunto de referencia está a ser tramitado pola Xerencia Municipal de Urbanismo, polo Servizo de Inspección Técnica de Edificios, do que se dá cumprida información á interesada, o 18/01/2010.

Con data 02/02/2010 recíbese escrito de oficina de Conservación de Xerencia Municipal de Urbanismo que informa que o expediente en cuestión resolverase a maior brevidade posíbel.

Do que se dá cumprida información á interesada, o 02/02/2010.

Con data 22/03/2010 solicítase a Urbanismo información actualizada ao res-

pecto, reiterándose o pedimento o 22/04/2010, 24/05/2010, 22/07/2010, 24/08/2010, 21/09/2010, 18/10/2010, 18/11/2010

## EXPEDIENTE 60/2008

ASUNTO.

Queixa en relación co abandono polo que están a pasar por mor da falta de atención que lle está a prestar ao Concello.

SITUACIÓN:

O interesado, en maio de 2007, solicitou a actuación correspondente pola realización dunha obra sen licenza, que consistía no peche dunha servidume de paso sobre unhas parcelas. Achegando fotografías da situación anterior e da actual. Desde Urbanismo dirixíronse a Vías e Obras, desde onde o remitiron a Policía Local. Posteriormente desde Urbanismo remíteno a Patrimonio para que se adopten as medidas axeitadas, o parecer a documentación, díselle, “dorme” por falta de efectivos.

A queixa preséntase o 29/07/2008, con data 31/07/2008 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 04/09/2008, o 08/10/2008, o 06/11/2008, o 03/12/2008.

REFLEXIÓNS.

Es evidente que estamos ante un suposto no que, unha vez máis, a coordinación non se lle presta a atención debida, segundo a Constitución Española e a Lei 30/1992, denominada Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

E necesario que na reorientación dunha Administración Pública, moderna e coherente se descentralicen os servizos, se coidan periodicamente os resultados e se contrastan, implántese, dunha vez, unha dirección profesional.

O sector público basease e céntrase na idea do interese público, tanto no orde descritivo como no normativo, o concepto de interese público reclama racionalidade, imparcialidade e benevolencia.

O cidadán non poder ser tratado como mero receptor ou usuario dos servizos públicos cun sentimento dunha baixa calidade dos mesmos. O cidadán debe sen-

tirse consumidor, usuario e beneficiario do Sector Público, que pode servirse da Administración e non sr o seu servente (de Val Pardo).

O sistema operativo está a fallar en canto a atención do cidadán se refire, de aí a necesidade de que alguén supervise a actividade da administración municipal a vista dos das deficiencias contrastadas no funcionamento dos servizos públicos; actitudes como a que nos ocupa demostran unha faceta da mala administración, e dicir cando non se obra de acordo cos principios ou normas as que se debe ater obrigatoriamente.

RECOMENDACIÓNS.

Respecto os principios de eficacia, o eficiencia e coordinación. O traslado dos expedientes, sen demora, o órgano competente é fundamental.

Cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/02/2009 deuse traslado do expediente que se estaba a tramitar ante Patrimonio, a Urbanismo-Inspección de Obras, reiterándose o pedimento anterior o 06/03/2009, 14/04/2009, 11/05/2009, 21/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 18/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

**EXPEDIENTE: 72/2008**

ASUNTO:

Queixa en relación cun local de hostalería que carece da licenza preceptiva para a súa actividade e que está a causar ruído e cheiros que producen efectos nocivos a saúde da interesada.

SITUACIÓN:

A Xerencia Municipal de Urbanismo ditou resolución (24/09/2007) resolvendo incoar expediente de protección de legalidade urbanística, e que un ano despois a situación segue a ser a mesma.

Con data 01/10/2008, presentada a queixa nesta oficina do Valedor do Cidadán, quen con data 07/10/2008 solicita o preceptivo informe, que se reitera o 06/11/2008, 03/12/2008.

REFLEXIÓNS.

Resulta evidente que a axilidade nos trámites de protección de legalidade urbanística pódese poñer en evidencia. Sen descoidar a legalidade a Administración ten que actuar conforme a criterios de eficacia, máxime cando se trata de actividades que resultan, non so molestas, senón tamén insalubres. A saúde dos cidadáns e finalidade primordial de toda administración responsábel.

RECOMENDACIONES:

Cumprimento da legalidade recoñecida na C.E. e na Lei 30/1992.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterouse o pedimento informativo de 2008, e de novo, o 03/02/2009, 06/3/2009, 14/04/2009, 05/05/2009, 10/06/2009, 21/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009, 14/10/2009, 19/11/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 10/02/2010, 09/3/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010

## EXPEDIENTE 77/2008

ASUNTO:

Queixa en relación coa licenza de obras concedidas para restaurar unha praza pública.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 17/10/2008, con data 20/10/2008, solicítase o preceptivo informe en base as alegacións formuladas polos interesados, en novembro de 2007 referidas a:

• apertura da nova rúa

• titularidade de propiedade

• ampliación da edificación proxectada.

Con data 28/06/2007, os interesados xa formularon recurso de reposición coas seguintes puntualizacións:

• Caducidade de licenza de obras e ilegalidade das obras realizadas o seu abeiro.

• Aproveitando público interior. Planeamento que define os aproveitamentos. Condicións do espazo público interior.

• Incumprimento da normativa NRE-CPI/96, en canto ao acceso á ruela dos Canos.

• Incumprimento das dimensións dos patios.

O referido recurso non foi reposto.

REFLEXIÓNS:

O Urbanismo como función pública comprende, en sínteses, a Ordenación (planificación e regulamentación, a execución dos planes (transformación e conservación da obra pública urbanizada) e o control do uso do solo, do voo, subsolo e de edificación (B-Ripoll Carulla).

O carácter público e administrativo da actividade urbanística esixe a participación dos particulares, graduada con diversa intensidade segundo a natureza do titulo co que aquelas comparecen. Nos regulamentos urbanísticos refórzase ou debe reforzarse notabelmente a participación cidadá en todo o seu percorrido aprobatorio, esixindo un segundo trámite de información pública cando a primeira versión sofre cambios substanciais na fase posterior, esta participación non se

reduce a posibilidade de formular reclamacións, senón que tamén comporta a presentación de suxestións.

Todo procedemento administrativo implica unha pluralidade de actos que xurisprudencialmente foron cualificados de actos instrumentarios, é dicir que careceu de substantividade propia á marxe da resolución, os actos de trámite e a resolución constitúen un todo complexo e, ao mesmo tempo, unitario (J.R. Parada), do mesmo xeito que a resolución poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas fosen ou non presentadas ou alegadas polos interesados.

En canto o tema da falta de resposta do recurso interposto no seu día, faise preciso sinalar que o recurso é un elemento de control de garantía cuxa finalidade e revisar un acto administrativo, a súa existencia ten unha longa carga histórica, cunha función de defensa da legalidade.

O principio de legalidade e de eficacia indican a obriga de resolver os recursos dos cidadáns, tal feito ven dado polo artigo 42.7 da Lei 30/1992. A razón de non respostar ante unha solicitude é sinxela: a desestimación por silencio dunha petición non se considera un acto, e una ficción legal, para permitir ao cidadán o acceso ao recurso. Pero no tema que, nos ocupa concorre que non é a petición o que non se resposta, senón que a desleixo é ante o propio recurso, o que empurra ao cidadán a dirixirse á vía xudicial, con todo ao que iso comporta, rachando co fundamento do recurso, que non é outro, repetimos, que o carácter de control e garantía que permite revisa-los actos.

<u>RECOMENDACIÓNS:</u>

Cumprimento da legalidade en canto as peticións informativas concretas dos cidadáns.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2009 reiterouse o pedimento informativo de 2008, e de novo, o 18/02/2009, 24/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 15/06/2009, 23/07/2009, 19/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 10/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010.

**EXPEDIENTE 79/2008**

ASUNTO:

Queixa en relación coas obras de peche dun espazo ao redor das torres de García Barbón, espazo cedido pola promotora a cidade de Vigo.

SITUACIÓN.

A interesada fai mención de que as citadas torres están baixo unha sentenza que as declara ilegais, tendo solicitado información desde maio/2008, sen resposta.

Queixa presentada, o 03/11/2008, con data 03/11/2008, solicitouse o preceptivo informe

REFLEXIÓNS:

Unha vez máis faise preciso recordar o dereito que teñen os cidadáns a ser informados en relación cos expedientes e documentación Municipal

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterouse o pedimento informativo de 2008, e de novo, o 10/02/2009, 18/3/2009, 14/04/2009, 11/05/2009, 15/06/2009, 23/07/2009, 19/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos anteriores, e de novo, o 18/2/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010.

Con data 07/06/2010 recíbese informe de Urbanismo no que indica que con data 21/05/2010 comunica que por parte da Unidade de Patrimonio procederase en breve o inicio das actuacións pertinentes de Protección de Patrimonio Municipal.

Do que se dá cumprida información á interesada o 08/06/2010, coa mesma data de 07/06/2010, e, de novo, o 08/07/2010, 05/08/2010. Con data 01/09/2010, recíbese escrito de Patrimonio indicando que se inicia expediente estando pendente o informe do Arquitecto. Do que se comunica á interesada o 02/09/2010, indicando que en datas vindeiras instarase nova información, o que se fai o 06/10/2010, e o 08/11/2010, 14/12/2010.

**EXPEDIENTE 83/2008**

ASUNTO:

Queixa en relación sobre a falta de información solicitada en decembro/2007 con referencia a un expediente de protección da legalidade urbanística por mor dunhas obras non axustadas a licenza concedida.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 18/11/2008, solicitándose na mesma data o preceptivo informe, que se reitera o 10/12/2008, e de novo o 10/12/2008, e de novo o 10/12/2008.

REFLEXIÓN:

O cidadán ten dereito a acceder o contido do expediente por ser parte interesada no mesmo, resultando que esta a recibir un trato discriminatorio, ser tratado con dilixencia, corrección, cortesía e accesibilidade.

RECOMENDACIÓN:

Cumprimento de legalidade sobre o tema do dereito a información,

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterouse o pedimento informativo de 2008, e de novo, o 10/02/2009, 18/03/2009, 14/04/2009, 11/05/2009, 15/06/2009, 23/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009, 15/10/2009, 19/11/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 18/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010, 14/12/2010

## RESUMO ESTATÍSTICO

| | |
|---|---|
| **ÁREA DE MEDIO AMBIENTE** | **1** |
| Contaminación acústica | 1 |
| | |
| **TRIBUNAL ECONOMICO-ADMVO** | **1** |
| Execución Taxas recollida lixo | 1 |
| | |
| **ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE** | **5** |
| Sanción Tráfico | 3 |
| Incidente Policía Local | 1 |
| Reforzo Liña Vitrasa | 1 |
| | |
| **ÁREA SERVIZOS XERAIS** | **3** |
| Acceso Hospital Meixoeiro | 1 |
| Situación Colectores Lixo | 1 |
| Estado calamitoso veciñanza | 1 |
| | |
| **ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA** | **13** |
| Obras vía urbana con problemas para a Veciñanza | 1 |
| Execución acordo expediente protección Urbana | 1 |
| Situación local hostalaría | 1 |
| Antena telefónica móbil sen licenza | 1 |
| Obras inadecuadas | 1 |
| Diferenzas de medición edificio de cinco Alturas | 1 |
| Obras sen licenza | 6 |
| Humidades por mor dun edificio lindeiro | 1 |
| **TOTAL EXPEDIENTES** | **23** |

| **REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS** | |
|---|---|
| 1. URBANISMO E VIVENDA | 56,52 % |
| 2. MOBILIDADE E SEGURIDADE | 21,73 % |
| 3. SERVIZOS XERAIS | 13,04 % |
| 4. MEDIO AMBIENTE | 4,34 % |
| 5. TRIBUNAL ECONOMICO-ADMVO | 4,34 % |

# PARTE IV
## ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2009 CON INCIDENCIAS NO ANO 2010

## INTRODUCCION:

Nesta Institución rexistráronse un total de 43 expedientes correspondentes a solicitudes formuladas no ano 2009 con incidencias durante o 2010 e que corresponden a:

| | |
|---|---|
| CULTURA | 1 |
| DEPORTES | 1 |
| GABINETE ALCADIA | 1 |
| MEDIO AMBIENTE | 5 |
| MOBILIDADE E SEGURIDADE | 14 |
| PARTICIPACIÓN CIDADÁ | 4 |
| SERVIZOS XERAIS | 4 |
| URBANISMO E VIVENDA | 10 |
| XESTION MUNICIPAL | 3 |
| **TOTAL** | **43** |

# EXPEDIENTES.

## CAPITULO I- CULTURA

**EXPEDIENTE 73/2009.**

ASUNTO:

Queixa en relación coa falta de atención na Biblioteca Pública

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 04/11/2009, con data 06/11/2009, solicítase o preceptivo informe

Durante o an0 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/01/2010, reitéranse os pedimentos informativos. Con data 05/02/2010, revisase informe da Concellaría de Cultura no que se indica que a petición formulada polo interesado alcanzouse despois das 20:20 horas, hora de peche tal como se explica nos folletos das normas da biblioteca e tamén en diversos carteis visíbeis aos usuarios.

Do que se de cumprida información ao interesado o 08/02/2010.

Sen incidencias posteriores.

## CAPITULO II- DEPORTES.

**EXPEDIENTE 76/2009**

ASUNTO:

Queixa en relación coa falta de atención prestada polo persoal do Instituto Municipal dos Deportes con referencia a reserva de pistas de front-tenis.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 13/11/2009; con data 13/11/2009 solicítase o preceptivo informe da Concellaría competente que se recibe o 24/11/2009 no que se indica que sempre foron atendidas as reclamacións formuladas, explicando as distintas opcións para poder realizar as actividades deportivas e que as pistas solicitadas estaban ocupados por mor dunha competición; e que a información correspondente a súa queixa estaba en correos a súa disposición, desde onde foi devolta por non ser retirada en tempo e forma.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 23/11/2009, quen o 22/12/2009, fainos chegar unha réplica extensa en relación coa información do Instituto Municipal de Deportes no que se rebaten as explicacións dada polo IMD, e rematando que das súas explicacións dedúcese o uso arbitrario que se fai das reservas das pistas contraria á normativa vixente e establecendo privilexios duns usuarios con respecto dos outros, e instando se requiran o IMD o axuste o seu funcionamento a normativa reguladora. Con data 28/12/2009, instase o IMD a ter en conta as normas axeitadas.

Con data 30/12/2009, recíbese novo escrito dos interesados plasmando novas irregularidades dos días 26 e27 de decembro, do que se da traslado a IMD coa mesma data.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 26/01/2010 recíbese informe do IMD sobre o funcionamento de reservas no que de forma detallada se explica o sistema que se utiliza: do que se de traslado completo aos interesados o 27/01/2010.

---

## CAPITULO III- GABINETE ALCALDIA.

---

### EXPEDIENTE 70/2009

ASUNTO:

Queixa en relación coa prohibición de desfrutar do Pazo de Castrelos (xardín) en determinada data.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 30/10/2009; con data 02/11/2009 solicítase o preceptivo informe ao Gabinete de Alcaldía desde o que se nos devolve o 20/11/2009, sen máis explicacións; por suposto sen ter en conta o disposto no artigo 20.1 da Lei 30/1992.

Con data 25/11/2009, reenviado a Concellaría de Cultura, Animación Socio-Cultural e Festas, reiterándose o pedimento informativo o 18/12/2009

Durante o ano 2010 déronse as actuacións:seguintes

Con data 21/01/2010 reiterase o pedimento informativo anterior e, de novo, o 22/02/2010.

Con data 02/03/2010 recíbese informe á Concellaría da Cultura no que indica que con data 03/11/2010 foi remitido o expediente directamente a Alcaldía Municipal, do que se deu cumprida información ao interesado o 15/03/2010, e coa mesma data dirixímonos ao Gabinete de Alcaldía insistindo na información ao respecto.

Con data 16/03/2010, recíbese escrito da Xefatura de Relacións Pública e Protocolo do Concello no que se indica o seguinte:

*"Con data 12 de marzo de 1925 o Pleno da Excma. Corporación Municipal de Vigo aceptou doazón do Pazo Museo Quiñones de León e finca baixo a denominación Parque Quiñones de León, doazón feita polo Excmo. Se. Marqués de Alcedo á Cidade de Vigo.*

*Segundo copia da acta que se xunta, no expediente faise constar que o obxecto da doazón permanecerá como propiedade do Concello sendo por tanto de conta do mesmo o mantemento, organización do museo e normas de uso.*

*Doutro xeito o Pazo Museo Quiñones de León e os xardíns atópanse abertos ao público durante todo o ano sen máis excepción que os luns de cada semana por mor da operación de limpeza e conservación do edificio do Pazo, sen que nin nese caso se pechen os xardíns nin o parque.*

*Nembargantes e dentro das competencias do Concello de Vigo o Pazo e os xardíns son utilizados en contadas ocasión para actos protocolarios ou conmemorativos, dos que destacan o 6 de Decembro "Día da Constitución", Lectura do Pregón*

*do Cristo da Vitoria no primeiro domingo de agosto, e o 24 de xullo, "Día de Galicia". Se ben o parque e os xardíns atópanse sempre abertos, o día 24 de xullo por razóns de organización e seguridade se pechan os xardíns as 18,00 horas para poder levar a cabo as labouras de instalación e recepción das persoas que, con rigorosa invitación, asisten á este acto ofrecido polo Concello de Vigo.*

*A Policía Local seguindo instrucións solicita as persoas que, estean nos xardíns do Pazo abandonen o mesmo por mor deste acto oficial, sen que supoña, en absoluto expulsión.*

*Faise constar tamén que, os invitados a esta recepción do Día de Galicia, representan a todos os estamentos da cidade, como poden ser Autoridades Locais, Provinciais, Autonómicas e Estatais, Asociación Veciñais, Centros Deportivos e Culturais, Xente do Mundo da Cultura, prensa, Consulados e outras institucións.*

*Pode considerarse por tanto o que a prensa indica na publicación do día 25 de xullo "toda la ciudad en los jardines de Castrelos" xa que a representación cidadán é total, non incumpríndose en ningún momento as obrigas e condicións da doazón do Pazo.*

*Por todo isto faise constar actuou seguindo instrucións, que a representación da cidade abrangue todos os sectores e, que se trata da única data na que, como xa se referiu, por razóns de organizacións e seguridade, prégase desaloxar os xardíns tres horas antes do seu peche habitual.*

*Lamentando o posíbel atraso na resposta, reciba un cordial saúdo."*

Do que se dá cumprida información á interesada o 18/03/2010. Sen incidencias posteriores.

---

## CAPITULO IV- MEDIO AMBIENTE.

---

### EXPEDIENTE 4/2009

ASUNTO:

Queixa en relación coa frustración que está a pasar o interesado por mor da inactividade duns veciños como consecuencia do incumprimento, por la súa parte de resolución recaída o 23/10/2008 pola que se ordena a execución da limpe-

za dun camiño de servizo, como responsábeis dun vertido de residuos sólidos contaminantes.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 20/01/2009; con data de 20/01/2009, solicítase o preceptivo informe, facendo expresa mención da resolución, entregada polo interesado de 23/10/2009. O pedimento anterior reiterase o 18/02/2009, e de novo, o 24/03/209, o 24/04/2009, o 18/05/2009, o 22/06/2009, 23/07/2009, 18/08/2009

Con data 28/07/2009, comparece o interesado e fai entrega dunha copia da resolución de 30/06/2009, pola que se impón unha multa coercitiva por incumprimento da orde de execución sobre limpeza de terreos, ditada o 23/10/2008 (e dicir oito meses antes).

Con data 24/08/2009, recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"Como consecuencia desta última visita de inspección e do informe do funcionario municipal, ditei con data 30 de xuño de 2009 a seguinte resolución:*

*• PRIMEIRO: Impoñer a interesada e outros como responsábeis do vertido de residuos sólidos urbanos no camiño de servizo á altura do nº ..... rúa ....., unha MULTA COERCITIVA DE 200,34 euros polo incumprimento da orde de execución ditada pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 12 de febreiro de 2009, a fin de acadar a súa execución forzosa.*

*• SEGUNDO: Advertirlle que esta multa poderá ser reiterada na súa contía até lograr a completa execución do ordenado, se transcorrido o prazo de 30 días contado desde o día seguinte á notificación desta resolución, a orde de execución non se tivese realizado, e sen prexuízo de esixir perante os tribunais da orde penal as responsabilidades que procedan polo delito de desobediencia tipificado no artigo 556 do Código Penal.*

*• TERCEIRO: Notificar esta resolución ao interesado, informándolle que a mesma esgota a vía administrativa e que contra ela poderá interpor recurso potestativo de resposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes desde o día seguinte á recepción da súa notificación, entendéndose desestimado polo transcurso de 1 mes sen ditarse e notificarse resolución expresa, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de*

*Vigo no prazo de 2 meses contados tamén a partir do día seguinte ao da recepción da respectiva notificación, ou calquera outro que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito."*

Con data 16/09/2009, dirixímonos a Medio Ambiente indicándolle que nesta oficina non se ten recibido comunicación algunha antes da recibida o 24/08/2009; as únicas comunicacións débense o interese do autor da queixa, que unha vez recibida a información desde esta oficina, comparece o 09/09/2009 e manifesta a situación segue a ser peor, toda vez que non só persiste o lixo na porta da súa vivenda, senón que ademais lle dificulta o acceso a mesma por mor do aparcamento dos coches dos veciños, de tal xeito que o 01/09/09. As 5 horas de madrugada necesitou a asistencia dunha ambulancia que tivo grandes dificultades para asistilo e trasladalo ao Hospital do Meixoeiro.

Asemade declara que non so a situación e pola abundancia de lixo, agora tamén existen ratos e toupeiras, e indica que lle resulta penoso ver a pouca atención que se lle presta ao Valedor do Cidadán.

Do que damos conta a Medio Ambiente interesando unha axeitada e eficaz actuación que de lugar a unha coordinación por rendemento.

Con data 15/10/2009, reiterouse o pedimento anterior, e de novo o 17/11/2009. Con data 20/11/2009, recíbese informe de Medio Ambiente no que indica a imposición, con data de 16/11/2009 dunha nova multa coercitiva por importe de 200,34 euros indicándolle que de non cumprir coas obrigas correspondentes reiterase a mesma. Do que se dá cumprida información ao interesado indicándolle que, en datas vindeiras solicitarase nova información o que se fai o 17/12/2009.

REFLEXIÓNS:

Estamos ante un suposto denunciado fai varios meses, sobre o que a Concellaría de Medio Ambiente se ven pronunciando desde outubro de 2008; pero a eficacia e a axilidade na xestión, no se corresponde cos presupostos os que a cidadanía ten dereito, o non actuar coa dilixencia debida implica unha desleixo de funcións.

A realidade dalgunhas actividades supera e quebra preceptos e normas que afectan aos cidadáns en función do espazo físico da súa vivenda, dereitos que non son atendidos e protexidos como debería ser, polo que se ven obrigados a padecer os efectos e actividades perniciosas e fora do mínimo grao de convivencia que require de actuacións áxiles e exemplarizantes.

RECOMENDACIÓNS:

Actuacións decididas e efectivas, en temas que afectan de xeito permanente aos cidadáns.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e o 15/01/2010 recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"En relación co seu escrito de data 15 de decembro, con respecto ao expediente do Valedor do Cidadán 4/2009-Expediente municipal, práceme informarlle do seguinte:*

*No seu escrito achega auto do xulgado de instrucción número 1 de Vigo ditando o sobreseimento e arquivo da denuncia presentada por entender o órgano xudicial que se trata dunha competencia administrativa.*

*Efectivamente, este Concello, por entender que se trata dunha actuación de carácter administrativo ten actuado neste expediente cos instrumentos legais que ten ao seu alcance, isto, inspección por parte da administración, informe sobre os feitos contrastados -neste caso acumulación de lixo nun camiño-, resolución ditando orde de execución de limpeza e, á vista do incumprimento por parte dos denunciados imposición da correspondente multa coercitiva.*

*Informarlle, ademais, que neste expediente xa se teñen tramitado dúas multas coercitivas por incumprimento da orde de execución de limpeza por importe de 200,34 euros (importe máximo previsto para a falta cometida).*

*O último trámite realizado a este respecto é que con data 16 de novembro a Concelleira de Medio Ambiente decretou a imposición dunha nova multa de 200,34 euros, advertíndolle aos denunciados que a multa poderá ser reiterada na súa contía até lograr a completa execución do ordenado.*

*Este decreto foi remitido aos interesados con data 3 decembro. O propio decreto establece que, se transcorrido o prazo de 30 días contados desde o día seguinte á notificación desta resolución non se cumprise a orde de execución, esta multa poderá ser reiterada até o seu cumprimento.*

*Esta administración seguirá dando os pasos necesarios para o cumprimento da orde de execución ditada no seu día, cominando aos propietarios da finca cos ins-*

*trumentos que ten ao seu alcance, como é o caso da imposición de reiteradas multas coercitivas e inspeccións municipais.*

*O que se lle comunica aos efectos oportunos"*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 18/01/2010.

Con data 17/02/2010 solicítase de Medio Ambiente o exercicio de accións convenientes na procura dunha saída á crise pola que está a pasar o interesado e a súa familia.

Con data 08/03/2010 recíbese novo informe de Medio Ambiente no que indica que a vista do incumprimento de orde de execución de limpeza pero reiterada en dúas ocasións e á vista do novo informe do inspector municipal ditouse orde de resolución impondo nova multa coercitiva por importe de 200,34 euros advertindo de que a multa será reiterada e incluso incrementada na contía en caso de incumprimento; aténdese ademais a tramitar un expediente de embargo por importe de 785,15 euros. Por outra banda, procederase a esixir por vía executiva o importe de 400,68 euros relativo as multas impostas en 2009.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 15/03/2010.

Con data 22/04/2010 solicítase información actualizada con respecto a situación do expediente que se recibe o 11/05/2010, interesando información sobre a visita de inspección que segundo o interesado realizouse días antes, e facendo precisión sobre a doutrina xurisprudencial existente sobre as sancións económicas que se están impondo, con data 14/06/2010 reitérase o pedimento anterior, recibíndose resposta o 23/06/2010 no que indica que realizada inspección comprobouse que a situación segue a ser a mesma acordándose o incremento de sanción económica que se comunica ao interesado o 24/06/2010.

Con data 15/07/2010 recíbese nova información impoñendo unha nova multa con data 05/07/2010. Do que se dá cumprida información ao interesado o 16/07/2010.

Con data 25/08/2007, insistimos ante Medio Ambiente na necesidade dunha acción decidida e congruente que permita considerar unha lexitimidade por rendemento; indicando que os poderes públicos teñen que velar pola utilización racional dos recursos naturais contribuíndo á conservación, protección e mellora da calidade do medio ambiente, sobre todo cando o seu descoido afecta á saúde dos cidadáns.

Identificase como dereito inviolábel o espazo no que o individuo vive, sen estar suxeito necesariamente aos usos e convencións sociais, e onde exerce a súa liberdade máis íntima, polo que o obxecto específico de protección neste dereito fundamental é tanto o espazo físico, en si mesmo como no que nel hai de emanación da persoa que o habita (STS: 10/04/2003).

Faise imprescindíbel asegurar a súa protección non só fronte as inxerencias de terceiras persoas, senón tamén fronte os riscos que pidan xurdir nunha sociedade tecnoloxicamente avanzada.

Téñense que evitar as actuacións insuficientes, máxime cando están en xogo dereitos constitucionais dos cidadáns.

É ben coñecida a doutrina xurisprudencial no tema da reiteración de multas, o cidadán acostumase e considera a imposición de multas como unha taxa periódica que non lle resulta moi gravosa satisfacela. E deste xeito segue incumprido as súas obrigas de respecto aos requirimentos a que deron lugar as súas actuacións.

Con data 23/09/2010, reiterase o pedimento anterior, así como 19/10/2010, 18/11/2010, 14/12/2010.

## EXPEDIENTE 40/2009

ASUNTO:

Queixa en relación co estado dunha finca lindeira á súa propiedade que se atopa en situación de abandono, chea de maleza e animais (ratas e cobras) que se desprazan pola súa propiedade.

En 2008 recaiu resolución resolvendo a incoación de expediente da orde de execución polas deficientes condicións de limpeza, salubridade e ornato, pero que once meses despois non se ten realizado operación de limpeza.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 03/07/2009. Con data 22/07/2009, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 25/08/2009.

Con data 15/09/2009, recíbese informe de Medio Ambiente no que indica as dificultades para comunicarse co interesado, xa que non está actualizado o catastro.

Do que se dá cumprida información á interesada, indicándolle que se seguirá insistindo ante Medio Ambiente para que o procedemento se completa. Con data 19/11/2009, solicítase se fagan xestións ante o Rexistro da Propiedade.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitérase o pedimento informativo anterior. Con data 15/01/2010 recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"En contestación ao seu escrito de data 24 de novembro, con respecto ao expediente 40/2009 (6623-306), práceme informarlle do seguinte:*

*Tal e como xa informamos con data 7 de setembro pasado, a administración municipal tentou en reiteradas ocasións a notificación á suposta herdeira (segundo os datos que facilitou a denunciante) que non recibiu a notificación nin acusou recibo da mesma.*

*Que a administración tentou a través do catastro pescudar os datos reais dos titulares da propiedade para ditar a orde de execución de limpeza, pero que a devandita finca segue figurando a nome da falecida.*

*Que a administración continuou os seus labores de investigación e constatou que non hai ningunha comunidade de herdeiros constituída legalmente, polo que non é posíbel requirir a dita comunidade.*

*Que o Rexistro da Propiedade, segundo ditamina o seu Regulamento, é público para quen teña interese coñecido e lexítimo en pescudar o estado dos bens inmobles ou dereitos reais inscritos que, neste caso, claramente é a denunciante e non a administración, por canto a denunciante interesa a limpeza dunha finca que é de titularidade privada e que invade coa maleza outra titularidade privada.*

*Que, ademais, segundo o artigo 39 de Lei de Procedemento Administrativo, existe un deber de colaboración dos cidadáns naqueles procedentes nos que estean interesados.*

*Por todo o antedito, suxírese á denunciante que achegue a esta administración municipal os datos necesarios que identifiquen ao titular da propiedade ou que solicite unha nota simple ao Rexistro da Propiedade, co fin de que esta administración poida notificar formalmente ao verdadeiro titular da finca obxecto de denuncia.*

*O que lle comunico aos efectos oportunos,*

Do que se dá cumprida información á interesada o 18/01/2010, quedando a súa disposición para calquera consulta ou actuación adicional tal como se indica anteriormente. Dado que a intervención non achegou "información solicitada o 18/01/2010, procedese o 10/11/2010, ao peche do expediente comunicándoselle a mesma nesa data.

**EXPEDIENTE 42/2009**

ASUNTO:

Queixa en relación coa contaminación acústica, procedente dun local de hostalería que lle está a producir serios padecementos aos seus fillos de corta idade.

SITUACIÓN:

Este expediente xa ten emitida unha resolución da Concellaría de Medio Ambiente de marzo/2009; e que non obstante persisten as molestias.

Con data 14/07/2009 recíbese a queixa, e con data 22/07/2009, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 28/08/2009, 30/09/2009, e o 28/10/2009; con data 20/11/2009, recíbese informe de Medio Ambiente no que indica que se ten producido un cambio de titularidade, o que motiva a necesidade dunha nova medición sonométrica que se solicitou a Policía Local o 30/10/2009; do que se deu cumprida información ao interesado; indícaselle que en datas vindeiras solicítase información actualizada, o que se fai o 11/12/2009.

REFLEXIÓNS:

Ante situación como esta, e fácil concluír que,unha vez máis, a lexitimidade por rendemento non é frecuente no ámbito municipal.

Estase a dicir que "o ruído por fin FAO ruído"; exemplo manifesto no recente sentenza do Xulgado Penal, nº 2 de Toledo, e a da Sala do Penal de Audiencia provincial de Barcelona (2009). Mais esta non é a solución do problema, xa que os poderes públicos son os responsábeis de garantir os dereitos dos cidadáns.

As autoridades municipais fomentan o respecto da dignidade de todos os cidadáns e a calidade da vida dos seus habitantes, sen discriminación algunha.

O artigo 18.2 da Carta Europea de Autonomía Local fai especial mención do problema da contaminación acústica. O 23.2 cita os instrumentos de avaliación da súa acción municipal, debendo ter en conta os resultados de dita avaliación; e no artigo 25.2 cítase o fomento da solución extraxudicial dos conflitos civís, penais, administrativos e laborais.

RECOMENDACIÓN

Faise preciso tomar as medidas oportunas, áxiles e eficaces que a normativa vixente impón as administración públicas.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reiterouse o pedimento informativo anterior, con data 22/01/2010, recébese escrito de Medio Ambiente no que, informa que o 12/01/2010 remitiuse a Policía local escrito para que informe das últimas intervencións efectuadas, do que se dá cumprida información ao interesado o 27/01/2010.

Con data 24/02/2010, solicítase información actualizada con respecto as actuacións da Policía local antes citada, con data 31/03/2010 recíbese informe de Medio Ambiente no que indica que realizada medición sonométrica con resultados negativos o 22/03/2010.

Do que se dá cumprida información ao interesado, o 05/04/2010.

Con data 19/04/2010, o interesado comparece e fai entrega dunha medición sonométrica efectuada pola Policía local o 10/04/2010, superando nun 5,86 dBA o limite establecido pola ordenanza municipal reguladora, do que se da información a Medio Ambiente o 22/04/2010, solicitando información sobre as medidas adoptadas.

Información que se recibe o 31/05/2010 e na que se indica que se abre novo expediente por contaminación acústica; do que se dá cumprida información ao interesado o 01/06/2010.

Con data 28/06/2010, solicítase informe sobre o novo expediente iniciado, que se recibe o 13/07/2010 indicando que con data 05/07/2010 se procede a imposición dunha multa de 1.502,53 euros por infracción grave; do que se dá cumprida información ao interesado o 13/07/2010; indicando que en datas vindeiras solicitarase información actualizada, o que se fai o 26/07/2010. Con data 02/08/2010 recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"En relación coa queixa formulada no seu día por .D................, seu número de expediente 42-2009, expediente municipal arriba referenciado e como continuación ás comunicacións que xa lle foron remitidas no seu día, a última de data 7 de xullo, práceme informarlle o seguinte:*

*Tal e como xa lle comunicamos no noso escrito de data 5 de xullo de 2010 a Concelleira delegada ditou resolución impoñendo a sanción de multa por importe de 1.502,53 euros, pola comisión dunha infracción tipificada como grave en materia de protección contra a contaminación acústica.*

*Comunicámoslle que con data 20 de xullo de 2010, foille remitida carta de pagamento ao denunciado por ese importe e con número de referencia 0107034871 18; que o interesado acusou recibo da carta de pagamento da sanción con data 23 de xullo de 2010.*

*Polo tanto, desde esta Concellaría o procedemento sancionador dáse por pechado e procederase ao ARQUIVO do expediente. En todo caso, se se reproducisen as molestias, o interesado poderá solicitar nova medición sonométrica e recabar a intervención da Concellaría de Medio Ambiente.*

*O que lle traslado aos efectos oportunos."*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 03/08/2010.

## EXPEDIENTE 64/2009

ASUNTO:

Queixa en relación coa contaminación acústica procedente dun local de música establecido no soto do seu edificio; con dúbidas sobre a existencia de licenza de actividade.

SITUACIÓN.

Queixa presentada o 15/10/2009; con data 26/10/2009 solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Medio Ambiente. Con data 20/11/2009, recíbese informe da Concellaría indicando que efectivamente existe contaminación acústica segundo informe da Policía Local, e que de inmediato solicítase informe á Asesoría Xurídica con respecto as medidas a adoptar, ademais solicítase informe a Urbanismo en relación coa licenza de actividade. Do que se dá cumprida infor-

mación ao interesado indicándolle que, en datas vindeiras, solicitarase nova información actualizada, o que se fai o 18/12/2009.

REFLEXIÓNS:

Son de reiterar e ter presente as expostas no expediente 42/2009, xa que se refiren a un caso no mesmo edificio e que efectúa por suposto a mesma familia.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2010 reiterase o pedimento informativo anterior, achegando informe de avaliación acústica efectuado por empresa homologada. Con data 08/03/2010 recíbese informe de Medio Ambiente no que se indica o seguinte:

*"En relación co seu escrito de queixa de data 18 de febreiro, con respecto ao expediente desa institución 64/2009 (6712-306), práceme informarlle do seguinte:*

1. *A partir da denuncia presentada por, con data 5 de outubro de 2009, a Policía Local practicou medición sonométrica con data 24 de outubro, resultando esta positiva.*

2. *con data 29 de outubro a Policía Local remite acta de medición á Concellaría de Medio Ambiente e con esa mesma data crease o expediente.*

3. *Coa mesma data remíteselle a denuncia ao asesor xurídico da Concellaría para que inicie expediente sancionador se procede.*

4. *Coa mesma data solicítase informe á Xerencia de Urbanismo para que acredite se o establecemento conta coa preceptiva licenza de actividade e de non ser o caso que se xire visita de inspección e se inicie expediente de disciplina urbanística.*

5. *O pasado 8 de febreiro de 2010, o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda ditou resolución de paralización da actividade e dispuxo que a Policía Local realice os labores de vixiancia de cumprimento de dita orde, de modo que no momento que se incumpra a Policía Local procederá inmediatamente ao precinto do establecemento e comunicará o incumprimento ao Ministerio Fiscal por posíbel delito de desobediencia regulado no artigo 566 do Código Penal.*

6. *Por outra banda, tamén se data traslado ás empresas subministradoras de enerxía eléctrica, telefonía e gas para que procedan ao corte do subministro.*

7. *Paralelamente, resolveuse incoar expediente de protección de legalidade urbanística, mentres persiste a paralización, concedéndolle un prazo de audiencia de quince días para que a parte denunciada alegue ou presente os documentos e xustificantes que estime pertinentes.*

*O que lle comunico para o seu coñecemento.*

Posteriormente o 05/04/2010 recíbese novo escrito de Medio ambiente no que informa o seguinte:

*"En relación co expediente 64/2009, e como continuación á comunicación xa remitida a esa oficina con data 2 de marzo, confírmalle que como consecuencia da resolución de paralización da actividade ditada con data 8 de febreiro de 2010 por esta administración, produciuse o cese da actividade no establecemento denominado e encomendouse á Policía Local que realice os labores de vixiante de cumprimento de dita orde e no caso de que se renove a actividade que se proceda ao precinto do establecemento, con comunicación ao Ministerio Fiscal."*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 05/04/2010, sen máis incidencias.

## EXPEDIENTE 84/2009

ASUNTO:

Queixa en relación coa contaminación acústica procedente de dous locais de lecer

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 16/12/2009, coa mesma data solicítase o preceptivo informe.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/01/2010, reiterouse o pedimento informativo anterior. Con data 24/02/2010 recébese escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"En relación coa queixa formulada por , número queixa desa oficina 84/2009 (6900-6153-306), práceme informarlle do seguinte:*

*Que, na actualidade a Concellaría de Medio Ambiente está á espera do informe solicitado a disciplina urbanística, xa que existen fundados motivos para deducir que o devandito local está a exercer a súa actividade SEN A PRECEPTIVA LICENZA. Que postos en contacto coa Xerencia Municipal, nos confirman que remitirán o informe en breves días.*

*Que, por outra banda, esta Concellaría púxose en contacto co domicilio da afectada e denunciante para enviar de novo á Policía Local para practicar medición sonométrica, ao que os afectados nos contestas que eles viven nun oitavo piso e que polo tanto é posíbel que a medición non sexa positiva.*

*Á vista deste dato, esta Concellaría está na actualidade en contactos co presidente da comunidade de propietarios para concretar qué veciño do inmoble está disposto a que se realice a medición desde o seu domicilio.*

*En todo caso indicar, que de novo a Policía Local acudiu ao local de referencia para falar cos propietarios, requiríndolles para que cesen na actividade molesta.*

*En canto recibamos o informe de urbanismo, comunicarémoslle oportunamente:*

Do que se deu cumprida información á interesada o 25/02/2010.

Con data 24/03/2010 solicítase información actualizada sobre o expediente en cuestión que se reitera o 28/04/2010.

Con data 06/05/2010 recébese escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"En relación coa queixa formulada por, seu número de expediente 84/2009, práceme informarlle do seguinte:*

*O Departamento de Medio Ambiente solicitou á Oficina de Licenzas e Actividades e Instalacións da Xerencia de Urbanismo informe sobre se o establecemento conta coa preceptiva licenza de actividades.*

*Con data 8 de marzo de 2010, a Oficina de Licenzas informou que o establecemento conta con licenza municipal de actividade número 478/422, a favor.*

*Que a medición sonométrica realizada pola Policía Local supera en 9,9 dB(A) o nivel máximo de ruído permitido pola vixente Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.*

*Que con data 20 de abril de 2010, incoouse expediente sancionador contra , pola posíbel comisión dunha infracción administrativa grave en materia de protección contra a contaminación acústica. Sen prexuízo do que resulte da instrucción do expediente, advírteselle ao titular da actividade que a infracción grave pode levar aparellada a sanción de multa de 1.502,53 euros a 9.015,18 euros, clausura do temporal do establecemento ou paralización da actividade por espazo de tempo non superior a seis meses.*

*Así mesmo, e paralelamente á instrucción do expediente sancionador, ordenóuselle a* ***inmediata adopción das medidas correctoras precisas nun prazo máximo de 15 días,*** *advertíndolle que, de conformidade co artigo 20 da LPCA e 47 da Ordenanza Municipal, en caso de nova medición positiva que poña de manifesto a reiteración na superación do nivel máximo de ruído permitido na vixente ordenanza, poderase ordenar a medida cautelar consistente na paralización da actividade, precinto de equipos ou calquera outra medida que se considere imprescindíbel para evitar a persistencia da actividade infractora.*

*Por último, informóuselle do seu dereito a formular alegacións no prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, contados a partir do día seguinte á notificación da resolución.*

*O que lle informo aos efectos oportunos.*

Do que se deu cumprida información á interesada o 15/05/2010.

Con data 03/06/2010 solicítase información actualizada que se recibe o 14/06/2010, e na que se indica a imposición dunha multa por 1700 euros, do que se dá cumprida información á interesada indicándolle que se non se recibe nova queixa procederase a considerar o expediente como concluído..

CAPITULO V- MOBILIDADE E SEGURIDADE

**EXPEDIENTE 12/2009**

ASUNTO.

Queixa en relación cunha multa por estacionar en parte da vía reservada ao tránsito de peóns nunha rúa.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 16/03/2009. Con data 18/03/2009 solicítase o preceptivo informe facendo constar que a detención do vehículo estimase en menos de dous minutos, débense a entrega dun medicamento para unha persoa enferma que reside no 2º piso da vivenda indicase ademais que tal servizo precisase periodicamente.

O pedimento informativo reiterase o 23/04/2009, 18/05/2009, 02/07/2009, 03/08/2009, 28/08/2009, 24/09/2009, 28/10/2009, 05/11/2009.

Con data 10/11/2009, recíbese escrito da Concellaría de Mobilidade e Seguridade no que informa que o interesado abonou a multa acolléndose o beneficio do 30%; e que se le aplicou de acorde co principio de proporcionalidade a sanción en grado mínimo dentro do tramo legal previsto. O que se lle comunicou ao interesado o 13/11/2009; quen o 04/12/2009, comparece nesta oficina e fai entrega dun amplo dossier de informes médicos, dos que se reenvía copia a Concellaría de Mobilidade e Seguridade solicitando unha revisión da súa resolución e a información actualizada ao respecto o 10/12/2009.

REFLEXIÓNS:

Estamos ante un comportamento dun cidadán que ven definido por unha conduta activa nun estado de necesidade concreto e obxectivo e que é demostrábel. Este comportamento deriva dunhas condicións esenciais, e defínese como un presuposto básico dun estado de necesidade o que o exime de responsabilidade.

RECOMENDACIÓNS

As contravencións administrativas, non poden ser aplicadas dun xeito mecánico, con amaño a simple enunciación literal xa que se integran no supra-concepto

do ilícito administrativo, cuxa unidade substancial é compatíbel tanto no ilícito administrativo como no ilícito penal, ambos necesitados dun comportamento humano positivo ou negativo.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reiterase o pedimento informativo anterior, e de novo, o 22/02/2010, 23/03/2010, 19/04/2010, 21/05/2010, 17/06/2010, 15/07/2010, 17/08/2010, 14/09/2010. Con data 05/10/2010, recíbese escrito de Mobilidade no que informa que non se pode reconsiderar ningunha postura de revisión pois estamos ante unha sanción firme en vía administrativa. O que se comunica ao interesado o 06/10/2010. Sen máis actuacións.

## EXPEDIENTE 30/2009

ASUNTO:

Queixa en relación cos inconvenientes que está a padecer por mor dos atrasos do servizo de Vitrasa; citando en concreto a liña C3 con saída desde o Alto de Encarnación.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 21/05/2009; con data 25/05/2009, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 02/07/2009, 08/08/2009, 29/08/2009, 24/09/2009, 28/10/2009.

REFLEXIÓNS:

As empresas concesionarias de servizos públicos deben corrixir puntualmente os efectos negativos da súa prestación a maior brevidade.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e de novo, o 22/02/2010, 23/03/2010, 19/04/2010, 21/05/2010, 17/06/2010, 15/07/2010, 17/08/2010, 14/09/2010, 14/10/2010, 10/11/2010, 16/12/2010.

**EXPEDIENTE 45/2009**

ASUNTO:

Queixa en relación cun embargo relativo a catro multas de finais de 2007 e principios de 2008 por sancións que non lle foran regularmente notificadas xa que a súa dirección non se corresponde coa realidade; as comunicacións fixéronse a dirección distinta da que consta en documentos oficiais (censo, NIF e permiso de circulación).

Ademais indica que non se lle mostraron os documentos relativos as sancións iniciais.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 28/07/2009; con data 29/07/2009 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 25/08/2009, 30/09/2009 e 29/10/2009. Con data 06/09/2009, recíbese escrito ca Mobilidade no que indica que se está a tramitar o procedemento para a devolución de ingresos indebidos. Do que se dá cumprida información ao interesado o 13/11/2009, indicando que en datas vindeiras solicitarase información actualizada.

REFLEXIÓNS:

A interesada atópase nunha situación de indefensión, provocada por unha anotación de datos erróneos imputábel a Administración a que debe proceder, sen dúbida a anulación do expediente e conseguinte devolución da cantidade embargada.

RECOMENDACIÓNS:

A Administración ten a obriga de axeitar as súas actuacións a criterios de eficacia, boa fe e confianza lexítima.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 solicítase información sobre a devolución dos ingresos debidos. Con data 29/01/2010, recíbese informe de Mobilidade e Seguridade no que se indica que se procede a expedición de orde de pago para a devolución correspondente, do que se deu cumprida información á interesada o 29/01/2010.

Sen incidencias posteriores.

**EXPEDIENTE 47/2009**

ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción por retirada dun vehículo dunha praza pública sen que existise sinalización en contra o que considere unha actuación improcedente polo que estima se lle debe reparar o dano causado.

Neste senso ten presentado catro solicitudes no Concello, todas nos primeiros días do mes de agosto.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 18/08/2009, con data 18/08/2009, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 24/09/2009, con data 18/11/2009 recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que informa do pagamento do expediente orixinal, quedando pendente de estudio, o enganche do guindastre, o que se comunica a interesado o 23/11/2009, indicándolle que en datas vindeiras instarase información adicional ao respecto.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 solicítase información actualizada en relación co procedemento aberto polo o enganche do guindastre e de novo o 22/02/2010, 23/03/2010, 19/04/2010, 17/05/2010, 17/06/2010, 15/07/2010, 17/08/2010, 14/09/2010, 14/10/2010, 10/11/2010, 16/12/2010.

**EXPEDIENTE 50/2009**

ASUNTO:

Sancións de Tráfico na zona delimitada como “ORA”.

A interesada manifesta a existencia de defectos de forma nas sancións impostos por quedar ao descuberto datos identificativos do propietario do vehículo co que se está a incumprir o disposto na LOPD.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 08/09/2009; con data 10/09/2009, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 29/10/2009. Con data 10/11/2009, recíbese informe

da Concellaría de Mobilidade e Seguridade que informa que se publican o acordo da Xunta do Goberno Local (18/07/2008) polo que se crearon dous ficheiros de titularidade pública:

A) Vixiantes-Controladores (XER)

B) Denuncias de xestión dos estacionamentos regulado, XER.

REFLEXIÓNS.

Revisión dos procedementos levadas a cabo en orde o disposto na LOPD, en canto a tipificación da finalidade do ficheiro. Situacións que poden dar lugar a nulidade de procedemento.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 05/04/2010 dáse traslado dunha serie de consideracións feitas pola interesada en relación coa Lei Orgánica de Protección de Datos, realizándose a resposta o 27/04/2010 no que se indica que a reclamante carece de condición de interesada para presentar queixa contra a tramitación de expediente y que a propietaria do turismo denunciante en ningún momento identificou a reclamante como condutora do vehículo,

Do que se deu cumprida información o 07/05/2010 á interesada. Sen incidencias posteriores.

**EXPEDIENTE 52/2009**

ASUNTO:

Queixa en relación cunha multa de tráfico por aparcamento indebido.

Trátase dunha cidadán de 74 anos de idade, que por mor dunha caída nunhas escaleiras dun edificio veuse obrigada por necesidade de acudir a urxencia hospitalarias no seu propio vehículo.

SITUACIÓN.

Queixa presentada o 18/09/2009; con data 21/09/2009 solicitouse o preceptivo informe á Concellaría da Mobilidade e Seguridade, que se reitera o

22/10/2009. Con data 10/11/2009, recíbese informe da Concellaría de Mobilidade e Seguridade indicando que o expediente está pendente de resolución do recurso de reposición interposto. Do que se dá cumprida información á interesada o 13/11/2009.

REFLEXIÓNS:

A ter en consideración a relación coa situación que motivou a imposición da multa.

Atopámonos ante unha situación dun erro de prohibición fundamentado no feito de que existirá tal prohibición. Esta se a obras de boa fe, como excepción a normativa en cuestión, debido a unha urxencia médica, tal como se acreditou co informe da autoridade médica.

O que realiza unha conduta en estado de necesidade obxectiva non obra antixuridicamente, toda vez que actúa en situación de preeminencia xurídica.

Ten dereito a obrar así e pode esixir que ese dereito sexa respectado. En un caso no que se cumpre o presuposto básico do estado de necesidade e que polo tanto exímea de responsabilidade.

A discricionalidade que se lle outorga a Administración na imposición de sancións debe ser ponderando as circunstancias concorrentes co ánimo de acadar a necesaria e debida proporción entre os feitos imputados e a responsabilidade esixida.

O feito causante é de tal evidencia probada que rexeitala podería supor unha desviación de poder, o estado de necesidade é máis que probatorio.

RECOMENDACIÓN:

Revisión urxente das actuacións levadas a cabo.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 solicitouse información sobre o recurso de reposición pendente, que se reitera o 22/02/2010. Con data 16/03/2010 recébese informe de Mobilidade e Seguridade no que indica que o recurso foi desestimado séndolle notificado á interesada o 22/12/2009.

O que se lle comunicou á interesada o 18/03/2010, sen incidencias posteriores,

**EXPEDIENTES 56/2009**

ASUNTO:

Queixa en relación coa carencia de tarifas especiais para os membros de familias numerosas

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 16/10/2009, con data 19/10/2009 solicitouse o preceptivo informe á Xefatura de Explotación de Vitrasa

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 27/01/2010 reiterouse o pedimento anterior, e, de novo, o 22/02/2010, 23/03/2010, 19/04/2010, 21/05/2010, 17/06/2010, 15/07/2010, 17/08/2010, 14/09/2010, 14/10/2010, 10/11/2010, 12/12/2010.

**EXPEDIENTE 67/2009**

ASUNTO:

Queixa en relación coa incorrecta situación en que se atopan varias paradas de Vitrasa.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 26/10/2009; con data 26/10/2009 solicitouse o preceptivo informe á Concellaría de Mobilidade e Seguridade que se reitera o 18/12/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 22/02/2010, 23/03/2010, 19/04/2010, 21/05/2010, 17/06/2010, 15/07/2010, 17/08/2010, 14/09/2010, 14/10/2010, 10/11/2010, 12/12/2010.

**EXPEDIENTE 72/2009**

ASUNTO.

Queixa en relación coa falta de rigor de condutores de Vitrasa en canto o cumprimento das paradas segundo os paneis informativos

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 04/11/2009, con data 06/11/2009 solicítase o preceptivo informe a Participación Cidadá a vista da existencia previa, dunha comunicación dese Servizo de 21/07/2009, pedimento que se reitera o 04/12/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2010 recíbese de Seguridade, Circulación e Transporte escrito solicitando aclaración sobre os motivos da queixa, o que se fai o 27/01/2010, e, de novo, o 22/02/2010, 23/03/2010, 22/04/2010, 21/05/2010, 22/06/2010, 22/07/2010, 18/08/2010, 14/09/2010, 19/10/2010, 18/11/2010, 16/12/2010.

**EXPEDIENTE 74/2009**

ASUNTO:

Queixa en relación unha sanción de tráfico nun vehículo no que figuraba unha autorización para minusválido.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 04/11/2009; con data 16/11/2009 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 18/11/2009.

REFLEXIÓNS:

As circunstancias alegadas pola interesada, en relación coa consecuencia de seu domicilio cando recibiu a notificación para identificación do condutor (ausencia debida a atención que ten que prestar a seus pais anciáns, e a nai impedida) deberíanse ter en conta debido ao estado de necesidade alegado e xustificado.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reiterouse o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 22/02/2010. Con data 16/03/2010, recíbese informe de Mobilidade e Seguridade no que indica o seguinte:

"En contestación á súa petición de informe en relación coa queixa promovida por o expediente sancionador con número 098691788 (expediente orixe 098650300) detállanse a continuación as actuacións realizadas no mesmo:

O 27/03/2009 ás 20:17 o axente XX formula denuncia contra o vehículo PO6072AX por estacionar en dobre fila sen condutor na rúa

Ante a falla de datos do condutor do vehículo no momento da infracción remíteselle requirimento de identificación ao titular o cal foi notificado el 04/04/2009 a No reverso da notificación indícaselle que dispón dun prazo de 15 días hábiles desde a recepción do requirimento para realizar dita identificación .

O 22/05/2009 impónselle unha multa por non haber identificado ao condutor dentro do prazo establecido para elo.

O 29/05/2009 notifícaselle a denuncia a por non haber identificado ao condutor.

O 10/06/2009 presenta alegacións á denuncia

O 27/10/2009 notifícaselle a desestimación de alegacións na que se lle sinala:

"Que, de acordo co establecido no art.72 e 79 do RD lexislativo 39/1990, modificado por Lei 17/2005, Ve. foi debidamente requirido para identificar ao condutor do vehículo (o 04/04/09) no momento da infracción denunciada no expediente orixinal que se lle fai constar na presente notificación de denuncia. En dito requirimento advertíaselle que, en caso de incumprimento inxustificado do deber de identificar, incorrería na responsabilidade establecida no art.72, 3, en concordancia co art. 65,5 i) e 67,2, da Lei de seguridade vial que tipifica dito incumprimento como infracción MOI GRAVE sancionábel con multa de entre 301 e 1500 euros.

Que non procede a tramitación das súas alegacións referidas aos feitos denunciados no expediente orixinal xa que o obxecto da presente denuncia é o incumprimento por parte do titular ou arrendatario do vehículo da obrigación de identificar ao condutor prevista no artigo 72.3 do RD 339/1990 (modificado por Lei 17/2005)"

O 13/11/2009 presenta recurso de reposición.

O 30/11/2009 acórdase desestimar o recurso de reposición, intentándose a notificación de dita resolución os días 23/12/2009 y 29/12/2009 non sendo posíbel por estar ausente o interesado.

*CONSIDERACIONS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR*

*No que se refire á multa imposta por non haber identificado ao condutor acompáñase sentenza a efectos de aclarar o tema :*

***Sentenza 210/2005 del Xulgado Contencioso Administrativo numero uno de Vigo***

*" Sobre el alcance de la obligación de identificar contenida en el Art. 72.3 LTSV ha tenido ocasión de manifestarse nuestro Tribunal Constitucional en varias ocasiones, en sentencias como la de 21 de diciembre definiéndolo como un especial deber de diligencia del titular del vehículo que le obligara a conocer y facilitar a la administración todos los datos necesarios para identificar al conductor, cuando se hubiere producido una infracción, al objeto de poder dirigir contra este el correspondiente procedimiento sancionador.*

*Sin embargo tal obligación no hace decaer el principio general de responsabilidad personal por hechos propios en materia de infracciones de trafico o circulación, por lo que* ***no es posible considerar al titular del vehículo que incumple tal obligación como autor de la conducción en la infracción sino como autor, en su caso, de una infracción autónoma por incumplimiento de la obligación de identificar.***

*El requerimiento para la identificación se efectuara cuando incoado el procedimiento sancionador por la autoridad competente- de oficio o por denuncia de carácter voluntario- o mediante denuncia formulada por los agentes de la autoridad encargados de la vigilancia y seguridad del trafico, no fuera conocida la identidad del conductor, a fin de obtenerla y dirigir contra este el procedimiento.*

*Como expone el Tribunal Constitucional, el incumplimiento de dicho deber de identificación, sin causa justificada, determinara que se le imponga al titular una sanción pecuniaria como autor de una infracción tipificada en el Art. 72.3 LTSV que se define como una infracción autónoma consistente*

*en incumplir el titular del vehículo el deber de identificar y comunicar a las autoridades de trafico la identidad del conductor que supuestamente ha infringido las normas de circulación.....Si bien lo mas probable es que el conductor fuera el titular del vehículo no puede imponerse al titular del coche la infracción cometida por el conductor, pues tratándose de un procedimiento administrativo sancionador, regido por los principios de tipicidad, legalidad y culpabilidad, conforme es afirmado en reiterada jurisprudencia, corresponde a la administración denunciante la carga de la prueba de los hechos imputados por cuanto la persona física o jurídica a la que se atribuye la conducta típica esta protegida por la presunción constitucional de inocencia."*

Do que se deu cumprida información á interesada o 22/03/2010. Sen incidencias posteriores.

**EXPEDIENTE 75/2009**

ASUNTO:

Queixa en relación cun cobro indebido na máquina da ORA.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 06/11/2009, con data 16/11/2009, solicitouse o preceptivo informe, que se reitera o 18/12/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuación seguintes:

Con data 12/01/2010 reiterase o pedimento informativo anterior, e de novo, o 22/02/2010 que se recibe o 16/03/2010

*"En contestación á súa petición de informe en relación coa queixa promovida por D. ..... sobre o expediente sancionador con número 098731972 detállanselle a continuación as actuacións realizadas non mesmo:*

*1) O 07/07/2009 ás 18:43 o controlador da X.E.R número XX, formula denuncia contra o vehículo ...... por Estacionar superando o horario autorizado no tiquet de aparcamento (x.e.r) na rúa .......*

*2) Ante a falla de datos do condutor do vehículo no momento da infracción*

*remíteselle requirimento de identificación ao titular (cuxos intentos resultaron ausentes os días 27/07/2009 e 29/07/2009).*

3) *O 31/07/2009 cóbrase dita multa coa bonificación do 30%.*

*CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR*

*Estase utilizando a vía do Valedor do Cidadán como unha segunda instancia, xa que o escrito remitido non se trata senón de alegacións fronte á multa imposta no seu día e cuxo procedemento sancionador terminou co abono da multa, xa que o pago coa bonificación do 30% implica a renuncia a formular alegacións e a terminación do procedemento sen necesidade de ditar resolución expresa.*

*Asemade, indicarlle que de acordo co establecido non artigo 4 da Ordenanza fiscal reguladora da taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais, a tarifa postpagada (anulación da multa) terá lugar si a duración do aparcamento excedese da sinalada no ticket nun máximo dunha hora. Neste caso non procede a tarifa postpagada xa que podía anular a multa até as 18:36 horas e foi anulada ás 19:20 horas"*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 13/03/2010 que resposta o 26/03/2010 que o pago dos 2,30 euros, queda desvinculado de sanción xa que se efectuou fora do prazo establecido para ser admitido tal como consta no artigo ao que fai mención a Concellaría, de aí o dereito a súa devolución. O que se comunica a Concellaría o 05/04/2010, e que se reitera o 28/04/2010, 01/06/2010, 28/06/2010, 27/07/2010, 25/08/2010, 23/09/2010, 26/10/2010, 24/11/2010, 16/12/2010.

**EXPEDIENTE 79/2009**

ASUNTO:

Queixa en relación coas dificultades e perigos que soportan os cidadáns por mor do sentido de circulación imposto nunha rúa.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 4/12/2009, con data 10/12/2009 solicítase o preceptivo informe a Mobilidade.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reiterase o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 22/02/2010. Con data 02/03/2010, recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que informa que coas obras de humanización da Rúa Sanjurjo Badía establecese sentido único de circulación en vías lindeiras, detectándose un aumento de tráfico polo que se instalaron unhas bandas redutoras de velocidade e un espello para mellorar a seguridade vial nas rúas e cando finalicen as obras en Sanjurjo Badía reordenarase a circulación viaria normalmente.

Do anterior dáse cumprida información ao interesado o 09/03/2010, quedando a súa disposición para calquera consulta ou actuación adicional sobre o tema obxecto da queixa.

Con data 07/06/2010, recíbese novo escrito asinado por 27 veciños residentes naquela zona indicando que desde máis dun ano veñen soportando unha grande circulación, incluso a altas velocidades con grande densidade peonil que corre un gran perigo, e facendo unha serie de consideracións sobre a ordenación do tráfico naquelas demarcacións sobre o particular, do que se da traslado a Mobilidade e Seguridade o 07/06/2010, que se reitera o 13/07/2010, 07/09/2010, 08/10/2010, 09/11/2010, 16/12/2010.

## EXPEDIENTE 81/2009

ASUNTO:

Queixa relacionada cunha sanción de Tráfico non comunicada, que impide a renovación do permiso de aparcamento no Casco Vello.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 10/12/2009, con data 14/10/2009, solicitouse o preceptivo informe.

REFLEXIÓNS:

Estamos ante un impedimento de Mobilidade producido por unha falta de notificación en tempo e en forma, dita falta e imputábel a Administración e polo tanto debe producir a anulación do expediente.

Por outra parte resulta curioso que o feito sancionado tivera lugar en xaneiro 2007, e a dilixencia de embargo realizase en novembro de 2009 é que pase cos prazos polos que se regula o procedemento.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores e con data 18/01/2010 recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que informa o seguinte:

*"Con relación á queixa presentada por , emítese o seguinte informe:*

*Con data 25-01-2008, ás 16:08 horas, o vehículo matrícula XX era denunciado polo axente da Policía Local con nº de carné profesional XX, por estacionar obstaculizando gravemente a circulación na*

*A titular do vehículo, , foi requirida para identificar ao responsábel da comisión da infracción denunciada (BOP de 28.03.2008). Ao non atender dito requirimento foi sancionada pola comisión da infracción moi grave atendendo ao disposto no art. 65.5 i) do R.D.L. 339/1990.*

*A providencia de constrinximento emitiuse en data 17.02.2009. Realizáronse dous intentos de notificación con resultado ausente en datas 19 e 20 de febreiro de 2009. Polo exposto, procedeuse á notificar a providencia mediante publicación no BOP de data 22.06.2009.*

*Cabe concluír que o procedemento respectou a normativa vixente polo que non cabe anulación da sanción imposta. "*

Por outra banda significolle que o requisito de non ter débedas pendentes para obtención de renovación de tarxeta, suprímese o 08/01/2010

Dándose o expediente por pechado, unha vez trasladada a información anterior á interesada o 18/01/2010.

## EXPEDIENTE 83/2009

ASUNTO:

Queixa en relación coa renovación das tarxetas que regulan o acceso aos veciños do Casco Vello.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 14/12/2009, coa mesma data solicítase o preceptivo informe.

REFLEXIÓNS:

Veñen recollidas na propia queixa presentada pola Coordinación do Plan Comunitario Casco Vello de Vigo.

A regulación actual fixa que para renovar a tarxeta do, residentes e imprescindíbel estar ao día en todos os pagamentos relativos ao Concello, si ben o programa URBAN requiría estar ao día no imposto de circulación. Tal medida de ampliación considerase carente de respaldo normativo e incluso coactiva para os cidadáns, os que rexeitaron tal imposición chegándose a situacións de elevada tensión.

Próxima a renovación para 2010 existe un elevado número, un tercio de residentes que por razóns de situación económica teñen altas dificultades para facer frente a situación. Situación que debería terse en conta co ánimo de facilitarlle a situación, evitando así o agravamento das súas economías.

Sexan cales foren as débedas, os residentes teñen dereito ao acceso a súa vivenda sen coaccións en ningún sentido para a renovación das tarxetas, debe bastar o requisito requirido cando se puxo en vigor o sistema: residente e ter documentación do vehículo en orde.

RECOMENDACIÓN:

Urxente revisión das medias que se pretenden impoñer.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2010 recébese escrito de Mobilidade e Seguridade no que informa o seguinte:

*"Con relación á queixa presentada, emítese o seguinte informe:*

*Con data 8-01-2010, o Concelleiro-Delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade asinou un novo Decreto que ven a regular a circulación dos vehículos no Casco Vello Baixo de Vigo.*

*Os residentes deste casco histórico para poder circular cos seus vehículos no interior do mesmo deberán contar con autorización municipal. Entre os requisitos que se esixen para obter dita autorización está a acreditación de que o vehículo se atope dado de alta no padrón do imposto municipal de vehículos de tracción mecánica do Concello de Vigo, e ao corrente do seu pagamento.*

*Se ben é certo que con anterioridade tamén se esixía que o interesado non tivese ningunha débeda pendente coa facenda municipal, cabe sinalar, que actualmente dita esixencia ten sido suprimida atendendo ás demandas da veciñanza, do que non cabe deducir, ilegalidade no mendato requisito suprimido."*

Do que se deu cumprida información á interesada o 18/01/2010, dándose o expediente por pechado.

## CAPITULO VI- SERVIZOS XERAIS

### EXPEDIENTE 55/2009

ASUNTO:

Quizá en relación coas actividades e obras que se realizan na vía pública sen o máis mínimo respecto a saúde dos traballadores e o cumprimento das obras que derivan das normas de prevención dos riscos laborais.

SITUACIÓN.

Queixa presentada o 27/09/2009, con data 30/09//2009, solicítase o preceptivo informe de Medio Ambiente achegándose proba fotográfica dunha destas actividades. Con data 05/11/2009 reiterase o pedimento anterior.

Con data 13/11/2009, recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa que entre as obrigas da empresa concesionaria, está a contratación dun Director de Seguridade e Saúde, e que a relación coas mesmas e competencia de Vías e Obras.

Con data 30/11/2009, dirixímonos a Vías e Obras trasladando o expediente aos efectos oportunos, solicitando o preceptivo informe que se reitera o 12/10/2010, 10/02/2010, 23/03/2010, 12/04/2010, 12/05/2010.

Con data 18/05/2010 recíbese escrito de Vías e Obras no que informa que se deu traslado a empresas cuestionada de necesidade e obriga de que nos traballos na vía pública deben gardar a seguridade na saúde dos traballadores. Do que deu cumprida información ao interesado o 20/05/2010. Sen máis incidencias.

REFLEXIÓNS

Non obstante a explicación oficial, resulta deslabazadora a visión que a cotío se contempla Pas nosas rúas en calquera tipo de obras, tanto no uso do asfalto, e no uso dos produtos bituminosos, nos que e fácil comprobar a falta de medidas de prevención; onde os sistemas de control na manipulación e no uso destes produtos non son de uso frecuente.

RECOMENDACIÓN:

Vixilancia efectiva da inhalación de estas sustancias e utilización dos equipos previstos nas normas de prevención: calzado, luvas, anteollos, protector respiratorio, casco, roupa impermeábel, pantalóns largos, camisa de algodón de manga longa etc.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 18/02/2010, 23/03/2010, 12/04/2010, 12/05/2010.

Con data 18/05/2010 recíbese escrito de Vías e Obras no que informa o seguinte:

*"Deuse traslado a empresa de necesidade e obriga de que nos traballos da vía deben gardar a seguridade na saúde dos seus traballadores.*

*Desde entón veñen gardando as medidas de protección adecuadas."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 20/05/2010.

**EXPEDIENTE 62/2009**

ASUNTO:

Queixa en relación coas filtracións que se están a producir nunha vivenda por mor das obras municipais que se están facendo nunha rúa.

SITUACIÓN.

Queixa presentada o 19/10/2009, con data 20/10/2009, solicítase o preceptivo informe a Vías e Obras, que se reitera o 18/12/2009.

REFLEXIÓNS:

Tense que facilitan a solución dun dano non directamente procurado, e derivado dun exercicio dunha función administrativa, dano ocasionado no ámbito de organización municipal e como consecuencia dun funcionamento normal de seus servizos públicos.

RECOMENDACIÓN

Necesidade de actuacións presididas polos principios de axilidade e eficacia.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2010 recíbese escrito da Inspección de Obras no que se informa que en días pasados procedeuse á renovación da acometida de vivenda executando esta con maior pendente da existente anteriormente e conectando no seguinte pozo augas abaixo da rúa….."

Do que se deu cumprida información á interesada sen máis incidencias.

**EXPEDIENTE 77/2009**

ASUNTO:

Queixa en relación coa facturación de Aqualia.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 23/11/2009, con data 30/11/2009 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 18/12/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 04/01/2010 recíbese escrito de Vías e Obras no que se informa que se achega copia de notificación enviada por Aqualia na que se informa que la fac-

turación se axusta a Regulamento pero a vista dos consumos actuais do cliente que veñen sendo inferiores aos de anos anteriores creemos que procede bonificar xa que probabelmente o sistema de estimacións neste caso a teña prexudicada. Procedéndose a bonificar tamén o 5º bimestre de 2009 por similitude.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 11/01/2010.

Posteriormente o 16/03/2010, recíbese novo escrito de Vías e Obras no que informa que se procedeu a bonificar as facturas correspondentes a dous bimestres do 2008 e outros dous do 2009. Do que se deu cumprida información ao interesado o 17/03/2010. Sen máis incidencias.

**EXPEDIENTE 78/2009**

ASUNTO.

Queixa en relación co embargo por enganche a Seragua dunha vivenda. A interesada manifestou, no seu momento, que ela non ten solicitado ningún contrato de subministro coa empresa concesionaria e ten solicitado tal devolución xa que ela non é propietaria da vivenda en cuestión o que a sinatura que aparece no contrato non é a súa, o que considera unha falsificación.

SITUACIÓN.

Queixa presentada o 24/11/2009, con data 30/11/2009, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 18/12/2009.

RECOMENDACIÓN:

Procura dunha aclaración fidedigna mediante a investigación sumaria que proceda

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/01/2010 reitérase o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 22/02/2010. Con data 16/02/2010 recíbese escrito de Vías e Obras no que informa que el contratante poderá ser el inquilino con autorización bastante da propiedade. Esta autorización implicará a sanción, por parte do propietario das eventuais responsabilidades e do resarcimento da danos e saneamento por parte do inquilino.

O reclamante polo visto di agora que a firma que figura nesta autorización (adxunta copia) e falsificada, cousa que Aqualia non pode comprobar (aínda que vistos outros documentos coa súa firma, non parece falsificada).

Creemos que non procede efectuar devolución algunha solo baseándonos nos argumentos da reclamante.

Do que se dá cumprida información á interesada o 23/03/2010. Sen actuacións posteriores.

## CAPITULO VII.- PARTICIPACIÓN CIDADÁ

### EXPEDIENTE 61/2009

ASUNTO.

Queixa en relación con diversas temas relacionados co ámbito municipal, desde o uso e abuso de xogos indiscriminados de pelota en xardíns e zonas públicas de descanso como as deficiencias de limpeza en parques e xardíns; trato incorrecto no departamento de Bens inmobles, outras de tráfico, Medio Ambiente, etc.

SITUACIÓN:

Queixa presentada 21/10/2009; con data 22/10/2009, solicitouse o preceptivo informe a Participación Cidadá dada a variedade de temas diferentes que comprende a queixa petición reiterada o 04/12/2009.

Con esa mesma data recíbese informe de Vías e Obras sobre un dos casos formulados; do que se dá cumprida información ao interesado coa mesma data. Con data 04/12/2009 recíbese información relativa a Promoción Económico do que se dá cumprida notificación ao interesado. Con data 18/12/2009 recíbese información correspondente ao IBI e seguridade, do que se dá cumprida información ao interesado o 22/12/2009. Con data 23/12/2009, recíbese nova información correspondente a Animación Socio Cultural do que se da traslado, o 30/12/2009, ao interesado

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/02/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores pen-

dentes de recibir. Con data 08/03/2010 recíbese escrito de Participación Cidadá ao que se achega informe da Concellaría de Distritos no que indica que o asunto a tratar non é competencia municipal, do que se dá cumprida información ao interesado o 15/03/2010. Con data 05/05/2010 recíbese novo escrito de Participación Cidadá dando cumprida información sobre as actividades de limpeza que se realizan a cotío nos lugares cuestionados polo interesado.

Do que se dá cumprida información ao mesmo o 07/05/2010. Sen máis incidencias.

**EXPEDIENTE 65/2009**

ASUNTO:

Queixa en relación coa situación do recoñecemento do abono social a efectos de execucións fiscais (IBI, vehículo).

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 26/10/2009, con data 26/10/2009, solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 20/11/2009, no que se detallan as resolucións os últimos anos. O que se lle comunica de inmediato. Con data 29/12/2009, o interesado comparece e detalla as diverxencias que estima conveniente, solicitando información o 29/12/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/01/2010 recíbese escrito de Participación Cidadá ao que achega informe do Departamento de Tributos-Lixo Vivenda no que informa o seguinte:

*"Respecto das manifestacións realizadas polo reclamante ante o informe emitido por este Negociado de Lixo de Vivendas en data 13.11.09, tras a queixa presentada e baseada na ausencia de resposta ás solicitudes presentadas ante este Concello con relación a Taxa de Lixo de Vivendas, se comunica o seguinte:*

1. *A queixa presentada polo contribuínte baseábase na ausencia de resolución e notificación dos escritos e solicitudes presentadas para a exención desta taxa, quedando demostrado co informe realizado en data 13.11.09 que todas as súas solicitudes foron tramitadas e correctamente notificadas.*

2. *Con relación ao **DOC. 50194584**, o reclamante comunica na actualidade a súa desconformidade, nembargantes non interpuxo o preceptivo recurso de reposición ante a resolución desestimatoria notificada en data 02.03.06, segundo a información fiscal remitida pola Axencia Estatal da Admón. Tributaria, respecto dos ingresos das persoas que convivían no seu enderezo, sendo firme polo tanto dita resolución.*

3. *Respecto do **DOC. 80155269**, se reitera a ausencia de cumprimento por parte do interesado, do requirimento de documentación realizado en data 19.12.08, e se indica tamén a inexistencia de recurso de reposición ante a notificación de data 08.05.09 relativa á declaración de caducidade desta solicitude, adquirindo deste xeito tamén esta resolución a súa firmeza.*

4. *Indícase a maior abundamento que o trámite das solicitudes de exención se realiza segundo o establecido na Ordenanza fiscal reguladora da Taxa de Lixo de Vivendas para cada exercicio fiscal, non contemplándose até a data a condición de deficiencia ou incapacidade como circunstancia outorgante deste beneficio.*

5. *Por último indicar que a concesión da exención, tal e como está establecido nas correspondentes ordenanzas fiscais, está directamente relacionada co nivel de ingresos de todas as persoas que conviven nun mesmo enderezo e, desde o exercicio 2007, mediante a aplicación de coeficientes correctores en función de diferentes circunstancias entre as que, tal e como se indicou, non figura incluída a condición de deficiencia ou incapacidade."*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 18/01/2010. Sen incidencias posteriores.

## EXPEDIENTE 85/2009

ASUNTO:

Queixa en relación coa situación de Federación Veciñal, que estima non se cumpren as obrigas que lle viñan sendo recoñecidas

SITUACIÓN

Queixa presentada o 22/12/2009, con data 28/12/2009, solicítase o preceptivo informe

INFORME

I.- A sentenza da Sala no procedemento de referencia, de 2 de xuño de 1995, anulou o acto impugnado pola Federación de Asociacións de Veciños sobre a base de recoñecer que tanto o sistema de progresión por chanzos como o de progresión continua son admisíbeis dentro dos sistemas progresivos de tarifas, entende, en mérito das consideracións que na sentenza se fan e a falta de previsión expresa a favor do sistema de progresión continua, que o sistema que recolle o acordo aprobatorio de tarifas a aplicar é o de progresión por chanzos, recoñecendo o dereito dos usuarios nos termos indicados nos fundamentos de dereito cuarto e quinto da sentenza - como e, así mesmo, o dereito dos usuarios ao reintegro das cantidades que no seu favor resulten con efecto inicial do 30 de novembro de 1992.

Os recursos de casación interpostos contra a sentenza polo Concello de Vigo e a concesionaria do servizo foron desestimados polo Tribunal Supremo con data 30 de abril de 2001.

II.- O éxito do recurso contencioso-administrativo da Federación de Asociacións de Veciños foi amplamente difundido polos medios de comunicación da cidade, tanto radiofónicos como escritos.

III.- Recaída en 2001 a sentenza do Tribunal Supremo, desestimatoria dos recursos de casación interpostos, e a demandante, con data 3 de outubro de 2002, solicitou que o dereito dos usuarios ao reintegro do exceso das cantidades cobradas sobre o declarado procedente pola Sala se traducirá, habida conta o tempo transcorrido, na entrega á demandante das cantidades a devolver; cantidades, que, a actora, a súa vez a entregaría aos usuarios afectados dando conta á Sala e, para o caso de que a Sala non estimase procedente tal solución, a adopción por esta de calquera outro mecanismo que garantise a execución da sentenza.

IV.- Por resolución da Sala de 26 de decembro de 2002 requiriuse desta Administración municipal informe sobre as actuacións practicadas para a execución da sentenza; requirimento que foi contestado a medio de oficio da Alcaldía de 9 de xaneiro de 2003 no que se manifestaba que esta Administración municipal adoitara os acordos oportunos ao cumprimento da sentenza:

Dunha parte, porque por acordo plenario de 30 de novembro de 1995 o Concello de Vigo estableceu o sistema de facturación por tramos ou chanzos de consumo.

Doutra, porque o Concello de Vigo, á vista da sentenza de casación cursou as pertinentes instruccións á concesionaria do servizo para a devolución das cantidades indebidamente cobradas. A data desta primeira contestación da alcaldía -o 9 de xaneiro de 2003- as cantidades devoltas alcanzaban a cantidade de 6.343,06 €.

V.- Por providencia de 9 de xullo de n2003 volveu a Sala a requirir deste Concello de Vigo, informe sobre as actuacións municipais realizadas para a execución da totalidade da sentenza atendendo a literalidade do faio da mesma: "reconociendo el derecho de los usuarios del servicio de suministro de agua del Ayuntamiento demandado a que la facturación y lectura de los contadores se realice en los términos indicados en los fundamentos de derecho cuarto y quinto, y reconociendo igualmente el derecho de los usuarios al reintegro de las cantidades que en su favor resulten, con efecto inicial del 30 de noviembre de 1992".

A Alcaldía-Presidencia, en contestación ao dito requirimento, a medio de oficio de 24 de setembro de 2003, manifestou que, salvo superior criterio da Sala, entendía que a Administración municipal estaba a cumprir nos seus propios termos, a sentenza ditada, toda vez que se estaban a devolver todas as cantidades reclamadas e xustificadas que foran indebidamente cobradas; cantidades devoltas que a data de 24 de setembro de 2003 alcanzaban a cifra de 9.083,80 €, correspondentes a 40 expedientes, que afectan a 705 usuarios.

VI.- A vista dos escritos da recorrente e das incidencias da execución, a Sala, con data 27 de novembro de 2007, ditou Auto polo que se requiriu do Concello de Vigo informe sobre o estado de execución de sentenza; sobre as cantidades ingresadas polo Concello de Vigo que deban ser reintegradas e sobre se concorría algunha causa de imposibilidade legal ou material para a execución da sentenza.

O requirimento foi contestado por escrito da representación procesual do Concello, de 14 de febreiro de 2008, ao que se achegou escrito do Xefe do Servizo de Investimentos de 12 de febreiro de 2008 e da concesionaria, da mesma data.

Do devandito informe do Xefe de Servizo de Investimentos resultaba:

1. Que o dereito dos usuarios ao reintegro das cantidades que no seu favor resulten produciu os seus efectos -de acordo co especificado

na sentenza- a partir do 30 de novembro de 1992 e concluíu o 1 de maio de 1994, no que entrou en vigor a revisión de tarifas pola prestación do servizo, na que se especificou expresamente o sistema de progresividade a aplicar na determinación dos prezos públicos a satisfacer pola prestación do servizo; acordo que non foi recorrido e é, por tanto, firme e consentido.

Daquela, o dereito dos usuarios, declarado pola Sala, ao reintegro das cantidades que no seu favor resulten, comprende as diferencias entre as cantidades resultantes de aplicar o sistema de facturación continua e as do sistema de facturación por chanzos, percibidas pola prestación do servizo entre o 30 de novembro de 1992 e o 1 de maio de 1994, esto é 18 meses.

2. Que para proceder a devolución iniciáronse os correspondentes procedementos de devolución de ingresos indebidos ao abeiro do disposto na Disposición Adicional Quinta e artigo 4.3.b do RD 1163/1990.

3. Que á data de 12 de febreiro de 2008 as cantidades devoltas ascendían a cifra de 14.104,57 €, correspondentes a 92 expedientes de devolución, que afecta á 1.021 usuarios.

   As diferencias nas cantidades reintegradas que se aprecian nos distintos informes remitidos no seu día á Sala obedecían a unha información actualizada da concesionaria ao Concello a este respecto en función do estado de tramitación dos expedientes de devolución en relación coa data na que se emitiu a información solicitada.

4. Por último, que non constaba ningunha solicitude de devolución das cantidades que nos ocupan que non fora tramitada salvo as daqueles que non acreditaron o seu previo pago.

No informe da concesionaria Aqualia, tamén de 12 de febreiro de 2008, especificáronse os expedientes de devolución tramitados até a data e precisouse que o ano 2007 non se presentou ningunha solicitude de devolución por este concepto.

VII.- Pero, a demandante, no seu escrito de 24 de abril de 2008, consideraba que a execución de sentenza nos seus propios termos pasaba inescusabelmente pola devolución das cantidades cobradas de máis a todos e

cada un dos usuarios do servizo, "vítimas" da irregular actuación do Concello de Vigo, e, a Sala, por auto de 24 de xullo de 2008, dispuxo que as tres partes afectadas, esto, é, a Federación Veciñal. O Concello de Vigo e a concesionaria do servizo se constitúan de forma colexiada, a fin de que, previa achega dos seus respectivos datos, levasen a efecto os reintegros pendentes de pago, con remisión á Sala da acta firmada polas tres partes onde constase o cumprimento do ordenado.

VIII.- En cumprimento do disposto no Auto da Sala de 24 de xullo de 2008, esta administración municipal convocou ás partes para a constitución da comisión colexiada disposta no dito auto, que despois dunha reunión preparatoria, da que non se levantou acta, tivo lugar con data 5 de novembro de 2008.

Foi designado polo alcalde como representante municipal na comisión o titular da Asesoría Xurídica Municipal, que concorreu á mesma asistido do, tamén, letrado municipal protestando os representantes da asociación veciñal pola inasistencia do alcalde.

Nesta sesión a representación da concesionaria do servizo manifestou que xa se procedera a devolución das cantidades cobradas en exceso a todos os usuarios que o solicitaron e acreditaron esta circunstancia coa achega dos correspondentes recibos e que, dado o tempo transcorrido, non se dispón dos datos de facturación individual aos usuarios que permita a devolución de oficio a estes das cantidades percibidas en exceso, sen prexuízo de que se atenda calquera nova reclamación que se presente cos recibos acreditativos.

Os representantes da Asociación de Veciñal, pola súa parte, ante tal dificultades, solicitaron se procedese ao cálculo da cantidade global cobrada en exceso e que esta se aplicase a unha actuación como compensación a cidade.

A representación do Concello manifestou a imposibilidade de realizar unha estimación fiábel de tal cantidade global, dado o escaso prazo temporal no que se aplicou este sistema de facturación, pero que, en calquera caso e a fin de rematar coa execución da sentenza, o Concello estaría disposto a unha compensación semellante á solicitada pola asociación veciñal, para o que esta debería concretar e fundamentar unha proposta.

Así as cousas, os intervintes acordaron levantar a sesión e abrir un prazo para a concreción das propostas fixando unha nova reunión da comisión para o 17 de novembro de 2008.

IX.- A sesión de 17 de novembro de 2008 houbo de demorarse até o 23 de decembro.

Accedendo á petición da asociación demandante de que na mesma estivera presente un membro electo da corporación, concorreu a esta sesión, como representante municipal, o concelleiro delegado de Participación Cidadá., así como o titular da Asesoría Xurídica.

A asociación veciñal insistiu na necesidades de que o Concello e concesionaria achegasen os datos dos usuarios afectados pola anulación de tarifas e a concesionaria volveu recordar a imposibilidade de tal achega e a escasa fiabilidade dunha estimación global.

Non obstante, o Concello, de acordo co solicitado pola Federación na reunión constitutiva da comisión, ofreceu, para poñer fin a execución da sentenza, a realización dunha obra de mellora do saneamento, valorada en 60.000 euros, ofrecemento que se formulou como proposta inicial, para someter a negociación na comisión, tanto na súa contía como no concreto destino en interese da cidade da cantidade que finalmente se determinase; oferta que foi rexeitada pola demandante ao non xustificarse a orixe da terminación da dita cantidade.

As intervencións, segundo se reflectiu na acta, foron subindo de ton e toda vez que a demandante non achegaba nin novos datos nin novas propostas o concelleiro delegado de Participación Cidadá, ante o ton das intervencións, decidiu dar por rematada a sesión.

X.- O titular da Asesoría Xurídica levantou acta das dúas sesións da comisión. A primeira incorporaba as correccións propostas pola asociación veciñal, pero finalmente os representantes da mesma negáronse a asinala. Canto a segunda, a presidenta da asociación veciñal manifestou verbalmente o propósito dos representantes da asociación de non firmala, sen ofrecer un texto alternativo para a firma que incorporase as correccións que consideradas procedentes.

XI.- As devanditas actuacións foron comunicadas á Sala, á vez que presentou ante esta a cuestión da interpretación da lexitimación para solicitar o rein-

tegro das cantidades facturadas indebidamente e se solicitou se tivera por cumprida a sentenza nos seus propios termos, e esto:

-- Porque, o Concello de Vigo por acordo plenario de 18 de febreiro de 1994, de revisión de tarifas pola prestación do servizo, especificou expresamente o sistema de progresividade a aplicar na determinación das tarifas e por acordo plenario de 30 de novembro de 1995, á vista da sentenza da Sala, estableceu o sistema de facturación por tramos ou chanzos de consumo.

A importancia de tales actos non pode minimizarse, pois a cesación nas condutas, en materia de consumo, declaradas contrarias a dereito é a orixinaria pretensión para que a Xurisprudencia entendeu concedida pola Constitución e a Lei a lexitimación activa da asociacións de consumidores e usuarios.

-- Porque a sentenza recoñece o dereito dos usuarios a ser reintegrados das cantidades pagadas de máis e, a este fin, establece as "datos, características e requisitos necesarios para poder esixir o pago": tratarse de usuarios do servizo, cuxo consumo, a partir do 30 de novembro de 1992 -e até, entendemos, o 18 de febreiro de 1994- superase o tramo mínimo de consumo.

-- Porque son os usuarios os que teñen que exercitar o seu concreto dereito ao reintegro do indebidamente cobrado, tal e como resulta da aplicación analóxica e subsidiaria dos artigos 221.1.1ª II e 519 LAC e 110 LXCA, se a sentenza non determina individualmente os usuarios con dereito a indemnización -se incorpora unha condena aberta-establecerá os datos, características e requisitos necesarios para poder esixir o pago e serán os usuarios que se consideren con dereito a indemnización os que a través do incidente de execución do artigo 519 LAC reclamarán a súa condición de beneficiarios da mesma.

O dereito a obter a devolución das cantidades indebidamente cobradas é, pois, un dereito privativo dos particulares afectados; dereito, respecto do cal ostentan estes unha plena dispoñibilidade material e procesual, e para cuxo exercicio dispoñen do procedemento do artigo 519 LAC, que no presente caso, ao tratarse dunha relación de dereito administrativo, seguiuse en vía administrativa, mediante a tramitación dos pertinentes procedementos de devolu-

ción de ingresos indebidos, con audiencia da concesionaria, a favor dos afectados que o solicitaron e acreditaron o seu dereito.

-- Porque a asociación veciñal demandante carece dun apoderamento expreso dos usuarios do servizo que lle permita exercitar por eles este dereito. Así o declara a sentenza do TSX da Comunidade Valenciana 513/1996, de 14 de xuño:

"TERCERO.- Es clarísimo que los intereses colectivos caen dentro del ámbito a la tutela xudicial efectiva que proclama el art. 24.1º de la Norma Fundamental (…). Lo que no es dable, ni posible, es que estas entidades que agrupan intereses colectivos puedan operar, sin apoderamiento expreso, en sustitución de la legitimación individual, en defensa de acciones que, no sólo son individuales, sino que además carecen de la transcendencia de lo colectivo".

-- Porque a sentenza tivo unha ampla difusión na cidade, como o proban as noticias de prensa que se achegaron de xeito que os usuarios do servizo tiveron medios racionais e motivos suficientes para coñecer a posibilidade de reclamar as cantidades percibidas de máis pola concesionaria do servizo e solicita-lo seu reintegro.

Producida a sentenza de casación, que en punto ao dereito dos usuarios ao reintegro nada engadiu ás consideracións da Instancia, os usuarios do servizo afectados polo sistema de tarificación continua que o consideraron oportuno reclamaron as cantidades pagadas de máis.

Polo demais, alegábase, tamén, que non cabe soster, como afirma a demandante, que as condicións para o exercicio do dereito de reintegro polos usuarios afectados son excesivas e están encamiñadas a eludi-lo cumprimento da sentenza: a sentenza -teimamos- tivo unha ampla repercusión nos medios de comunicación da cidade e os afectados contaron xa en 1995 con medios racionais e motivos suficientes para coñecer a posibilidade de reclamar o exceso das cantidades pagadas e puideron adoitar as cautelas adecuadas a tal fin. Daquela, ante a carencia da concesionaria de datos concretos de facturación referidos a aquelas datas, a esixencia aos usuarios do servizo reclamantes da facturación xirada a estes preséntase como perfectamente proporcionada. De feito, afirmábamos sen temor a equivocarnos que a práctica totalidade dos usuarios do servizo pertencentes á asocia-

ción veciñal demandante, afectados polo incorrecto sistema de cálculo da tarifa, obtiveron o reintegro das cantidades reclamadas. Dicíase, tamén, que petición da asociación veciñal accionante de que se entregasen a ela as cantidades cobradas de máis porque dispón de máis medios que o Concello de Vigo para identificar aos usuarios prexudicados pola incorrecta tarificación do servizo e para facer chegar a estes as cantidades percibidas de máis pola concesionaria é insostíbel: todos os usuarios identificados pola asociación como prexudicados pola incorrecta tarificación do servizo foron invitados a reclamar o reintegro das cantidades pagadas de máis e reintegrados da mesma pola concesionaria, con xuros procedentes.

-- Porque con todo, o Concello, de acordo co solicitado pola Federación veciñal demandante na reunión constitutiva da comisión. Ofreceu para poñer fin a execución da sentenza, a realización dunha obra de mellora no saneamento, por un importe alzado de 60.000 euros. Este ofrecemento formulouse como proposta inicial, para someter á negociación na comisión, tanto na súa contía como no concreto destino en interese da cidade da cantidade que finalmente se determinase. Pero, como tamén xa se indicou, a oferta foi rexeitada pola actora por non xustificarse a cantidade ofrecida, sen que se puidera chegar a ningún acordo.

XII.- Con data 22 de setembro do 2009 notificouse a esta Administración municipal auto de data 17 de setembro no que, desestimando o incidente, se acorda non ter cumprido o ordenado no auto da Sala de 24 de xullo de 20009 e na sentenza ditada no procedemento de referencia, con apercibimento da posibilidade de imposición de multas coercitivas ao alcalde por consideralo responsábel de tal incumprimento, requiríndoa esta Administración municipal o dito cumprimento no prazo dun mes, a contar da notificación do auto de 17 de outubro.

XIII.- O devandito Auto partía das seguintes consideracións:

1ª.- Que a sentenza de cuxa execución tratamos recoñece o dereito dos usuarios ou abonados do servizo de augas de Vigo a que a facturación e lectura dos contadores se realice nos termos indicados nos fundamentos de dereito cuarto e quinto da sentenza -progresión por chanzos e non progresión continua de tramos consumo - así como o dereito dos usuarios ao reintegro das cantidades que no seu favor resulten con efecto inicial do 30 de novembro de 1992.

2ª.- Que esta sentenza foi confirmada polo Tribunal Supremo.

3ª.- Que o feito de que se teñan satisfeito diversas cantidades a algúns abonados non significa que se teña dado cumprimento ao faio, pois as cantidades devoltas a 1.000 usuarios non supón tal cumprimento pois dos datos facilitados pola concesionaria resulta que o número de abonados superaba con moito os 83.000.

4ª.- Que non e admisíbel a falta de lexitimación da actora para esixir a devolución das cantidades indebidamente cobradas aos usuarios do servizo de abastecemento de augas, invocada por esta administración municipal.

5ª.- Que non se alegou nin se aprecia a concorrencia de causa de imposibilidade material ou legal que impida a determinación do número de abonados e consumos desde o 30 de novembro de 1992 até o 30 de novembro de 1995 polo que procede a súa determinación.

6ª.- Que se debe dispoñer a Administración municipal dos datos de facturación dos usuarios que permitan a devolución a estes das cantidades pagadas en exceso, non podendo constituír escusa para o pago a falta de petición do usuario e a presentación dos recibos, pois tales datos deben resultar do presuposto e contabilidade da corporación, piar básico da autonomía financeira municipal.

7ª.- Que a responsabilidades do incumprimento apreciado corresponde ao alcalde-presidente do Concello de Vigo.

XIV.- Contra este Auto interpuxo o Concello de Vigo recurso de súplica en base ás seguintes alegacións:

1ª.- Que efectivamente, a sentenza de cuxa execución se trata recoñece o dereito dos usuarios ou abonados do servizo de augas de Vigo a que a facturación e lectura dos contadores se realice aplicando o sistema de progresión por chanzos así como o dereito dos abonados ao reintegro das cantidades que no seu favor resulten con efecto inicial do 30 de novembro de 1992 e tal declaración foi confirmada coa sentenza polo Tribunal Supremo. Nada temos que obxectar ao respecto.

Porén, non cabe compartir o rexeitamento da Sala das nosas alegacións -que cualifica de novidosas-en relación coa lexitimación para solicitar a devolución dos ingresos indebidos: si en materia de consumo, como é a que nos ocupa, pode recoñecerse, ao abeiro do artigo 11 da Lei de Axuizamento Civil 1/2000, a lexitimación da demandante para solicitar o recoñecemento do dereito a devolución das cantidades percibidas en exceso a favor dos usuarios do servizo de abastecemento de augas -o que ten lugar na sentenza que nos ocupa--, a execución da sentenza, en canto contén o que se denomina unha "condena aberta", á que se refire 221.2.1ªII - "cando a determinación individual non sexa posíbel, a sentenza establecerá os datos, características e requisitos necesarios para poder esixir o pago" - precisa dunha posterior actividade declarativa de integración que se regula no artigo 519 LAC; incidente en sede de execución, cuxa finalidade é permitir que os consumidores e usuarios afectados polo acto de condena a partir dos datos, características e requisitos fixados na sentenza. Trátase dun incidente declarativo e contraditorio no que o condenado poderá defenderse fronte a cada un dos que se pretenden víctimas do dano causado. O incidente finaliza mediante auto no que o Xulgador resolverá si recoñece aos solicitantes a condición de beneficiarios da condena, pudendo os suxeitos recoñecidos como tales instar a execución coa testemuña deste.

A lexitimación para promover este incidente corresponde, pois, ao usuario prexudicado solicitante e non a asociación demandante, salvo apoderamento expreso daquel. O usuario prexudicado ostenta sobre unha plena dispoñibilidade material e procesual sobre o dereito á devolución que a sentenza lle recoñece.

De acordo con esto e na medida en que todas as solicitudes de devolución acompañadas dos documentos xustificativos foron devoltas debería entenderse executada a sentenza.

2ª.- Con todo e para o caso de que a Sala desbotase as anteriores alegacións, facíanse en relación ás declaracións do auto recorrido as seguintes precisións:

- Que a sentenza cuxa execución nos ocupa recoñece o dereito dos usuarios é devolución do indebidamente cobrado con efecto inicial do 30 de novembro de 1992, pero non sinala o

momento final e este é o 1 de maio de 1994, no que entrou en vigor a revisión de tarifas pola prestación do servizo, na que se especificou expresamente o sistema de progresividade a aplicar na determinación dos prezos públicos a satisfacer pola prestación do servizo. Este acordo plenario de 18 de febreiro de 1994, que especifica expresamente o sistema de progresividade a aplicar, que non foi recorrido e é, por tanto, firme e consentido, foi achegado como documento número 2 ao noso escrito de 9 de xuño de 2009.

- Que debe terse en conta que da totalidade dos abonados só unha pequena porcentaxe supera a tarifa mínima. Os abonados que superan esta tarifa mínima non ou ben industrias ou ben titulares de vivendas unifamiliares con finca cuxos consumos superiores aos normais se explican polas necesidades de auga das fincas e, en moita menor medida, das piscinas que poidan existir nestas.

- Que esta administración municipal se alegou a imposibilidade de determinar individualmente aos abonados aos que se lles cobrou en exceso; a concesionaria do servizo, nas dúas reunións as que asistiu da comisión colexiada, manifestou que carecía de datos de facturación individual dos usuarios polo que non é posíbel a identificación doutros usuarios prexudicados para proceder a devolución de oficio das cantidades cobradas en exceso. Así se fixo constar no noso escrito e así figura nas actas achegadas co mesmo.

- Que o orzamento xeral municipal é a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer as entidades locais e dos dereitos que prevían liquidar no correspondente exercicio, polo que do mesmo non pode resultar a individualización dos consumidores prexudicados pola tarifa cobrada en exceso, senón, no mellor dos casos, a diferencia global que se prevé existiría entre os dous sistemas de recadación.

- Que non existe por parte desta Administración municipal un propósito de eludir os mandatos xurisdiccionais que xustifique os apercibimentos que no auto que recorremos se conteñen: porque, polas razóns que van ditas e con base na regulación da

LAC para que esta materia de consumo, esta Administración entende que a sentenza está executada; porque a concesionaria do servizo ten manifestado e así se lle comunicou á Sala que carece dos datos de facturación individual dos usuarios naquelas datas, polo que non é posíbel á identificación doutros usuarios prexudicados para proceder á devolución de oficio as cantidades cobradas en exceso; porque, con todo, o Concello, de acordo co solicitado pola Federación veciñal demandante na reunión constitutiva da comisión, ofreceu para poñer fin a este incidente a realización dunha obra en interese da cidade ---mellora no saneamento--- por un importe alzado de 60.000 euros; ofrecemento que se formulou como proposta inicial, para someter á negociación na comisión, tanto na súa contía como no concreto destino en interese da cidade da cantidade que finalmente se determinase; porque a oferta foi rexeitada pola actora por non xustificarse a cantidade ofrecida, sen que se puidera chegar a ningún acordo nin á firma das actas das reunións celebradas por negarse a elo os representantes da asociación veciñal e, por fin, porque ante tal situación esta Administración municipal optou por poñer a situación en coñecemento da Sala, recibindo da mesma uns apercebementos que, francamente, non esperabamos.

XV.- A Sala, por Auto de 9 de decembro de 2009, estimou o recurso de súplica presentado polo Concello de Vigo contra o de 17 de decembro de 2009, e resolveu ter por executada a Sentenza ditada no presente recurso contencioso administrativo.

XVI.- Contra este Auto a Federación de Asociacións de Veciños presentou recurso de súplica, previo ao de casación, ao que este Concello formulou oposición. Este recurso se atopa pendente de resolución.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 08/02/2010.

Con data 16/02/2010, recíbese escrito da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, no que informa o seguinte:

*"Con data 7 de xaneiro, se ten recibido a súa solicitude de informe respecto da queixa presentada pola Presidenta da Federación Veciñal e conforme a mesma INFÓRMOLLE das accións indicadas competencia deste servizo:*

1. *Abono correspondente ao convenio recollido no orzamento municipal para o ano 2008, xustificado co número de rexistro 80168259 enviado o 31/12/2008:*

   1.1. *Nos orzamentos correspondentes ao ano 2008, estaba reflectida a partida 4631 4890002 "Convenio Federación AA.VV", por importe de 54.091,00 €.*

   1.2. *Non existe acordo da Xunta de Goberno Local, órgano municipal competente na concesión de subvencións.*

   1.3. *Durante o ano 2008, non se tramitou ningunha subvención de concesión directa coa Federación Veciñal conforme establece a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

   1.4. *Aínda que a Federación Veciñal, presentou documentación dirixido a este servizo pretendendo a xustificación dun convenio co Concello de Vigo, a mesma se atopa nas dependencias do servizo de Participación Cidadá tal e como foi remitida xa que non se pode xustificar un convenio non substanciado conforme estábel a normativa na concesión de subvencións directas.*

2. *Funcionamento das comisións municipais:*

   2.1. *A participación da Federación Veciñal está reguladas no "Regulamento de Participación Cidadá", polo que se lles corresponde é convocada conforme establece o regulamento de funcionamento das mesmas.*

3. *Local da Rúa Ecuador:*

   3.1. *O local da rúa XX número 60 cedido en precario a Federación Veciñal no momento do peche por deficiencias estruturais no mes de febreiro de 2008, conforme aos informes emitidos polos técnicos municipais, estaba a ser utilizado pola asociación "Galicia Acolle" conforme ao horario exposto na entrada ao local, anteriormente e do mesmo xeito sen autorización do Concello de Vigo propietario do mesmo, foi utilizado por outras entidades.*

   3.2. *A Federación Veciñal non ten utilizado o local de xeito directo para a realización das actividades que lle son propias, salvo en contadas oca-*

*sións desde o seu traslado ao local municipal da rúa Princesa número 7 no ano 2004.*

3.3. *Na actualidade se están a realizar as obras de reparación das deficiencias detectadas nos informes técnicos, que permitan eliminar os perigos existentes nas instalacións. O remate das obras está pendente da melloras das condicións atmosféricas xa que é necesario o desmontaxe e montaxe do solado de pedra cara a impermeabilización do local e o reforzo estrutural necesario cara a garantir a seguridade dos usuarios e usuarias do local e dos viandantes.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 22/02/2010.

Con data 18/03/2010, solicítase información sobre os demais temas pendentes do expediente en cuestión, pedimentos que se reiteran o 22/04/2010, que se recibe o 11/05/2010, e no que se informa o seguinte:

"Remítolle copia do informe, de data 17 de marzo de 2010, emitido polo titular da Asesoría Xurídica, sobre unha das alegacións presentadas pola Favec aos orzamentos do ano 2010, en relación co solicitado no seu informe ["Implantación dos Consellos de distrito"]:

*Recibida nesta Asesoría Xurídica petición do Concelleiro de Distritos en relación co asunto de referencia emítese por esta Asesoría Xurídica o seguinte*

*INFORME*

*A Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do goberno local introduce na Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 128, para os municipios suxeitos ao réxime de gran poboación, a creación da figura dos distritos, como divisións territoriais propias, dotadas de órganos de xestión desconcentrada, para impulsar e desenvolver a participación cidadá na xestión dos asuntos municipais e a súa mellora, sen prexuízo da unidade de goberno e xestión do municipio. Na aliña segunda do dito artigo establécese que corresponde ao Pleno da Corporación a creación dos distritos e a súa regulamentación, nos termos e co alcance previsto no artigo 123, así como determinar nunha norma de carácter orgánico, a porcentaxe mínima de recursos orzamentarios da corporación que deberán xestionarse polos distritos no seu conxunto.*

*A disposición transitoria primeira da dita Lei de medidas para a modernización do goberno local fixa un prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor para aprobar as normas orgánicas necesarias para a adaptación da organización dos municipios de gran poboación ao réxime do Título X LRBRL, pero, é o caso que a creación dos distritos polo Pleno desta Corporación, a súa regulamentación e a determinación en norma de carácter orgánico da porcentaxe mínima de recursos orzamentarios a xestionar en conxunto por estes, non foi aínda aprobada, polo que, en tanto tal regulamentación e a concreta asignación de funcións para o seu exercicio desconcentrado non se produza, non é posíbel nos orzamentos a aprobar definir os recursos orzamentarios a xestionar polos distritos."*

Do que se dá cumprida información á interesada o 12/05/2010. Sen incidencias posteriores.

---

## CAPITULO VIII.- URBANISMO E VIVENDA.

---

### EXPEDIENTE 3/2009

ASUNTO:

Queixa presentada por unha comunidade de veciños en relación coa anulación (orde 16/05/2008) sobre a aprobación definitiva do expediente do PXOM, pola que se anulan os núcleos para a construción de vivendas unifamiliares, en determinados barrios.

Mantiveron xuntanzas (agosto 2008) formulándose que se adoptaría a maior celeridade no tratamento por parte da Concellaría, no mes de outubro de 2008 celebrase outra xuntanza expoñéndose un borrador das zonas que se pretenden efectuar modificacións para someter a Xunta de Galicia, co compromiso de presentalas ao Pleno Municipal a maior urxencia posíbel.

A realidade e que a data de 12/01/2009, o tema aínda non se presentou ao Pleno, interesando información ao respecto.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 12/01/2009, coa mesma data solicítase o preceptivo informe, pedimento, que se reitera o 18/02/2009, 18/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 18/06/2009, 23/07/2009, 18/08/2009, 16/09/2009, 19/10/2009, 18/11/2009, 11/12/2009

REFLEXIÓNS:

Os cidadáns teñan dereito a ser atendidos e informados en relación cos temas que lle afectan de xeito que os asuntos deben ser tratados dentro dun marco temporal razoábel, e ser escoitado antes de resolver; a mala administración, segundo o Código europeo de Boa Conduta Administrativa, e aquela que non, obra de conformidade coas normas e os principios aos que ten que aterse obrigatoriamente.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 15/01/2010 recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo no que informa que se adxunta copiado informe emitido polo Director do área de planeamento e xestión de 26 de novembro de 2009, no que se indica:

*INFORME:*

*A totalidade de escritos que se informan, refírense á tramitación da Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, expediente, no que constan os seguintes trámites:*

- *No 16/05/2008 a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia aprobou definitivamente de xeito parcial o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo (Publicación no DOG nº 106, do 3 de xuño de 2008), co seguinte texto:*

  *"(...) Aprobar definitivamente de forma parcial o plan xeral de ordenación municipal do Concello de Vigo, deixando en suspenso ás areas, determinacións e documentos obxecto de reparos no apartado II anterior,, en todo canto se refira ás deficiencias que se expresan no devandito apartado.*

- *O Concello deberá introducir nos documentos referidos anteriormente e en aqueles outros non citados (como listados, gráficos ou cadros da memoria do PXOM) nos que resulte preciso para evitar contradicións, as modificacións necesarias para emendar as deficiencias que respecto deles se expresaron no apartado II anterior.*

- *Unha vez corrixidos os citados documentos, e despois da súa aprobación polo Concello, serán elevados a este Consellería para a súa aprobación definitiva e incorporación ao PXOM ...)"*

Entre as áreas en suspenso atopábanse os núcleos rurais delimitados que figu-

raron na aprobación provisional do Concello, e que se citan nos escritos que se informan.

- En data 30/05/2008 o Concello notificou á empresa redactora do PXOM, Consultora Galega SL, a resolución de aprobación definitiva parcial e a necesidade de introducir na documentación as modificacións necesarias para evitas as contradicións e emendar as deficiencias que se citan no apartado II da Orde, encargando a elaboración da documentación necesaria.

- Entre os meses de maio e decembro de 2008, o equipo redactor e os servizos técnicos municipais traballaron, en contactos cos servizos técnicos da Consellería, para a elaboración da documentación necesaria para subsanar todas as deficiencias observadas pola Xunta na aprobación definitiva parcial, e que comprendían, ademais da solución dos núcleos rurais, outros aspectos citados na Resolución da Xunta de Galicia. Durante este tempo, a información que se facilitou aos veciños e asociacións das parroquias con núcleos afectados, foi a de comunicarlles o estado dos traballos e o avance das xestións coa Dirección Xeral de Urbanismo, por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo.

- En datas 16/01/2009 e 25/02/2009 o representante da mercantil "Consultora Galega S.L. presentou no rexistro da Xerencia de Urbanismo a documentación corrixida completa "ANEXO XUSTIFICATIVO DO CUMPRIMENTO DAS OBSERVACIONS FORMULADAS POLA CONSELLERIA DE POLITICA TERRITORIAL, OBRAS PUBLICAS E TRANSPORTES DA XUNTA DE GALICIA ATENDENDO A ORDE DE 16 DE MAIO DE 2008 SOBRE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DE VIGO (PONTEVEDRA)" que foi supervisada inicialmente no seu contido polos servizos técnicos municipais de planeamento é o obxecto deste informe.

- O 20/03/2009 o Plano do Concello aprobou a proposta de cumprimento da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 16.05.08 (DOG 3.06.08), contidas no documentación elaborada pola empresa "Consultora......."e acordou a remisión á Consellería para a súa aprobación definitiva.

- O 13/07/2009 díctase a Orde de aprobación definitiva polo Conselleiro de Medio ambiente, Territorio e Infraestrutura da Xunta de Galicia, que foi publicada no DOG nº 144, do 24.07.2009, e o 10 de setembro de 2009, no BOP

nº 175, publícase a normativa corrixida, incluíndo, entre outros aspectos, as fichas e delimitacións dos núcleos rurais que se mencionan nos escritos.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 18/01/2010. Sen actuacións posteriores.

**EXPEDIENTE 9/2009**

ASUNTO:

Queixa en relación coa derruba dunha vivenda, e parte de cerramento exterior por mor do risco a causa do temporal.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 28/01/2009; con data 12/02/2009, solicitou o preceptivo informe que se reitera o 18/03/2009, 23/04/2009, 18/05/2009, 18/06/2009, 23/07/2009, 18/08/2009, 16/09/2009, 19/10/2009, 18/11/2009, 11/12/2009,

REFLEXIÓNS:

Estamos ante un suposto que aparente unha falta de coordinación, e desatención por parte da administración máis próxima ao cidadán.

Unha finca na que se atopa unha pequena casa deshabitada, denunciada no seu día pola Asociación de Veciños, a vista da mesma procedeuse a realizar as tarefas de limpeza co correspondente, en tempo e forma.

O 27/01/2009, o propietario leu no Faro de Vigo unha noticia con fotografía na que se contemplaban os restos dunha edificación nunha súa que semellaba ser á súa propiedade, na información indicábase que se procedeu súa derruba así como parte do cerramento exterior por mor dos riscos a causa do temporal. A vistas do que se achegou a zona sinalada e comprobou que xa non tiña casa.

Indagou sobre o acontecido, veciños, prensa e Concello onde solicita copia dos informes, aínda non recibidos, e se lle comunica que os bombeiros, ao ser unha casa abandonada e ante o risco de derruba procederon a realizar a mesma.

O sorprendente e que os técnicos da Concellaría de Urbanismo estiveron aquela mañá (26 de xaneiro) na casa efectuando unha inspección a edificación

concluíndo que non existía perigo de derruba, proba diso foi que non se adaptou ningunha medida cautelar (aviso a propietarios, limitación de tráfico, sinal de risco, etc.).

As preguntas surxiu: entrada en propiedade privada sen autorización, existencia de informe técnico xustificativo quén ordenou a derruba, etc.).

RECOMENDACIÓNS:

Adopción das medidas pertinentes, e información ao respecto.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, 22/02/2010,23/03/2010, 28/04/2010, 21/05/2010, 22/06/2010, 22/07/2010. Con data 19/08/2010 recébese escrito da Concellaría de Urbanismo e Vivenda:

"O delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, D.........., con data 12/08/2010 ditou a seguinte resolución, que literalmente di así.

"Na data do 12/08/2010, emite informe a técnica de administración xeral no seguinte senso:

"Á vista dos diversos requirimentos de informe que se veñen realizando por parte do Valedor do Cidadán, á Concellaría de Urbanismo e Vivenda emítese o seguinte

INFORME

1. Na data do 01/02/2008 pola "Asociación de veciños de XXXXX" formúlase denuncia sobre o estado de perigo de derruba no que se atopan edificacións e muro da rúa Rola, núm. X, X, X, X e X da rúa Rola.

2. Na data do 13/02/2008, emítese informe con reportaxe fotográfica axunta polo inspector municipal, sobre o estado dos inmobles sitos na rúa Rola núm. X, X, X, X, X e X, achegando datos das propiedades e planos de situación obtidos do catastro.

Despréndese desta documentación que a propietaria dos núm. ................................ e literalmente establece o inspector en referencia aos

mesmos que "Para cumprir coa dilixencia do Negociado de Disciplina Urbanística realicei unha inspección o día 13/02/2008 aos locais situados na rúa Rola núm. X, X, X, X, X e X e comprobei que nese intre:

1. *Na edificación correspondente ao núm. X pódese ver que a cuberta está en mal estado con ocos, tanto na parte dianteira como na traseira. O patio traseiro está cheo de mato. Foto 1.*

2. *No núm. X o muro de peche e de bloques de formigón no que se poden apreciar dúas fendas que van desde a cimentación até o cumio. O interior está cheo de mato, tal e como se pode ver na Foto 2.*

3. *Os núm. X, X e X o único que teñen en pe son as fachadas e paredes medianeiras. Os ocos de potas e fiestras están tapiados e no interior están cheas de mato. Foto 3.*

4. *O n.º X está a propiedade chea de mato sen limpar. Foto 4.".*

3. Na data do 19/09/2008, polo Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda resolveuse incoar expediente de orde de execución baixo o núm. 14666/423 a D. ………., como propietario da parcela sita na rúa ……., como consecuencia das deficientes condicións de seguridade e ornato público nas que se atopaba a devandita parcela e outorgándolle un trámite de audiencia por prazo de dez días de cara a alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimase pertinentes en defensa dos seus dereitos. Esta resolución foi notificada ao interesado en data 06/10/2008, constando acuse de recibo no expediente. Por parte do propietario non foron presentadas alegacións.

4. Na data do 23/10/2008 resolveuse de maneira definitiva a orde de execución, concedéndolle ao propietario ……. o prazo de un mes para proceder a limpeza e posterior saneamento da finca e apercibindo ao interesado que, de non cumprimentar a orde descrita procederíase a súa execución forzosa. Esta resolución foi notificada ao interesado en data 07/11/2008, constando acuse de recibo no expediente.

5. Na data do 21/11/2008, achégase escrito por D. …… manifestando que recibida esta notificación e así mesmo unha notificación do servizo de sanidade municipal, que tamén lle requiría a limpeza da finca, xa procedeu a limpeza da mesma polo que solicita o arquivo deste expediente.

6. Na data do 22/04/2010 polo Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda procedeuse ao arquivo do expediente. Esta resolución foi notificada ao interesado en data 03/05/2010, constando acuse de recibo no expediente.

7. Na data do 14/06/2010, polo Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda resolveuse incoar novo expediente de orde de execución a D. ……., como propietario da parcela sita na rúa ……, como consecuencia das deficientes condicións de seguridade e ornato público nas que se atopa a devandita parcela e outorgándolle un trámite de audiencia por prazo de dez días de cara a alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimase pertinentes en defensa dos seus dereitos. Esta resolución foi notificada ao interesado en data 12/07/2010, constando acuse de recibo no expediente. Na data do 27/07/2010 foron presentadas alegacións.

8. Na data do 12/08/2010 resolveuse de maneira definitiva a orde de execución, desestimando as alegacións achegadas e ordenando a D. ……………., como propietario da finca situada na rúa …………………. con referencia catastral XXXXXXXXXXXX, que proceda á execución da totalidade das obras e actuacións sinaladas no apartado IV do informe técnico municipal do 23/04/2010, que concretamente son:

- Limpeza da maleza existente no predio, garantindo a hixiene do soar.

- Cercado do soar mediante peche situado na aliñación oficial, realizados con materiais que garantan a súa estabilidade e conservación en bo estado, segundo a indicado no artigo 6.10.19 do PXOM.

- Outras obras que se estimen necesarias para garantir a conservación e seguridade dos elementos construtivos do peche.

- Durante o transcurso das obras garantirase a adopción das medidas de seguridade necesarias cara aos espacios públicos.

9. Consultados os expedientes de ordes de execución abertos aos outros dous propietarios, constátase que dentro do expediente de orde de execución tramitado en concreto a …… baixo o núm. de expediente existe informe do oficial subxefe do servizo de bombeiros do Concello de Vigo de data 03/02/2009, sobre unha intervención con data 26/01/2009 polo perigo de derruba da estrutura dunha casa e os muros da finca. Esta inter-

vención, foi en todo caso realizada sobre outra propiedade que non é a do interesado.

## EXPEDIENTE 14/2009

ASUNTO:

Queixa en relación co trámite dunha licenza de cambio de titularidade nun establecemento comercial cunha actividade cualificada de perigosa. Indicase que o Concello de Vigo tramitou a citada licenza sen dar conta da mesma a veciñanza afectada, entendendo que se trataba dun simple cambio de titularidade, coando o que realmente se produciu foi un troco de condicións.

Existe unha solicitude de Medio Ambiente ante Urbanismo interesando se a actividade se axusta a licenza concedida en 1999, así como si os traballos realizados se axustan o contido de autorización inicial da actividade, subliñando que con carácter específico tería que facerse referencia a execución das medidas correctoras subliñadas na licenza de 1999.

Requiríase ademais verbo do cumprimento da vixente normativa urbanística en relación coa actividade e en particular sobre a maquinaria, instalacións, sistema de evacuación de fumes e gases pola cheminea interior, e sobre o acondicionamento acústico.

Indícase que a interesada inspección non se efectuou por técnico algún, senón por un ordenanza non contestándose as cuestións solicitadas, facéndose alusión a unha cheminea que discorre independentemente das vivendas, cando o caso é que a cheminea vai paralela ao ascensor co perigo que supón no caso de incendio.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 30/09/2009; con data 01/04/2009, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 04/05/2009, 04/06/2009, 02/07/2009, 18/08/2009, 16/09/2009, 19/10/2009, 28/11/2009, 18/11/2009, 14/12/2009.

REFLEXIÓNS.

Resulta unha falta de atención e axilidade e eficacia por parte de Urbanismo.

Non so afecta a temas de legalidade urbanística e a súa conseguinte disciplina; senón que maiormente, se obvian as posíbeis deficiencias medio ambientais tales como contaminación acústica, polución atmosférica e gases, así como posíbeis influencias agravatorias en caso de incendio.

Abonda con recordar que o medio ambiente é un dos poucos bens xurídicos que a Constitución expresamente menciona como obxecto de protección e tutela penal. Así o artigo 45, onde se recoñece o triple frente de protección; civil, penal e administrativo. O que lle importa ao cidadán e o día a día o normal acougo cotián, o respeto cívico do que deriva o gosto de vivir na cidade, que e unha das aspiracións que avala a Constitución.

RECOMENDACIÓNS:

Cumprimenta estrito das obrigas que a Administración ten co cidadá: unha administración receptiva, unha administración resolutiva. Somente así se acada unha xustificación por rendementos.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 22/02/2010,23/03/2010, 22/04/2010, 21/05/2010, 22/06/2010, 22/07/2010, 25/08/2010, 21/09/2010, 21/10/2010, 24/11/2010, 16/12/2010.

## EXPEDIENTE 20/2009

ASUNTO:

Queixa en relación cunha solicitude-denuncia da maior urxencia a fin de que se comprobe, mediante inspección técnica. Si existe ou non licenza para unha actividade industrial.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 11/05/2009, coa mesma data solicítase o preceptivo informe que se reitera o 18/06/2009, 23/07/2009, 18/08/2009, 16/09/2009, 19/10/2009, 18/11/2009, 11/12/2009.

REFLEXIÓNS.

Estamos ante un suposto de claro abandono ante as inconveniencias e molestias que están a padecer uns cidadáns que teñen dereito a desfrutar da súa vivenda e ser protexidos ante as posíbeis ilegalidades cometidas nun acondicionamento.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores,

Con data 03/02/2010 recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo-Licenzas no que informa:

*"En relación á queixa formulada ante esa institución por ....... sobre a demora no outorgamento da licenza de obra promovida pola interesada para construír un peche na avenida do Aeroporto, s/expte. 20/2009, teño a honra de informar o seguinte:*

- *Solicita a licenza de obras con data 9 de maio de 2008, no que recae informe técnico con data 19 de xuño de 2008.*
- *Con data 10 de xullo de 2008 requírese á interesada para que presente acta de liña e rasante. A notificación foi recibida pola interesada con data 17 de xullo de 2008.*
- *A Sra. non presenta a acta de liña e rasante até o día 28 de xaneiro de 2009.*
- *Con data 20 de marzo de 2009 o arquitecto técnico municipal emite informe polo novo Plan xeral de ordenación municipal.*
- *O delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, con data 30 de abril de 2009, resolve autorizar a dona para construír, conforme aos informes obrantes no expediente e segundo a acta de liña e rasante, un peche de 30 ml na avenida, nunha parcela clasificada como solo urbano consolidado no PXOM e cualificada coa ordenanza 10 grao 1º.*
- *A anterior resolución foi notificada á solicitante con data 12 de maio de 2009.*

*Polo exposto, comunícaselle unha vez máis que a licenza xa se outorgou por resolución de data 30 de abril de 2009 e foi notificada en man, tal e como consta no expediente, en data 12 de maio de 2009."*

Do que se dá cumprida información á interesada o 04/02/2010. Sen máis incidencias.

**EXPEDIENTE 23/2009**

ASUNTO:

Queixa en relación coa solicitude, presentada o 08/05/2008, para a realización dun peche tendo presentada a totalidade da documentación requirida, pagamento das taxas, e conformidade de informes, sen recibir respostas.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 21/04/2009, con data 21/04/2009 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 23/07/2009, o 18/08/2009, 19/10/2009, 18/11/2009, 11/12/2009.

REFLEXIÓNS:

Nunha vez máis a falta de axilidade e eficacia ponse de manifesto.

A interesada ten realizado numerosas visitas as dependencias de Urbanismo onde sempre se lle di:

"en quince días terá a licenza"; esta demora esta lle a producir danos nos materiais adquiridos (cemento, area, etc).

Na última visita efectuada (17/04/2009) infórmanlle: "falta unha sinatura", e así constantemente.

Durante o ano 2010 déronse as seguintes actuacións:

Con data 21/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 22/02/2010, 22/03/2010, 22/04/2010, 21/05/2010, 22/06/2010, 22/07/2010, 25/08/2010, 21/09/2010, 21/10/2010, 24/11/2010.

**EXPEDIENTE 26/2009**

ASUNTO:

Queixa en relación cunha denuncia por reformas nunha cuberta levando o tellado dunha vivenda, incoándose o correspondente expediente de protección da legalidade urbanística en outubro de 2007. En marzo de 2009 o interesado solicita información sobre o que esta a suceder, sen resposta.

SITUACIÓN.

Queixa presentada o 11/05/2009; coa mesma data solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 22/07/2009, 18/08/2009, 16/09/209, 19/10/2009, 18/11/2009, 11/12/2009.

REFLEXIÓNS:

Entre as boas practicas das administracións, entre outras, figura o tratamento dos asuntos dentro de prazos razoábeis e de xeito imparcial e equitativo.

O modelo Europeo de Excelencia fai mención específica da eficacia e á axilidade en orde a dar respostas axeitadas ás demandas do contorno.

RECOMENDACIÓNS.

Todo organismo público ten que acadar a súa credibilidade a través dos rendementos.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 20/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 22/02/2010, 23/03/2010, 22/04/2010, 21/05/2010, 22/06/2010, 22/07/2010, 25/08/2010, 21/09/2010, 21/10/2010, 24/11/2010, 16/12/2010.

**EXPEDIENTE 27/2009**

ASUNTO:

Queixa en relación coas dificultades que se lle presentan a persoas afectadas de deficiencia para acceder a establecementos comerciais e de outra índo-

le, accesibilidade que non se está a ter en conta nas chamadas obras de humanización.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 11/05/2009; coa mesma data solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 23/06/2009, 23/07/2009, 19/08/2009, 17/09/2009, 22/10/2009, 17/11/2009.

REFLEXIÓNS:

A necesidade de COTA CERO é unha evidencia, de sentido común, amplamente recollida nas Leis europeas estatais e autonómicas.

Así a Lei 9/1997, de 20 de agosto, e o Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución daquela na Comunidade Autónoma de Galicia.

Xa antes a Constitución Española, no seu artigo 49, sinala a realización de políticas de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos e psíquicos aos que se prestará atención especializada que requiran e os ampararán especialmente para o desfrute dos dereitos que a mesma constitución lle outorgue.

No ámbito local a Lei de Bases de Réxime Local (Lei 7/1985 de 3 de abril) no artigo 25.k, impón a obriga de prestar Servizos Sociais, e de promoción e inserción social.

Tamén a Lei 13/1982 (previamente xa establece competencias específicas para integración social destes colectivos (artigos 56 o 60) a previsión de plans de adaptación das vías públicas, accesos, aparcamentos, mediante a obriga de destinar un porcentaxe dos seus presupostos a tales fines.

RECOMENDACIÓN:

Compartir e colaborar coa iniciativa privada en tarefas de integración social, asesorando, coordinando, planificando e participando economicamente.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 22/02/2010, 23/03/2010, 22/04/2010, 21/05/2010.

Con data 12/06/2010, recíbese escrito de Oficina de Supervisión de Proxectos no que informa que por esa oficina realízanse obras de Humanización en rúas xa existentes con edificacións xa consolidades, o cal fai imposíbel, en moitos casos, deixar todos os accesos perniles enrasados coa beirarrúa, e dicir, unha cota cero entre a beirarrúa e o portal. En todas as obras, inténtase minimizar as barreiras arquitectónicas existentes entre a beirarrúa e os inmobles, e suprímense as barreiras arquitectónicas a nivel dos pasos de peóns novos que se executen con este tipo de proxectos.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 16/06/2010. Sen incidencias posteriores.

**EXPEDIENTE 38/2009**

ASUNTO:

Queixa en relación cun establecemento dedicado hostalería, sen licenza de apertura, que ten en funcionamento un forno, debaixo do dormitorio da interesada producindo unha calor insoportábel, así coma un cheiro e gases molestísimos ademais do funcionamento dos motores até as dúas da madrugada.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 02/07/2009; con data 21/07/2009; con data 21/07/2009 solicítase o preceptivo informe, e o 25/08/2009.

Con data 18/09/2009, recíbese informe de Medio Ambiente no que indica que desde o 07/09/2009, estanse a facer as xestións pertinentes coa Concellaría de Urbanismo (certificacións técnicas que acrediten as condicións do local), en canto ao tema sobre ruídos de cadeiras e mesas xa deu parte a seguridade para que se efectúen as inspeccións pertinentes. Do que se deu cumprida información á interesada o 21/09/2009.

Con data 28/10/2009, solicitouse información actualizada ao respecto, que se recibe o 06/11/2009, indicando que se ten solicitado informe a Urbanismo, e tamén a Policía Local, do que se dá cumprida información á interesada o 10/11/2009, indicándolle que en datas vindeiras instarase información actualizada;o que se fai o 11/12/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 11/01/2010 dirixímonos a Urbanismo e Vivenda seguindo as instruccións de Medio Ambiente solicitando información ao respecto, petición reiterada o 24/03/2010, 24/04/2010, 01/06/2010, 24/06/2010, 26/07/2010, 25/08/210, 13/09/2010, 21/10/2010, 24/11/2010, 16/12/2010.

## EXPEDIENTE 57/2009

ASUNTO

Queixa en relación cun edificio a considerar como "conservábel", no que se pretende instalar un ascensor que obrigaría a acurtar uns centímetros a escaleira e a adaptar a varanda ao novo oco resultante.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/10/2009; con data 19/10/2009 solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Urbanismo que se reitera o 04/12/2009.

Con data 21/01/2010 reiterase pedimento informativo que se recibe o 03/02/2010 e no que se indica o seguinte:

*"En relación ao seu expediente 57/2009, de queixa formulada ante esa Institución por Dª............ con enderezo no número ...........DE....., teño a honra de informar o seguinte:*

*Enténdese que o inmoble no que se solicita a instalación do ascensor é o sinalado co número …….., pois logo de consultar a aplicación informática semella que se refire a este edificio.*

*A comunidade de propietarios da……………………..presenta no Rexistro Xeral da Xerencia de Urbanismo consulta previa para a instalación dun ascensor no citado edificio, propoñendo a reduccion do ancho actual da escaleira, segundo proxecto redactado polo arquitecto don ……………, visado polo colexio profesional con data 2 de xuño de 2009.*

*O proxecto citado foi informado pola aparelladora municipal da oficina de Barrios Históricos con data 31 de agosto de 2008, ao emprazarse o inmoble no ámbito do Plan especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar, PEEC I-12, aprobado definitivamente con data 25 de outubro de 1990 (BOP 17 de xaneiro de 1991), concretamente no cuarteirón número 1*

*do citado PEEC e está incluído no seu catálogo con nivel de protección estrutural*

*Nestes casos establécese o trámite de consulta previa á solicitude de licenza, dirixido á Comisión de seguimento do PEEC e PEPRI de Bouzas, a quen lle corresponde asesorar ao Concello en todas as materias relacionadas co correcto desenvolvemento destes plans e cos elementos incluídos nos catálogos complementarios co fin de garantir o axuste da obra que se vaia realizar co previsto normativamente.*

*Con data 16 de setembro de 2009 formúlase á Comisión de seguimento do PEEC-PERI Casco Vello proposta de realizar visita de comprobación e someter á súa consideración a citada consulta previa, co obxecto de determinar se, de conformidade co disposto nos parágrafos 3, 6.3, 7.2 e 8.5 das normas urbanísticas do PEEC, existe algún elemento do inmoble susceptíbel de ser protexido.*

*O día 7 de outubro de 2009 persóase a Comisión no lugar de referencia, realizando visita ao edificio, comprobando que a escaleira e o espazo no que se desenvolve son de gran valor para non seren alterados.*

*A Comisión de seguimento do PEEC-PERI Casco Vello, en sesión do 8 de outubro de 2009, acorda informar desfavorabelmente a solicitude de licenza presentada pola comunidade de propietarios da rúa………………… en canto a instalación destrúe parte da escaleira protexida polo PEEC e ademais impide a entrada da luz cenital."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 04/03/2010.

Con data 01/03/2010, a interesado formula alegacións ao informe anterior que se trasladou integramente a Concellaría de Urbanismo e Vivenda o 02/03/2010 facendo pola nosa parte unha serie de consideracións sobre rehabilitación e integración dos diminuídos, preparando unha revisión do expediente en cuestión; que se reitera o 14/09/2010, e o 19/10/2010, 18/11/2010, 16/12/2010.

REFLEXIÓNS

As manifestadas pola interesada que se refiren a que o seu marido so goza de visión nun ollo, un 5%, debido a un accidente; a realización das obras tal como se pretende impediríalle unha accesibilidade e seguridade diaria que polo de agora ven tendo.

## EXPEDIENTE 68/2009

ASUNTO:

Queixa en relación coa falta de atención que lle ven ofrecendo a Concellaría, en relación cunhas obras, realizadas sen licenza e ilegalizábeis, que se están a facer encostadas á súa vivenda.

SITUACIÓN:

Queixa recibida o 28/10/2009, con data 29/10/2009 solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Urbanismo e Vivenda, que se reitera o 04/12/2009.

REFLEXIÓNS

Resulta decepciónante que o 19/09/2006 se dite resolución acordando a incoación do expediente de protección da legalidade urbanística e que tres anos despois o promotor da queixa siga implorando a protección dos seus dereitos sen que se lle preste a atención debida.

Unha vez mais a validación da eficacia por rendemento deixa moito que desexar.

As Administracións públicas ademais de intelixentes teñen que ser receptivas e resolutivas. A observancia da realidade social será punto de partida ineludíbel de toda posterior consideración.

RECOMENDACIÓN:

Aplicar o Código de Boa Conduta Administrativa: dilixencia, decisións en prazo razoábel.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 23/03/2010, 22/04/2010, 21/05/2010, 22/06/2010, 22/07/2010, 25/08/2010, 21/09/2010, 21/10/2010, 24/11/2010, 16/12/2010.

## EXPEDIENTE 71/2009

ASUNTO:

Queixa en relación coa denegación dun expediente dunha obra declarada ilegal.

SITUACIÓN.

Queixa presentada o 02/11/2009; con data 4/11/2009, solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Urbanismo e Vivenda, que se reitera o 15/12/2009.

REFLEXIÓNS.

Estamos ante a petición dun expediente que non se pon de manifesto.

Tense que considerar que todos os cidadáns teñen dereito a petición individual (artigo 29 da Constitución Española); estas peticións son graciábeis non fundadas en dereito subxectivo, pero atendendo a normas específicas recoñecidas, a Lei 30/1992, non seu artigo 35.a) recoñece o dereito a coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que sexa interesado obter copias dos documentos contidos neles, no apartado g) citase a obtención de información e orientación que as disposicións vixentes impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar, no apartado i) explicítase ao respecto a deferenza a que o cidadán ten dereito.

Desde outra perspectiva legal tense que considerar o disposto no Real Decreto 208/1996, de 9 de febreiro, que non seu artigo 2 explícita a información administrativa relativa a identificación, competencia, estrutura, funcionamento de organismos e unidades administrativas, a referida aos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes cos cidadáns se propoñan realizar, a referente a tramitación de procedementos aos servicios públicos e prestacións, así como a calesquera outros datas que aquelas teñan necesidade de coñecer nas súas relacións coas Administracións públicas, no seu conxunto ou con algún dos seus ámbitos de actuación.

A información xeral facilitarase obrigatoriamente aos cidadáns sen esixir para elo acreditacións de lexitimación algunha.

O cidadán ten dereito a que se removan os obstáculos, que impiden ou dificulten a súa plenitude, facilitándoselle a participación na vida política, económica, cultural e social (artigo 9 da C.E.).

Por outra banda o Código Europeo de Boa Conduta Administrativa establece, entre outros, os principios de actuacións imparciais, xustas e razoábeis, así como a dilixencia, corrección, cortesía e accesibilidade, corrixindo os efectos negativos da forma máis rápida posíbel, decisións motivadas, etc.

RECOMENDACIÓNS:

A administración ten que ter un comportamento exemplar o que se acada mediante o cumprimento exquisito dunha das normas que ela mesma redacta e publica.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 28/01/2010 recíbese información de Xerencia Municipal de Urbanismo no que se indica o seguinte:

*"En contestación ao escrito remitido o 2.11.09 polo Valedor do Cidadán, solicitando información sobre o obxecto dos expedientes, tense que informar o seguinte:*

- *O 17.03.08 don presenta escrito no que se formula denuncia urbanística pola construción dunha obra consistente na adición dunha planta nas terrazas existentes no edificio situado na rúa - O 18.03.08 don e don formulan denuncia en igual sentido.*

- *No expediente de reposición á legalidade urbanística se practicaron (entre outras) as seguintes dilixencias:*

  - *Informe do delineante municipal de 11.04.08.*

  - *Informe da arquitecta municipal de 21.04.08.*

  - *Informe xurídico da técnica de administración xeral de 21.04.08.*

  - *Resolución do Delegado de urbanismo e vivenda a de 21.04.08 de paralización e incoación de expediente de reposición á legalidade urbanística.*

  - *Informe do inspector de urbanismo de 10.06.08.*

  - *Dilixencia e anuncio de publicación da Resolución do Delegado de*

*urbanismo e vivenda no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP número 211, de 30 de outubro de 2008).*

- *Informe do arquitecto municipal o 16.10.08.*
- *Informe do inspector municipal o 29.10.08.*
- *Resolución de precinto de obra ilegal de data 6.11.08.*
- *Resolución do Delegado de urbanismo e vivenda de data 2.12.08 polo que se declaran as obras como realizadas sen licenza e incompatíbeis co planeamento vixente. Así mesmo, se acorda a derruba das mencionadas obras.*
- *Publicación da Resolución anterior no Boletín Oficial da Provincia (BOP núm. 247, de 22 de decembro)..*
- *Informe do inspector municipal o 11.12.08.*
- *Acta de precinto da obra asinada polo secretario da Xerencia municipal de urbanismo, a técnico da administración xeral e os axentes números XXX e XXX.*

*- Co número se tramitou expediente sancionador urbanístico que rematou coa Resolución do Delegado de urbanismo e vivenda de data 15.04.09 de imposición dunha sanción de 20.000 euros. A mencionada Resolución tivo que ser publicada no BOP o 12.06.09.*

*Por último, por Resolución de 1.04.09 do Delegado de urbanismo e vivenda, se acordou a execución subsidiaria das obras de derruba. A Resolución foi publicado no BOP de Pontevedra o 13.05.09, no número 89.*

*Por acordo do Consello da Xerencia municipal de urbanismo de data 12.11.09 se incoou expediente de contratación das obras de derruba cun orzamento de execución por contrata de 65.005,29 euros.*

*Proximamente, se procederá a aprobación do expediente de contratación e pregos de cláusulas administrativas ao abeiro do establecido na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.*

*(DPP)"*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 29/01/2010, indicándolle que, en datas vindeiras solicitárase nova información actualizada o que se fai o 15/02/2010, e, de novo, o 23/03/2010, 22/04/2010, 21/05/2010, 22/06/2010, 22/07/2010, 25/08/2010, 21/09/2010, 21/10/2010, 24/11/2010, 16/12/2010.

## CAPITULO IX.- XESTION MUNICIPAL

### EXPEDIENTE 44/2009

ASUNTO:

Queixa en relación con desamparo en que se atopa o cidadán por mor dunha caída con lesións.

O interesado solicita o resarcimento de danos o 30/12/2008, case cinco meses despois recibe do servizo competente escrito por resolvendo a inadmisibilidade da reclamación por canto o Concello de Vigo carece de lexitimidade pasiva ao non ostentar a titularidade da vía onde ocorreu o sinistro, nin ter asumido título competencias algún respecto a conservación e mantemento da mesma, dando traslado de reclamación a Autoridade Portuaria do Porto de Vigo aos efectos da súa tramitación se resultase pertinente.

A citada Autoridade Portuaria con data 01/06/2009 comunícalle ao interesado que se procedeu a trasladar a reclamación ao Concello de Vigo por non ser competencia daquela, e coa mesma data a citada Autoridade comunica ao Concello de Vigo que a súa en cuestión non pertence a zona de servizo da Autoridade Portuaria como así estipula o "cuarto proxecto reformado da zona do Servizo do Porto de Vigo".

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 20/07/2009, con data 22/07/2009 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 25/08/2009, 30/09/2009, con data 15/10/2009, recíbese escrito de Patrimonio e Concentración no que declara nula a resolución pola que se declaraba incompetente, e inicia de novo a tramitación de expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial, o que se da traslado ao interesado o 21/10/2009 subliñando que en datas vindeiras instarase información actualizada ao respecto, o que se fai o 11/12/2009. Con data 30/12/2009, recíbese nova información sobre a tramitación do expediente do que se dá cumprida información ao interesado coa mesma data.

REFLEXIÓNS:

Na solicitude de informe puntualizase que independentemente do disposto nos artigos 139, 140, 141, da Lei 30/1992, sobre principios de responsabilidade patrimonial, responsabilidade concorrente e indemnización a prioridade ven dada, no momento actual, pola doutrina da Carta Europea de Autonomía Local que promove unha administración municipal máis eficaz e máis próxima ao cidadán co ánimo de mellorar o espazo público colectivo para todos sen distinción de ningunha clase, neste ámbito tense como unha das medidas prioritarias o equipamento urbano que dependerán do nivel administrativo máis cercano a poboación unha administración que debe fomentar a solución extraxudicial dos conflitos, incluídos os administrativos.

RECOMENDACIÓN:

Retomar as actuacións áxiles e eficaces que facilitan a validación das accións públicas pola simple vía dos rendementos

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/02/2010 solicítase actualizada do expediente de referencia que se recibe o 08/02/2010 indicando que o mesmo está pendente de valoración de danos pola asesoría médica do que se dá cumprida información ao interesado o 08/03/2010.

Con data 22/04/2010, solicítase información actualizada que reitérase o 21/05/2010. Con data 09/06/2010 recíbese escrito de Danos Patrimoniais no que informa que o expediente atópase pendente de resolución téndose outorgado Trámite de Audiencia o interesado, non tendo rematado o prazo para facer alegacións.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 09/06/2010.

Con data 22/07/2010 solicítase información actualizada e de novo o 18/08/2010, 14/09/2010, 19/10/2010. Con data 26/10/2010, recíbese escrito de Danos Patrimoniais no que informa que o expediente resólvese favorabelmente.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 27/10/2010.

**EXPEDIENTE 80/2009**

ASUNTO:

Responsabilidade Patrimonial, por mor dunha caída unha vía pública que produce lesións.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 10/12/2009; con data 14/12/2009 solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 22/12/2009 do que informe de valoración de danos, o que se lle participa o 28/12/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 18/02/2010 solicítase información actualizada en relación co informe de valoración de danos que se recibe o 08/03/2010 indicando que se procedeu a dar ao interesado o Trámite de audiencia, non constando alegacións polo que se procederá a resolver polo seu número de orde, en canto sexa posíbel, o que se comunica ao interesado o 08/03/2010.

Con data 22/04/2010 solicítase información actualizada, de se lo caso que se reitera o 20/05/2010, recibíndose o 09/06/2010 informándose o seguinte:

*"En resposta aos seus escritos de datas 21 maio 2010(nº saída 518) e 12 maio 2010 (nº saída 501-34/2010), interesando informe sobre o expediente a nome de xx, e como continuación á información xa facilitada anteriormente, cumpre sinalar o seguinte:*

*O expediente de referencia foi iniciado mediante reclamación formulada polo interesado en data 28 xullo de 2009, notificándoselle a apertura do mesmo o 24 de setembro 2009 na que se lle sinalaba entre outros aspectos que o prazo para a súa resolución é de doce meses.*

*Por resolución do Concelleiro Delegado da área de Xestión municipal de data 3 de maio de 2010 resolveuse dita reclamación desestimándoa, tal e como xa ten coñecemento esa Institución.*

*No que refírese á falta de proba do nexo de causalidade entre o presunto accidente e o funcionamento dun servizo público municipal, informarlle que, do expediente tramitado resulta a solicitude formulada ao*

*reclamante do mesmo para a proposición daqueles medios de proba que tivese por conveniente, de acordo co disposto na art. 6 do RD 429/1993 polo que se aproba o Regulamento do procedementos da AA PP en materia de Responsabilidade Patrimonial, non constando proposición de proba algunha.*

*Así mesmo, tampouco formula alegación nin achega de documentación no Trámite de audiencia que ao efecto foille outorgado a este.*

*Finalmente, a teor da documentación achegada polo reclamante e os informes e trámites de oficio practicados no expediente, ditouse en prazo e de xeito motivado a resolución correspondente.*

*Na actualidade foi presentado polo interesado recurso de reposición contra dita resolución o pasado 26 do mes en curso, atopándose pendente de resolución.*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 09/06/2010, indicándolle que, en datos vindeiros, solicitarase información actualizada ao respecto, o que se fai o 22/07/2010 solicítase información actualizada, e de novo o 18/08/2010, 14/09/2010, e o 18/08/2010, 14/09/2010, 19/10/2010, recibíndose a información o 22/10/2010, no que se di que o recurso de reposición, foi resolto e que o interesado recorreu a vía contenciosa-administrativa, polo que se da o expediente por pechado, e así se lle comunica o 25/10/2010..

## EXPEDIENTE 82/2009

ASUNTO:

Factura pendente de pago Reconquista 2004.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 14/12/2004, coa mesma data solicítase o preceptivo informe.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reiterouse o pedimento informativo anterior que se recibe o 05/02/2010 e no que se indica que o expediente de pago está xa nas depen-

dencias das oficinas de intervención para que se efectúe o pago correspondente, comprobándose que o mesmo foi efectuado o 25/01/2010.

Sen incidencias posteriores.

# RESUMO ESTATÍSTICO

| | |
|---|---|
| **ÁREA DE CULTURA** | **1** |
| Atención na Biblioteca Pública | 1 |

| | |
|---|---|
| **ÁREA DE DEPORTES** | **1** |
| Atención instalacións deportivas | 1 |

| | |
|---|---|
| **ÁREA DE GABINETE ALCALDIA** | **1** |
| Desfrute Pazo de Castrelos | 1 |

| | |
|---|---|
| **ÁREA DE MEDIO AMBIENTE** | **5** |
| Acumulación desperdicios | 2 |
| Contaminación acústica | 3 |

| | |
|---|---|
| **AREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ** | **4** |
| Asociacións veciños | 1 |
| Varios | 3 |

| | |
|---|---|
| **ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE** | **14** |
| Sanción Tráfico | 8 |
| Servizos Vitrasa | 4 |
| Dificultades peóns | 1 |
| Tarxetas Casco Vello | 1 |

| | |
|---|---|
| **ÁREA SERVIZOS XERAIS** | **4** |
| Factura Aqualia | 2 |
| Prevención riscos | 1 |
| Filtracións por obras | 1 |

| | |
|---|---|
| **ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA** | **10** |
| Modificacións PXOM | 1 |
| Derrube dunha casa | 1 |
| Obras Perigosas | 1 |
| Demoras licenzas | 2 |
| Danos allea | 1 |
| Problemas minusválidos | 1 |
| Obras sen licenza | 2 |
| Denegación expediente | 1 |

| | |
|---|---|
| **AREA XESTIÓN MUNICIPAL** | **3** |
| - Responsabilidade Patrimonial | 2 |
| - Factura pendente pagamento | 1 |
| **TOTAL EXPEDIENTES** | **43** |

| **REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS** | |
|---|---|
| MOBILIDADE E SEGURIDADE | 32,55 % |
| URBANISMO E VIVENDA | 23,25 % |
| MEDIO AMBIENTE | 11,62 % |
| PARTICIPACIÓN CIDADÁ | 9,30 % |
| SERVIZOS XERAIS | 9,30 % |
| XESTIÓN MUNICIPAL | 6,97 % |
| CULTURA | 2,32 % |
| DEPORTES | 2,32 % |
| GABINETE ALCALDIA | 2,32 % |

# REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2009 CON INCIDENCIAS NO ANO 2006

## ÁREA DE CULTURA

| QUEIXA | MOTIVO | PETICIÓN INFORME | RECEPCIÓN INFORME |
|---|---|---|---|
| 73/2009 | Falta de atención na Biblioteca Pública | 21/01/2010 | 05/02/2010 |

## ÁREA DE DEPORTES

| QUEIXA | MOTIVO | PETICIÓN INFORME | RECEPCIÓN INFORME |
|---|---|---|---|
| 76/2009 | Falta de atención nas instalacións deportivas | | 26/01/2010 |

## ÁREA DE GABINETE DE ALCALDIA

| QUEIXA | MOTIVO | PETICIÓN INFORME | RECEPCIÓN INFORME |
|---|---|---|---|
| 70/2009 | Desfrute Pazo de Castrelos | 21/01/2010 | |
| | | 22/03/2010 | 02/03/2010 |
| | | 15/03/2010 | 16/03/2010 |

## ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

| QUEIXA | MOTIVO | PETICIÓN INFORME | RECEPCIÓN INFORME |
|---|---|---|---|
| 4/2009 | Contaminación por acumulación de lixo | 12/01/2010 | |
| | | 17/02/2010 | 08/03/2010 |
| | | 22/04/2010 | |
| | | 11/05/2010 | 15/05/2010 |
| | | 16/06/2010 | 23/06/2010 |
| | | 25/08/2010 | 15/07/2010 |
| | | 23/09/2010 | |
| | | 19/10/2010 | |
| | | 18/11/2010 | |
| | | 14/12/2010 | |
| 40/2009 | Estado calamitoso dunha propiedade | 12/01/2010 | 15/05/2010 |
| 42/2009 | Contaminación acústica | 12/01/2010 | 22/01/2010 |
| | | 24/02/2010 | 31/03/2010 |
| | | 22/04/2010 | 31/05/2010 |
| | | 28/06/2010 | 13/07/2010 |
| | | 26/07/2010 | 02/08/2010 |
| 64/2009 | Contaminación acústica | 17/02/2010 | 08/03/2010 |
| | | | 05/04/2010 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 82/2009 | Contaminación acústica | 21/01/2010 | 24/02/2010 |
| | | 24/03/2010 | |
| | | 28/04/2010 | 06/05/2010 |
| 84/2009 | Contaminación acústica | 21/01/2010 | |
| | | 24/03/2010 | 24/03/2010 |
| | | 28/04/2010 | 06/05/2010 |
| | | 03/06/2010 | 14/06/2010 |

## ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

| QUEIXA | MOTIVO | PETICIÓN INFORME | RECEPCIÓN INFORME |
|---|---|---|---|
| 12/2009 | Sanción de Trafico | 12/01/2010 | |
| | | 22/02/2010 | |
| | | 23/03/2010 | |
| | | 19/04/2010 | |
| | | 21/05/2010 | |
| | | 17/06/2010 | |
| | | 15/07/2010 | |
| | | 17/08/2010 | |
| | | 14/09/2010 | 05/06/2010 |
| 30/2009 | Demora servizos de Vitrasa | 12/01/2010 | |
| | | 22/02/2010 | |
| | | 23/03/2010 | |
| | | 19/04/2010 | |
| | | 21/05/2010 | |
| | | 17/06/2010 | |
| | | 15/07/2010 | |
| | | 17/08/2010 | |
| | | 14/09/2010 | |
| | | 14/10/2010 | |
| | | 10/11/2010 | |
| | | 16/12/2010 | |
| 45/2009 | Embargo por sanción de trafico | 12/01/2010 | 29/01/2010 |
| 47/2009 | Sanción de trafico | 12/01/2010 | |
| | | 22/02/2010 | |
| | | 23/03/2010 | |
| | | 19/04/2010 | |
| | | 17/05/2010 | |
| | | 17/06/2010 | |
| | | 15/07/2010 | |
| | | 17/08/2010 | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | 14/09/2010 | |
| | | 14/10/2010 | |
| | | 10/11/2010 | |
| | | 16/12/2010 | |
| 50/2009 | Sanción de trafico | 05/04/2010 | 27/04/2010 |
| 52/2009 | Sanción de trafico | 12/01/2010 | 16/03/2010 |
| | | 22/02/2010 | 56/2009 |
| Tarifas especiais familias numerosa sen transporte público | | 27/01/2010 | |
| | | 22/02/2010 | |
| | | 23/03/2010 | |
| | | 19/04/2010 | |
| | | 21/05/2010 | |
| | | 15/07/2010 | |
| | | 17/08/2010 | |
| | | 14/09/2010 | |
| | | 14/10/2010 | |
| | | 10/11/2010 | |
| | | 16/12/2010 | |
| 67/2009 | Situación paradas autobús | 12/01/2010 | |
| | | 22/02/2010 | |
| | | 23/03/2010 | |
| | | 19/04/2010 | |
| | | 21/05/2010 | |
| | | 17/06/2010 | |
| | | 15/07/2010 | |
| | | 17/08/2010 | |
| | | 14/09/2010 | |
| | | 14/10/2010 | |
| | | 10/11/2010 | |
| | | 16/12/2010 | |
| 72/2009 | Incumprimento paradas de Vitrasa | 27/01/2010 | |
| | | 22/02/2010 | |
| | | 23/03/2010 | |
| | | 22/04/2010 | |
| | | 21/05/2010 | |
| | | 29/06/2010 | |
| | | 22/07/2010 | |
| | | 18/08/2010 | |
| | | 14/09/2010 | |
| | | 19/10/2010 | |
| | | 18/11/2010 | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | 16/12/2010 | 22/01/2010 |
| 74/2009 | Sanción de tráfico | 12/01/2010 | |
| | | 22/02/2010 | 16/03/2010 |
| 75/2009 | Cobro indebido na máquina ORA | 12/01/2010 | |
| | | 22/02/2010 | |
| | | 05/04/2010 | |
| | | 28/04/2010 | |
| | | 01/06/2010 | |
| | | 28/06/2010 | |
| | | 27/07/2010 | |
| | | 25/08/2010 | |
| | | 23/09/2010 | |
| | | 26/10/2010 | |
| | | 24/11/2010 | |
| | | 16/12/2010 | 16/03/2010 |
| 79/2009 | Dificultades para peóns | 12/01/2010 | |
| | | 22/02/2010 | |
| | | 07/06/2010 | |
| | | 13/07/2010 | |
| | | 07/09/2010 | |
| | | 08/10/2010 | |
| | | 09/11/2010 | |
| | | 16/12/2010 | 02/03/2010 |
| 81/2009 | Sanción de Tráfico | 12/01/2010 | |
| | | 18/01/2010 | |
| 83/2009 | Renovación tarxetas casco vello | | 18/01/2010 |

## ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

| QUEIXA | MOTIVO | PETICIÓN INFORME | RECEPCIÓN INFORME |
|---|---|---|---|
| 61/2009 | Varios temas de ámbito municipal | 18/02/2010 | 08/03/2010 |
| | | | 05/05/2010 |
| 65/2009 | Recoñecemento varias execucións fiscais. | | 18/01/2010 |
| 85/2009 | Asociación Veciñal | 18/03/2010 | 05/02/2010 |
| | | 22/04/2010 | 16/02/2010 |
| | | | 11/05/2010 |

## ÁREA DE SERVIZOS XERAIS

| QUEIXA | MOTIVO | PETICIÓN INFORME | RECEPCIÓN INFORME |
|---|---|---|---|
| 55/2009 | Obras de rede de esgotos na vía | 12/01/2010 | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | públicas en medidas de prevención de riscos. | 18/02/2010<br>23/03/2010<br>12/04/2010<br>12/05/2010 | 18/05/2010 |
| 62/2009 | Filtracións a consecuencia das obras na rúa publica | | 15/01/2010 |
| 77/2009 | Anomalías facturación Aqualia | | 04/01/2010<br>16/03/2010 |
| 78/2009 | Anomalías facturación Aqualia | 21/01/2010<br>22/02/2010 | 16/03/2010 |

## ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA

| QUEIXA | MOTIVO | PETICIÓN INFORME | RECEPCIÓN INFORME |
|---|---|---|---|
| 03/2009 | Modificacións POXM | | 15/01/2010 |
| 09/2009 | Derruba dunha casa | 21/01/2010<br>22/02/2010<br>23/03/2010<br>28/04/2010<br>21/05/2010<br>22/06/2010<br>22/07/2010 | 19/08/2010 |
| 14/2009 | Modificacións perigosas nun local comercial | 21/01/2010<br>22/02/2010<br>23/03/2010<br>22/04/2010<br>21/05/2010<br>22/06/2010<br>22/07/2010<br>25/08/2010<br>21/09/2010<br>21/10/2010<br>24/11/2010<br>16/12/2010 | |
| 20/2009 | Demora na licenza para unha obra | 21/01/2010 | 03/02/2010 |
| 23/2009 | Demora na realización dunha inspección en actividade industrial | 21/01/2010<br>22/02/2010<br>22/03/2010<br>22/04/2010<br>21/05/2010<br>22/06/2010<br>22/07/2010 | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | 25/08/2010 | |
| | | 21/09/2010 | |
| | | 21/10/2010 | |
| | | 24/11/2010 | |
| | | 16/12/2010 | |
| | | 26/2009 | |
| Obras que danan a propiedade allea | | 20/01/2010 | |
| | | 22/02/2010 | |
| | | 23/03/2010 | |
| | | 22/04/2010 | |
| | | 21/05/2010 | |
| | | 22/06/2010 | |
| | | 22/07/2010 | |
| | | 25/08/2010 | |
| | | 21/09/2010 | |
| | | 21/10/2010 | |
| | | 24/11/2010 | |
| | | 16/12/2010 | |
| 27/2009 | Falta de accesibilidade para | 21/01/2010 | |
| | persoas afectadas de deficiencia | | 22/02/2010 |
| | | 23/03/2010 | |
| | | 22/04/2010 | |
| | | 21/05/2010 | 12/06/2010 |
| 38/2009 | Contaminación atmosférica e falta de licenza | 10/01/2010 | |
| | | 24/03/2010 | |
| | | 24/04/2010 | |
| | | 01/06/2010 | |
| | | 24/06/2010 | |
| | | 26/07/2010 | |
| | | 25/08/2010 | |
| | | 23/09/2010 | |
| | | 21/10/2010 | |
| | | 24/11/2010 | |
| | | 16/12/2010 | |
| 57/2009 | Consideracións sobre edificio conservábel | 21/01/2010 | |
| | | 02/03/2010 | |
| | | 14/09/2010 | |
| | | 19/10/2010 | |
| | | 18/11/2010 | |
| | | 16/12/2010 | 03/02/2010 |
| 68/2009 | Obras sen licenza | 21/01/2010 | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | 23/03/2010 | |
| | | 22/04/2010 | |
| | | 21/05/2010 | |
| | | 22/06/2010 | |
| | | 22/07/2010 | |
| | | 25/08/2010 | |
| | | 21/09/2010 | |
| | | 21/10/2010 | |
| | | 24/11/2010 | |
| | | 16/12/2010 | |
| 71/2009 | Denegación expediente dunha obra ilegal | 21/01/2010 | |
| | | 23/03/2010 | |
| | | 22/04/2010 | |
| | | 21/05/2010 | |
| | | 22/06/2010 | |
| | | 22/07/2010 | |
| | | 25/08/2010 | |
| | | 21/09/2010 | |
| | | 21/10/2010 | |
| | | 24/11/2010 | |
| | | 16/12/2010 | 28/01/2010 |

## ÁREA DE XESTION MUNICIPAL

| QUEIXA | MOTIVO | PETICIÓN INFORME | RECEPCIÓN INFORME |
|---|---|---|---|
| 44/2009 | Responsabilidade patrimonial | 18/02/2010 | 08/03/2010 |
| | | 22/04/2010 | 09/05/2010 |
| | | 21/05/2010 | |
| | | 22/07/2010 | |
| | | 18/08/2010 | |
| | | 14/09/2010 | |
| | | 14/10/2010 | 26/10/2010 |
| 80/2009 | Responsabilidade patrimonial | 18/02/2010 | |
| | | 22/04/2010 | 08/03/2010 |
| | | 21/05/2010 | 09/06/2010 |
| | | 22/07/2010 | |
| | | 18/08/2010 | |
| | | 14/09/2010 | |
| | | 19/10/2010 | 22/10/2010 |
| 82/2009 | Factura pendente pagamento | 12/01/2010 | 05/02/2010 |

# PARTE V
## ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2010

## INTRODUCCION:

Nesta Institución rexistráronse un total de 81 expedientes correspondentes a solicitudes dos cidadáns formuladas no ano 2010 e que pertencen aos seguintes sectores:

| | |
|---|---|
| MEDIO AMBIENTE | 10 |
| MOBILIDADE E SEGURIDADE | 25 |
| NORMALIZACION, XUVENTUDE E IGUALDADE | 2 |
| PARTICIPACION CIDADA | 5 |
| SERVIZOS XERAIS | 11 |
| URBANISMO E VIVENDA | 14 |
| XESTION MUNICIPAL | 12 |
| OUTROS | 2 |
| **TOTAL** | **81** |

# RESUMO ESTATÍSTICO

## EXPEDIENTES ANALIZADOS E CONCLUÍDOS NO ANO 2010 QUE SE CORRESPONDEN CON ACTUACIÓNS INICIADAS EN ANOS ANTERIORES

| ÁREA | ANO DE COMEZO DO EXPEDIENTE | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2002 | 2004 | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 | TOTAL |
| URBANISMO | 2 | 1 | 2 | 3 | 3 | 3 | 6 | 20 |
| MOBILIDADE E SEGURANZA | | 3 | | 1 | 1 | | 7 | 12 |
| MEDIO AMBIENTE | | | 1 | 2 | 1 | 1 | 5 | 10 |
| SERVIZOS XERAIS | | | | | | 1 | 4 | 5 |
| PARTICIPACIÓN CIDADÁ | | | | | | | 3 | 3 |
| XESTIÓN MUNICIPAL | | | | | | | 2 | 2 |
| DEPORTES | | | | | | | 1 | 1 |
| GABINETE ALCALDÍA | | | | | | | 1 | 1 |
| TOTAL | 2 | 4 | 3 | 6 | 5 | 5 | 29 | 54 |

EXPEDIENTES DO ANO 2010 RESOLTOS

| ÁREA | Nº DE EXPEDIENTES |
|---|---|
| MEDIO AMBIENTE | 6 |
| MOBILIDADE E SEGURIDADE | 11 |
| NORMALIZACIÓN, XUVENTUDE E IGUALDADE | 2 |
| PARTICIPACIÓN CIDADÁ | 3 |
| SERVIZOS XERAIS | 9 |
| URBANISMO E VIVENDA | 1 |
| XESTIÓN MUNICIPAL | 8 |
| OUTROS | 2 |
| ANULADOS | 2 |
| **TOTAL** | **44** |

EXPEDIENTES DO ANO 2010 SEN RESOLVER

| ÁREA | Nº DE EXPEDIENTES |
|---|---|
| MEDIO AMBIENTE | 4 |
| MOBILIDADE E SEGURIDADE | 12 |
| PARTICIPACIÓN CIDADÁ | 2 |
| SERVIZOS XERAIS | 2 |
| URBANISMO E VIVENDA | 13 |
| XESTIÓN MUNICIPAL | 4 |
| **TOTAL** | **37** |

# EXPEDIENTES DO ANO 2010

## CAPITULO I-MEDIO AMBIENTE

### EXPEDIENTE 4/2010

ASUNTO:

Queixa en relación coas molestias constantes que ven soportando polos ladridos dun can dunha vivenda próxima

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 25/01/2010. Con data 29/01/2010 solicítase o preceptivo informe facendo constar que existe un parte da Policía Lo cal de 13/03/2009 no que se indica que o can estivo ladrando no momento en que se accionou o timbre da porta.

Con data 24/02/2010, recíbese escrito de Medio Ambiente no que se fai constar que segundo informe da Policía Local o can ladra no momento puntual no que sinala o timbre da vivenda.

Como consecuencia do parte da Policía Local requiriuse desde Medio Ambiente á propietaria do animal para que achegase copia compulsada da documentación do can, microchip e cartilla de vacinación ao corrente, documentación que foi presentada no prazo requirido e en regra, sendo advertida de que non podía seguir xerando molestias aos veciños cos ladridos do can e de que debía manter toda a documentación actualizada.

Polo que se desprende das actuacións policiais parece se que no problema subxace un enfrontamento entre veciños con denuncias por ambas partes e dado que a acta de inspección acredita ladridos "puntuais" entendemos que o conflito entre veciños deberá substanciarse en todo caso pola vía civil.

Do que se deu cumprida información á promotora da Queixa o 25/02/2010.

Sen incidencias posteriores.

**EXPEDIENTE 23/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación co estado ruinoso dunha finca lindeira que se ven denunciando desde o ano 2003, provocando ademais un considerábel perigo para a salubridade por mor da existencia de numerosas serpes, ratos e outros animais.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 17/03/2010, con data 22/03/2010 solicítase o preceptivo informe o que se recibe o 20/4/2010 indicando o seguinte:

*"En relación coa queixa formulada por ........., número de expediente desa institución 23/2010 (expediente municipal), práceme informarlle do seguinte:*

*Solicitado informe ao Departamento de Sanidade do Concello, con data 12 de abril, informan a esta Concelleira de que xa se resolveu no seu día un expediente polas mesmas razóns con data 21 de maio de 2007, por falla de limpeza de terreo lindeiro coa vivenda propiedade da interesada. Como consecuencia daquela denuncia, incoouse expediente de Sanidade, que derivou en diversas actuacións (comprobación dos feitos, apertura de prazo de alegacións, orde de execución de limpeza aos propietarios e posterior limpeza da finca por parte dos denunciados).*

*O expediente arquivouse en xaneiro de 2008 por atoparse o terreo limpo segundo informe do inspector municipal.*

*Desde esta última actuación non consta no Concello de Vigo, nin na oficina de Sanidade, ningunha reclamación posterior por dito terreo por parte da interesada.*

*Agora, en atención, á nova queixa formulada por .............. ante esa institución con data 17 de marzo de 2010, incoase novo expediente de Sanidade con número 11781-310 e con esta mesma data pásase ao inspector municipal de zona para a comprobación dos feitos denunciados.*

*O que lle informo aos efectos oportunos"*

Do que se dá cumprida información á interesada o 28/04/2010, indicándolle que, en datas vindeiras, solicitouse información actualizada o que se fai o 26/05/2010, e de novo, o 28/06/2010.

Con data 13/07/2010, recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"En relación coa queixa formulada por ..............., seu número de expediente 23/2010 (expediente municipal), práceme informarlle do seguinte:*

*Á vista da denuncia presentada pola interesada, os inspectores municipais xiraron visita de inspección e emitiron informe con data 22 de xuño de 2010, no que se constata efectivamente o estado de abandono e falta de limpeza.*

*Con data 25 de xuño de 2010, a Concelleira delegada ditou resolución de incoación de expediente e orde de execución.*

*Con data 6 de xullo de 2010 remitiuse notificación aos titulares dos citados solares comunicándolles a resolución de orde de execución polas deficientes condicións de limpeza, salubridade e ornato no que se atopan.*

*En esa mesma notificación concédeselle, segundo é preceptivo, un trámite de audiencia por prazo de dez días desde o seguinte ao recibo da notificación, durante o que poderá formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.*

*No caso de non presentar alegacións, ordénaselle aos titulares D. ................. .............. e mais ..................., como propietarios dos terreos, que no prazo máximo de 30 días naturais (a partir da finalización do trámite da audiencia), para que procedan á limpeza.*

*Apercíbeselle ademais de que no caso de non cumprir a orde de execución, procederase á imposición da correspondente multa coercitiva de 300 a 6.000 euros, reiterábeis até lograr a execución do ordenado.*

*O que lle informo aos efectos oportunos"*

Do que se dá cumprida información á interesada o 13/07/2010, indicándolle que, en datas vindeiras, solicítase nova información actualizada, o que se fai o 25/08/2010, o 23/09/2010, 23/10/2010, 20/12/2010.

REFLEXIONS:

Os piares de toda Administración pública residen na eficacia en o control, sen esquecer que a mellora da lexitimidade das Corporacións locais debe buscarse,

sobre todo, pola vía dos rendementos e neste eido as estratexias son inesgotábeis. Tense que superar a indisciplina e os comportamentos primarios en calquera materia, e a sanidade e a pulcritude teñen as súas prioridades.

**EXPEDIENTE 37/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación co abandono en que se encontra por mor da acumulación dentro da súa propiedade de fertilizantes, pinturas, esterco, sustancias velenosas, anti-ratos e toupeiras.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 02/06/2010, co a mesma data solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Medio Ambiente, facendo alusión a falta de información recibida no Concello onde a remitiran a Xunta de Galicia, e onde lle indicaron que o tema esa competencia do Concello de Vigo.

Con data 23/06/2010, recíbese escrito da Concellaría de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"En relación coa queixa número 37/2010, práceme informarlle do seguinte:*

*Dona ……formula unha queixa en relación coa existencia de restos de produtos tóxicos nunha finca da súa propiedade, esixindo que o Concello de Vigo lle retire ditos produtos.*

*Neste sentido, informarlle de que o Concello de Vigo, ten a obriga de recoller os residuos sólidos urbanos, servizo que se presta desde a Concellaría de Limpeza.*

*O Concello de Vigo non conta cun servizo de recollida a domicilio de residuos tóxicos como os que describe a denunciante no seu escrito, xa que estes deberán ser retirados por un xestor autorizado dada a natureza dos produtos.*

*En primeiro lugar é necesario identificar e codificar os residuos en cuestión, para o que o denunciante deberá consultar a Lista Europea de Residuos (Código LER) e en función de dito código deberá contratar ao xestor autorizado correspondente (para máis información consultar o Sistema de Información de Residuos de Galicia-SIRGA-).*

*Esta información xa lle foi transmitida no seu día á denunciante, suxeríndolle que contratase a un xestor autorizado, por carecer o Concello de Vigo de este servizo de recollida a domicilio.*

*En todo caso, achégolle -como suxestión- os nomes de tres empresas da cidade -xestores autorizados- que recollen residuos desta natureza para que, de selo caso, a interesada evacúe consulta sobre o seu problema."*

Do que se deu cumprida información á interesada o 24/09/2007

REFLEXIONS:

A interesada unha vez finalizado o expediente formula unha serie de consideracións ao respecto:

- No é certo que limpeza do Concello de Vigo informase de nada máis, que tiña que presentar en Medio Ambiente da Xunta.

- A Xestión que efectúo Medio Ambiente do Concello foi acompañaba ante o Servizo de Limpeza.

- Non recibiu información sobre consultar ningún código LER nin sistema SIRGA.

- Tivo que acudir ao Valedor do Cidadán para obter algunha resposta do Concello que de outra forma nunca houbera recibido.

**EXPEDIENTE 41/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación co desacougo e abandono polo que está a pasar por mor da contaminación acústica ocasionada por un local sito no baixo do seu domicilio e que parece ser que xa ten aberto expediente sancionador.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/06/2010, coa mesma data solicítase o preceptivo informe que se reitera o 19/03/2010.

Con data 03/08/2010 recíbese informe de Medio Ambiente indicando

*"En relación coa queixa formulada por D. ..........., seu número de expediente 41/2010, expediente municipal, práceme informarlle do seguinte:*

- *En primeiro lugar, aclarar que a data da primeira queixa remitida por esa institución non é o 18 de xuño, senón o 19 de 2010, xa que por mor dun erro informático a primeira queixa non foi remitida a esta Concellaría, razón pola cal non puido ser contestada.*
- *Con respecto ao contido da denuncia cómpre sinalar os seguinte feitos: a) con data 21 de novembro de 2009 a Policía Local realizou medición sonométrica desde a vivenda sita en .........., superando dita medición en 4,2 dB(A) o nivel máximo de ruído permitido pola vixente Ordenanza Municipal.*
- *Con data 10 de decembro de 2009, o Departamento de Medio Ambiente solicita á Oficina de Licenzas informe sobre se o establecemento denominado Cafetería ............ conta coa preceptiva licenza municipal.*
- *Con data 27 de xaneiro de 2010, a Oficina de Licenzas informa de que con data 14 de outubro de 2009 o Delegado da Área de Urbanismo resolveu autorizar a licenza de funcionamento para a actividade de café bar, no local situado en.............*
- *Os feitos resultantes da medición efectuada poderían constituír unha infracción de carácter leve, ao abeiro do disposto no artigo 39 a) da Ordenanza Municipal.*
- *Con data 23 de marzo de 2009, a Concellaría delegada de Medio Ambiente resolveu incoar expediente sancionador contra a entidade mercantil titular da licenza, feito este que lle foi comunicado ao interesado.*
- *Dentro do prazo establecido pola lexislación en vigor, o denunciado, con data 16 de abril de 2010, presentou polo Rexistro Xeral do Concello escrito de alegacións.*
- *Con data 10 maio de 2010 incorporouse ao expediente o certificado de verificación periódica do sonómetro e calibrador cos que se realizaron as medicións.*
- *A vista das alegacións manifestadas polo denunciado no seu escrito, con data 18 de maio de 2010, o instrutor do expediente sancionador solicita informe á Policía Local para que informe acerca de se existía outra fonte de ruídos próxima que puidese ter influído nas medicións.*
- *A Concellaría de Medio Ambiente decide desestimar as alegacións presentadas pola sociedade mercantil e con data de 25 de maio de 2010 formula a proposta de resolución, que é notificada ao denunciado con data 1 de xuño de 2010.*
- *Con data 24 de xuño de 2010, a Concelleira delegada de Medio Ambiente resolveu, por tanto, desestimar as alegacións presentadas pola socieda-*

*de ..............................., por non desvirtuar os feitos probados obxecto da infracción e impoñer á entidade mercantil a sanción de multa de 601,01 euros pola comisión dunha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 13 e 16 da Lei 7/1997, de 11 de agosto e 39 e 42 da Ordenanza Municipal de ruídos e vibracións.*

- *Contra dita resolución, que por fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á súa notificación.*

*Tal e como se pode apreciar pola relación de actos que precede, a Concellaría de Medio Ambiente actuou seguindo todos os pasos necesarios para a incoación e resolución do expediente pola contaminación acústica denunciada,: medición sonométrica, incoación do expediente, alegacións, resolución das alegacións e resolución do expediente sancionador, tal e como esixe a*

*lexislación en vigor, impoñendo a sanción que prevé a correspondente Ordenanza pola comisión dunha infracción administrativa leve.*

*En todo caso, se persisten as molestias, o interesado deberá denunciar de novo a situación, co obxecto de que se poida realizar unha nova medición sonométrica.*

*O que lle comunico aos efectos oportunos."*

Do que se dá cumprida información ao interesado do 04/08/2010, indicando que se da o expediente por pechado, agás que proceda nova denuncia.

REFLEXIONS

O ambiente urbano ven conformado polas condicións de "acougo público" no que se desenvolve a nosa existencia, é dicir, o medio ambiente da cidade na que habitamos e na que pasamos a maior parte da nosa vida.

En Europa o 80% da poboación reside en areas urbanas, de aí que numerosos organismos internacionais incidan na necesidade de dar tratamento prioritario a tal medio.

As condicións de acougo atoparémolas naquela cidade na que os ruídos non superan os límites legais na que as vibracións non fagan tremer as paredes das vivendas; coa. contaminación desvirtuase o dereito de propiedade, dando lugar así a unha "expropiación parcial" do mesmo segundo ten declarado a Comisión Europea de Dereitos Humanos (14/10/1992).

O dilema entre descansar ou durmir, fronte a diversión ou ocio e o dereito empresarial é falso. O dereito ao descanso é máis primario, máis fundamental, o debate está falseado. E resulta que a maquinaria administrativa non resulta eficaz, ao non realizarse ou oportunas comprobacións e inspeccións e non acudir á potestade sancionadora.

RECOMENDACIÓN:

As Administracións públicas ademais de ser intelixentes teñen que ser receptivas e así por suposto resolutivas.

**EXPEDIENTE 44/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coas molestias polas que unha familia está a pasar por mor das actividades procedentes dun local de hostalería que afecta ademais a rapaces en idade escolar.

SITUACIÓN.

Queixa presentada o 22/06/2010; con data 23/06/2010 solicitouse a Medio Ambiente o perceptivo informe. Con data 01/07/2010, solicítase do interesado unha serie de datos requiridas pola Concellaría de Medio Ambiente, que se reciben o 12/07/2010 e que se trasladan a Concellaría o 12/07/2010; con data 25/08/2010, reiterase o pedimento informativo, e de novo o 22/09/2010. Con data 06/10/2010, o interesado comunica telefonicamente o seu desacougo pola contaminación acústica que está a padecer o que lle obriga a medicarse para pode durmir e que ten coñecemento de que o local carece de licenza para actividade con música, así como que a Policía Local lle ten dito que eles non poden estar a xogar "o gato e o rato" xa que cada vez que se achegan ao local a música desaparece, o que lle comunicamos a Medio Ambiente o 08/10/2010 instando unha acción efectiva ao respecto. Con data 10/11/2010 recíbese escrito de Medio Ambiente no que informa o seguinte:

*"En relación coa denuncia formulada por .................., número de expediente desa institución 44/2010, expediente municipal, práceme informarlle do seguinte:*

*Con data 21 de xullo de 2010 esta Concellaría solicitou informe á Xerencia Municipal de Urbanismo sobre a existencia ou non de licenza de actividade no*

*local denunciado, paso previo para determinar a competencia de Medio Ambiente para actuar mediante a incoación dun expediente sancionador por contaminación acústica.*

*Con data 26 de xullo de 2010, a Xerencia Municipal de Urbanismo remite informe no que fai constar o seguinte:*

*"Consultados os arquivos da oficina de Licenza de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo, segundo o expediente, consta que o Presidente da Xerencia de Urbanismo, con data 30 de abril de 2008, resolveu desestimar a ...................., as peticións de licenzas de obras de adaptación de local e instalacións para un Café Bar sen Música, no local situado na .........................., baixo, que foran presentadas inicialmente por ..........................................., ao non achegar a documentación*

*na forma requirida para a subsanación de deficiencias observadas no proxecto presentado e, en consecuencia, non xustificar o cumprimento da insonorización do local nos termos esixidos pola ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións, nin o previsto no apartado 3.3.2.d. das normas urbanísticas do PXOU-93 en Vigo, Ordenanza Municipal de protección do medio ambiente atmosférico e RAMINP, respecto das instalacións de saídas de gases, ventilación e climatización."*

Á vista do informado polo departamento de licenzas da Xerencia Municipal de Urbanismo, con data 20 de agosto de 2010 o Servizo de Medio Ambiente remitiu oficio a Disciplina Urbanística do Concello, no que se fai constar o seguinte:

*"Os problemas de ruídos que veñen denunciando os veciños do inmoble sito no número ..........da rúa Travesía de Vigo teñen a súa orixe na actividade que ven desenvolvendo o referido local, sen contar coa preceptiva licenza de actividade.*

*Polo exposto, á vista da documentación operante no expediente, de conformidade co previsto no "Manual de procedemento do Concello de Vigo para a medición de ruídos e vibracións", anexo á Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica, dáselle traslado ao Servizo de Disciplina Urbanística dunha fotocopia do expediente referenciado no asunto, para que no seu caso procedan á incoación do pertinente expediente de protección da legalidade urbanística da actividade de cafetería pub ......................, sita na rúa Travesía de Vigo, ..... en relación co cumprimento da normativa vixente."*

Paralelamente ao envío do expediente a Disciplina Urbanística para que actúen, enviouse tamén con data 20 de xullo de 2010 oficio á Policía Local para que acuda ao domicilio do denunciante para realizalas medicións pertinentes.

Por todo o antedito, a partir desta data para maior información sobre o procedemento de reposición da legalidade urbanística, deberán dirixirse á Xerencia Municipal de Urbanismo, concretamente ao Departamento de Disciplina Urbanística, quen acusou recibo do expediente arriba referenciado con data 13 de setembro de 2010.

Con data 18/11/2010 nos diriximonos a Urbanismo solicitando información sobre o tema da licenza, e a Medio Ambiente sobre a contaminación acústica, e o 20/12/2010.

REFLEXIÓNS:

Unha vez máis encontrémonos co denominado ruído de ocio que alcanza un nivel destacábel de sensibilidade, e que a pesar de todo non fai esquecer a tese dos "ruídos evitábeis".

E un tema intimamente relacionado co dereito á protección da saúde e co aproveitamento dunha vivenda digna e axeitada, neste senso defínese a Constitución Española nos seus artigos 43, dereito a protección da saúde e 47, dereito a aproveitar unha vivenda digna e adecuada.

Aproveitar a vivenda non é sufrir, penas nin rabia, existe un dereito fundamental clara e directamente afectado polo ruído, como é o dereito ao domicilio inviolábel e á intimidade persoal e familiar, tal como proclama o artigo 18 da Constitución Española.

O ruído é unha forma sutil de irromper no domicilio agresiva, aínda que non implica a presenza de persoas. Os poderes públicos, neste suposto, os Concellos, teñen a obriga de garantila defensa dos cidadáns mediante procedementos axeitados en temas, entre outros, de seguridade e saúde.

As últimas opinións neste temario de contaminación acústica (Herrera del Rey) manifféstanse a favor dunha decidida vixilancia e control das actividades con músicas que se inclinan por unha vixilancia telemática, mediante a posta en funcionamento dun control remoto no Concello cun equipo sonoro das actividades. De tal xeito que permite coñecer calquera incidencia así como o horario de apertura e de peche das actividades en concreto.

O sistema non é un “curalo todo” pero sen dúbida aumenta o control e a vixilancia das actividades e polo tanto o rendemento da Administración e da paz social. Compete e intimida a cumprir cos límites para non perturbar.

Un sistema deste tipo implica unha carga dos custos ao contaminador diminuíndo así as molestias e cargas de traballo da Administración, facilitándolle un importante sistema de información.

O sistema pode montarse mediante:

a) unha autorregulación, incluíndo os requisitos técnicos dentro das medidas correctoras necesarias para a concesión de licenzas polo que o seu incumprimento daría lugar a renovación da licenza.

b) establecemento xeral por lei.

Recordase que as licenzas sempre son revogábeis por razón de interese público.

En relación co exposto anteriormente faise preciso sinalar que a prensa rexional de Galicia o 06/10/2010 publica a seguinte noticia:

A alcaldesa de Cangas do Morrazo pechou tres establecementos até que illen e automaticen o son.

Este Concello esixe aos locais de ocio nocturno a instalación de limitadores acústicos e a un illamento controlado por empresa homologada.

RECOMENDACIÓN:

Reiterase, unha vez máis, que o acougo publico atoparase naquela cidade, na que os ruídos non superen os límites legais e nas que pola noite sexamos capaces de concilia-lo sono sen alteración da intimidade.

## **EXPEDIENTE 58/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación cos ruídos e altercados que se producen constantemente nun piso dunha comunidade de veciños.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 30/08/2010; con data 01/09/2010, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 04/10/2010, 02/11/2010.

Con data 10/11/2010 recíbese informe de Medio Ambiente no que indica o seguinte:

*"En relación coa queixa formulada por ............................., seu número de expediente 58/2010, práceme informarlle do seguinte:*

*Das numerosas queixas que formula, en relación coa modificación da estrutura interna do piso denunciado, tránsito de persoas no mesmo, etc. son cuestións que non competen á Concellaría de Medio Ambiente.*

*En canto ás molestias que padecen por mor do ruído provocado polos veciños do piso, dicir que a denuncia substánciase basicamente nos ruídos xerados polos inquilinos do propio edificio da denunciante e, polo tanto, esta deberá dirixir a súa queixa á comunidade de propietarios do edificio sinalado.*

*A Lei de Propiedade Horizontal 49/1960, no seu artigo 7.2 establece que:*

> *"Ao propietario e ao ocupante do piso ou local non lle está permitido desenvolver nel ou no resto do inmoble actividades prohibidas nos estatutos, que resulten danosas para a finca ou contraveñan as disposicións xerais sobre actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.*
>
> *O Presidente da comunidade, a iniciativa propia ou de calquera dos propietarios ou ocupantes, requirirá a quen realice as actividades prohibidas por este apartado a inmediata cesación das mesmas, baixo apercibimento de iniciar as accións xudiciais procedentes.*
>
> *Se o infractor persiste na súa conduta, o Presidente, previa autorización da Xunta de Propietarios, debidamente convocada ao efecto, poderá establecer contra él acción de cesación que, no non previsto expresamente por este artigo, substanciaranse a través de xuízo ordinario."*
>
> *Así mesmo, é de interese sinalar que no que respecta á alta mobilidade ou tránsito de inquilinos ocupantes que denuncia a interesada, pode ser de aplicación o artigo 27 da Lei 29/1994, de Arrendamentos Urbanos, no tocante ao incumprimento de obrigas:*

> *"O incumprimento por calquera das partes das obrigas resultantes do contrato dará dereito á parte que cumpra as súas a esixir o cumprimento da obriga ou a promover a resolución do contrato de acordo co disposto no artigo 1124 do Código Civil.*
>
> *Ademais o arrendador poderá resolver de pleno dereito o contrato polas seguintes causas: e) cando na vivenda teñan lugar actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas."*

*Polo tanto, o obxecto da denuncia no que atinxe as molestias de ruído por voces, tránsito, etc. entra directamente no ámbito da comunidade de propietarios do edificio, quen ten a facultade de requirir aos inquilinos que molestan para a cesación da actividade denunciada.*

*O que lle traslado aos efectos oportunos,"*

**EXPEDIENTE 59/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coa contaminación acústica por mor da intensidade de tráfico rodado dunha avenida.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 31/08/2010, con data 22/09/2010, solicitouse o preceptivo informe a Medio Ambiente que se reitera o 02/11/2010. Con data 25/11/2010, recíbese informe de Medio Ambiente no que se indica que o tema e competencia do Ministerio de Fomento quen se lle da traslado do expediente e da medición sonométrica efectuada por empresa homologada. O que se comunica ao interesado o 05/11/2010. Sen incidencias.

REFLEXIÓNS:

A Normativa europea, no ámbito da contaminación acústica ten e pretende manter unhas premisas:

- conservación, protección e mellora da calidade de medio ambiente.
- protección da saúde das persoas, mediante a posta en circulación dos principios de cautela e de acción preventiva.

- corrección dos atentados na fonte mesma.

**EXPEDIENTE 67/2010**

ASUNTO:

Queixa presentada en relación co estado en que se atopan unhas fincas de veciñanza que producen a invasión de cobras e ratos, e que a causa do vendaval produciron danos no seu valado producindo a fuxida dos seus cans.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 11/10/2010, con data 13/10/2010 solicítase o preceptivo informe a Medio Ambiente-Sanidade que se recibe o 10/11/2010 e no que se informa o seguinte:

*"En relación coa denuncia formulada por ................., seu número de expediente 67/2010, expediente municipal, práceme informarlle do seguinte:*

*Trala visita de inspección realizada á zona, elevouse informe constatando a situación denunciada, polo que, con data 6 de setembro de 2010, procedín a ditar a seguinte resolución:*

*No caso de non presentar alegacións, ordenar a .............. e a .................., como propietarios dos terreos referenciados, que no prazo máximo de 30 días naturais (a partir da finalización do tramite de audiencia), proceda á súa adecuada limpeza, garantindo o mantemento das condicións de limpeza, salubridade e ornato esixíbeis pola Ordenanza municipal e a lexislación urbanística vixente.*

*Percibirlle que, de non cumprir esta orde, procederase á súa execución forzosa conforme co previsto na normativa aplicable, ben en forma subsidiaria por esta admón.. municipal e a costa da propiedade, ben mediante a imposición de MULTAS COERCITIVAS DE 300 A 6.000 €, REITERÁBEIS até LOGRAR A EXECUCIÓN DO ORDENADO. Todo isto sen prexuízo da tramitación do expediente sancionador para a imposición da multa pecuniaria que corresponda de acordo coa vixente "Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de RSU".*

*Notificar esta resolución ao interesado, informándolle que a mesma esgota a vía administrativa e que contra ela poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes desde o día seguin-*

*te á recepción da súa notificación, entendéndose desestimado polo transcurso de 1 mes sen ditarse e notificarse a resolución expresa, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de 2 meses contados tamén a partir do día seguinte ao da recepción da respectiva notificación, ou calquera outro que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito.*

*Unha vez notificada a resolución, o denunciante púxose en contacto con esta Concellaría para manifestar que faltaba unha finca na relación de requiridos, procedendo de inmediato a pescudar os datos catastrais co fin de facer extensivo o requirimento.*

*O que lle comunico aos efectos oportunos."*

O que se lle comunica ao interesado o 11/11/2010 indicando que, en datas vindeiras instarase información actualizada ao respecto, o que se fai o 20/12/2010.

REFLEXIONS:

O interesado non recibe resposta as súas continúas chamadas telefónicas desde fai tres meses o que fai pensar que estamos ante unha inaxeitada administración que non cumpre cos requisitos mínimos esixidos polo Código Europeo de Boa Conduta Administrativa.

- Falta de receptividade.
- Falta de acción resolutiva.
- Solucións en tempo razoábel.
- Adopción de medidas proporcionadas.
- Actuación imparcial e xusta.
- Dilixencia, corrección, cortesía.

Con data 25/11/2010 solicítase información actualizada.

**EXPEDIENTE 77/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coa contaminación acústica producida por un local de hostalería.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 13/12/2010; con data 14/12/2010, solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Medio Ambiente, achegando copia da medición sonométrica efectuada pola Policía Local o 14/11/2010.

**EXPEDIENTE 78/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coa contaminación por problemas de ventilación.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 17/12/2010. Con data 20/12/2000 procédese a súa anulación, por non ser competencia do Concello.

## CAPITULO II MOBILIDADE E SEGURIDADE

**EXPEDIENTE 1/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coa imposición dunha sanción de tráfico por aparcar en zona de carga e descarga; sendo a situación provocada por padecer unha colite ulcerosa con incontinencia fecal severa que lle produce cólicos.

A tal fin xustificou a súa situación mediante os correspondentes informes e certificados médicos, nos que se indica que non pode facer uso dos servizos públicos de transporte xa que con frecuencia vese obrigado a deterse por mor daquelas necesidades.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 12/01/2010, coa mesma data solicítase o perceptivo informe que se reitera o 18/02/2010, o 23/03/2010 e o 21/05/201.

Con data 09/6/2010, recíbese informe da Concellaría de Mobilidade e Seguri-

dade no que indica que "a causa alegada polo interesado non lle exime da responsabilidade prevista na lei de Seguridade Vial. Considerada a situación que di padecer o interesado entendemos que desde o punto de vista da seguridade vial debe reconsiderar a súa capacitación para a condución por mor dos posíbeis danos para si e para terceiros que poderá ocasionar unha indisposición inminente. En todo caso, as circunstancias alegadas non lle eximen da súa responsabilidade e non poden ser considerados como eximentes".

Do que se deu cumprida información ao interesado o 09/06/2010. Dándose por concluído o expediente.

REFLEXIÓNS:

Non resultan convincentes os razoamentos da Concellaría, xa que cita a reconsideración dunha capacidade para conducir por mor de posíbel danos para si ou para terceiros tería que, impulsar ante a Administración competente a consideración desta afirmación.

Mentres tanto,non se debe perder de vista a situación e a motivación do caso concreto.

Consideramos que se debe prestar a debida atención a realización dunha conduta concreta nun estado de necesidade obxectiva o afectado, non obra antixurídicamente xa que actúa en situación de preeminencia xurídica.

Cúmprese o presuposto básico do estado de necesidade e polo tanto merece a eximente de responsabilidade.

Séguese a aplicar dun xeito mecánico no caso das contravencións, administrativas débese aplicar e observar o principio de proporcionalidade, a situación concreta e o tipo de precepto que se conculca que non se acada polo feito de aplicar unha sanción económica no grao menos oneroso.

Tense que ponderar, en todo caso, as circunstancias concorrentes ao obxecto de acadar a necesaria proporción entre os feitos imputados e a responsabilidade esixida.

O criterio de proporcionalidade imponse como un precepto máis a Administración e así reduce o ámbito da potestade sanción a dona (criterio do Tribunal Supremo, 1994, 1995, 1996).

RECOMENDACIÓN:

Revisión formal de resposta como de o expediente

**EXPEDIENTE 6/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coa solicitude feita en pedimento de solucionar os impedimentos que ten para acceder a seu domicilio por mor dos vehículos que estacionan diante da súa vivenda.

Ten solicitada a colocación duns bolardos de xeito reiterado sen que se lle de solución a dificultade.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 02/02/2010. Con data 03/02/2010. Solicitouse o preceptivo informe á Concellaría de Mobilidade e Seguridade que se recibe o 02/03/2010 no que informaría que a colocación de bolardo ou forquillas foi desestimada porque impedía o paso de cadeiras para menores e discapacitados, e que con data 09/02/2010, deuse orde de colocar sinais R-307 e pintar liña amarela. Os sinais están instalados. A día de hoxe (01/03/2010) falta marcas de vial horizontal que se levará a cabo en canto as condicións meteorolóxicas de pintura o permitan.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 03/03/201, quen con data 08/03/2010 comunicamos que aínda non pasou ninguén a realizar as tarefas indicadas, do que se deu traslado a Concellaría o 15/03/2010.

Con data 26/03/2010, recíbese escrito da Concellaría de Mobilidade e Seguridade no que indica que a data 17/03/2010, foi rematada a última operación necesaria, do que se deu cumprida información ao interesado o 30/03/2010. Dándose o expediente por pechado

**EXPEDIENTE 7/2010**

ASUNTO:

Queixa coas tarxetas de VITRASA, sen custo, para usuarios de determinadas condicións , de idade e recursos económicos.

Con estas tarxetas, estase a producir unha fraude considerábel, as tarxetas, en numerosas ocasións, son utilizadas por familiares do titular beneficiario (fillos, netos) que o promotor da queixa é testemuña cada mañá cando cidadáns de determinadas idades se dirixen o seu lugar de traslado.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 04/02/2010. Con data 08/02/2010, solicitude o preceptivo informe, indicando a conveniencia de que se adopten medidas que impida esta fraude, pedimento que se reitera o 09/03/2010, 12/04/2010, 21/05/2010, 22/09/2010, 08/07/2010, 12/08/2010, 09/09/2010, 08/10/2010, 25/01/2010.

REFLEXIONS:

As posíbeis ausencias de controles necesarios fai que por parte da cidadanía se adopten aptitudes en fraude de lei que supoñen un menosprezo da sociedade que cumpre coas súas obrigas e deterioran o resultado e os fins para os que se adoptan medidas en prol dunha parte da sociedade.

RECOMENDACIÓNS:

Poñer en marcha medidas que impidan o uso fraudulento dos beneficios sociais que supoñen estas tarxetas bonificábeis.

**EXPEDIENTE 8/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación cunha serie de anomalías detectadas polo promotor da mesma e que no seu día foron dirixidas ao Concello en diversas solicitudes.

SITUACIÓN.

Queixa presentada o 26/01/2010, con data 22/02/2010 diriximonos a Vías e Obras solicitando o preceptivo informe que se reiterou o 28/04/2010, 01/06/2010, 24/06/2010, 21/07/2010. Con data 23/07/2010, recíbese escrito de Vías e Obras no que informa que ningún dos documentos operantes no expediente corresponden a Vías e Obras, indicando a quen corresponde a súa resolución. Comunicación que fai cinco meses despois de iniciado o expediente.

Por todo, con data 26/07/2010 faise o reenvío seguinte:

- Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego (documento nº 90184803)
- Servizo de Estadística-Vivenda (documento nº 100019321)
- Servizo Policía Local (documento nº 100003518)
- Mobilidade e Seguridade (documento 10/12/2009, 10003520, 100008697, 100019314).

Con data 19/08/2010, recíbese informe de Promoción Económica no que indica o detalle das reformas efectuadas acompañadas de fotografías, o que se lle comunica ao interesado o 24/08/2010. sen máis incidencias.

**EXPEDIENTE 9/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción e tráfico que lle foi comunicada seis meses despois do feito. Na notificación non figura data, nin lugar, nin motivo de sanción.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 04/02/2010, con data 08/02/2010, solicitouse o preceptivo informe que se reiterou 09/03/2010.

Con data 08/04/2010 recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade no que informa o seguinte:

*"En contestación al escrito remitido por Vd, en relación con la queja promovida por .......... en el que nos solicita información sobre el expediente sancionador con número 098765894 (expediente de origen 098667519) se detallan a continuación las actuaciones realizadas en el mismo:*

*1) El 23/04/2009 a las 20:14 el agente nº XXX formula denuncia contra el vehículo 6398DCP por Estacionar en doble fila sin conductor en la calle Ecuador número 59.*
*2) Ante la falta de datos del conductor del vehículo en el momento de la infracción se le remite requerimiento de identificación al titular del vehículo. Tras resultar ausente, el mismo, en los intentos de notificación practicados los días 28/04/2009 y 29/04/2009 en su domicilio ....................,, se publica en el BOP la notificación el día 14/07/2009, indicándole que dispone de un plazo de 15 días hábiles desde la publicación, para realizar dicha identificación.*
*3) El 22/09/09 se le impone una multa por no haber identificado al conductor dentro del plazo establecido para eso.*
*4) El 09/10/09 se notifica la denuncia por no ser identificado el conductor. (Recibe a notificación la interesada).*
*5) El 16/10/09 presenta alegaciones en las que manifiesta que no fue debidamente requerido para identificar al conductor.*
*6) Se le notifica la resolución sancionadora (la recibe su madre) desestimando las alegaciones el 23/12/09 donde entre otras cuestiones se le indica: ".. Que , de acuerdo con lo establecido en el art.72 e 79 do RD Legislativo 39/1990, modificado por Ley 17/2005, Vd. fue debidamente requerido para identificar al conductor del vehículo en el momento de la infracción denunciada en el expediente original que se le hace constar en la presente notificación de denuncia. El requerimiento se efectuó a través de su publicación en el B.O.P de fecha14/07/2009, después de haberse intentado la notificación personal con resultado de AUSENTE , en las fechas 28/04/2009 y 29/04/2009.."*
*7) El 29/01/10 interpone un recurso de reposición.*
*8) El 08/02/10 presenta escrito ante el Valedor do Cidadán*

*<u>CONSIDERACIONES SOBRE El EXPEDIENTE SANCIONADOR</u>*

*En relación con su queja se indica que reúne los requisitos formales recogidos en el Art. 10.1 del Regulamento orgánico del Valedor do Cidadán que dice "Cualquier persona natural o jurídica que en las relaciones con la administración municipal considere que fue objecto de desatención , tardanza o cualquier otra anomalía consecuencia de un supuesto mal funcionamiento de alguno de los servizos podrá presentar las reclamaciones que estime oportunas para mejorar la eficacia de los mismos."*

Creemos que en el presente expediente, non se da ningún de los motivos indicados en el párrafo anterior, y se está utilizando la vía del Valedor do Cidadán

como una segunda instancia, ya que el escrito remitido no se trata mas que de las mismas alegaciones presentadas en su día frente a la notificación de denuncia y que ya fueron resueltas.

A continuación se acompaña sentencia a efectos de aclarar el tema :

Sentencia 210/2005 del Juzgado Contencioso Administrativo numero uno de Vigo

*"Sobre el alcance de la obligación de identificar contenida en el Art. 72.3 LTSV tuvo ocasión de manifestarse nuestro Tribunal Constitucional en varias ocasiones, en sentecias como la de 21 de diciembre definiendo como .un especial deber de diligencia del titular del vehículo que le obligase a conocer y facilitar a la administración todos los datos necesarios para identificar al conductor, cuando se produjo una infracción, con el objecto de poder dirigir contra este el correspondiente procedimiento sancionador.*

*Con todo tal olrigación no hace decaer el principio general de responsabilidad personal por hechos propios en materia de infracciones de tráfico o circulación, por lo que no es posible considerar al titular del vehículo que incumple tal obligación como autor de la condución en la infracción si no como autor, en su caso, de una infracción autónoma por incumplimiento de la obligación de idenficar*

*El requerimiento para la identificación se efectua una vez incoado el procedimiento sancionador por la autoridad competente- de oficio o por denuncia de carácter voluntario- o mediante denuncia formulada por los agentes de la autoridad encargados de la vigilancia y seguridad del tráfico, no fuese conocida la identidad del condutor, co n el fin de obtenerla i dirijir contra este el procedemiento.*

*Como expone el Tribunal Constitucional, el incumplimietno de dicho deber de identificación sin causa justificada, determina que se le imponga al titular una sanción pecuniaria como autor de una infracción tipificada en el Art. 72.3 LTSV que se define como una infracción autónoma consistente en incumlir el titular del vehículo el deberd e identificar y de comunicar a las autoridades de tráfico la identidade del condutor que supuestamente ha infringido las normas de circulación.....Aun quel mas probable es que el conductor fuese el titular del vehículo no pude imponerse al titular del coche la infración cometida por el conductor, pues tratandose de un procedimiento administrativo sancionador, regido por los principios de tipicidad, legalidad y culpabilidad conforme es afirmado en reiterada jurisprudencia, corresponde a la administración denunciante la carga de la prueba de los hechos imputados por cuanto a persona fisica o jurídica la que se atribuye la conducta tìpica está protejida por la presunción constitucional de inocencia."*

Do que se deu cumprida información á interesada o 14/04/2010, quen o 21/04/2010 envíanos comunicación indicando que ante o seu descoñecemento do idioma galego, pregase se lle faga chegar en Castelán, o que se fai o 27/04/20101. Sen máis incidencias, dándose o expediente por pechado.

REFLEXIÓNS:

Na comunicación de sanción díse que non figura data, nin lugar, nin motivo de sanción, dita omisión supón un erro imputábel a Administración o que debe producir a anulación do expediente e conseguinte arquivo do mesmo.

RECOMENDACIÓN:

Cumprimento axeitado da normativa en tema de notificación das sancións.

**EXPEDIENTE 10/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación cun cargo na súa conta bancaria nesta entidade indícanlle que se dirixa ao Concello onde lle indican que se tiñan dado unha serie de anomalías:

- falta de localización numérica do edificio a efectos de notificación da infracción
- sanción mediante radar con condutor irrecoñecíbel.

Consecuentemente solicítase a devolución en tres ocasiones. Sen resposta

SITUACIÓN:

Queixa presentada 05/02/2010, con data 08/02/2010 solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Mobilidade e Seguridade que se recibe o 16/03/2010, e no que se indica o seguinte:

*"Habéndose comprobado que houbo un erro na tramitación do procedemento sancionador, en data 11 de febreiro de 2010 ditouse resolución acordando a devolución solicitada pola interesada".*

Do que se deu cumprida información ao mesmo o 18/03/2010. Sen máis incidencias.

REFLEXIÓNS:

Debe presentarse a debida atención aos expedientes con erros como o presente e que tamén deberían producir de forma automática a anulación e o arquivo dos mesmos.

**EXPEDIENTE 12/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de tráfico que lle foi imposta de madrugada cando o seu horario de traballo e diúrno. A interesada ten solicitado se lle poña de manifesto proba documental onde conste:

- fotografía do vehículo, coa matrícula
- informe do denunciante
- probas de verificación do radar

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 12/02/2010. Con data 15/02/2010 solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Mobilidade e Seguridade que se recibe o 16/03/2010, e no que se indica seguinte:

*"En contestación ao escrito remitido por Ve. no que solicita informe en relación coa queixa promovida por ................ en representación de ………........... sobre o expediente sancionador con numero 088699091 (expediente orixe 088650502) detállanse a continuación as actuacións realizadas no mesmo:*

1) *O 09/04/2008 ás 03:48 o axente XXX formula denuncia contra o vehículo 9488BPG por superar en máis de 30 km/h o límite de velocidade máxima rebasando nun 50% dito límite (Circular a 89 km/h en Alcalde E.Martinez Garrido nº 96, estando limitada a velocidade en dita rúa a 50 km/h).*
2) *Ante a falla de datos do condutor do vehículo no momento da infracción remíteselle requirimento de identificación ao titular .........................., quen manifesta ser empregada do titular do vehículo) indicándolle no reverso da notificación que dispón dun prazo de 15 días hábiles desde a recepción do requirimento, para realizar dita identificación .*
3) *O 09/05/2008 presenta un escrito no que manifesta a súa imposibilidade de identificar o condutor.*

*4) O 09/06/08 notifícaselle un novo requirimento, que non foi atendido, para que identifique o condutor. Recolle dito ............................... quen manifesta ser empregada do titular do vehículo.*
*5) O 14/07/08 impónselle unha multa por non ser identificado o condutor dentro do prazo establecido para elo.*
*6) O 24/10/2008 notifícaselle a denuncia por non haber identificado o condutor. Dita denuncia foi notificada no B.O.P de 24/10/08 despois de resultar ausente o intento de notificación os días 28/07/2008 e 30/07/2008.*
*7) O 20/10/2008 presenta alegacións nas que manifesta que non foi debidamente requirido para identificar o condutor.*
*8) Notifícaselle a resolución sancionadora (recibida.............................. quen manifesta ser empregada do titular do vehículo) desestimando as alegacións o 03/02/2009 onde entre outras cuestións se lle indica: ".. Que , de acuerdo con lo establecido en el art.72 y 79 del RD Legislativo 39/1990, modificado por Ley 17/2005, Vd. fue debidamente requerido para identificar al conductor del vehículo en el momento de la infracción denunciada en el expediente original que se le hace constar en la presente notificación de denuncia . El requerimiento se efectuó en fecha 30/04/2008..."*
*9) O 12/02/2009 interpón recurso de reposición.*
*10) O 23/03/2009 notifícaselle a desestimación do recurso (recóllea.............................. quen manifesta ser empregada do titular do vehículo) onde se lle reitera que a multa foi debidamente notificada no seu día con todos os requisitos establecidos pola Lei de seguridade viaria no seu artigo.5 e que ao non atender o requirimento impúxoselle unha multa por incumprimento da obrigación de identificar.*
*11) O 06/04/2009 presenta outra vez recurso de reposición (que xa foi resolto o 23/03/2009).*

*CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR*

*Estase utilizando a vía do Valedor do Cidadán como una segunda instancia, xa que o escrito remitido non se trata senón de alegacións fronte a multa imposta no seu día e cuxo procedemento sancionador xa rematou.*

*O requirimento de identificación indicáballe o lugar a hora e os feitos denunciados, así como o axente denunciante e o vehículo co que se cometeu a infracción.*

*Sinalar en relación "co manifesto erro cometido" xa que o seu horario de traballo e diúrno e a sanción se lle impuxo de madrugada indicarlle que os feitos denunciados acredítanse gracias á fotografía do vehículo no momento dos feitos .*

*A continuación acompañasen sentenzas a efectos de aclarar o tema :*

***Sentenza do 03/02/2009do Xulgado Contencioso Administrativo numero dous de Vigo***

*"..A petición relativa á fotografía é unha proba innecesaria por inútil aos efectos pretendidos, isto é a efectos de identificar ao condutor, pois a través das fotografías tomadas polo radar non se poden comprobar trazos ou características físicas do condutor que permitan ou axuden a identificalo. Así as cousas a cuestión queda reducida a determinar se ....cúmprese adecuadamente ou non o requirimento formulado para o que se debe partir do establecido no Art 72.3 do R.dto Lexislativo 339/1990 que impón ao titular do vehículo a obrigación de identificar verazmente ao condutor responsábel da mesma. Incumbe xa que logo ao titular a práctica das xestións precisas na súa propia contorna para facilitar e pescudar no prazo hábil conferido a identidade do infractor á Autoridade que a solicite tal como resulta do razoado na Sentenza do Tribunal Constitucional de 23/05/1995.*

***Sentenza 210/2005 do Xulgado Contencioso Administrativo numero un de Vigo***

*" Sobre o alcance da obrigación de identificar contida no Art. 72.3 LTSV tivo ocasión de manifestarse o noso Tribunal Constitucional en varias ocasións, en sentenzas como a de 21 de decembro definíndoo como un especial deber de dilixencia do titular do vehículo que lle obrigase a coñecer e facilitar á administración todos os datos necesarios para identificar ao condutor, cando se produce unha infracción, ao obxecto de poder dirixir contra este o correspondente procedemento sancionador.*

*Con todo tal obrigación non fai decaer o principio xeral de responsabilidade persoal por feitos propios en materia de infraccións de tráfico ou circulación, polo que non é posíbel considerar ao titular do vehículo que incumpre tal obrigación como autor da condución na infracción senón como autor, no seu caso, dunha infracción autónoma por incumprimento da obrigación de identificar.*

*O requirimento para a identificación efectuase cando incoado o procedemento sancionador pola autoridade competente- de oficio ou por denuncia de carácter voluntario- ou mediante denuncia formulada polos axentes da autoridade encargados da vixilancia e seguridade do tráfico, non fose coñecida a identidade do condutor, a fin de obtela e dirixir contra este o procedemento.*

*Como expón o Tribunal Constitucional, o incumprimento de devandito deber de identificación, sen causa xustificada, determínase que se lle impoña ao titular unha sanción pecuniaria como autor dunha infracción tipificada no Art. 72.3 LTSV que se define como unha infracción autónoma consistente en incumprir o titular do vehículo o deber de identificar e comunicar ás autoridades de tráfico a identidade do condutor que presumibelmente infrinxiu as normas de circulación.....Aínda que o máis probábel é que o condutor fose o titular do vehículo non pode imporse ao titular do coche a infracción cometida polo condutor, pois tratándose dun procedemento administrativo sancionador, rexido polos principios de tipicidad, legalidade e culpabilidade, conforme é afirmado en reiterada xurisprudencia, corresponde á administración denunciante a carga da proba dos feitos imputados por canto a persoa física ou xurídica á que se atribúe a conduta típica esta protexida pola presunción constitucional de inocencia."*

Do que se de cumprida información á interesada o 22/03/2010. Sen incidencias posterior.

**EXPEDIENTE 24/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coa tarxeta de accesibilidade para persoas con deficiencia para estacionamento de vehículos, tendo a solicitado desde fai oito meses sen recibir resposta algunha.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 05/04/2010, coa mesma data solicítase o preceptivo informe que se recibe o 30/04/2010 e no que se indica o seguinte:

*"Consultados os rexistros informáticos existentes nesta Xefatura, consta que dita solicitude figura con nº de rexistro 2220/2008, sendo enviada á imprenta en data 15/05/2009 no listado nº 3, non sendo recibida até a data nestas dependencias descoñecéndose o motivo.*

*Así mesmo faise constar que o axente encargado da tramitación se puxo en contacto telefónico co interesado o 19/04/2010, se lle invitaba a acudir a estas dependencias para entregarlle unha tarxeta provisional de accesibilidade para persoas con deficiencia.*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 07/05/2010. Sen incidencias posteriores.

REFLEXIÓNS.

Non resulta moi efectiva nin áxil a tramitación desta solicitude, cando se tarda oito meses en resolver unha situación que non, presenta deficiencias na documentación achegada, o que ven a por de manifesto a carencia da información integral dos procedementos que se podería subsanar cun control dos mesmos, o que ven a acreditar unha falta de credibilidade por parte do cidadán.

RECOMENDACIÓN:

Axilización de trámites

**EXPEDIENTE 29/2010**

Queixa en relación cunha sanción por non identificar ao condutor dun vehículo sen ter recibido notificación previa ao respecto, tendo presentado escrito de alegacións con data 04/11/2009 (fai cinco meses) sen ter recibido resposta.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 20/04/2010. Con data 22/04/2010 solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Mobilidade e Seguridade, pedimento que se reitera o 01/06/2010, 24/06/2010, 21/07/2010, 25/08/2010, 22/09/2010.

Con data 22/10/2010, recébese escrito de Mobilidade e Seguridade pormenorizando os pasos seguidos na tramitación do procedemento, e as comunicacións efectuadas, destacando que o interesado non interpuxo recurso de reposición as mesmas e detallando a sentenza 210/2005 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, destacando incumprimento do devandito deber de identificación do condutor, sen causa xustificada.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 27/10/2010. Sen máis incidencias.

**EXPEDIENTE 31/2010**

ASUNTO.

Queixa en relación co embargo do que foi obxecto como consecuencia de non comunicar quen foi o condutor do vehículo sancionado, dándose a circunstancia de que a titular do vehículo faleceu antes de que se procedese a resolución do embargo, e que previamente xa tiña pagado o importe da sanción polo procedemento abreviado. Resultándolle incongruente que se manteña de titular dunha conta corrente unha persoa falecida dous meses antes do embargo.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 10/05/2010, con data 11/05/2010 solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Mobilidade e Seguridade que se reitera o 22/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 13/09/2010, 13/10/2010.

Con data 11/11/2010, recíbese escrito do interesado ao que achega copia dunha resolución de Tesourería-Recaudación no que se informa de que se procedera a devolución da cantidade embargada, unha vez que se cumpran os requisitos relativos a situación familiar.

A vista do que se lle informa o 23/11/2010 dándolle noticia de que o expediente dáse por finalizado.

**EXPEDIENTE 32/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de tráfico que xa ten pagado con data 15/03/2010, recibindo posteriormente outra comunicación pola mesma sanción e co mesmo expediente. Presentado un familiar nas dependencias da Concellaría de Mobilidade e Seguridade para recoller a documentación necesaria para formular unha reclamación díselle pola funcionario que deixa alí os papeis que xa se encargaran do asunto ao que se nega.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 10/05/2010, con data 12/05/2010, solicítase o preceptivo informe a esta Concellaría que se reitera o 22/06/2010, 13/07/2010, 12/08/2010, 13/09/2010,

13/10/2010, con data 22/10/2010 recébese informe de Mobilidade e Seguridade no que indica que o condutor foi denunciado por dous motivos diferentes. Non leva o casco de protección e non utilizar o pasaxeiro da moto o casco de protección. Non se trata pois de dúas multas polo mesmo feito, senón dúas infraccións diferentes, e menciona o art. 69 da Lei de Seguridade Vial na nova redacción dada pola Lei 18/2009, que nestes supostos a responsabilidade pola infracción faina recaer no condutor.

O que se comunica ao interesado o 22/10/2010. Dándose o expediente por pechado.

**EXPEDIENTE 40/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación cos continuos embargos que está a padecer por non identificar ao conductor cando xa tiña feito as declaracións correspondentes ante o persoal o Concello.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 16/06/2010, con data 18/06/2010 solicítase o precetivo informe á Concellaría de Mobilidade que se reitera o 19/07/2010, e o 20/09/210, 19/10/2010, 22/11/2010.

**EXPEDIENTE 43/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coa inseguridade en que se atopa a veciñanza nunha praza pública polo uso frecuente e indiscriminado dos chamados monopatíns que poñen en perigo a integridade física dos cidadáns. Esta situación xa foi denunciada o 10/03/2010 que merece a atención da Policía Local, que manifestou que existe unha prohibición do uso dos citados monopatíns. A Policía compareceu en dúas ocasións na praza e falou cos usuarios, pero a situación segue a ser a mesma.

O interesado propón que se debería proceder a instalación dunhas sinais ou letreiros que indiquen a mencionada prohibición ademais da realización de cando en vez, de visitas de inspección con actuacións acordes coa desobediencia a norma prohibitiva.

O mesmo indica o interesado en relación coa frecuencia coa que os cans campan as súas anchas pola praza, sen suxeición de ningún tipo, deixando os seus excrementos por todas as partes, praza, baixo das arcadas, etc., o que cualifica dunha situación de desgoberno.

SITUACIÓN

Queixa recibida o 18/06/2010, con data 19/06/2010 solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Mobilidade e Seguridade que se reitera o 22/07/2010, 25/08/2010, 22/09/2010, 26/10/2010, 23/11/2010.

REFLEXIÓN:

As ordenanzas municipais existen non só para que se cumpran, senón tamén para que se vixíe e constate que se cumpren.

Estamos ante un dos supostos no que se manifesta claramente que non se acada a lexitimidade por rendemento.

## EXPEDIENTE 46/2010

ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por estacionar en zona de carga e descarga que non estaba visíbel por mor da existencia dunha árbore totalmente tupida, segundo consta das fotografías achegadas.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 29/06/2010, con data 01/07/2010 solicitouse o preceptivo informe á Concellaría de Mobilidade e Seguridade.

Con data 04/07/2010, publicase no diario La Voz de Galicia unha reportaxe no que se comenta que un vigués denuncia xudicialmente ao Concello por mala fe logo de podar as polas dunha arbore que tapaba un sinal de tráfico, orixe da multa que se resiste a pagar.

Postos en contacto co interesado signifícaselle que a vista da acción tramitada xudicialmente e de a cordo co artigo 10.3 do Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán aprobado polo Ple-

no do Excmo. Concello de Vigo o 25 de outubro de 2004 (BOP de 30 de novembro de 2004) procédese a anulación de admisión a trámite por estar pendente de resolución xudicial, entendendo que a empresa concesionaria para labouras de limpeza nestes impostos considerase como si do propio Concello se tratase.

Con data 20/07/2010, informase a Concellaría de Mobilidade e Seguridade da anulación do expediente en cuestión.

Dándose o mesmo por pechado.

**EXPEDIENTE 47/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coas molestias que se lle están a causar por mor da forma que un establecemento de hostalería estende o mobiliario dunha terraza.

Tanto no inverno como no verán o citado mobiliario unha vez recollido amontóase en bloques contra unha columna enfronte mesmo da saída do portal da súa vivenda e cando chove mantense todo o día.

Ten falado coa propiedade e coa Policía Local telefonicamente e co 010 sen resultado algún.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 01/07/2010, con data 05/07/2010 solicitouse o preceptivo informe á Concellaría de Mobilidade e Seguridade que se reitera o 18/08/2010, 20/09/2010, 19/10/2010, 22/11/2010.

REFLEXIÓNS:

E evidente que as mesmas están claramente contemplada na Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación de Terrazas na Vía Pública onde no seu artigo 14 apartado 5 indicase que "Fora do horario autorizado para a terraza, o titular da licenza virá obrigado a reiterar do exterior a totalidade dos seus elementos, incluíndo as bases dos parasoles.

As mesas corredoiras e parasoles serán recollidas diariamente no interior do local ao que pertenzan a terraza ou en local habilitado para tal finalidade polo

interesado. Non cabe deixalos na rúa, amontoados e suxeitos con cadeas. A instalación e maila recollida da terraza realizarase co menos ruído posíbel co obxecto de garantir o descanso da cidadanía". (BOP Nº 94, de 16 de maio de 2008).

RECOMENDACIÓN

Vixiancia efectiva no cumprimento da propia lexislación municipal.

**EXPEDIENTE 51/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coas dificultades para o acceso e saída dun garaxe privado

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 14/07/2010. Con data 15/07/2010, solicitouse o preceptivo informe á Concellaría de Mobilidade e Seguridade facendo constar que con data 21/05/2010, o interesado solicitou se impedira o aparcamento diante da porta de acceso ao seu garaxe. Actualmente diante do mesmo existe unha raia continua de cor branco que ninguén respecta, estimándose que sería máis efectiva outro tipo de sinal (amarela, bolardos) téñanse en conta que se trata dunha rúa de sentido único, co que as dificultades son maiores. Pedimento que se reitera o 05/08/2010, 22/09/2010, 26/10/2010, 23/11/2010.

REFLEXIÓN:

En reiteradas ocasiones temos iniciado sobre a axilidade e a facultade ou obriga de ser resolutivos.

Neste imposto o interesado recibe de Participación Cidadá unha notificación de data 18/06/2010, no que se indica, que a súa solicitude antes mencionada foi admitida a trámite e remitida ao departamento competente para que no prazo máximo de 15 días se dea resposta da mesma.

**EXPEDIENTE 52/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación co embargo sufrido na conta corrente da súa nai por unha sanción de tráfico presumibelmente cometida o 10/04/2008.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 20/07/2010; con data 21/07/2010 solicítase o preceptivo informe facendo constar que a denuncia e o seu aviso foron enviados ao seu anterior domicilio, domicilio que foi abandonado fai máis de vinte anos e tendo feito, no seu día, os preceptivos e oportunos cambios de domicilio e empadroamento, tal como consta nos arquivos de tráfico do Concello, non atopándose xustificación algunha para que se tomase a resolución de aplicar a medida que se aplicou. Solicitándose a devolución das cantidades embargadas máis os intereses correspondentes. Pedimento que se reitera o 25/08/2010, 27/09/2010, 27/10/2010, 25/11/2010.

REFLEXIÓNS

Entendese que nos atopamos con un grave defecto de forma na comunicación da sanción o que implica un erro imputábel á Administración

RECOMENDACIÓN

Como consecuencia da reflexión anterior procede se anule o expediente e o seu conseguinte arquivo.

**EXPEDIENTE 53/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coa falta de seguridade pola que están a pasar os cidadáns peóns e conductores por mor da falta de sinalización na Avda. Alcalde Portanet.

O interesado ten presentado solicitudes no Concello (abril e maio) sen resultado algún.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 26/07/2010; con data 27/07/2010 solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Mobilidade e Seguridade pedimento que se reitera o 25/08/2010, 26/09/2010, 27/10/2010, 25/11/2010.

**EXPEDIENTE 54/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coas actividades molestas na praia de Samil, na que existindo sinais e carteis informativos sobre as normas (xogos de pelota, polas etc.) impiden o descanso dos usuarios.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 05/08/2010, con data 06/08/2010 solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Mobilidade e Seguridade que se reitera o 09/09/2010, 08/10/2010, 27/11/2010.

**EXPEDIENTE 55/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de Tráfico. A interesada queixase do mal trato recibido polo axente municipal.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 09/08/2010; con data 17/08/2010, solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Mobilidade e Seguridade, que se reitera o 20/09/2010, 19/10/2010, 22/11/2010.

**EXPEDIENTE 57/2010**

ASUNTO.

Queixa en relación co abandono dun vehículo na vía pública, desde fai 20 meses.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 27/08/2010; con data 30/08/2010 solicítase o preceptivo informe, que se reitera 27/09/2010, 27/10/2010, 27/11/2010.

REFLEXIÓNS

Unha vez máis é previsto insistir na necesidade dunha administración receptiva e por ende resolutiva.

**EXPEDIENTE 60/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coa perigosidade procedente do paso de autobuses por unha zona edificada

SITUACIÓN

Queixa presentada o 06/09/2010; con data 07/09/2010, solicítase o preceptivo informe a Mobilidade e Seguridade, que se reitera o 08/10/2010, 25/11/2010.

**EXPEDIENTE 69/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coa falta de marquesiña; falta de atención pola Policía Local.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 27/10/2010; con data 02/11/2010 solicítase o preceptivo informe.

**EXPEDIENTE 70/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación cunha sanción de Tráfico por deixar o vehículo en dobre fila.

SITUACIÓN:

Queixa presentada, o 04/11/2010, con data 08/11/2010 solicítase informe á Concellaría de Mobilidade e Seguridade, indicando a situación da vía e efectos de aparcamento e o grao de deficiencia do interesado.

**EXPEDIENTE 73/2010**

ASUNTO.

Queixa en relación con varias sancións de Trafico

SITUACIÓN.

Queixa presentada o 18/11/2010, con data 22/11/2010 solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Mobilidade e Seguridade.

REFLEXIÓNS:

As comunicacións efectuadas polo Concello non corresponden co domicilio oficial comprobado do interesado, o que supón un erro imputábel a Administración que debe declarar nulo o expediente e proceder a devolución das cantidades embargadas.

## CAPITULO III.- NORMALIZACION, XUVENTUDE E IGUALDADE

**EXPEDIENTE 36/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coa transparencia do taboleiro no que se establece a distribución do persoal, material e tarefas que mudou do galego o castelán, referido as dependencias do SEIS, así como informe emitido por un suboficial unicamente en castelán.

SITUACION:

Queixa presentada o 01-06-2010; coa mesma data solicítase o preceptivo informe que se recibe o 23-06-2010 e no que se indica todas e cada unha das

queixas, denuncias ou xestións foron respondidas por escrito e atendidas dentro das competencias da Concellaría.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 23-06-2010. Sen máis incidencias.

## EXPEDIENTE 71/2010

ASUNTO:

Queixa en relación coa vulneración de dereitos lingüísticos no Concello.

SITUACION:

Queixa presentada o 23-09-2010; con data 15-11-2010, solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Normalización, Xuventude e Igualdade, que se recibe o 01-12-2010 e no que se indica o seguinte:

Verbo da ausencia do galego nas sinalizacións das obras de humanización.

Este servizo tense dirixido a Alcaldía (responsábel destas contratacións, xunto do Departamento de Contratación) para lle indicar que está incumprindo a Ordenanza municipal de normalización lingüística, ao non sinalizar en galego.

Verbo da ausencia na máquina de xestións de quendas.

Desde o momento da instalación, o SNL dirixiuse á dependencia e persoa responsábel para facerlle notar o incumprimento do uso do galego como lingua oficial deste Concello.

Respecto dos panos da cafetería, deste SNL non ten competencia directa coa cafetería do Concello, ao tratarse dunha concesión. Concesións que tramitan outros departamentos. O que si é certo é que as adxudicatarias de servizos deste Concello han cumprir coa lexislación lingüística.

Con respecto ao parque de bombeiros, os comunicados internos non son remitidos a este SNL para a súa revisión, co cal non podemos garantir a corrección lingüística.

O SNL ten enviado en distintas ocasións terminoloxía correcta de uso cotián polo Servizo Extinción de Incendios. Agora cómpre que queiran usalo.

Verbo das concesión, dos servizos contratados… as empresas están obrigadas ao cumprimento da lexislación lingüística, tal e como se recolle na Ordenanza e en posteriores decretos. Mesmo o Servizo de Contratación incluíu no prego das contratación unha cláusula ao respecto.

Como pode vostede observar, respecto aos puntos 1,2 e 3 o SNL informa do incumprimento da lexislación lingüística aos departamentos correspondentes. Mais o SNL non ten outra potestade, non ten capacidade de sancionar. Temos informado non só aos responsábeis das oficinas, senón tamén aos responsábeis políticos destes incumprimentos. Como unha outra actuación neste sentido, imos trasladarlles ás oficinas, responsábeis técnicos e políticos copia deste escrito que nos achega.

O SNL corrixe, facilita léxicos, diccionarios; ofrece colaboración, asesoramento… mais non todas as oficinas municipais contan cos servizos que esta Concellaría ofrece.

O SNL vela polo cumprimento da lexislación, informa dos incumprimentos advirte das posíbeis consecuencias, mais o cumprimento da lexislación lingüística é de todos e cada un dos departamentos e do funcionariado, así como dos e das responsábeis políticos que han gardar a lexislación, tamén a lingüística. “

Achéganse copias dos comunicados internos a Alcaldía, Contratación, Servizo Extinción Incendios e Salvamento e Atención Cidadá.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 02-12-2010.

REFLEXIONS:

Veñen dadas no propio escrito de queixa no que se indica que a carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, ratificada polo Estado español, insta a que tanto as administracións como o servizos públicos empreguen a lingua minoritaria. Facéndose mención ademais da Lei 3/1983, da normalización lingüística, e da Lei 5/1997 da propia Administración local, así o Estatuto de autonomía,e a propia Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

CAPITULO IV.- PARTICIPACIÓN CIDADÁ

**EXPEDIENTE 27/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación con diversas cuestións:
- Inutilidade da praza do Concello.
- Proliferación da suxidade na rúa da Paz.
- Estado de abandono da chamada Fonte da Falperra.
- Dificultades de acceso a parada do autobús sita no número 125 da rúa de Torrecedeira.

SITUACION:

Queixa presentada o 14-04-2010; coa mesma dada solicítase o preceptivo informe.

Con data 28/05/2010, recíbese escrito do Gabinete de Alcaldía no que indica que "todas as peticións realizadas foron remitidas aos distintos departamentos responsábeis.

Desde alí, comunicamos que serán atendidas en breve espazo de tempo.

Tamén hai que recordar ao veciño que esixe un servizo de 010 para tramitar este tipo de incidencias".

Do que se dá cumprida información ao interesado o 01/06/2010. Sen máis incidencias.

**EXPEDIENTE 30/2010.**

ASUNTO:

Queixa en relación con diversas cuestións:
- retirada marquesiña dunha parcela do bus.
- árbores con excesivo ramaxe que producen molestias aos cidadáns.
- falta identificación dun edificio.

SITUACION:

Queixa presentada en varias datas; con data 07/05/2010 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 22/06/2010, 08/07/2010.

Con data 22/07/2010, recíbese escrito de Participación Cidadá ao que se achega informe de Estatística indicando que recibidas placas con nomes de varias rúas procederase de inmediato a súa colocación.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 22/07/2010

Con data 12/08/2010 reiterase pedimento informativo dos demais aspectos da queixa, e de novo o 09/09/2010, 08/10/2010, 09/10/2010, 20/12/2010.

**EXPEDIENTE 63/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación cunha reclamación tramitada desde outra Administración Publica, sobre temas de consumo.

SITUACION:

Queixa recibida o 17-09-2010; con data 20/09/2010 solicítase de Participación Cidadá o preceptivo informe; que se recibe o 28/09/2010 e no que se indica que segundo información ofrecida polo Rexistro Xeral do Concello non figura documento de reclamación a nome da interesada, polo que na OMIC non se ten constancia de dita denuncia,

Así mesmo infórmase que se mantivo unha conversa telefónica coa interesada informándolle que non se tiña constancia da súa queixa, pero que si o desecaba podía presentar nas dependencias da OMIC a mesma, procedéndose a súa urxente tramitación dadas as circunstancias relatadas.

Do que se dá cumprida información á interesada o 28/09/2010.

REFLEXIONS:

Puntual, áxil e eficaz resposta ante a formalización da queixa.

**EXPEDIENTE 65/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación cunha solicitude do RISGA.

SITUACION:

Queixa presentada o 27/09/2010; con data 28/09/2010, solicítase o preceptivo informe indicando que o interesado presentou a súa solicitude xa fai máis de tres meses, sen ter recibido información algunha.

Pedimento que se reitera o 27/10/2010. Con data 10/11/2010 recíbese informe de Benestar Social; no que indica que a vista da carga de traballo déronse dúas achegas, en setembro e outubro, e que o tema está tramitándose na Concellaría competente da Xunta de Galicia, o que se comunica ao interesado o 15/11/2010.

REFLEXIONS:

Unha boa administración debe tratar os asuntos dentro dos prazos razoábeis de xeito imparcial e equitativo, con actuacións dilixentes con notificacións escritas, facilitando a información dos trámites.

**EXPEDIENTE 76/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coa petición de documentación por un membro da Corporación.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 04/11/2010, con data 09/12/2010, solicítase a intervención da Comisión de Suxestións e Reclamacións.

REFLEXIÓNS:

Os dereitos dos membros das corporacións á información e documentación municipais está recollido como fundamental pola súa vinculación co artigo 23.2 da Constitución Española e no artigo 77 da Lei de Bases de Réxime Local, entre

outras disposición sen esquecer a doutrina xurisprudencial do T.S. (2004, 2005,2007).

---

CAPITULO V.- SERVIZOS XERAIS

---

**EXPEDIENTE 13/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación con diversos aspectos da cidade referidos a Parques e Xardíns, Limpeza e situacións de marquesiñas.

SITUACION:

Queixa presentada en varias datas. Con data 22/02/2010 solicítase o preceptivo informe.

Con data 23/03/2010 recíbese escrito de Vías e Obras no que indica que a colocación de marquesiñas non é competencia dese departamento.

Con data 22/04/2010, 21/05/2010 dirixímonos a Urbanismo solicitando información e de novo, o 18/06/2010, 19/07/2010, 12/08/2010.

Con data 12/08/2010, recíbese escrito de Estatística, no que se informa que o tema das identificacións xa foi solucionada.

**EXPEDIENTE 17/2010.**

ASUNTO:

Queixa en relación co perigo que están a pasar os cidadáns por mor da esixencia dunhas escaleiras en plena beirarrúa nunha rúa que fai esquina con outra, obrigando a xente, incluso con coches de nenos que teñen que baixarse da beirarrúa e circular pola estrada para poder continuar pola beirarrúa da mesma rúa; existindo unha curva na que os vehículos non ven os peóns.

SITUACION:

Queixa presentada o 22/02/2010, con data 24/02/2010, solicítase a Vías e Obras o preceptivo informe que se reitera o 23/03/2010, 28/04/2010, 01/06/2010, 24/06/2010, 21/07/2010, 25/08/2010.

Con data 08/09/2010, recébese escrito da Area de Servizos Xerais no que informa que as escaleiras mencionadas atópanse en bo estado de servizo. A súa eliminación supón unha obra nova que deberá deseñarse de acordo co establecido na normativa de eliminación de barreiras arquitectónicas para o cal se require un proxecto para a contratación das obras.

Actualmente non existe partida orzamentaria para poder financiar as obras necesarias, quedando pendente de consignación orzamentaria para o vindeiro orzamento municipal.

Do que se dá cumprida información á interesada o 09/09/2010

Sen máis incidencias.

**EXPEDIENTE 22/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coas obras de humanización dunha rúa desde 2005 ven sufrindo unha serie de consecuencias na súa vivenda, obras que lle prexudicaron, no seu día, ao seu local comercial, e que agora non funciona axeitadamente a rede de sumidoiros.

SITUACION:

Queixa presentada o 17/03/2010; con data 22/03/2010 solicitouse o preceptivo informe a Vías e Obras que se reitera o 28/04/2010, 01/06/2010. Con data 25/06/2010, recíbese escrito de Vías e Obras informando que a concesionaria do Servizo municipal do saneamento e abastecemento de auga, AQUALIA, en data 01/06/2010, informou que "Realizada visita de inspección, no se han encontrado anomalías en la rede de saneamento".

Do que se dá cumprida información ao interesado o 23/06/2010. Sen incidencias posteriores.

**EXPEDIENTE 26/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coas obras de humanización que se están a facer nunha rúa, con elevación das xardineiras de ladrillo e pedra, xa que estas non están a bordo da beirarrúa senón diante dun local comercial facendo unha zona escura e perigosa.

SITUACION:

Queixa recibida o 12/04/2010; con data 14/04/2010, solicítase o preceptivo informe a Vías e Obras, pedimento que se reitera o 18/05/2010.

Con data 14/06/2010 recíbese escrito da oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, no que informa que "o proxecto en cuestión contempla a construción dunhas xardineiras no ámbito de actuación do proxecto, achégase plano da planta. No inmoble sito …….. se constrúen unhas destas xardineiras, a devandita xardineira ten 4,13 metros de largo por 0,95 metros de alto. Con anterioridade á construción desta xardineira, xa existía unha, cunhas dimensións aproximadas de 5,23 metros de largo por 0,95 de alto, da cal se achega foto.

Como se pode apreciar a xardineira actual e máis curta que a xardineira que xa existía antes de realizar as obras, polo que, o técnico entende que esta obra non orixinou ningún prexuízo ao inmoble mencionado".

Do que se dá cumprida información ao interesado o 16/06/2010. Sen incidencias posteriores.

**EXPEDIENTE 33/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coa solicitude dun colector de lixo nas proximidades do seu domicilio.

SITUACION:

Queixa presentada o 10/05/2010, con 12/05/2010, solicítase o preceptivo informe ao Servizo de Limpeza, que se reitera o 22/06/2010, 13/07/2010, 13/10/2010, 15/11/2010, 20/12/2010.

**EXPEDIENTE 38/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coas obras que están a facer nunha estrada lindeira cunha vivenda, sen beirarrúa o que implica un grave perigo para os moradores entre eles nenos pequenos xa que non existe protección algunha.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 07/09/2010; con data 09/06/2010 solicítase o preceptivo informe que se recibe da Oficina de Supervisión de Proxectos de Inspección de Obras o 22/06/2010, e no que se indica que o proxecto das obras aprobado en Xunta de Goberno Local que actualmente están en execución, non contempla beirarrúa proxectada no entorno que se cita. Actualmente non existe consignación orzamentaria para a actuación solicitada.

Do que se dá cumprida información á interesada o 12/07/2010.

Coa mesma data diriximonos a Oficina de Supervisión de Proxectos e Obras, expondo a dor e desesperanza da interesada en relación co abandono en que se atopa pregando unha revisión da situación a fin de solucionar o tema da beirarrúa, a falta da mesma so lle ocasiona molestias e perturbacións, estimando que con ela se está a reflectir unha equivocación patente que ademais provoca inundacións na súa vivenda.

Con data 12/08/2010, reitera o pedimento anterior, con data 20/08/2010, recíbese escrito de Servizos Xerais informando que no se dispón de asignación orzamentaria. Do que se dá cumprida información á interesada, o 24/08/2010. Sen máis incidencias.

REFLEXIÓNS:

Non se acada unha vez máis a mellora lexitimidade pola vía dos rendementos. As estratexias son inesgotábeis e teñen que ser capaces de dar resposta ás demandas xustificadas de contorno, máxime en temas que afectan as necesidades primarias dos cidadáns.

## EXPEDIENTE 48/2010

ASUNTO.

Queixa en relación coas dificultades en que se atopa por mor dos trámites que se lle esixen para restablecer o subministro de auga na vivenda que xa levaba tempo sen ocupación.

Ten solicitado información ao respecto, sen resposta algunha.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 07/07/2010; con data 08/07/2010, solicitouse o preceptivo informe á Concellaría de Servizos Xerais. Control de Concesionarias.

Con data 24/08/2010, recíbese informe de Aqualia no que indica que ao solicitar nova alta durante o ano 2010 aplicase o artigo 23.3 do Regulamento do Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo que require o Boletín de instalación subscrito por un instalador autorizado e visado pola Dirección Provincial de Industria e Enerxía da Xunta de Galicia acompañado, no seu caso, da licenza de apertura cando se trate de local comercial ou industrial, licenza de primeira ocupación para o caso de vivendas ou de licenza de obras cando se trate de subministros para este fin.

O único caso en que non es esixe Boletín de Instalación é no caso de cambios de titularidade, so se cambia o nome de titular.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 25/08/2010. Sen máis incidencias.

REFLEXIÓNS:

A Boa Administración require tratalos asuntos dentro de prazo razoábel, e que as medidas que se adopten serias proporciones aos obxectivos que se perseguen, asesorando debidamente aos cidadáns nas tramitación dos expedientes, actuando con dilixencias e accesibilidade.

**<u>EXPEDIENTE 50/2010</u>**

<u>ASUNTO:</u>

Queixa en relación unha arqueta colocada enfronte dunha vivenda que parece ser que quedou mal colocada e que cada vez que pasa un vehículo produce un ruído moi molesto.

<u>SITUACIÓN:</u>

Queixa presentada o 13/07/2010; con data 14/07/2010 solicitouse o preceptivo informe a Vías e Obras, que recibe o 13/08/2007, e no que se indica que a empresa Aqualia xa solventou o problema denunciado coa colocación dunha tapa máis pequena e a colocación dunha xunta de goma para evitar o ruído.

Indícase ademais que a Policía Local o 28/06/2010 a petición da interesada realiza unha medición de ruído mediante 10 minutos que o ruído do motor dos vehículos superan o producido pola tapa mencionada.

Do que se dá cumprida información á interesada o 17/08/2010. Sen incidencias posteriores.

**<u>EXPEDIENTE 64/2010</u>**

<u>ASUNTO:</u>

Queixa en relación co mal estado dunha rúa.

<u>SITUACIÓN:</u>

Queixa presentada o 20/09/2010; a interesada ten solicitado actuacións do Concello desde outubro de 2008 tendo recibido catro escritos informativos sen solucionar o problema, o último en xuño de 2009.

Con data 21/09/2010 solicítase o preceptivo informe que se recibe o 06/10/2010, e no que se indica que foi incluída a humanización solicitada provisionalmente na relación de ornamentos a executar na primeira aprobación de ornamentos de inversión municipais do que se dá cumprida información á interesada.

REFLEXIÓNS:

Desde que se iniciou o expediente a información recibida alude a consignación orzamentaria (dous anos) sen resolución sentindo, unha vez mais, a falta de dilixencia e axilidade o que reflite unha falta de lexitimación por rendemento.

**EXPEDIENTE 72/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación co mal estado das beirarrúas.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 17/11/2010; con data 18/11/2010, solicitouse o preceptivo informe a Vías e Obras.

Con data 20/12/2010, recíbese escrito de Vías e Obras no que informa que as obras desaparición fixéronse o 30/11/2010; o que se pon e coñecemento da interesada o 22/12/2010.

**EXPEDIENTE 74/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coas beirarrúas que se están a facer nunha parroquia.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 26/11/2010; con data 29/11/2010, solicitouse o preceptivo informe a Vías e Obras, facendo mención das actuacións da Asociación de Veciños correspondente.

CAPITULO VI.- URBANISMO E VIVENDA

**EXPEDIENTE 2/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coa solicitude de licenza de actividade, tramitada en 2007.

SITUACION:

Queixa presentada o 20/01/2010, con data 20/01/2010, solicítase o preceptivo informe ante a Concellaría de Urbanismo e Vivenda, indicando que a demora está a producir atrasos nas axudas concedidas polo IGAPE (2006) axudas de vital importancia.

O pedimento informativo reiterouse o 22/02/2010, 23/03/2010, 19/04/2010, 21/05/2010, 18/06/2010, 19/07/2010, 19/08/2010, 14/09/2010, 19/10/2010, 22/11/2010, 17/12/2010.

Con data 27-12-2010 recíbese escrito de Licenza de Actividades e Instalacións no que informa que, con data 29/07/2010 concedese a licenza cuestionada.

O que se comunica ao interesado o 27/12/2010

REFLEXIÓNS:

Resulta obvio que a Administración Pública ademais de intelixente, ten que ser receptiva e resolutiva o que non parece no caso que nos ocupa. O Código Europeo de Boa Conducta (resolución de 06/09/2001) aprobado polo Parlamento Europeo establece que os contidos de referido código deberán ser respectados polas Administracións Públicas e os seus funcionarios.

A boa Administración ten que tratar os asuntos dentro dos prazos razoábeis e de forma imparcial e equitativa.

A dilixencia e requisito imprescindíbel.

**EXPEDIENTE 11/2010.**

ASUNTO:

Queixa en relación cunha denuncia por mor de construcción dunha cheminea encostada e unha placa metálica a parede dunha vivenda que produce molestias, así como a plantación de varas de bambú sen respectar a distancia debida.

SITUACION:

Queixa presentada o 11/02/2010; con data 15/02/2010 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 23/03/2010, 19/04/2010, 21/05/2010, 14/07/2010, 19/08/2010, 14/09/2010, 22/11/2010, 17/12/2010.

**EXPEDIENTE 16/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación co desamparo en que se atopa por mor da súa deficiencia que lle impide a accesibilidade a determinados locais de ocio.

SITUACION:

Queixa presentada o 22/02/2010; con data 24/02/2010 solicitouse o preceptivo informe a Vías e Obras quen o 15/03/2010 comunica que non é da súa competencia o control do cumprimento de lei de accesibilidade en locais comerciais de carácter privado; e que o mesmo foi remitido o 08/04/2010 a Urbanismo (Licenza de Obras) a quen se lle reiterou o pedimento informativo o 28/04/2010, 07/06/2010, 24/06/2010, 21/07/2010, 25/08/2010, 22/09/2010, 26/10/2010, 23/11/2010, 17/12/2010.

REFLEXIÓNS:

E de todo punto necesario a realización de políticas de previsión e tratamento que amparen os diminuídos para o desfrute dos dereitos que lle asisten. Entre elas requírense previsión de plans de adaptación das vías públicas, accesos e aparcamentos mediante a obriga de destinar os medios económicos a tales fins.

**EXPEDIENTE 18/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coas obras de ampliación que se están realizando sen licenza.

SITUACION:

Queixa presentada o 04/03/2010; con data 08/03/2010, solicitouse o preceptivo informe á Concellaría de Urbanismo e Vivenda, que se reiterou o 28/04/2010, 01/06/2010, 28/06/2010, 27/07/2010, 25/08/2010, 23/09/2010, 26/10/2010, 23/11/2010, 17/12/2010.

**EXPEDIENTE 19/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación cunha solicitude sobre a reposición da legalidade urbanística vulnerada segundo consta en expediente municipal.

SITUACION:

Queixa presentada o 08/03/2010; con data 15/03/2010, solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Urbanismo e Vivenda, que se reitera o 28/04/2010, 01/06/2010, 28/06/2010, 27/07/2010, 25/08/2010, 23/09/2010, 26/10/2010, 23/11/2010, 17/12/2010.

**EXPEDIENTE 28/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación pola falta de beirarrúa nunha determinada rúa.

SITUACION:

Queixa presentada o 15/04/2010; con data 19/04/2010, solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Urbanismo e Vivenda, que se reitera o 21/05/2010, 18/06/2010, 19/07/2010, 14/09/2010, 19/10/2010, 22/11/2010, 17/12/2010.

**EXPEDIENTE 35/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coa tardanza na concesión dunha licenza de obra, cando outras solicitudes posteriores xa foron concedidas.

SITUACION:

Queixa presentada o 20/05/2010; con data 20/05/2010, solicitouse o informe preceptivo que se reiterou o 18/06/2010, 18/07/2010, 14/09/2010, 19/10/2010, 22/11/2010, 17/12/2010.

REFLEXIÓNS:

As Administracións deben estar presididas por actividades receptiva e resolutivas; a dilixencia e a rapidez son mostras da eficacia.

**EXPEDIENTE 42/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación por mor da instalación dunha terraza sen licenza; existindo informe de Policía local que reflexa dita actividade.

SITUACION:

Queixa presentada o 29/05/2010; con data 19/06/2010, solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Urbanismo e Vivenda, pedimento que se reitera o 20/07/2010 25/08/2010, 22/09/2010, 26/10/2010, 23/11/2010 e 17/12/2010.

**EXPEDIENTE 49/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación cunhas obras que se están a realizar nos baixos dun edificio que implican unha reforma integral dos locais que ocasionaron vibracións, cortes no subministro de auga e luz, subidas de tensión eléctrica con danos nos equipos de electrodomésticos, fendas nas paredes e levantamento do parqué. A

licenza oportuna das obras nunca foi exhibida, nin sequera ante a Policía local; presentándose desde abril/2010 sete denuncias sen resultado algún.

SITUACION:

Queixa presentada o 08/07/2010; con data 12/07/2010, solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Urbanismo e Vivenda, que se reitera o 17/08/2010 acompañada de tres fotografías presentadas polo interesado, que acreditan as obras denunciadas, e de novo o 14/09/2010, 19/10/2010, 22/11/2010, 17/12/2010.

**EXPEDIENTE 61/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coa licenza de actividade dun local de hostalería que está a producir molestos cheiros na veciñanza.

SITUACION:

Queixa presentada o 07/09/2010; con a mesma data solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Urbanismo e Vivenda, que se reitera o 08/10/2010, o 09/11/2010, e o 17/12/2010.

**EXPEDIENTE 62/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación con obras sen licenza.

SITUACION:

Queixa presentada o 09/09/2010; con data 14/09/2010, solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 13/10/2010, o 15/11/2010, e o 17/12/2010.

**EXPEDIENTE 68/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación cunhas obras que se consideran ilegais, xa que a licenza só afecta ao arranxo dun tellado.

SITUACION:

Queixa presentada o 18/10/2010; con data 20/10/2010, solicítase o preceptivo informe a Urbanismo e Vivenda, que se reitera o ,25/11/2010.

**EXPEDIENTE 81/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación cunha obra ilegal.

SITUACION:

Queixa presentada o 22/12/2010; coa mesma data, solicítase o preceptivo informe a Urbanismo e Vivenda.

## CAPITULO VII.- XESTION MUNICIPAL

**EXPEDIENTE 3/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coa liquidación do recibo da Escola Municipal de Música, por mor dun erro no díxito de control.

SITUACION:

Queixa presentada o 20/01/2010; con data 27/01/2010, solicitouse o preceptivo informe á Concellaría de Xestión Municipal que se reitera o 24/02/2010.

Con data 16/03/2010 recíbese escrito da Tesourería no que informa que os datos identificadores da persoa interesada (unha neta) non figuran nos documentos remitidos no departamento afectado, polo que se descoñece a que recibos se fai referencia, polo que non se pode atender a queixa formulada.

Con data 02/03/2010, diriximonos a Tesourería comunicando a identificación da persoa interesada.

Con data 08/04/2010, recíbese novo escrito de Tesourería no que informa que na base de datos da recadación municipal non consta que o interesado na queixa (avó da alumna) teña algunha liquidación en concepto de prezo público pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais, e máis concretamente pola Escola Municipal de Música. Os datos identificativos da neta, da persoa interesada, non figuran nos documentos remitidos a este departamento, polo que se descoñece a que recibos fai referencia.

Segue sen acreditarse que o interesado na queixa teña relación cos recibos en cuestión.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 14/04/2010, quedando a súa disposición para calquera consulta ou actuación adicional sobre o tema obxecto da queixa.

A citada comunicación anterior foi devolta polo correo; e contactada a súa familia por teléfono indícasenos que o interesado trasladou a súa residencia definitivamente fora de Galicia, descoñecendo o seu enderezo.

Dáse por pechado o expediente.

## EXPEDIENTE 14/2010

ASUNTO:

Queixa en relación con diversas cuestións municipais; letreiros dos servizos de taxas, recadacións. Horarios de apertura dos accesos Praza do Rei.

SITUACION:

Queixa presentada en varias solicitudes e diferentes datas.

Con data 24/02/2010 solicitouse o preceptivo informe á Concellaría de Xestión Municipal, que se reiterou o 23/03/2010. Con data 06/04/2010, recíbese escrito da Xestión Municipal no que informa que se procederá a revisión cos letreiros anunciantes, e que con respecto o tema da Praza do Rei terase en conta en novas actuacións e acontecementos.

Do que se dá cumprida información ao interesado o 06/04/2010.

Sen incidencias posteriores.

**EXPEDIENTE 15/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación cos recibos da recollida do lixo que se lle están a pasar dúas veces desde fai catro anos.

SITUACION:

Queixa presentada o 01/03/2010; con data 02/03/2010, solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Xestión Municipal.

Con data 05/04/2010 recébese escrito do Servizo de Administración de Tributos. Taxa de lixo vivendas no que informa o seguinte:

*"Respecto da queixa presentada, en relación coa Taxa de Lixo de Vivendas do obxecto tributario da rúa , indicando a súa desconformidade e alegando duplicidade na emisión dos recibos relativos a dito inmoble, amais de ter presentado con anterioridade reclamacións non "atendidas", se informa:*

*Nos rexistros informáticos deste Concello non consta a presentación de anteriores solicitudes ou recursos ao nome do interesado respecto da Taxa de Lixo de Vivendas, a maiores da solicitude presentada en data 09.10.09 para o exercicio 2010 en relación coa planta baixa do inmoble, identificada no padrón fiscal co inscrición 155692.*

*En dita solicitude de exención, tramitada co nº de documento 90144307 e expte, se declaraba a convivencia do reclamante coa súa dona, na planta baixa da rúa , cuestión que foi comprobada nos rexistros informáticos deste Concello, e que orixinou o seu trámite en expte colectivo con resultado ESTIMATORIO, concedén-*

*doselle a exención solicitada por resolución da Alcaldía de data 04.03.2010 para o período fiscal 2010-2012.*

*A notificación recibida polo reclamante en data 15.03.09 relativa a exención indicada, non fai referencia a ningunha outra circunstancia, por referirse unicamente o expediente á dita solicitude de exención para a rúa .*

*Ademais da devandita inscrición 155692, relativa ao baixo do inmoble, figura no Padrón Fiscal da Taxa de Lixo a inscrición 104168 relativa a planta primeira. Estes datos coinciden co informe emitido en data 22.10.2008 polo Departamento da Inspección de Tributos no que se indicaba a existencia de dúas vivendas no inmoble, e son concordantes ademais cos datos do Padrón Municipal de Habitantes que ratifica que as dúas plantas veñen sendo ocupadas de xeito independente.*

*Sendo clara a existencia de dúas vivendas diferenciadas no inmoble, a emisión de dous recibos da Taxa de Lixo de Vivendas é correcta segundo o establecido no art. 1 da Ordenanza Fiscal Reguladora desta Taxa, no que se recolle que constitúe o seu feito impoñíbel a prestación do servicio de recepción obrigatoria pola recollida de residuos sólidos urbanos, entendéndose como tal, o servicio prestado a todas as vivendas que estean en condicións de habitabilidade, con independencia de que estean ou non habitadas ou utilizadas.*

*Segundo o anterior, e segundo a xustificación documental que acompaña o presente informe, non existe a duplicidade aludida, por cando a Insc. 104168 se refire o 1º, e a Insc. 155692 se refire a planta baixa do inmoble da rúa. "*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 05/04/2010.

Sen máis incidencias.

## EXPEDIENTE 20/2010

ASUNTO:

Queixa en relación co apremio que se fai en relación coa taxa do lixo que ten aboada en xullo do 2009.

SITUACION:

Queixa presentada o 09/03/2010; con data 15/03/2010, solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Xestión Municipal, que se recibe o 16/03/2010 e no que se informa o seguinte:

*"Respecto da queixa presentada, en relación coa Taxa de Lixo de Vivendas do obxecto tributario da rúa , indicando a súa desconformidade e alegando duplicidade na emisión dos recibos relativos a dito inmoble, amais de ter presentado con anterioridade reclamacións non "atendidas", se informa:*

*Nos rexistros informáticos deste Concello non consta a presentación de anteriores solicitudes ou recursos ao nome do interesado respecto da Taxa de Lixo de Vivendas, a maiores da solicitude presentada en data 09.10.09 para o exercicio 2010 en relación coa planta baixa do inmoble, identificada no padrón fiscal co inscrición 155692.*

*En dita solicitude de exención, tramitada co nº de documento 90144307 e expte., se declaraba a convivencia do reclamante coa súa dona, na planta baixa da rúa , cuestión que foi comprobada nos rexistros informáticos deste Concello, e que orixinou o seu trámite en expte colectivo con resultado ESTIMATORIO, concedéndoselle a exención solicitada por resolución da Alcaldía de data 04.03.2010 para o período fiscal 2010-2012.*

*A notificación recibida polo reclamante en data 15.03.09 relativa a exención indicada, non fai referencia a ningunha outra circunstancia, por referirse unicamente o expte. á dita solicitude de exención para a rúa .*

*Ademais da devandita inscrición 155692, relativa ao baixo do inmoble, figura no Padrón Fiscal da Taxa de Lixo a inscrición 104168 relativa a planta primeira. Estes datos coinciden co informe emitido en data 22.10.2008 polo Departamento da Inspección de Tributos no que se indicaba a existencia de dúas vivendas no inmoble, e son concordantes ademais cos datos do Padrón Municipal de Habitantes que ratifica que as dúas plantas veñen sendo ocupadas de xeito independente.*

*Sendo clara a existencia de dúas vivendas diferenciadas no inmoble, a emisión de dous recibos da Taxa de Lixo de Vivendas é correcta segundo o establecido no art. 1 da Ordenanza Fiscal Reguladora desta Taxa, no que se recolle que constitúe o seu feito impoñíbel a prestación do servicio de recepción obrigatoria pola recollida de residuos sólidos urbanos, entendéndose como tal, o servicio prestado a todas as vivendas que estean en condicións de habitabilidade, con independencia de que estean ou non habitadas ou utilizadas.*

*Segundo o anterior, e segundo a xustificación documental que acompaña o presente informe, non existe a duplicidade aludida, por cando a Insc. 104168 se refire o 1º, e a Insc. 155692 se refire a planta baixa do inmoble da rúa. "*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 05/04/2010.

Sen incidencias posteriores.

**EXPEDIENTE 21/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación co pagamento da taxa do lixo.

SITUACION:

Queixa presentada o 16/03/2010; con data 22/03/2010, solicítase o preceptivo informe que se reitera o 28/04/2010. Con data 11/05/2010 recíbese informe de Administración de Tributos no que se indica o seguinte:

*"Respecto da queixa presentada, en relación coa Taxa de Lixo de Vivendas do obxecto tributario da rúa , indicando a súa desconformidade e alegando duplicidade na emisión dos recibos relativos a dito inmoble, amais de ter presentado con anterioridade reclamacións non "atendidas", se informa:*

*Nos rexistros informáticos deste Concello non consta a presentación de anteriores solicitudes ou recursos ao nome do interesado respecto da Taxa de Lixo de Vivendas, a maiores da solicitude presentada en data 09.10.09 para o exercicio 2010 en relación coa planta baixa do inmoble, identificada no padrón fiscal co inscrición 155692.*

*En dita solicitude de exención, tramitada co nº de documento 90144307 e expte., se declaraba a convivencia do reclamante coa súa dona, na planta baixa da rúa , cuestión que foi comprobada nos rexistros informáticos deste Concello, e que orixinou o seu trámite en expte colectivo con resultado ESTIMATORIO, concedéndoselle a exención solicitada por resolución da Alcaldía de data 04.03.2010 para o período fiscal 2010-2012.*

*A notificación recibida polo reclamante en data 15.03.09 relativa a exención indicada, non fai referencia a ningunha outra circunstancia, por referirse unicamente o expte. á dita solicitude de exención para a rúa .*

*Ademais da devandita inscrición 155692, relativa ao baixo do inmoble, figura no Padrón Fiscal da Taxa de Lixo a inscrición 104168 relativa a planta primeira. Estes datos coinciden co informe emitido en data 22.10.2008 polo Departamento da Inspección de Tributos no que se indicaba a existencia de dúas vivendas no inmoble, e son concordantes ademais cos datos do Padrón Municipal de Habitantes que ratifica que as dúas plantas veñen sendo ocupadas de xeito independente.*

*Sendo clara a existencia de dúas vivendas diferenciadas no inmoble, a emisión de dous recibos da Taxa de Lixo de Vivendas é correcta segundo o establecido no art. 1 da Ordenanza Fiscal Reguladora desta Taxa, no que se recolle que constitúe o seu feito impoñíbel a prestación do servicio de recepción obrigatoria pola recollida de residuos sólidos urbanos, entendéndose como tal, o servicio prestado a todas as vivendas que estean en condicións de habitabilidade, con independencia de que estean ou non habitadas ou utilizadas.*

*Segundo o anterior, e segundo a xustificación documental que acompaña o presente informe, non existe a duplicidade aludida, por cando a Insc. 104168 se refire o 1º, e a Insc. 155692 se refire a planta baixa do inmoble da rúa. "*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 22/03/2010. Sen incidencias posteriores.

## EXPEDIENTE 25/2010

ASUNTO:

Queixa en relación cunha solicitude de compatibilidade nun posto de traballo.

SITUACION:

Queixa presentada o 08/04/2010; con data 14/04/2010, solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Xestión Municipal; pedimento que se reitera o 12/05/2010.

Con data 18/06/2010, recíbese escrito de Participación Cidadá achegando informe da secretaría da Escola Municipal de Artes e Oficios no que se indica o seguinte: .........no informe de 16/05/2010 relaciónanse antecedentes anexando un cadro-resumo dos horarios propostos pola interesada. Todos eles como se ven reiterando nos informes do Servizo incorporados ao expediente, resultan incompatíbeis co horario completo da interesada na Escola das Artes e Oficios. Verbo da

adaptación dos horarios da …ao horario reducido, remítense aos informes do Secretario da Escola e da Secretaría Xeral do Pleno, en relación coa posibilidade de utilizar como horario docente na….. o horario liberado para a custodia do menor. Polo exposto o supervisor, co conforme do Secretario e da Presidenta da Escola, propón ao Pleno de Corporación, e á Xunta rectora acordar a denegación da compatibilidade.

Do que se dá cumprida información á interesada o 19/06/2010.

Sen máis incidencias posteriores.

O 11/10/2010 recíbese escrito do Concello ao que achega copia dun escrito do Valedor do Pobo confirmando a tese do Concello e participando que a interesada presentou recurso contencioso-administrativo.

## EXPEDIENTE 34/2010

ASUNTO:

Queixa en relación cunha caída como consecuencia do mal estado da beirarrúa nunha avenida.

SITUACION:

Queixa recibida o 12/05/2010; coa mesma data solicítase o preceptivo informe á Responsabilidade Patrimonial, que se recibe o 09/06/2010 e no que se indica o seguinte:

*"En resposta aos seus escritos de datas 21 maio 2010 (nº saída 518) e 12 maio 2010 (nº saída 501-34/2010), interesando informe sobre o expediente cumpre sinalar o seguinte:*

*O expediente de referencia foi iniciado mediante reclamación formulada polo interesado en data 28 xullo de 2009, notificándoselle a apertura do mesmo o 24 de setembro 2009 na que se lle sinalaba entre outros aspectos que o prazo para a súa resolución é de doce meses.*

*Por resolución do Concelleiro Delegado da área de Xestión municipal de data 3 de maio de 2010 resolveuse dita reclamación desestimándoa, tal e como xa ten coñecemento esa Institución.*

*No que refírese á falta de proba do nexo de causalidade entre o presunto accidente e o funcionamento dun servizo público municipal, informarlle que, do expediente tramitado resulta a solicitude formulada ao reclamante do mesmo para a proposición daqueles medios da proba que tivese por conveniente, de acordo co disposto na art. 6 do RD 429/1993 polo que se aproba o Regulamento do procedementos da AA PP en materia de Responsabilidade Patrimonial, non constando proposición de proba algunha.*

*Así mesmo, tampouco formula alegación nin achega de documentación no Trámite de audiencia que ao efecto foille outorgado a este.*

*Finalmente, a teor da documentación achegada polo reclamante e os informes e trámites de oficio practicados no expediente, ditouse en prazo e de xeito motivado a resolución correspondente.*

*Na actualidade foi presentado polo interesado recurso de reposición contra dita resolución o pasado 26 do mes en curso, atopándose pendente de resolución.*

*Do que se dá cumprida información ao interesado o 09/06/2010, indicando que, en datas vindeiras, solicitarase información adicional actualizada en relación co recurso de reposición interposto; o que se fai o 04/07/2010, recibíndose resposta o 23/07/2010 indicando que se desestima o recurso de reposición o non resultar desvirtuados polos razoamentos expostos nos antecedentes, os fundamentos xurídicos que motivaron a súa adopción".*

Do que se dá cumprida información ao interesado o 26/07/2010.

Sen actuacións posteriores.

REFLEXIONS:

Na solicitude de información efectuada o 12/05/2010 precisábase que os axentes da Policía local tiveron a oportunidade de instar declaración aos viandantes presentes no momento do accidente así como o propietario do local comercial sito no lugar do mesmo, aínda que o interesado atendido pola caída non o requirise.

Indicábase ademais que os poderes exércense coa finalidade para a que foron outorgados, tendo ademais en conta os factores relevantes con actuacións xustas e razoábeis, xa que das alegacións parece inducirse que o axente municipal actúa con criterio absolutamente infalíbel.

RECOMENDACIONS:

En todo procedemento deberá terse en conta que as cuestións presentadas polos interesados constitúen o contido mínimo do mesmo por canto ao resolverse polo órgano competente este poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas fosen ou non presentadas ou alegadas por aqueles.

As actuacións teñen que ser axeitadas os criterios de eficiencia e servizo aos cidadáns, conforme os principios de transparencia e de participación. Pregándose unha revisión e reconsideración das actuacións que deron lugar a resolución recibida.

**EXPEDIENTE 39/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación cunha débeda que o Concello mantén desde fai sete anos cunha empresa.

SITUACION:

Queixa presentada o 09/06/2010; con data 18/06/2010 solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Xestión Municipal; que se reitera o 14/07/2010, 17/08/2010, 13/09/2010, 13/10/2010, 17/11/2010, 20/12/2010.

**EXPEDIENTE 45/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación cunha caída sufrida nun rexistro dunha beirarrúa.

SITUACION:

Queixa presentada o 17/06/2010; cando xa tiña recaído resolución municipal o 22/02/2010, resolución definitiva a vista do recurso de reposición interposto no seu día; resolución na que se contempla que a responsabilidade recae na empresa encargada de realizar as obras de humanización.

REFLEXIONS:

Estamos ante un suposto sobre o cal xa recaiu resolución definitiva, non sendo función desta Institución actuar como unha segunda instancia, do contido do expediente non se desprende desatención, tardanza ou outra anomalía consecuencia dun suposto mal funcionamento dos servizos municipais.

O que se comunica á interesada o 29/06/2010; dándose o expediente por pechado.

**EXPEDIENTE 56/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación cunha solicitude feita o 06/07/2010 ante Recadación Voluntaria co obxecto do cambio de recibos de entidade bancaria para pagamentos de taxa do lixo e o IBI.

SITUACION:

Queixa presentada o 17/08/2010; Para tramitar de xeito correcto a queixa solicitouse ao interesado dúas veces o seu enderezo (18/08/2010, e 06/09/2010) sen recibir resposta, polo que o 27/09/2010, procédese a anulación do expediente.

**EXPEDIENTE 79/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coa anulación dun expediente por sanción de tráfico.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 20/12/2010, con data 23/12/2010 solicítase o preceptivo informe a Responsabilidade Patrimonial que resolve favorabelmente os danos causados o vehículo polo guindastre pero derivando a reclamación cara a empresa concesionaria.

REFLEXIÓNS:

Estamos ante un caso que por erro da Administración Pública competente provocou a declaración da nulidade do mesmo e como consecuencia derivou no arquivo do expediente e polo tanto a anulación dos efectos derivados dunha acción viciada, todos os efectos.

As fotografías achegadas pola empresa do guindastre mostran que o estado do vehículo non se axusta a realidade por tratarse dunha mostra parcial.

O interesado ten a facultade de achegar cantos medios de proba sexan necesarios para substanciar a súa versión dos feitos.

Se non existe motivación é evidente que no se respecta o sentir da actividade administrativa que ten, por esencia, a finalidade de promover o interese público, a desestimación das solicitudes sen motivación suficiente produce un quebranto do dereito do cidadán.

O interese público a satisfacer en cada caso concreto representado o fin obxectivo cara ao que deberá dirixir a acción administrativa en cada unha das súas actuacións.

Esta causa, ao obxectivarse, determinará que legalmente se esixa que o contido dos actos administrativos procedimentais sexa axeitado os fins daquela o que supón que o obxecto do procedemento debe ser consecuente cos fins previstos no ordenamento xurídico.

As alegacións veñen a por de manifesto defectos de tramitación; existen uns prexuízos inequívocos e debe terse en conta que os equipos de guindastre deben estar asistidos por membros da Policía Local en todo o referente a situación e o estado do vehículo en todas as súas facetas, de tal xeito, que ao declararse oficialmente o arquivo do expediente e dicir a súa anulación esta é definitiva , sen esquecer os danos causados no transporte e posteriores mentres o vehículo está en situación de secuestro, sen que sexa licito cargar sobre o cidadán que non cometeu ilicitude, a responsabilidade propia da concesionaria que está actuando como si da propia Administración se tratara, polo que debe entenderse que é a Administración Pública quen debe resarcir ao cidadá dos gastos reflectidos no presuposto achegado, que non factura, como se di na resolución administrativa.

Estes datos instrumentais deben ser utilizados como decisorios, o que deriva nunha actuación racional e razoábel da Administración Pública, o que verá a definir unha lexitimación por eficacia.

**EXPEDIENTE 80/2010**

ASUNTO:

Queixa en relación coa forma de pagamento das cotas para o uso das instalacións da área deportiva municipal de Coia-A Florida.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 23/12/2010, coa mesma data, solicítase o preceptivo informe á Concellaría de Xestión Municipal.

## RESUMO ESTATÍSTICO

| AREA | NUMERO | % |
|---|---|---|
| **MEDIO AMBIENTE** | | |
| Contaminación Acústica | 5 | 100% |
| Outras Contaminacións | 2 | |
| Propiedades en estado calamitoso | 2 | |
| Residuos tóxicos | 1 | |
| Total | 10 | 12,34% |
| **MOBILIDADE E SEGURIDADE** | | |
| Sancións de tráfico | 17 | |
| Mobilidade | 2 | |
| Anomalías Vitrasa | 2 | |
| Seguridade | 4 | |
| Total | 25 | 30,86% |
| **NORMALIZACIÓN, XUVENTUDE E IGUALDADE** | | |
| Informes en galego | 1 | |
| Vulneración dereitos lingüísticos | 1 | |
| Total | 2 | 2,46% |
| **PARTICIPACION CIDADÁ** | | |
| Diversas incidencias | 2 | |
| Falta de atención | 1 | |
| Solicitude risco | 1 | |
| Solicitude documentación | 1 | |
| Total | 5 | 6,17% |
| **SERVICIOS XERAIS** | | |
| Problemas en beirarrúas | 5 | |
| Rede de saneamento | 1 | |
| Subministro de auga | 1 | |
| Obras humanización | 1 | |
| Colector de lixo | 1 | |
| Molestias por mor dunha arqueta | 1 | |
| Obras en estrada sen beirarrúa | 1 | |
| Total | 11 | 13,58% |

**URBANISMO**

| | | |
|---|---|---|
| Demoras na tramitación licenza | 2 | |
| Obras sen licenza | 7 | |
| Obras sen gardar distancia debida | 1 | |
| Dificultades accesibilidade | 1 | |
| Reposición legalidade | 1 | |
| Falta beirarrúas | 1 | |
| Adecuación licenza | 1 | |
| Total | 14 | 17,28% |

**XESTION MUNICIPAL**

| | | |
|---|---|---|
| Taxas | 6 | |
| Compatibilidade | 1 | |
| Débedas do Concello | 1 | |
| Responsabilidade Patrimonial | 3 | |
| Varios | 1 | |
| Total | 12 | 14,81% |

**OUTROS**

| | | |
|---|---|---|
| Outras Administracións | 2 | |
| Total | 2 | 2,46% |
| TOTAL | 81 | 100,00% |

## REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2010

### ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

| QUEIXA | MOTIVO | PETICIÓN INFORME | RECEPCIÓN INFORME |
|---|---|---|---|
| **4/2010** | Ladridos dun can procedente de vivenda veciñal | 29/01/2010 | 24/02/2010 |
| **23/2010** | Estado calamitoso dunha finca lindeira | 22/03/2010 | |
| | | 26/05/2010 | |
| | | 28/06/2010 | |
| | | 25/08/2010 | |
| | | 23/09/2010 | 20/04/2010 |
| | | 23/11/2010 | 13/07/2010 |
| | | 20/10/2010 | |
| **37/2010** | Acumulación e retirada de residuos tóxicos | 02/06/2010 | 23/06/2010 |
| **41/2010** | Contaminación acústica | 18/06/2010 | |
| | | 19/07/2010 | |
| | | 22/09/2010 | |
| | | 08/10/2010 | 03/8/2010 |
| **44/2010** | Contaminación acústica | 23/06/2010 | |
| | | 12/07/2010 | |
| | | 25/08/2010 | |
| | | 18/112010 | |
| | | 20/12/2010 | 10/11/2010 |
| **58/2010** | Contaminación acústica | 01/09/2010 | |
| | | 04/10/2010 | |
| | | 02/11/2010 | 10/11/2010 |
| **59/2010** | Contaminación acústica | 22/09/2010 | |
| | | 02/11/2010 | |
| | | | 25/11/2010 |
| **67/2010** | Estado calamitoso de fincas | 13/10/2010 | |
| | | 25/11/2010 | |
| | | 20/12/2010 | 11/11/2010 |
| **77/2010** | Contaminación acústica | 14/12/2010 | |
| **78/2010** | Contaminación por problemas ventilación | | ANULADO |

### ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

| QUEIXA | MOTIVO | PETICIÓN INFORME | RECEPCIÓN INFORME |
|---|---|---|---|
| **01/2010** | Sanción de Trafico | 12/01/2010 | |
| | | 18/02/2010 | |
| | | 23/03/2010 | |
| | | 21/05/2010 | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | 09/06/2010 | |
| **06/2010** | Dificultades acceso vivenda | 03/02/2010 | 02/03/2010 |
| | | 15/03/2010 | 26/03/2010 |
| **07/2010** | Fraude tarxetas bonificadas de VITRASA | 08/02/2010 | |
| | | 09/03/2010 | |
| | | 12/04/2010 | |
| | | 21/05/2010 | |
| | | 22/06/2010 | |
| | | 08/07/2010 | |
| | | 12/08/2010 | |
| | | 09/09/2010 | |
| | | 08/10/2010 | |
| | | 25/10/2010 | |
| **08/2010** | Varias anomalías | 22/02/2010 | |
| | | 28/04/2010 | |
| | | 01/06/2010 | |
| | | 24/06/2010 | |
| | | 21/07/2010 | 23/07/2010 |
| | | 26/07/2010 | 19/08/2010 |
| **09/2010** | Sanción de trafico | 08/02/2010 | |
| | | 09/03/2010 | 08/04/2010 |
| **10/2010** | Sanción de trafico | 08/02/2010 | 16/03/2010 |
| **12/2010** | Sanción de tráfico | 15/02/2010 | 16/03/2010 |
| **24/2010** | Tarxeta minusválido | 05/04/2010 | 30/04/2010 |
| **29/2010** | Sanción de tráfico | 22/04/2010 | |
| | | 01/06/2010 | |
| | | 24/06/2010 | |
| | | 21/07/2010 | |
| | | 25/08/2010 | |
| | | 22/09/2010 | 22/10/2010 |
| **31/2010** | Sanción de tráfico | 11/05/2010 | |
| | | 22/06/2010 | |
| | | 13/07/2010 | |
| | | 12/08/2010 | |
| | | 13/09/2010 | |
| | | 13/10/2010 | 11/11/2010 |
| **32/2010** | Sanción de tráfico duplicada | 12/05/2010 | |
| | | 22/06/2010 | |
| | | 13/07/2010 | |
| | | 12/08/2010 | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | 13/09/2010 | |
| | | 13/10/2010 | 22/10/2010 |
| **40/2010** | Sanción de tráfico con embargo reiterados | 18/06/2010 | |
| | | 19/07/2010 | |
| | | 18/08/2010 | |
| | | 20/09/2010 | |
| | | 19/10/2010 | |
| | | 22/11/2010 | |
| **43/2010** | Actuacións perigosas nunha praza pública | 19/06/2010 | |
| | | 22/07/2010 | |
| | | 25/08/2010 | |
| | | 22/09/2010 | |
| | | 26/10/2010 | |
| | | 23/11/2010 | |
| **46/2010** | Sanción de tráfico ANULADO | 01/07/2010 | 20/07/2010 |
| **47/2010** | Incumprimento da normativa sobre terrazas locais hostalería | 05/07/2010 | |
| | | 18/08/2010 | |
| | | 20/09/2010 | |
| | | 19/10/2010 | |
| | | 22/11/2010 | |
| **51/2010** | Obstáculos acceso a garaxe | 15/07/2010 | |
| | | 25/08/2010 | |
| | | 22/09/2010 | |
| | | 26/10/2010 | |
| | | 23/11/2010 | |
| **52/2010** | Sanción de tráfico | 21/07/2010 | |
| | | 25/08/2010 | |
| | | 27/09/2010 | |
| | | 27/10/2010 | |
| | | 25/11/2010 | |
| **53/2010** | Falta de seguridade na Avenida Portanet | 27/07/2010 | |
| | | 25/08/2010 | |
| | | 27/09/2010 | |
| | | 27/10/2010 | |
| | | 25/11/2010 | |
| **54/2010** | Actividades molestas na praia de Samil | 06/08/2010 | |
| | | 09/09/2010 | |
| | | 08/10/2010 | |
| | | 25/11/2010 | |
| **55/2010** | Sanción de tráfico | 17/08/2010 | |
| | | 20/09/2010 | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | 10/10/2010 | |
| | | 22/11/2010 | |
| **57/2010** | Abandono de vehículo | 30/08/2010 | |
| | | 27/09/2010 | |
| | | 27/10/2010 | |
| | | 25/11/2010 | |
| **60/2010** | Tránsito autobuses que xera perigosidade | 07/09/2010 | |
| | | 08/10/2010 | |
| | | 25/11/2010 | |
| **69/2010** | Falta de marquesiñas | 02/11/2010 | |
| **70/2010** | Sanción de tráfico | 08/11/2010 | 20/12/2010 |
| **73/2010** | Sanción de tráfico | 22/11/2010 | |

## ÁREA DE NORMALIZACIÓN, XUVENTUDE E IGUALDADE

| QUEIXA | MOTIVO | PETICIÓN INFORME | RECEPCIÓN INFORME |
|---|---|---|---|
| **36/2010** | Informes en galego | 01/06/2010 | 23/06/2010 |
| **71/2010** | Vulneración dereitos lingüísticos | 15/11/2010 | 01/12/2010 |

## ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

| QUEIXA | MOTIVO | PETICIÓN INFORME | RECEPCIÓN INFORME |
|---|---|---|---|
| **27/2010** | Diversas incidencias | 14/04/2010 | 28/05/2010 |
| **30/2010** | Diversas incidencias | 07/05/2010 | |
| | | 22/06/2010 | |
| | | 08/07/2010 | |
| | | 12/08/2010 | |
| | | 0909/2010 | |
| | | 08/10/2010 | |
| | | 09/11/2010 | |
| | | 20/12/2010 | 22/07/2010 |
| **63/2010** | Falta de atención ante unha solicitude sobre consumo | 20/09/2010 | 28/09/2010 |
| **65/2010** | Solicitude do RISGA | 28/09/2010 | |
| | | 27/10/2010 | 10/11/2010 |
| **76/2010** | Solicitude documentación | 09/12/2010 | |

## ÁREA DE SERVIZOS XERAIS

| QUEIXA | MOTIVO | PETICIÓN INFORME | RECEPCIÓN INFORME |
|---|---|---|---|
| **13/2010** | Diversas incidencias | 22/02/2010 | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | 22/04/2010 | |
| | | 21/05/2010 | |
| | | 18/06/2010 | |
| | | 19/07/2010 | 22/03/2010 |
| | | 12/08/2010 | 12/08/2010 |
| **17/2010** | Dificultades tránsito nunha beirarrúa | 24/02/2010 | |
| | | 23/03/2010 | |
| | | 28/04/2010 | |
| | | 01/06/2010 | |
| | | 24/06/2010 | |
| | | 21/07/2010 | |
| | | 25/08/2010 | 08/09/2010 |
| **22/2010** | Anomalías na rede de saneamento | 22/03/2010 | |
| | | 28/04/2010 | |
| | | 01/06/2010 | 25/06/2010 |
| **26/2010** | Obras de humanización | 14/04/2010 | |
| | | 18/05/2010 | 14/06/2010 |
| **33/2010** | Solicitude dun colector lixo | 12/05/2010 | |
| | | 22/06/2010 | |
| | | 13/07/2010 | |
| | | 13/10/2010 | |
| | | 15/11/2010 | |
| | | 20/12/2010 | |
| **38/2010** | Obras nunha carreteira sen beirarrúa | 09/06/2010 | 28/06/2010 |
| | | 12/07/2010 | 30/082010 |
| **48/2010** | Dificultades para restablecer o subministro da auga | 08/07/2010 | 24/08/2010 |
| **50/2010** | Molestias por mor dunha arqueta | 14/07/2010 | 13/08/2010 |
| **64/2010** | Mal estado dunha rúa | 21/09/2010 | 06/10/2010 |
| **72/2010** | Mal estado das beirarrúas | 18/11/2010 | |
| **74/2010** | Problemas pola reconstrución dunhas beirarrúas | 29/11/2010 | |

## ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA

| QUEIXA | MOTIVO | PETICIÓN INFORME | RECEPCIÓN INFORME |
|---|---|---|---|
| **2/2010** | Demora na tramitación dunha licenza de actividades solicitada en 2007 | 22/01/2010 | |
| | | 22/02/2010 | |
| | | 23/03/2010 | |
| | | 19/04/2010 | |
| | | 21/05/2010 | |
| | | 18/06/2010 | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | 19/07/2010 | |
| | | 19/08/2010 | |
| | | 14/09/2010 | |
| | | 19/10/2010 | |
| | | 22/11/2010 | |
| | | 17/12/2010 | 27/12/2010 |
| **11/2010** | Obras sen gardar a distancia debida | 15/02/2010 | |
| | | 23/03/2010 | |
| | | 19/04/2010 | |
| | | 21/05/2010 | |
| | | 14/07/2010 | |
| | | 19/08/2010 | |
| | | 14/09/2010 | |
| | | 19/10/2010 | |
| | | 22/11/2010 | |
| | | 17/12/2010 | |
| **16/2010** | Dificultades accesibilidade | 24/02/2010 | |
| | | 28/04/2010 | |
| | | 07/06/2010 | |
| | | 24/06/2010 | |
| | | 21/07/2010 | |
| | | 25/08/2010 | |
| | | 22/09/2010 | |
| | | 26/10/2010 | |
| | | 23/11/2010 | |
| | | 17/12/2010 | 15/03/2010 |
| **18/2010** | Obras sen licenza | 08/03/2010 | |
| | | 28/04/2010 | |
| | | 01/06/2010 | |
| | | 28/06/2010 | |
| | | 27/07/2010 | |
| | | 25/08/2010 | |
| | | 23/09/2010 | |
| | | 26/10/2010 | |
| | | 23/11/2010 | |
| | | 17/12/2010 | |
| **19/2010** | Solicitude reposición legalidade urbanística | 15/03/2010 | |
| | | 28/04/2010 | |
| | | 01/06/2010 | |
| | | 28/06/2010 | |
| | | 27/07/2010 | |

| | | |
|---|---|---|
| | | 25/08/2010<br>23/09/2010<br>26/10/2010<br>23/11/2010<br>17/12/2010 |
| **28/2010** | Falta de beirarrúas | 19/04/2010<br>21/05/2010<br>18/06/2010<br>19/07/2010<br>14/09/2010<br>19/10/2010<br>22/11/2010<br>17/12/2010 |
| **35/2010** | Lentitude na concesión de licenza de obras | 20/05/2010<br>18/06/2010<br>18/07/2010<br>14/09/2010<br>19/10/2010<br>22/11/2010<br>17/12/2010 |
| **42/2010** | Terraza sen licenza | 19/06/2010<br>20/07/2010<br>25/08/2010<br>22/09/2010<br>26/10/2010<br>23/11/2010<br>17/12/2010 |
| **49/2010** | Obras que non acreditan licenza e que causan danos a veciñanza | 12/07/2010<br>17/08/2010<br>14/09/2010<br>19/10/2010<br>22/11/2010<br>17/12/2010 |
| **61/2010** | Adecuación dunha licenza de actividade | 07/09/2010<br>08/10/2010<br>09/11/2010<br>17/12/2010 |
| **62/2010** | Obras sen licenza | 14/09/2010<br>13/10/2010<br>15/11/2010<br>17/12/2010 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **68/2010** | Obras sen licenza | 20/10/2010<br>25/11/2010<br>25/11/2010 | |
| **81/2010** | Obras sen licenza. | 22/12/2010 | |
| **75/2010** | Obras sen licenza(pendente datos do interesado). ANULADO | 27/07/2010 | |

## ÁREA DE XESTION MUNICIPAL

| QUEIXA | MOTIVO | PETICIÓN INFORME | RECEPCIÓN INFORME |
|---|---|---|---|
| **3/2010** | Liquidación recibo taxa municipal | 27/01/2010<br>24/02/2010<br>22/03/2010 | <br>16/03/2010<br>08/04/2010 |
| **14/2010** | Diversas incidencias | 24/02/2010<br>23/03/2010 | <br>06/04/2010 |
| **15/2010** | Duplicidade na taxa do lixo | 02/03/2010 | 05/04/2010 |
| **20/2010** | Apremo na taxa do lixo | 15/03/2010 | 16/03/2010 |
| **21/2010** | Discrepancia coa taxa do lixo | 22/03/2010<br>28/04/2010 | <br>11/05/2010 |
| **25/2010** | Solicitude de compatibilidade | 14/04/2010<br>12/05/2010 | 18/06/2010<br>11/10/2010 |
| **34/2010** | Responsabilidade patrimonial | 12/05/2010<br>14/07/2010 | 09/08/2010<br>23/07/2010 |
| **39/2010** | Débeda do Concello con unha empresa | 18/06/2010<br>14/07/2010<br>17/08/2010<br>13/09/2010<br>13/10/2010<br>15/11/2010<br>20/12/2010 | |
| **45/2010** | Responsabilidade patrimonial. ANULADO | 18/06/2010 | |
| **56/2010** | Solicitude cambio de entidade bancaria os efectos impositivos. ANULADO | 27/07/2010 | |
| **79/2010** | Responsabilidade patrimonial. | 23/12/2010 | |
| **80/2010** | Pagamento taxas. | 23/12/2010 | |

## ÁREA DE OUTROS

| QUEIXA | MOTIVO | PETICIÓN INFORME | RECEPCIÓN INFORME |
|---|---|---|---|
| **5/2010** | Competencia Xunta Galicia | | |
| **66/2010** | Competencia da Xunta de Galicia | | |

# PARTE VI
## ENTREVISTAS E CONSULTAS POR CORREO ELECTRÓNICO

## ENTREVISTAS

| AREA | NUMERO | % |
|---|---|---|
| **BENESTAR SOCIAL** | | |
| ASUNTOS SOCIAIS | 21 | |
| VARIOS | 18 | |
| TOTAL | 39 | 4,62 |
| **CULTURA ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL** | | |
| INTEGRACIÓN SOCIAL | 17 | |
| VARIOS | 12 | |
| TOTAL | 29 | 3,43 |
| **EDUCACIÓN** | | |
| BIBLIOTECA PÚBLICA | 9 | |
| VARIOS | 4 | |
| TOTAL | 13 | 1,54 |
| **MEDIO AMBIENTE** | | |
| CONTAMINACIÓN ACÚSTICA | 49 | |
| ACUMULACIÓN LIXO | 27 | |
| SANIDADE | 11 | |
| TOTAL | 87 | 10,30 |

| | | |
|---|---|---|
| **MOBILIDADE E SEGURIDADE** | | |
| MOBILIDADE | 16 | |
| SANCIÓNS DE TRÁFICO | 39 | |
| SEGURIDADE | 18 | |
| TOTAL | 73 | 8,64 |
| **PARTICIPACIÓN CIDADÁ** | | |
| VARIOS | 37 | |
| TOTAL | 37 | 4,38 |
| **SERVIZOS XERAIS** | | |
| CONCESIONARIAS | 29 | |
| LIMPEZA | 37 | |
| VIAS E OBRAS | 40 | |
| TOTAL | 106 | 12,55 |
| **URBANISMO** | | |
| LICENZAS | 19 | |
| OBRAS ILEGAIS | 37 | |
| VARIOS | 38 | |
| TOTAL | 94 | 11,13 |
| **XESTIÓN MUNICIPAL** | | |
| RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL | 18 | |
| TAXAS | 23 | |
| VARIOS | 11 | |
| TOTAL | 52 | 6,16 |
| **OUTROS** | | |
| CONSUMO | 119 | |
| OUTRAS ADMINISTRACIÓN | 123 | |
| VARIOS | 72 | |
| TOTAL | 314 | 37,20 |
| **TOTAL** | **844** | **100** |

## CONSULTAS POR CORREO ELECTRÓNICO

| AREA | NUMERO | % |
|---|---|---|
| **ASUNTOS SOCIAIS** | | |
| Asistencia indixentes | 3 | |
| Asistencia social | 2 | |
| Emprego | 1 | |
| Varios | 4 | |
| Total | 10 | 9% |
| **MEDIO AMBIENTE** | | |
| Contaminación acústica | 7 | |
| Varios | 2 | |
| Total | 9 | 8,10% |
| **MOBILIDADE E SEGURIDADE** | | |
| Mobilidade | 12 | |
| Sancións | 14 | |
| Seguridade | 9 | |
| Total | 35 | 31,53% |
| **SERVICIOS XERAIS** | | |
| Parques e Xardíns | 7 | |
| Limpeza | 4 | |
| Servizos hixiénicos | 4 | |
| Concesionarios | 5 | |
| P. Riscos | 1 | |
| Total | 21 | 18,91% |
| **URBANISMO** | | |
| Obras Ilegais | 4 | |
| Varios | 2 | |
| Barreiras Arquitectónicas | 2 | |
| Total | 8 | 7,20% |
| **XESTION MUNICIPAL** | | |
| Responsabilidade Patrimonial | 4 | |
| Varios | 2 | |
| Total | 6 | 5,40% |

| OUTROS | | |
|---|---|---|
| Consumo | 6 | |
| Outras Administracións | 7 | |
| Varios | 9 | |
| Total | 22 | 19,81% |
| | | |
| **TOTAL** | **111** | **100,00%** |

## REFLEXIÓNS

No 1809, en Suecia, creouse a figura do Ombudsman. A palabra Ombud refírese a unha persoa que está habilitada para actuar por outra e xorde constitucionalmente como mandatario do Parlamento na súa función do control do poder executivo.

No caso concreto dos Valedores Locais en España, o seu obxectivo non se centra en fiscalizar as actuacións das diversas instancias públicas da Administración Local senón procurar a máis adecuada colaboración con elas, con independencia da súa afinidade ideolóxica, para mellorar o convivio cidadán pois o fin último das súas funcións reside na consecución dun civismo integrador. Neste sentido, é preciso dar a coñecer á administración os defectos observados no seu funcionamento, sinalar os erros, sen imposicións, para que poidan ser emendados, e presentar propostas para a súa solución. Hai que admitir, con todo, que, en ocasións, pode haber discrepancias cos órganos executivos.

A forma de actuar dos Valedores Locais realízase mediante consultas diarias, intervencións, mediacións, entrevistas, expedientes e actuacións de oficio dentro do seu ámbito competencial que se circunscribe, de forma exclusiva, aos concellos.

Equilibrar as actuacións das distintas instancias, integrar o máis posíbel os dereitos individuais coas esixencias administrativas de administracións e do seu ámbito social, así como mellorar as relacións entre os diferentes sectores e compoñentes individuais da cidadanía local son partes fundamentais das súas actuacións.

É comunmente aceptado que o perfil deste Valedor debe incluír tres características diferenciadas:

- máis autoridade que poder,

- máis xustiza que dereito,

- máis humanismo que burocracia.

A nivel mundial, oitenta países dispoñen desta figura de Valedor Local. A modo de exemplo, Zúric, Ámsterdam, Atlanta, Honolulu, Buenos Aires,… No Estado español o primeiro Defensor Local comezou a funcionar en Lleida no ano 1992. Desde ese ano até a actualidade, Cataluña incrementou o seu número até

41. Actualmente, son 70 os Defensores Locais que actúan en todo o Estado. Dous deles, Córdoba e Málaga, son provinciais, mediante convenios establecidos entre as Deputacións provinciais e os seus respectivos municipios.

O Primeiro Encontro, só entre Defensores cataláns, celebrouse no ano 1995, sendo 5 o número de asistentes (a figura do Defensor Local, en Cataluña, introdúcese no ano 2002, dentro da Lei autonómica de Réxime Local). Alén da Cataluña, existen Defensores en cidades como Palma, Marbella, La Línea de la Concepción, Sevilla, Xerez, Vitoria-Gasteiz, Segovia, Gandia, Vigo,… Desta forma, o número de habitantes, en España, que poden optar por presentar reclamacións ante Defensores Locais excede o oito millóns.

O Primeiro Encontro Estatal de Defensores Locais celebrouse o ano 2008 en Málaga, o Segundo en Vigo (2009) e o último o pasado ano en Vitoria-Gasteiz. Con obxecto de continuar e mellorar as relacións mutuas entre todos os Defensores, creouse un Foro Estatal de Defensorías Locais, sen personalidade xurídica, como medio para promover a implantación da institución nas Administracións Locais e como centro de ligazón que, através dos diversos medios telemáticos, permita manternos en contacto, compartir información e preparar futuros encontros.

Do punto de vista organizativo as características que posúen son as seguintes:

- O período de mandato na maioría das cidades é de 5 anos, renovábeis outros cinco.

- Os regulamentos que rexen o seu funcionamento son moi semellantes entre todos eles: o seu nomeamento require unha maioría cualificada de polo menos 2/3 dos compoñentes do pleno municipal, as súas actuacións son sempre de segunda instancia (a primeira perante o concello). Os seus obxectivos residen en informar, asesorar e mediar.

- A súa dedicación varía entre o carácter exclusivo ou parcial.

- As oficinas de traballo onde se sitúa o Defensor Local están separadas das dependencias municipais.

- As partidas económicas e de persoal son aprobadas polo Pleno municipal.

En relación coa Valedoría do Cidadán de Vigo, as actividades levadas a cabo ao longo do ano 2010 distribuíronse en actuacións a instancia de parte e de oficio. As primeiras ascenderon a 1036. Pola primeira vez, desde o comezo desta

Valedoría, hai oito anos, superouse a cifra do millar. A evolución anual foi incrementándose de forma notábel. Así, no ano 2006 estas actuacións foron 484, que ascenderon a 532 en 2007, a 579 en 2008 e a 846 en 2009. Por tanto, estas actividades duplicáronse no últimos catro anos.

Estas actuacións a instancia de parte distribuíronse da seguinte forma:

- Consultas (vía correo electrónico) que deron lugar a intervencións: 110

- Entrevistas que deron lugar a xestións ou avinzas: 844

- Expedientes (abertos cando non se logrou a avinza): 82

As entrevistas levan sempre a cabo sen limitación de tempo algún para que a cidadanía que acode a formular a súa queixa poida expresarse sen présas. Por outra banda, o incremento destas actuacións (1036) non implicou un aumento no número de expedientes, feito que vén confirmar que o tempo dedicado ás consultas, entrevistas e avinzas repercute nunha diminución de expedientes, proceso que só leva a cabo cando se esgotan as vías de consenso ou porque houbese unha clara violación dos dereitos da cidadanía ante unha determinada actuación municipal. Sobre as entrevistas realizadas, 123 destas estaban relacionadas con outras administracións (fundamentalmente coa autonómica e tamén, en menor grao, con concellos limítrofes). Todas elas son atendidas igualmente, orientándoos sen redactar ningunha Recomendación xa que non é competencia desta Valedoría. Este labor, xunto coa mediación, foi moi satisfactoria, permitíndonos tratar a unha cidadanía que nos ensinou moito sobre a vida cotiá na cidade.

As principais temáticas expostas pola cidadanía que solicitaron a intervención do Valedor do Cidadán foron:

- Mobilidade e seguridade: 131 (fundamentalmente por sancións de tráfico)

- Urbanismo: 116 (principalmente por obras ilegais)

- Medio ambiente: 106 (en especial por contaminación acústica)

- Servizos xerais: 138 (basicamente por temas de vías e obras, seguridade viaria)

O número de expedientes resoltos desde 2002, ano da apertura da Oficina do Valedor do Cidadán, até 2009 foi do 88%, dos cales un 65% destes fórono a favor da cidadanía recorrente.

A modo de epílogo podemos indicar que a función específica de calquera Valedor Local reside en orientar, intermediar e formular recomendacións que melloren a calidade dos servizos públicos e desenvólvese sempre no marco das relacións entre a cidadanía e as administracións no ámbito das súas competencias. Así pois, o Defensor Local é unha institución útil para garantir a defensa e protección dos dereitos das persoas nas súas relacións coa Administración Local.

Convén matizar tamén que todo Valedor é un árbitro, non un xuíz. Non busca a xustiza senón a equidade. Isto é, o equilibrio entre os dereitos e deberes cívicos. Nesta procura da verdade cívica, exponse sempre unha reflexión que conduce a unha pregunta: como se logra esa verdade cívica, a verdade dese equilibrio que restablece os dereitos dos cidadáns? Esa verdade só se consegue coa verdade. Os clásicos xa nos deixaron escrito que a verdade resplandece por se mesma, mentres que a mentira necesita sempre complicidade.

Finalmente, a modo de post data, é preceptivo que o Valedor expoña ante o Pleno municipal, nunha sesión extraordinaria, o Informe anual que representa un resumo estatístico, reflexións e recomendacións das súas actuacións desenvolvidas ao longo de cada ano, mantendo en todo momento ese necesario punto de equilibrio, que é, ao cabo, a capacidade de analizar unha situación desde diferentes ángulos.

# PARTE VII
## ACTUACIÓNS DE OFICIO

Sobre as Actuacións de Oficio realizáronse 3.300 entrevistas levadas a cabo por 10 enquisadores.

As monografías publicadas foron:

- Encuesta sobre aparcamientos disuasorios. Análisis de los factores condicionantes para su planificación.

- La accesibilidad a los servicios básicos. Aplicación al municipio de Vigo y comparación con otras ciudades europeas. Indicador común europeo de sostenibilidad A-4.

## ENCUESTA SOBRE APARCAMIENTOS DISUASORIOS.
## Análisis de los factores condicionantes para su planificación

O principal obxectivo deste estudo céntrase en obter unha información fidedigna e actualizada sobre a opinión que teñen os automobilistas que acceden Vigo con respecto a unha proposta de estacionamento disuasorio, e así establecer medidas de actuación e/ou adecuación necesaria, fronte a unha realidade concreta e medíbel. Estas actuacións céntranse en coñecer a importancia relativa que a cidadanía outorga a este servizo, determinar as vantaxes e funcións prioritarias, detectar as posíbeis dificultades e cuantificar o potencial que poida ter esta proposta.

Os aparcamentos disuasorios (P&R) tentan combinar dunha forma eficiente os beneficios do automóbil e do transporte público. Trátase dun servizo que recolle os usuarios fóra da zona central das cidades e trasládaos até o seu destino final mediante o transporte público.

Realizouse un cuestionario anónimo que consistiu en dez preguntas sobre a valoración da proposta dun estacionamento disuasorio aplicado ao municipio de Vigo, ás que se agregaron outras sobre datos persoais dos inquiridos. Para elaborar as cuestións relativas a esta proposta, tivéronse en conta experiencias de enquisas semellantes realizadas noutras cidades europeas.

A entrega das enquisas realizouse nas seguintes vías de acceso á cidade: Saída da AP-9 no Nó de Isaac Peral. Saída final da AP-9 no Paseo de Afonso XIII-R. Cervantes. Cruzamento da R. Angel de Lema e Marina con Av. de Buenos Aires (N 552). Á altura do Seminario no tramo final da A-55. Cruzamento de Estrada de Valadares (PO 330) coa Estrada da Garrida. Estrada de Camposancos (PO 552), á altura do km 5-6.

Desta forma, cremos que se poden determinar diversos aspectos desta temática, tales como: o principal motivo de desprazamento a Vigo, o medio de transporte utilizado e a frecuencia para este desprazamento, as facilidades para estacionar na cidade, o transporte empregado unha vez que entrou en Vigo así como comentarios xerais sobre este tipo particular de estacionamentos.

- Entre os motivos para o desprazamentos a Vigo destacan o traballo (67,3%), para realizar compras (18,1%), estudos (3,5%), lecer (2,9%) e outros (7,1%).

- O medio de transporte utilizado para o desplazamento a Vigo é o automóbil privado (91,1%), seguido polo autobús (6,6%), tren (0,3%) e outros (2,1%).

- Na frecuencia dos desprazamentos a Vigo destaca a realizada a diario (69,5%) e dúas ou máis veces por semana (22,3%).

- O medio de transporte utilizado unha ve que se entrou en Vigo, destaca o automóbil (51,7% dos casos), a pé (43,0%) e o autobús urbano (14,3%).

- Predomina a insatisfacción no relativo ás facilidades para estacionar na cidade (64,1% moi insatisfeito e 31,3% insatisfeito).

- O grao de aceptación dun estacionamento disuasorio é do 93,3%

- A potencialidade de uso dese aparcamento disuasorio seria do 89,3%. Só 5,3% manifesta que non o utilizaría.

- Entre os factores que animaría ao uso do estacionamento disuasorio figura que este fose gratuíto (para o 88,3%), que contase cun sistema de seguranza (81,3%), a frecuencia do servizo de autobuses (71,0%) e que existise un acceso adaptado para os descapacitados (65,6%).

Finalmente, a xeito de epílogo, téñense que dar certas condicións para que un aparcamento disuasorio sexa eficiente pois **non ten sentido cando o transporte público non proporciona un acceso perfecto ao centro da cidade ou cando os intervalos de servizo son longos ou irregulares.** Polo tanto, antes de construír aparcamentos disuasorios débese optimizar o transporte público.

## LA ACCESIBILIDAD A LOS SERVICIOS BÁSICOS

Aplicación al municipio de Vigo y comparación con otras ciudades europeas. Indicador Común Europeo de sostenibilidad A-4

O indicador A4, "Dispoñibilidade de servizos básicos", é un parámetro recoñecido internacionalmente como esencial para a determinación da calidade de vida da cidadanía. De feito, ten sido adoptado pola maioría de cidades europeas. Este indicador determina a porcentaxe de poboación do municipio que reside a unha distancia menor ou igual a trescentos metros desde a súa vivenda a zonas públicas abertas e servizos básicos.

Para este estudo, considéranse os seguintes servizos básicos: Parques e espazos públicos. Servizos sanitarios. Paradas de transporte público. Escolas de ensino obrigatorio. Comercios de alimentación. Centros cívicos e sociais. Puntos de recollida selectiva de residuos. Entidades financeiras. Espazos deportivos.

Con esta metodoloxía dáse cumprimento á Carta de Aalborg ou Carta das Cidades e Poboacións Europeas cara á Sustentabilidade, onde se sinala: "as autoridades locais ocúpanse da creación, o funcionamento e a manutención da infraestrutura económica, social e ecolóxica, supervisan os procesos de planeamento, establecen as políticas ambientais nos planos nacionais e subnacionais. No seu carácter de autoridade máis próxima á cidadanía, desempeñan unha función importantísima na educación e mobilización da cidadanía en prol do desenvolvemento sustentábel. Estamos certos de que a vida neste planeta non pode ser sustentábel sen unhas comunidades locais viábeis".

Por todo iso, esta Monografía permitirá á Administración Local determinar, de forma concreta, aquelas medidas que deben ser adoptadas co fin de mellorar a calidade de vida do seu administrado baixo o criterio dun desenvolvemento sustentábel.

# ANEXOS

## EXPEDIENTES ACTUALIZADOS ATÉ MARZO DE 2011

Non obstante o período real que abranxe esta memoria, faise unha sucinta referencia a aqueles expedientes que tiveron actividade por parte das distintas unidades municipais en forma de resposta ou información e que se consideran pechados en marzo de 2011, cando se rematou de redactar o presente Informe.

### AREA DE XESTIÓN MUNICIPAL

**EXPEDIENTE 79/2010**

Queixa en relación coa anulación dun expediente por sanción de tráfico.

Con data 21/01/2011 recíbese informe do departamento de Responsabilidade Patrimonial ao que adxunta a resolución de 13/01/2011 que desestima o recurso de reposición interposto polo interesado por non acreditarse a existencia dunha relación de casualidade entre o accidente e un funcionamento dun servizo público. Do que se da cumprida información ao interesado o 25/01/2011. Sen máis incidencias.

### AREA DE URBANISMO E VIVENDA

**EXPEDIENTE 66/2006**

Queixa en relación coa colocación dun valo publicitario nunha terraza.

Con data 21/02/2011 recíbese informe da Concellería de Urbanismo e Vivenda no que indica que, con data 02/10/2008 resolveu non admitir a trámite a solicitude de revisión da licenza outorgada o 28/08/2006. Do que se dá cumprida información ao interesado o 22/02/2011. Sen máis incidencias.

**EXPEDIENTE 31/2007**

Queixa en relación cunhas obras sen retranqueo. Con data 21/02/2007 recébese informe da Concellería de Urbanismo e Vivenda no que indica que, con data 07/02/2007 o consello da Xerencia Municipal de Urbanismo adoptou o acordo de declarar restaurada a legalidade Urbanística alterada, toda vez que as obras obxecto de este expediente de acondicionamento dun galpón están amparados en licenza concedida o 21/06/2006. Procedéndose ao arquivo do expediente de protección da legalidade urbanística. Do que se da cumprida información ao interesado o 22/02/2011. Sen máis incidencias

**EXPEDIENTE 32/2007**

Queixa en relación con unhas obras ilegais. Con data 21/02/2011, recíbese informe da Concellería de Urbanismo e Vivenda no que indica que, con data 28/07/2006, constátase que as obras realizadas se axusta sensiblemente á licenza outorgada. Do que se dá cumprida información ao interesado o 22/02/2011. Sen máis incidencias

**EXPEDIENTE 63/2007**

Queixa en relación con obras en terreos protexidos.

Con data 21/02/2011, recíbese informe da Concellería de Urbanismo no que indica que con data 26/01/2010 prodúcese resolución do expediente de reposición da legalidade urbanística, no que se explicita que as obras cuestionadas non son legalizábeis, ordenándose a demolición das mesmas. Do que se da cumprida información ao interesado o 22/02/2011. Sen incidencias posteriores.

**EXPEDIENTE 35/2008**

Queixa en relación con diferenzas de medición nun edificio de cinco alturas.

Con data 21/02/2011 recíbese informe da Concellería de Urbanismo e Vivenda no que índice que segundo inspección de data 11/07/2007 a altura da edificación asustase, en xeral, o proxecto presentado con data de visado 10/12/2004. Do que se dá cumprida información ao interesado o 22/02/2011. Sen incidencias posteriores.

**EXPEDIENTES 83/2008**

Queixa en relación cunhas obras sen axuste a licenza.

Con data 21/02/2011, recíbese informa da Concellería de Urbanismo e Vivenda no que indica que xirada visita de recoñecemento á edificación, con datas 17 e 24 de febreiro de 2009, comprobouse que se axusta substancialmente ao proxecto autorizado, ao plano de aproveitamento baixo cuberta antes citado e ás condicións impostas na licenza. No momento da inspección os servizos urbanísticos no fronte da parcela a vial foran repostos. Do que se deu cumprida información ao interesado o 22/02/2011. Sen incidencias posteriores.

**EXPEDIENTE 26/2009**

Queixa en relación con obras que danan propiedade allea.

Con data 21/02/2011, recíbese escrito da Concellería de Urbanismo e Vivenda no que indica que, con data 28/09/2007 incóase procedemento de protección da legalidade urbanística, sendo notificada con data 15/10/2007.

Con data 29/10/2007 a denunciada presenta escrito alegando a prescrición da infracción, caducidade da acción administrativa, inadecuación da vía administrativa e o dereito de protección da familia e os menores así como o dereito a unha vivenda digna.

Con data 18/02/2008 a aparellador municipal emite informe indicando que a vista das alegacións, exportas non pode deducirse o ano en que finalizaron as obras.

Non obstante presentase certificado subscrito por Técnico competente en canto que estas finalizaron antes do mes de xullo do ano 2000. Do que se dá cumprida información á interesada o 21/02/2011. Sen incidencias posteriores.

Alén disto, hai que facer constar neste Anexo que se recibiu información parcial dos seguintes expedientes (todos eles figuran nesta memoria en toda súa extensión na páxina correspondente):

## INFORMACIÓNS PARCIAIS RECEBIDAS ATÉ MARZO DE 2011

## ANO 2006

### EXPEDIENTE 25/2006

Queixa polas obras sen licenza realizadas no local e pola concesión de licenzas para bar con música.

### EXPEDIENTE 63/2006

Queixa pola invasión da vía pública por parte duns veciños propietarios dunha finca.

### EXPEDIENTE 75/2006

Queixa debido á construcción dun muro de peche sen deixar retranqueo.

### EXPEDIENTE 77/2006

Queixa relacionada coa instalación dunha antena de telefonía móbil nun edificio.

### EXPEDIENTE 78/2006

Queixa sobrde a falta de execución das sentenzas que declaran a ilegalidade dunha obra.

## ANO 2007

### EXPEDIENTE 50/2007

Queixa relacionada cunha multa que lle foi imposta como sanción por executar obras nunha estrada.

## ANO 2008

### EXPEDIENTE 16/2008

Queixa relacionada coa instalación dunha antena de telefonía móbil nun edificio.

### EXPEDIENTE 33/2008

Queixa relativa á construcción dunha nova placa con tella e formigón dunha edificación.

### EXPEDIENTE 39/2008

Queixa pola realización dunha obra ilegal.

### EXPEDIENTE 60/2008

Queixa debida á realización dunha obra sen licenza por parte dunha comunidade.

### EXPEDIENTE 72/2008

Queixa en relación cos ruídos e cheiros producidos por un local de hostalería que carece de licenza preceptiva para súa actividade.

## ANO 2009

**EXPEDIENTE 14/2009**

Queixa relacionada cun laboratorio fotográfico, cunha actividade cualificada como perigosa da que se desprenden cheiros, contaminación acústica e vibracións.

**EXPEDIENTE 23/2009**

Queixa en relación cunha solicitude dunha inspección técnica para comprobar se ten licenza.

**EXPEDIENTE 38/2009**

Queixa sobre a licenza de abertura dun establecemento que utiliza aparellaxe que produce calor e ruído nocturno á veciñanza.

## III ENCUENTRO ESTATAL DE DEFENSORES LOCALES (VITORIA-GASTEIZ)

### LAS DEFENSORÍAS EN LA ENCRUCIJADA DE LAS DEMOCRACIAS
Por Iñigo Lamarca

"Las instituciones que se adscriben a la categoría de ombudsman o defensoría del pueblo han crecido espectacularmente en número durante las últimas décadas en los países democráticos. Junto con las defensorías cuyo ámbito territorial es el Estado Soberano, han surgido defensorías-regionales, autonómicas o estatales-en los entes políticos subestatales de algunos Estados complejos (Federales o autonómicos), así como defensorías locales en muchos municipios. También es constatable la creación de defensorías sectoriales, de defensorías de organismo público (universidades, por ejemplo) e incluso de defensoría en organizaciones o empresas privadas (mass media, telecomunicaciones, etc...). Ello nos sitúa ante la necesidad de redefinir la caracterización de estas instituciones y su funcionalidad y, sobre todo, de establecer mecanismos de coordinación y cooperación más eficaces entre todas ellas.

Lo anterior se plantea en el contexto de un momento histórico trascendental que viven las democracias actuales, especialmente las que han alcanzado un nivel de desarrollo elevado en el devenir del Estado social y democrático de derecho. Conviene explorar las potencialidades de las Instituciones defensoriales en los nuevos escenarios que se avecinan, en los cuales la función de garantía de los derechos de los ciudadanos va a cobrar una nueva dimensión a la luz de los nuevos contextos socio políticos en los que se van a desenvolver los derechos de las personas. Las respuestas que se den a los múltiples reteos que tienen planteados la democracia deberán tener en cuenta el papel de las defensorías y encontrar para ellas una funcionalidad lo más alta posible."

### EJEMPLO DE BUENAS PRÁCTICAS RELACIONADAS CON TEMAS DE ACCESIBILIDAD
Por Vicente Rodrigo Ramírez

Antes de empezar con la explicación de nuestra experiencia en materia de accesibilidad, debo insistir en el hecho de que la presentación de esta buena práctica no se propone como una fórmula mágica, sencillamente se exponen unos hechos en los que se ha conjugado una declaración pública del Defensor formulada en clave de recomendación con una serie de circunstancias favorables, como son: la madurez de las entidades asociativas afectadas, la conciencia política municipal y una situación económica favorable (previa a la crisis). La recomenda-

ción sin el empuje de la ciudadanía afectada, sin el compromiso político y sin recursos nunca hubiera tenido el mismo alcance.

1. Origen de la reclamación

El día 21 de diciembre de 2007, representantes de la Asociación ASPAYM, Asociación de parapléjicos y grandes minusválidos, compareciendo en la institución del Defensor de la Ciudadanía de Palma para trasladar su preocupación por la falta de accesibilidad de la ciudad de Palma para las personas con movilidad reducida y, lo que resultaba más preocupantes, la falta de actuaciones en proyecto para coordinar la transformación de la ciudad hacia un entorno accesible a todos los ciudadanos.

Por otra parte, también se trasladaba al Defensor la preocupación por la dificultad de acceso a los pequeños comercios y a la mediana empresa ubicados en nuestro municipio.

2. Motivación

ASPAYM venía denunciando desde tiempo atrás esta situación por diversos canales: entrevistas con los responsables de las distintas áreas, peticiones formales por registro o a través de la publicación periódica de su revista. Por ello, la asociación disponía de abundante documentación técnica y un análisis concreto del entorno que exigía actuaciones concretas.

El hecho de haber llevado a cabo las peticiones en las instancias correspondientes, sin haber obtenido respuesta, permitió la apertura de expediente DC 28/2007 que daría lugar más tarde a la primera recomendación de la institución, RAS 1/2008.

En la entrevista mantenida con el Defensor, ASPYM facilitó un resumen del informe técnico y una batería de peticiones sobre espacios públicos y edificios municipales. En dicho informe se exigía la aplicación de la normativa específica en materia de accesibilidad consistente en la Ley 3/1993, de 4 de mayo, para la Mejora de la Accesibilidad y Supresión de las Barreras Arquitectónicas y en el Derecho 20/2003, de 28 de Febrero, Reglamento para la Supresión Barreras Arquitectónicas.

La batería de peticiones se dividía en:

- Actuaciones sobre edificios municipales

- Transporte público
- Turismo
- EMAYA, empresa municipal de aguas y alcantarillado
- Viviendas adaptadas
- Otros asuntos

3. Estudio del Defensor

El Defensor, tras la admisión a trámite, procedió al estudio de la documentación facilitada y su contraste con la observación directa en aquellos lugares que eran motivo de reclamación concreta.

Para saber de las actuaciones municipales en la materia se contactó con las personas responsables de la Regiduría de Bienestar Social que demostraron su sensibilidad hacia esta problemática e informaron que se habían iniciado contacto con la Design for All Foundation, fundación dedicada al apoyo y promoción de actuaciones para la mejora de los entornos, productos y servicios para TODOS, en definitiva para transformar nuestro entorno en un lugar accesible.

De forma paralela se iniciaron contactos las asociaciones de comerciantes próximas, AFEDECO Y PIMECO, con el fin de abrir nuevos canales de diálogo para la adaptación de la pequeña y mediana empresa a la normativa de accesibilidad.

Curiosamente se detectó que las peticiones de informe a las diferentes instancias supusieron una primera activación de las áreas municipales consultadas.

En cuento a la normativa de aplicación se estudió la siguiente:

- La Constitución (art. 49)

- Ley 51/20063, de 2 de diciembre, de Igualdad de Oportunidades, No Discriminación y Accesibilidad Universal de las Personas con Discapacidad Auditiva.

- Ley 3/1993, de 4 de mayo, para la Mejora de la Accesibilidad y Supresión de Barreras Arquitectónicas.

- Decreto 20/2003, de 28 de febrero, por el que se aprobó el Reglamento de Supresión de Barreras Arquitectónicas.

4. Análisis de los datos.

Todos los datos recogidos apuntaban en la misma línea, esfuerzo y buena voluntad pero actividad poco coordinada, sin que atendiera a un plan de actuación conjunta de las distintas Áreas municipales.

Evidentemente la aplicación de la normativa a pesar del esfuerzo municipal estaba lejos de poderse considerar correcta, lo cual venía determinado en buena parte por la falta de recursos económicos.

Sin planificación coordinada y sin inversión, tanto los nuevos proyectos de infraestructura como la adaptación de las antiguas no presentaban expectativas demasiado halagüeñas, las carencias en materia de accesibilidad sólo mejoraban por actuaciones puntuales y de poca repercusión. La pregunta que se planteaba era: ¿De qué sirve hacer accesible un edificio municipal si los bordillos de las calles que dan acceso al mismo tienen más de un palmo? O viceversa.

5.La resolución

A la vista de la normativa y de los datos recogidos en el expediente, el Defensor resolvió que existía perjuicio y decidió redactar una Recomendación orientada a la promoción de la Accesibilidad en el municipio de Palma, fue la primera recomendación del Defensor de la Ciudadanía (con número de referencia RAS 1/2008, de 9 de enero).

A lo largo del documento, la recomendación planteaba como aspectos "claves": la planificación de los distintos agentes (en cuanto a coordinación e inversión, áreas municipales-asociaciones) y la atención prioritaria a la aplicación de la normativa que debería señalar los límites de las actuaciones. Igualmente, el Defensor dejó constancia expresa de que cualquier actuación en materia de accesibilidad beneficia al conjunto de la ciudadanía pues TODOS/AS, por circunstancia (edad, accidente, ...),podemos ver reducida nuestra movilidad de forma temporal o definitiva.

En su parte final la recomendación decía exactamente: "(...). Se recomienda a la Comisión especial de sugerencias y reclamaciones que se tomen las medidas oportunas para comprobar y llevar a cabo las actuaciones que correspondan para hacer frente a las deficiencias de accesibilidad que fundamentalmente afectan en materia de transportes públicos, turismo, vivienda, acceso a edificios públicos, etc. De Palma"

A la recomendación presentada se añadió como anexo al documento de Aspaym en el que se recogía la batería de peticiones concreta es para la mejora de la accesibilidad en nuestra ciudad.

6. Actuaciones municipales

El municipio, ya sensible en este tema, había iniciado sus primeros pasos en diciembre del 2007 de forma casi paralela al inicio del expediente. Es muy posible que la primera activación municipal se produjera con la recogía de datos del Defensor, al demostrar éste su preocupación por el tema de accesibilidad.

Para cuando se hizo pública la RAS, enero del 2008, el ayuntamiento ya tenía firmado el convenio con la Design for All Foundation (28.12.2007) por el cual se concedía a la ciudad de Palma el distinto llamado "Bandera"-Pueblos y Ciudades para Todos" y, ésta a su vez, se comprometía a la dedicación mínima de un 2% del presupuesto municipal de inversiones a la mejora de la accesibilidad.

Esta decisión de alto contenido político estuvo apoyada por la elaboración del programa municipal "Palma Ciudad para Todos", presentado a las asociaciones de discapacitados el 20 de Febrero de 2008 en el salón de Plenos. Sin duda, ese proyecto fue la clave del éxito ya que le dio a las buenas intenciones la forma necesaria para implicar transversalmente a todas las Áreas municipales que tenían responsabilidad en la transformación de nuestra ciudad y a las asociaciones de personas con discapacidad.

La solución al problema, con este nuevo planteamiento, pasaba por las manos de varias Áreas que de una forma u otra, siempre dentro del ámbito de sus competencias y posibilidades, debían intervenir en materia de accesibilidad. En el programa "Palma ciudad para Todos" se preveía la actuación transversal de Urbanismo, Movilidad, la Empresa de Transportes, infraestructura, la Empresa de agua y alcantarillado Bienestar Social y Participación Ciudadana.

De forma especial en la redacción del proyecto, se proponía como línea de intervención prioritaria la respuesta a las denuncias, quejas y sugerencias planteadas por ASPAYM ante la oficina del Defensor, dejando constancia de la influencia directa de la Institución en el programa una vez más.

Fue clave la participación ciudadana a través e las asociaciones, articulada a través de una Comisión de Seguimiento que de acuerdo con los principios inspiradores del programa debía evaluar, permanentemente el desarrollo de las actuaciones.

Se determinaron como principios inspiradores del programa:

- el Diseño para Todos/as
- la Calidad
- la Transversalidad
- la Accesibilidad como generadora de riqueza
- el Compromiso social
- y la Evaluación permanente

7. Resultado efectivo y líneas de futuro.

En palma queda mucho por hacer no podemos ignorar que la ciudad se ha visto beneficiada por esta transformación y es, hoy por hoy, un referente para muchos municipios.

En el año 2008, de acuerdo con el compromiso adquirido por el municipio debía invertirse el 2% del presupuesto municipal a inversión. Al concluir el año se había invertido el 3,6% un total de 2.816.325,83 euros.

En el año 2009, se renovó e compromiso de la ciudad con Design for All Foundation y nuestra ciudad recibió el premio extraordinario de esta fundación exquo con la ciudad Sueca de Askersund por su implicación en materia de accesibilidad. La inversión del municipio fue el 12,6% sobre el presupuesto de inversión 2009, un total de 9.127.989.62 euros (véase distribución de la inversión 2009 en la gráfica siguiente)

Hace pocas semanas, Palma recibió el premio a la Solidaridad del Consell de Mallorca a propuesta de la Federación PREDIF (Plataforma representativa estatal de discapacitados físicos) en reconocimiento por el trabajo realizado.

Si giramos la vista atrás, recibió el premio a la Solidaridad del Consell de Mallorca a propuesta de la Federación PREDIF (Plataforma representativa estatal de discapacitados físicos), en reconocimiento por el trabajo realizado.

Si giramos la vista atrás, veremos que las previsiones generadas a principios de 2008 se han visto superadas con creces, si bien es cierto que la buena disposición de todas las áreas hacia suponer que con una buena planificación y la inversión adecuada la mejora sólo debía ser cuestión de tiempo.

A lo largo de estos dos años se ha mantenido el compromiso político, la implicación de las áreas ha ido en aumento y el programa “Palma Ciudad de Todos” se

ha confirmado como una acción consolidada y con una inercia que debería seguir guiando el futuro de nuestra ciudad hacia un modelo todavía MÁS ACCESIBLE.

En conclusión parece que el futuro está bien encarrilado y en cualquier caso, si no fuera así, la institución del Defensor estará a disposición de todos los ciudadanos y ciudadanas que deseen presentar su reclamación.

### MOVIMIENTO ASOCIATIVO EN PRO DE LOS DERECHOS Y DE LA CALIDAD DE VIDA DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDAD

Con la llegada de la democracia, emerge un clima social propicio para la modernización general del país, según parámetros europeos, que alimenta el surgimiento de movimientos ciudadanos de carácter participativo y reivindicativo, y en cierta sensibilidad social.

Tras ese arranque inicial, en los años siguientes se ha asistido a un importante despliegue del movimiento ciudadano en el ámbito de la discapacidad, convirtiéndose ya en un referente decisivo para la defensa de los derechos civiles de las personas con discapacidad, para la promoción del desarrollo en extensión y calidad de los servicios dirigidos a este colectivo y para la lucha contra las barreras que aún estigmatizan y marginan al colectivo y a familiares.

El surgimiento del movimiento asociativo relacionado con la discapacidad en el País Vasco se sitúa también en esa época.

En la década de los setenta, coincidiendo con el proceso democratizador, surgen asociaciones de discapacidad física en todos los Territorios Históricos. Desde el primer momento, se siente la necesidad de establecer una acción coordinada de las diferentes asociaciones. De esta manera, se constituye, a partir de 1975, lo que se vino a denominar "Coordinadora de Disminuidos Físicos" en los diferentes niveles territoriales. En Álava quedaba legalmente constituida el 29 de julio de 1979 la histórica asociación AMFA, -Asociación de Minusválidos Físicos de Álava-, que hasta el año 2002 mantuvo su actividad bajo esa denominación, desarrollándola a partir de esa fecha bajo el nombre de eginaren eginez, asociación de personas con discapacidad física de Álava.

Los motivos que impulsaron la coordinación entre asociaciones fueron, entre otros, la necesidad de establecer cauces de representación validos y concretos ante los diferentes organismo de la Administración , así como establecer una línea de actuación unitaria en la consecución de los fines y objetivos comunes, y en la acciones de reivindicación. Consecuencia de esta necesidad fue igualmente la cre-

ación de ELKARTEAN (Confederación Coordinadora de Personas con Discapacidad Física de la CAPV).

**CALIDAD DE VIDA**

Eginaren eginez lucha por mejorar la calidad de vida de las personas con discapacidad garantizando la plena participación social y comunitaria de las personas por ella representadas.

El concepto de calidad de vida ha surgido como concepto de sensibilización que nos aporta un punto de referencia desde la perspectiva de la persona, focalizándose en ella y en el ambiente.

La calidad de vida se define por factores objetivos y sociales o condiciones de la vida, alguno de los cuales pueden identificarse a través de la persona a su satisfacción y es vista como un constructor separado que puede verse influido por otros factores.

La calidad de vida sería una combinación de factores sociales (competencia-productividad, enriquecimento-independencia, pertenencia social-integración en la comunidad) e indicadores psicológicos (satisfacción=).

Sabiendo que la calidad de vida no es algo nuevo, lo que puede ser más novedoso es su aplicación a las personas con discapacidad, al proponer este concepto como principio organizativo de sus vidas. Lo más importante es la oportunidad de poder elegir entre las alternativas que percibe.

Las personas con discapacidad tenemos derechos a gozar de autonomía de poder elegir y decidir con nuestras capacidades desarrolladas al máximo y de beneficiarnos de la ayuda necesaria, en cada caso, para compensar esa discapacidad. Este proceso de autonomía se ampara en los siguientes derechos; vida autónoma, elección y autodeterminación, participación y responsabilidad y solidaridad.

Vida autónoma. Todos los servicios y recursos destinados a las personas con discapacidad han de estar orientados a este objetivo final. No se trata de vivir, en soledad, sino de tener posibilidades de poder elegir, tener una ocupación, relacionarse con amistades o pareja. Esto significa que las personas deberían ser capaces de integrarse en la sociedad y valerse por sí mismas en distintas situaciones.

Elección y autodeterminación. El derecho de la vida autónoma está relacionado con este derecho , en cambio la autodeterminación se basa en el derecho a vivir como cada persona quiera sin que su discapacidad sea motivo de exclusión.

Participación y responsabilidad. Las personas con discapacidad han de tomar parte en las decisiones que afecten a su vida, en lo que se refiere a bienes y servicios, por lo tanto, también tiene que asumir las responsabilidades que esas decisiones le hacen tener y respetar las responsabilidades ajenas.

## CONCEPCIÓN DE LA DISCAPACIDAD

Durante las dos últimas décadas hemos asistido a un importante cambio en la CONCEPCIÓN DE LA DISCAPACIDAD. Los planteamientos tradicionales, centrados en la asistencia y en la recuperación de las capacidades funcionales, se han ido sustituyendo por otros que destacan mucho más la identificación y la eliminación de los diversos obstáculos para la igualdad de oportunidades y la plena participación de las personas con discapacidad en todos los aspectos de la vida. Se ha abierto paso el convencimiento de que, si modificamos la forma en que organizamos nuestras sociedades, podremos reducir considerablemente e incluso eliminar los obstáculos a los que nos enfrentamos las personas con discapacidad.

Eginaren eginez aglutina a las personas con discapacidad física de la provincia que los movimientos o parálisis de una o más de sus extremidades.

También aquellas personas a las que les faltan, o presenta dificultad para hacer uso de una parte del cuerpo, ya sea por accidente, enfermedad o nacimiento.

Desde la entrada en vigor de la ley 51/2003 de 2 de diciembre, de igualdad de manera de reconocer la discapacidad y es que, según el Art. 1.2 tienen la consideración de personas con discapacidad y es que, no sólo aquellas a las que se les ha reconocido un grado igual o superior al 33 por ciento, por el órgano competente de la Comunidad Autónoma y en Álava de la diputación Foral; sino también las personas pensionistas de la Seguridad Social que tengan reconocida una pensión de incapacidad permanente en el grado de total, absoluta o gran invalidez.

El concepto de la persona con discapacidad, enlaza con la idea de ciudadanía, en cuanto que se vincula a la capacidad de tener y actuar derechos. Con ello, se quiere decir que constituimos ciudadanía, como las demás personas.

El lenguaje no es neutral, por ello cuando tratemos del colectivo de las personas con discapacidad es importante hacer referencia al término “persona” puesto que conlleva un contenido moral, religioso y jurídico muy concreto.

En el mundo del derecho la denominación "persona" deriva del latín y éste a su vez del griego y se ha consolidado para reflejar a quien, por pertenecer al género humano, es el titular de los derechos y de las obligaciones.

Pues bien, el principio general admitido en todas las legislaciones es que ese titular de derechos y obligaciones que es la persona es también quien puede ejercitar esos derechos, actuando en su propio nombre.

Por tanto, el principio general es la capacidad y la excepción, la incapacidad para concretos actos con eficacia jurídica.

Somos personas con discapacidad o personas con diversidad funcional, pero no disminuidos, ni minusválidos ni personas discapacitadas.

Aún no han progresado las iniciativas de rectificar el texto Constitucional español en su art. 49 que sigue diciendo que somos disminuidos: "los poderes públicos realizarán una política de previsión, tratamiento, rehabilitación e integración de los disminuidos físicos, sensoriales y psíquicos."

Pero al menos, ha tenido reflejo en la legislación ordinaria. En efecto, en la reciente Ley 39/2006, de 14 de diciembre, de Promoción de la Autonomía Personal y Atención a las personas en situación de dependencia, se recoge en su Disposición adicional octava:

"Las referencias que en los textos normativos se efectúan a "minusválidos" y a "personas con minusvalía", se entenderán realizadas a "personas con discapacidad". A partir de la entrada en vigor de la presente Ley, las disposiciones normativa elaboradas por las Administraciones Públicas utilizarán los términos "persona con discapacidad" o "personas con discapacidad" para denominarlas."

Por último época reciente y principalmente por impulso del Foro de Vida Independiente, en nuestro discurso incorporamos la expresión "personas con diversidad funcional", utilizando el acrónimo FCF. Esta vanguardia de la lucha contra la discriminación parte de la idea de que hay sociedad compuesta por personas diversas, pero una sola sociedad "natural", siendo lo "artificial" precisamente el que se creen unas regulaciones para lo que se considera la persona "standard", tipo al que al parecer todas las personas debemos y podemos llegar a ser a aspirar a ser. Posibilidad o aspiración que en sí misma es un sofisma.

Una sociedad normal se compone de unidades individuales diversas. Eso es una sociedad natural. Lo contrario sería no-natural. El problema es que no se dise-

ñan políticas, servicios, acciones... para la sociedad natural normal, sino para un modelo construido, estandarizado, irreal.

Y paradójicamente, a ese modelo construido de persona lo denominamos "normal" con el corolario de tener que implantar acciones de "normalización de las personas", cuando lo que hemos de velar es porque se implante una normalización de las acciones, los servicios, los productos y las políticas.

La idea parte de la concepción de que todas las personas hacemos similares funciones, pero de forma diversa-unas consiguen el desplazamiento andando y otras con sillas de ruedas por poner un ejemplo gráfico.

**CONTEXTUALIZACIÓN**

*"El buen diseño capacita, el mal diseño discapacita"*

(Declaración de Estocolmo del European Institute for Design and Disability, 9 mayo 2004)

"Design for all" (Diseño para TODAS las personas) es el diseño para la diversidad, la inclusión social y la igualdad. La accesibilidad universal es el objetivo, es decir, que todo el mundo pueda utilizarlo todo, y el diseño para todos es el método para conseguirlo. Así, "el diseño para todos" es la intervención sobre entornos, productos y servicios, con la finalidad de que todas las personas, incluidas las generaciones futuras, puedan disfrutar y participar en actividades económicas, sociales y culturales de ocio y recreativas, pudiendo acceder, utilizar y comprender cualquier parte del entorno no tanta independencia como sea posible.

La convención de la ONU sobre los derecho de las personas con discapacidad (diciembre 2006) define el "diseño universal" como el diseño de productos, entornos, programas y servicio que puedan utilizar todas las personas, en la mayor medida posible, sin necesidad de la adaptación ni diseño especializado. El "diseño universal" no excluirá las ayudas técnicas para grupos particulares de persona con discapacidad, cuando se necesiten.

Un entorno accesible es un entorno que está diseñado para todas las personas dando respuesta a la diversidad. Para que se accesible un entorno o un servicio tienen que ser:

Respetuoso: debe respectar la diversidad e idiosincrasia de cada persona.

Seguro: debe evitar situaciones de peligro

Saludable: no debe generar inconvenientes a personas que padezcan alguna enfermedad o alergia.

Funcional: debe diseñarse de tal manera que se consiga que ese producto o servicio sirva para lo que tiene que servir.

Comprensible: la información, la distribución espacial, las referencias temporales y espaciales deben ser claras.

Estético.

Una de las reivindicaciones prioritarias del Foro Europeo de la Discapacidad es que el "diseño para todos" sea considerado un requisito cuando se planifican los edificios, los sistemas de transporte y la infraestructura.

La Convención de la ONU sobre los derechos de las personas con discapacidad (diciembre 2006) establece en relación con la accesibilidad (Art. 9.1), que a fin de que las personas con discapacidad puedan vivir de forma independiente y participar plenamente e todos los aspectos de la vida, los Estados Partes adoptarán medidas pertinentes para segurar el acceso de las personas con discapacidad, en igualdad de condiciones con las demás, el entorno físico, el transporte, la información y las comunicaciones, incluidos los sistemas y las tecnologías de la información y las comunicaciones, y a otros servicios e instalaciones abiertos al público o de uso público, tanto en zonas urbanas como rurales.

En el estado español, la introducción de los principios de accesibilidad universal y "diseño para todos" se incorpora al ordenamiento jurídico con la Ley 51/2003 de igualdad de oportunidades, no discriminación y accesibilidad universal de las personas con discapacidad (LIONDAU).

Tal como pone de relieve la Exposición de Motivos de esta Ley, el concepto de accesibilidad, está en su origen muy unido al movimiento promovido por algunas organizaciones de personas con discapacidad, organismos internacionales y expertos a favor del modelo de vida independiente. Así el movimiento a favor de una vida independiente, -entre los que se sitúa ideológicamente eginaren eginez-, demandó en un primer momento entornos más practicables.

Posteriormente se pasó a demandar diseño para todos, reivindicando finalmente la accesibilidad universal como condición que deben cumplir los entornos, productos y servicios para que sean comprensibles, utilizables y practicables por todas las personas.

La no accesibilidad de los entornos, productos y servicios para que sean comprensibles, utilizables y practicables por todas las personas.

La no accesibilidad de los entornos, productos y servicios constituyen, sin duda, una forma sutil pero muy eficaz de discriminación, de discriminación indirecta en este caso pues genera una cierta desventaja a las personas con discapacidad en relación con aquellas que no lo son, al igual que ocurre cuando una norma, criterio o práctica trata menos favorablemente a una persona con discapacidad que a otra que no lo es. Convergen así las corrientes de accesibilidad y de no discriminación.

En el ámbito autonómico, algunas CCAA en su legislación, han ido sustituyendo el concepto de eliminación de barreras arquitectónicas y urbanísticas, por la estrategia del "diseño para todos". Así y en el ámbito de Euskadi, la Ley 20/1997, de 4 de diciembre para la promoción de la accesibilidad, tiene por objeto, garantizar la accesibilidad del entorno urbano, de los espacios públicos, de los edificios, de los medios de transporte y de los sistemas de comunicación para su uso y disfrute de forma autónoma por todas las personas y en particular por aquellas con movilidad reducida, dificultades de comunicación o cualquier otra limitación psíquica o sensorial, de carácter temporal o permanente.

Según esta Ley, los poderes públicos deben promover la adopción de las medidas de acción positiva necesarias para la efectiva aplicación de la ley, así como en su caso la utilización de las ayudas técnicas que contribuyan a mejorar la calidad de vida de las personas.

El ámbito de aplicación de esta importante Ley será el de todas las actuaciones realizadas por cualquier sujeto con personalidad física o jurídica, pública o privada, en materia de Urbanismo, Edificación, Transporte, Comunicaciones.

En cuanto al área de urbanismo y edificación se establece que se debe garantizar la accesibilidad a estos entornos, adaptando "gradualmente" los ya existentes a las prescripciones fijadas en la Ley y en el desarrollo reglamentario que con posterioridad se realizó (Decreto 68/200, de 11 de abril, por el que se aprueban las Normas Técnicas sobre condiciones de accesibilidad de los entornos urbanos, espacios públicos, edificaciones y sistemas de información y comunicación.

En cuanto el área de transporte es en el Artículo 5 donde se desarrollan las disposiciones generales sobre accesibilidad al mismo, fijándose como garantía la accesibilidad a los transportes públicos de viajeros competencia de las Administraciones públicas vascas; además de adoptar las medidas oportunas para efectuar

"la progresiva adaptación de lo transportes públicos, así como de los edificios, servicios, instalaciones y mobiliario vinculado a los mismos".

En este punto nos interesa resaltar que en el Artículo 10 de la citada Ley se implanta la reserva para el uso prioritario de personas con movilidad reducida de la menos dos espacios para sillas de ruedas en particular en autobuses, trenes y funiculares, y que se garantiza la accesibilidad y la aplicación del Principio de Diseño para Todos en el interior del medio de transporte con las debidas condiciones de seguridad y de provisión de las ayudas técnicas necesarias a las personas usuarias.

Con posterioridad a la Ley se publicó el Decreto 126/2001, de 10 de julio, por el que se aprueban las Normas Técnicas sobre Condiciones de Accesibilidad en el Trasporte, el cual completa la previsión contenida en el texto legal de 1997 y determina las condiciones de accesibilidad en las infraestructura del transporte público por carretera y ferrocarril, incluyendo también condiciones para el transporte privado, regulando la ejecución de las adaptaciones y el control de accesibilidad.

En Euskadi nos encontramos con abundante legislación y normas técnicas que regulan la implantación de las accesibilidad universal y el "diseño para todos", hallándonos, en estos momentos, en la fase de aseguramiento. Hasta ahora siempre se ha hablado de potenciar el "diseño para todos", pero actualmente ya la normativa exige cumplir unos requisitos de diseño que capaciten a toda la ciudadanía.

**DEFENSORÍA VECINAL**

En este marco anteriormente descrito encontramos la actividad cotidiana de Eginaren Eginez, como colectivo que defiende los derechos ciudadanos de las personas con discapacidad física en el entorno local.

Entidad sumamente activa y reivindicativa ha mantenido una presencia activa en los órganos de decisión políticos de la ciudad de Vitoria-Gasteiz y en los órganos de participación consultivos, entendiendo que la administración municipal es la más cercana a la ciudadanía y responsable de la garantía en la igualdad de oportunidades de toda la población.

Por otro lado encontramos la figura de la Sindicatura que se ofrece, hoy en día, a la ciudadanía como un servicio independiente, de asesoramiento, y defensa de los ciudadanos y ciudadanas, de una manera accesible y gratuita, a través de entrevistas, orientaciones, informe y recomendaciones.

Así en la ciudad de Vitoria-Gasteiz el Reglamento del Síndico-Defensor Vecinal se aprobó el 28 de septiembre de 2001 instaurado la figura del Síndico como el Defensor de los derechos de la ciudadanía en sus relaciones con la Administración Municipal de Vitoria-Gasteiz.

La figura del Ombudsman como "magistratura de persuasión", en cualquiera de sus niveles o ámbitos, ya sea Estatal, regional o Local, se ha difundido de una manera general en todos los países del sistema de Common Wealth en los que no existe una jurisdicción especializada para el control de las Administraciones y sin embargo ha encontrado ciertas resistencias en su instauración en los países con sistemas de control Contencioso Administrativo por suponer una cierta concurrencia en cuanto al objeto de control, sin embargo finalmente se ha impuesto la figura y se han marcado las notas diferenciales entre el control contencioso-administrativo y el control de ombudsman.

Como punto de partida las funciones de la Defensoría es proteger a las administraciones frente a cualquier violación de derechos, abuso de poder, error, negligencia, indefensión, corrupción o malas prácticas administrativas.

La Defensoría desarrolla esa funciones con mecanismos diferentes pero complementarios a los que le corresponden a la jurisdicción contencioso-administrativa. En este sentido eginaren eginez se ha dirigido a la Defensoría en varias ocasiones visibilizando situaciones de desigualdad social o de vulneración de derechos.

CAUCES DE COMUNICACIÓN

La Asociación ha dirigido directamente escritos a la Oficina del Síndico-Vecinal cursando queja sobre ciertas actuaciones del marco municipal que entendíamos incumplían la legislación vigente en materia de accesibilidad.

También se han utilizado las entrevistas y contactos asociativos entre portavoces asociativos y la Oficina del Síndico, manteniendo encuentros con el Defensor Vecinal y la Trabajadora Social adjunta.

Además la Asociación toma parte en varios Consejos Sectoriales de la Ciudad, en concreto en el de Promoción de la Accesibilidad y en el de Igualdad entre Hombres y Mujeres, órganos consultivos en los que también toma parte el Síndico Vecinal. En los mismos la Asociación ha planteado quejas y reivindicaciones, lo que ha propiciado que el Sindico haya escuchado de voz de las personas en situación de desventaja social los casos de discriminación, permitiéndole iniciar la actuación para documentarse y emitir las oportunas recomendaciones.

Por otro lado, el trabajo de la Asociación eginaren eginez no se queda en un análisis interno asociativo sino que proyecta la actuación de reivindicación en el marco comunitario, lanzando denuncias públicas cuando observa y constata un incumplimiento legal por parte de la corporación. En este sentido es importante la presencia de la Asociación en los medios de comunicación. Cuando se llega ya a esta presión se trata de temas planeados reiteradamente ante diferentes Departamentos municipales. No hay que olvidar que además La Ley Vasca para la promoción de la Accesibilidad, en la que esta Asociación estuvo altamente implicada, data ya de 1997, siendo de obligado cumplimiento desde abril 1998, pero sobre todo desde 2000, momento en el que se aprobaron las Normas Técnicas de Desarrollo. La Asociación y las personas por ellas representadas sólo aspiran al cumplimiento de la norma, por ello la acción directa de denuncia. Esto hace que la Sindicatura de esta ciudad tenga conocimiento de dichas situaciones de desventaja social, tanto en el ámbito municipal o provincial, lo que conduce a una estrecha coordinación entre la figura del Síndico y la del Ararteko, para asumir cada cual el estudio de aquellas situaciones en su correspondiente nivel competencial (Comunidad Autónoma o Local).

Asimismo la Asociación hace uso del TURNO POPULAR en el Pleno Municipal del Ayuntamiento y en las distintas Comisiones Municipales (Hacienda, Asuntos Sociales, Presidencia, Urbanismo...) según la materia de la que se trate. El reflejo de dichas actuaciones se percibe en los medios de comunicación y en las actas municipales (vitoria-gasteiz.org) teniendo también acceso a las mismas de la Defensoría Vecinal.

Finalmente señalar que la Asociación edita mensualmente una Hoja informativa y cada trimestre un Boletín, divulgando diferentes situaciones o actuaciones de las que también tiene conocimiento el Síndico Vecinal.

**PLAN DE MOVILIDAD SOSTENIBLE Y ESPACIO PÚBLICO DE VITORIA-GASTEIZ**

Por Mónica Ibarrondo

La movilidad en Vitoria-Gasteiz. Análisis desde la sostenibilidad

- Alta utilización del coche:
  Contaminación
  Ruido
  Congestión
  Accidentes
  Pérdida de espacio público

- Baja utilización del transporte público
- Movilidad peatonal en disminución
- Alta utilización del espacio público para las necesidades del vehículo privado.

Objetivos del Plan de Movilidad de Vitoria-Gasteiz

- Invertir la tendencia al incremento en el uso del coche
- Potenciar las formas de movilidad sostenible: transporte público, bicicleta y peatonal
- Crear redes funcionales para peatones y ciclistas
- Liberar espacio público del tráfico para recuperar un entorno urbano de calidad

Nuevos elementos en la red de transporte público:

- Gateras-Carriles Bus
- Preferencia Semafórica
- Plataforma en paradas

Resultados

- Evolución del uso del transporte público (En relación con la implantación del tranvía en 2008)
- 45% incremento en el número de viajeros/mes
- 14.5% de aumento en la velocidad comercial
- 6% de reducción en el consumo de combustible
- La accesibilidad (*) se mantiene en torno al 96%

**REDES DE MOVILIDAD**

Aparcamiento

Situación de partida
- Oferta en superficie mayoritariamente gratuita
- Incentivo del uso del vehículo privado
- Ocupación excesiva del espacio público

Propuesta
- Reordenación de la OTA y de los sistemas de tarificación
- Construcción de aparcamiento para residentes
- Habilitación de aparcamiento del intercambio modal

## TRANSFORMACIÓN DEL ESPACIO PÚBLICO

*SENDAS URBANAS Y SUPERMANZANAS

- Las calles interiores se transforman progresivamente en calles de BAJA INTENSIDAD DE CIRCULACIÓN motorizada
- No son necesariamente calles peatonales
- El peatón, comparte el espacio con ciclistas, vehículos de residentes, servicios y de emergencias.
- Las calles interiores pasan a ser de plataforma única y la velocidad máxima se establece en torno a los 10 km/h.
- El aparcamiento de vehículos en superficie tiende a reducirse paulatinamente
- La distribución urbana de mercancías se ve sujeta a una nueva regulación.

El esquema de supermanzanas permite

- Liberar espacio público en favor de las actividades de movilidad, estancia y de relación de peatones.
- Garantizar la diversidad de actividades en un espacio público cualificado
- Mejorar la accesibilidad
- Mejorar la calidad acústica y disminuir la emisión de gases contaminantes en gran parte del ciudad.
- No afectar sensiblemente el tráfico en el resto del distrito y de la ciudad.

## EL RUIDO URBANO: UN FENÓMENO SOCIAL POSTMODERNO

Por Isidoro García del Pozo y Luis Espada Recarey

Definida la contaminación como liberación artificial, directa e indirectamente, de sustancias o energías que causan efectos adversos sobre el ser humano o sobre su medio ambiente, el ruido se identifica como un sonido no deseado y es considerado un agente contaminante que, frente a otros, sólo es detectado por un sentido. Su acción, por otro lado, está presente a lo largo de grandes períodos de tiempo, produciéndose además con un poco consumo de energía y a bajo coste, pues ésta es una energía sobrante o indeseada.

El ruido es uno de los principales problemas medioambientales que, en Europa, ocasiona el mayor número de quejas por parte de la ciudadanía, ocupando el quinto lugar detrás de otros temas relacionados con la degradación periodística, la contaminación atmosférica, el tratamiento de residuos, sólidos urbanos y el tráfico rodado desde vertientes no acústicos. Por otra parte, existen actualmente pocas

acciones prioritarias para su reducción, todo lo contrario de lo que sucede con otros tipos de contaminantes.

Por ello, el marco normativo relativo a la contaminación acústica ambiental ha tomado un pulso verdaderamente importante, reflejo de la nueva mentalidad surgida en torno a la gestión del ruido ambiental, después de la aparición de la Directiva 2002/49/CE, de 25 de junio de 2002, del Parlamento y del Consejo europeos, sobre evaluación y gestión del ruido ambiental (la "Directiva sobre Ruido Ambiental") y de su consecuente transposición directa a nivel estatal, Ley 37/2003 de 17 de noviembre, que se refieren a la elaboración de mapas de ruido.

El ruido ambiental fue considerado como contaminante en el Congreso Mundial del Medio Ambiente celebrado en 1972 en Estocolmo, lo que implica la toma de medidas protectoras y correctoras ante ese nuevo contaminante que afecta a un solo sentido.

Han pasado ya treinta y ocho años y este contaminante es uno de los mas conflictos sociales esta generando. Es ese precio del progreso, no racional, el que nos lleva a confundir los derechos y deberes de la ciudadanía, cuando en rigor, sus efectos podrían mitigarse si estableciéramos cívicamente los derechos inviolables de las partes sociales que intervienen en el conflicto.

La UE no dispone aún de una ley armonizadora para sus Estados miembros sobre este contaminante. Igualmente, en lo que respecta a España, tampoco se había promulgado ninguna Ley estatal hasta el 2003. ¿Cómo se regulaba entonces, jurídicamente, este contaminante? Como es sabido, en la Constitución de 1978, dentro del apartado de competencias estatales transferidas a las Administraciones locales, se encuentra explícitamente la gestión de residuos urbanos, saneamiento, ruidos etc.

En estas circunstancias y sin una ley estatal que marcase directrices, proliferaron a lo largo y ancho del territorio español ordenanzas municipales como solución a este vacío existente. Al estar configurado el estado español en 17 autonomías, con competencias transferidas en gestiones medioambientales, éstas se vieron condicionadas a elaborar leyes para su ámbito territorial. La primera fue la Comunidad Autónoma de Galicia en 1997 y como toda iniciativa pionera marcó las pautas que siguieron los demás. Por otra parte, en estos últimos 10 años la problemática de la contaminación acústica ha ido creciendo de forma exponencial en las zonas fundamentalmente urbanas. No es extraño por tanto, que algunos temas como el relativo a zonas de especial sensibilidad acústica no fuesen totalmente explicitados de forma pormenorizada, pues las circunstancias, en esa época, no lo exigían, en contraposición a lo que sucede en los momentos actuales.

La ley estatal del Ruido de 2003 y los decretos posteriores que la desarrollan, sirve como una especie de "paraguas" para albergar muchas ordenanzas diferentes, lo cual evita interferir con las competencias que la Constitución otorgó a los municipios. Por eso, cada municipio en función de sus peculiaridades (sociales, económicas, ambientales,...) ha elaborado distintas ordenanzas, encontrándose entre ellas muchos puntos en común, pero también algunas divergencias o diferencias de matices.

Desde el punto de vista metodológico, sería más conveniente que hubiese un texto único, consensuado en determinados puntos concretos, y dejar libertad para aquellos otros temas específicos, adaptados a la idiosincrasia del ámbito local o autonómico. Al no ser así, las administraciones locales articulan sus ordenanzas sobre la contaminación acústica poniendo como horizonte, o como espacio de orientación, la ley estatal y aquellas otras leyes autonómicas de su comunidad, si las hubiese.

Con este fin se aplicaron progresivamente las medidas siguientes:

Determinar la exposición al ruido ambiental mediante la elaboración de mapas de ruidos según métodos de evaluación comunes a los Estados miembros de la UE.

Poner a disposición de la población sobre el rudo ambiental que padece y sobre sus efectos.

Que los estados miembros adopten planes de acción, tomando como base los resultados de los mapas de ruidos, con objeto de prevenir y reducir el ruido ambiental siempre que sea necesario y, en particular, cuando los niveles de exposición puedan tener efectos nocivos en la salud humana, así como mantener la calidad del entorno acústico cuando ésta sea satisfactoria.

Por otra parte, una valoración subjetiva de los niveles de ruido en una zona determinada no sería válida si no va acompañada de una calificación de algunos parámetros físicos. Mediante una encuesta entre la población se puede obtener únicamente el nivel de insatisfacción de ésta, que estará influenciada por la posible repercusión negativa de su futuro económico social.

Se entiende, por tanto, que para hablar de ruido, éste tiene que ser medido. Así pues, el parámetro físico que debemos utilizar será la medición de la presión acústica, cuantificada respecto a un nivel de referencia que será el mínimo audible por el ser humano. Es habitual utilizar como escala referencial el dB (decibel

o decibelio) y si lo referimos al oído humano, se empleará el dBA (decibelio A).

Los objetivos últimos de cualquier programa de actuación consisten en reducir los niveles medios de exposición que estén por encima de 65 dBA, garantizar que no se sobrepase el nivel de 85 dBA, no incrementar el porcentaje de población expuesta a niveles medios entre 55 y 65 dBA y que el nivel de exposición en zonas tranquilas no supere los 55 dBA.

La evolución futura de este contaminante, que puede catalogarse como facto de distorsión ecológica al construir un factor creciente de des armonías sociales, dependerá de las medidas correctoras que se establezcan y de los cambios socioeconómicos y tecnologías que se produzcan. Para examinar las soluciones viables, los análisis de las repercusiones de los costes para la utilización de medidas concretas estarán basados tanto en el cálculo de los bienes materiales afectados (gastos de protección, indemnizaciones, mercado inmobiliario) como en los fenómenos relacionados con los aspectos sociológicos y personales de la ciudadanía.

El ruido, por lo tanto, debe estar integrado en los mecanismos administrativos de protección del medio ambiente por medio de un planteamiento que contemple la salud, el bienestar y la calidad de vida. Se requieren, por ello, estudios sobre los hábitos y preferencias de los ciudadanos que definan las definas las zonas de máxima perturbación, independientemente de las fuentes sonoras permanentes.

**TEMÁTICAS PARA EXPOSICIÓN Y DEBATE**

- Información periódica a la ciudadanía
- La planificación urbanística como medida de prevención del ruido
- Régimen especial para zonas acústicamente saturadas por efectos aditivos
- Normas para los trabajos en las vías públicas y en las edificaciones
- Ruido de vecindad. Actividades comunitarias y domésticas ruidosas
- Normas de control y régimen disciplinario.

**IGUALDAD DE TRATO Y GESTIÓN DE LA DIVERSIDAD EN LOS SERVIZOS PÚBLICOS**

Por José Manuel Fresno

La sociedad española se ha hecho en los últimos años más diversa y plural, debido fundamentalmente al fenómeno migratorio. Nuestra ciudades y esencialmente algunos de los barrios de las mismas son reflejo de esa diversidad; esa diversidad se hace especialmente visible allí en donde se produce una lata concentración de minorías e inmigrantes pero va más allá pues está relacionada con el

género, la identidad sexual, las creencias y convicciones, la condición física o psíquica, la edad y condición social, etc. La igualdad de trato en los servicios públicos, implica que las personas han d ser tratadas de modo equitativo, garantizando el acceso universal a los mismos y el correcto uso.

Distintas tradiciones, formas de vida países de origen, características de la población, requieren no solamente una calificación adecuada de los profesionales que prestan estos, servicios, sino una adecuación de los mismos, para que lleguen a todas las personas, sean accesibles y consigan los resultados deseados. Para ello son necesarios en muchas ocasiones medidas de adaptación y programas específicos dirigidos a corregir las desventajas o dificultades que encuentran determinados grupos de población; estas dificultades requieren en otras ocasiones un correcto entrenamiento y acompañamiento en el adecuado uso de los servicios.

Una gestión armónica de las ciudades en las que todos los ciudadanos sean tratados correctamente, se les garantice sus derechos y disfruten de los servicios, no solamente ha de ser basada en evitar las posibles discriminaciones que se puedan dar y en compensar las desventajas, sino también en gestionar adecuadamente la diversidad. La diversidad se convierte para muchos ciudadanos en bandera de diferenciación, distinción, segregación o auto segregación y en consecuencia en fuente de conflicto, inseguridad e insatisfacción.

La diversidad es una activo para nuestras ciudades. Gestionar armónicamente la diversidad implica educar a todos los ciudadanos en una serie de normas y valores comunes, que respetan a cada persona, garantizan la convivencia, fomentan el compromiso cívico y promuevan la armonía social. Esto no es posible si las políticas y actividades municipales, sean estas educativas, de ocio, lúcidas, etc. no tiene en cuenta e implican activamente a todas las personas.

## PARTICIPACIÓN NO 10º CONGRESO NACIONAL DE MEDIO AMBIENTE (CONAMA)

**GRUPO DE TRABAJO** GT-15

PLANES LOCALES DE ACCIÓN CONTRA EL RUIDO

Documento Final• Diciembre de 2010

ENTIDADES COORGANIZADORAS:

Colegio Oficial Físicos y Universidad de Granada

PARTICIPANTES

Coordinador:

- Jerónimo Vida Manzano.
  Universidad de Granada - Colegio Oficial de Físicos

Relatores:

- Luis Espada Recarey
  Valedor do Cidadán de Vigo. Ayuntamiento de Vigo

- Miguel Ausejo Prieto
  Universidad Politécnica de Madrid

- Antonio Donoso López
  INECO - Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA)

- Javier Lasa Salamero
  Ayuntamiento de Bilbao

Colaboradores técnicos:

- Alberto Bañuelos Irusta
  AAC Centro de Acústica Aplicada S.L

• Alberto Hernández
CECOR (Fundación CIDAUT)

• Antonio Pérez de la Mata Fernández Castrillón
Ayuntamiento de Madrid

• Arantxa Millás
Ayuntamiento de Barcelona

• Carles López Sala
Departament de Medi Ambient i Habitatge. Generalitat de Catalunya

• Carlos Rodríguez Casals
Fundación CONAMA

• Carmen Martín Moreno
Ayuntamiento de Madrid

• César Asensio Rivera
Universidad Politécnica de Madrid

• Cesar Luís Cuesta Monedero
Ayuntamiento de Madrid

• Dámaso Alegre Marrades
TECPRESA. Grupo Ferrovial

• David Casabona Fina
Diputación de Barcelona

• Doroteo Jiménez Díaz
Ayuntamiento de Madrid

• Eduard Puig i Solé
Departament de Medi Ambient i Habitatge. Generalitat de Catalunya

• Fernando Igualador Pascual
Fundación "La casa que ahorra"

• Francisco de Asís Muñoz Collado
Ayuntamiento de Granada

• Francisco Rodríguez Rodríguez
GOC, S.A.

• Gonzalo Escobar Martínez
Ayuntamiento de Madrid

• Harald Aagesen Muñoz
AECOR

• Ignacio Pavón García
Universidad Politécnica de Madrid

• Ignacio Sáez Cosculluela
PEACRAM

• Igone García Pérez
LABEIN - Tecnalia

• Jesús Ríos Tolmos
Asesor empresarial en materia de Medio Ambiente

• Joaquín José Herrera del Rey
Juristas contra el Ruido

• José Ignacio González González
Oficina del Defensor del Pueblo Andaluz

• José Manuel Sanz Sa
Sub. Gen. Calidad del Aire y Medioambiente Industrial. MARM

• Juan José Calabria
Telefónica

• Juan Luis Puga Sánchez
UNISÓN

• Juan Miguel Barrigón Morillas
Escuela Politécnica. Universidad de Extremadura

• Júlia Camps Farrés
Ayuntamiento de Barcelona

• Laura Zapata González
Ayuntamiento de Barcelona

• María Rosario Sendín García
TRAGSATEC

• Maite Majó Torrent
Departament de Medi Ambient i Habitatge. Generalitat de Catalunya

• Marta Seoane Dios
Colegio Oficial de Físicos

• Ramón Peral Orts
Universidad Miguel Hernández de Elche

• Víctor Manuel Martínez Cacharrón
Asesor Técnico del Valedor do Cidadán de Vigo. Ayuntamiento de Vigo

## ÍNDICE DEL DOCUMENTO

1. PRESENTACIÓN GENERAL Y OBJETIVOS DE GT-15

1.1. Antecedentes
1.2. Presentación general del grupo
1.3. Objetivos generales
1.4. Objetivos particulares

2. PERCEPCIÓN CIUDADANA DE LA CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

2.1. Antecedentes.
2.2. Percepción ciudadana del problema de la contaminación acústica.
2.3. Demandas ciudadanas relacionadas con la contaminación acústica.
2.4. Difusión de estudios y resultados sobre contaminación acústica urbana
2.5. Efectos de la contaminación acústica. Salud y ruido.
2.6. Valoración de las molestias por contaminación acústica
2.7. Relación entre contaminación acústica y otros tipos de contaminación.

3. PLANES DE ACCIÓN CONTRA EL RUIDO

3.1. Principales conclusiones derivadas de la elaboración de MER en España
3.2. Visión general de un Plan de Acción contra el Ruido: normativa.
3.3. Estado del arte en la elaboración de PLAR en España.
3.4. Elaboración de un PLAR: estrategias de diseño.
3.5. La participación ciudadana en la elaboración de un PLAR.
3.6. Las competencias en la elaboración de un PLAR.
3.7. Medidas generales para combatir el ruido en función de la FUENTE.
3.8. Medidas generales para combatir el ruido en función del MEDIO.
3.9. Medidas generales para combatir el ruido en función del RECEPTOR.

4. PROPUESTAS y MEDIDAS CONTRA EL RUIDO

4.1. Propuesta justificada de actuaciones concretas en función de la FUENTE
4.2. Propuesta justificada de actuaciones concretas en función del MEDIO.
4.3. Propuesta justificada de actuaciones concretas en función del RECEPTOR.
4.4. Propuesta de actuaciones en el ámbito del DISEÑO URBANO.
4.5. Propuesta de actuaciones en relación a los MEDIOS DE TRANSPORTE.
4.6. Propuesta de actuaciones en relación a USOS Y COSTUMBRES de la población

5. RELACIÓN CON OTROS PLANES y PROGRAMAS MUNICIPALES

   5.1. Estrategias para aunar esfuerzos con otros planes y programas municipales.
   5.2. Los Planes de movilidad sostenible y el PLAR.
   5.3. El Planeamiento Urbanístico y el PLAR.
   5.4. Integración del PLAR en la estrategia local de sostenibilidad (Agenda 21 Local).
   5.5. Los Sistemas de Gestión Medioambiental (ISO 14001 ó EMAS) y la gestión del ruido.
   5.6. Las herramientas de gobernanza: Pacto de los Alcaldes/as, convenios de colaboración institucional y otros compromisos entre administraciones.

6. CONCLUSIONES

7. DEBATE EN CONAMA 10.

8. BIBLIOGRAFÍA

9. ANEXOS

## RESUMEN

Concluida la elaboración de los Mapas Estratégicos de Ruido (MER) de los municipios incluidos en la primera fase de aplicación de la Directiva 2002/49/CE y de la normativa española subsiguiente, éstos centran ahora su atención en la necesidad de elaborar sus preceptivos Planes de Acción contra el Ruido. Se trata de un proceso que presenta una especial complejidad por cuanto conlleva el análisis, la aprobación y la implementación, por parte de los municipios afectados, de medidas que trascienden lo estrictamente técnico y que inciden en el diseño de nuestras ciudades, en el desarrollo de las políticas económicas o, incluso, en la forma de expresión de las costumbres de la población.

En este complicado proceso debe tenerse en cuenta que, a diferencia de lo ocurrido con los MER, cuya redacción fue encomendada generalmente a terceros ajenos a la Administración Pública, en los Planes Locales de Acción contra el Ruido (PLAR) resulta fundamental la participación de las Autoridades municipales y de la ciudadanía en los procesos de toma de decisiones. Y para que esto sea posible, es esencial el establecimiento de mecanismos adecuados y eficaces para la difusión pública de los resultados de los MER que permitan el intercambio de ideas y la elaboración de propuestas bien fundamentadas y consensuadas en las que participe tanto el sector profesional como la ciudadanía; así como la realización de un importante esfuerzo técnico y económico, sobre todo para la puesta en marcha de las medidas que contemplen los Planes de Acción contra el Ruido, la comprobación posterior de su eficacia y, en su caso, la introducción de las modificaciones oportunas.

De otra parte, al igual que ocurriera con la elaboración de los MER, constituye un inconveniente para la elaboración de estos Planes Locales de Acción contra el Ruido la escasez de información técnica y de experiencias, tanto de redacción como de aplicación y de comprobación de la eficacia de las medidas propuestas, amén de la distinta percepción que existe entre la ciudadanía del problema del ruido, de la incidencia que éste puede tener sobre la salud de las personas o de los vínculos entre contaminación acústica y otras formas de contaminación urbana, como la del aire.

En este contexto, el GT-15 da continuidad al trabajo realizado en ediciones pasadas del Congreso Nacional del Medio Ambiente, abordando la problemática expuesta y contribuyendo a mejorar y facilitar el diseño de medidas de control y minimización del ruido en las ciudades. Todo ello, mediante la implementación de mecanismos en los que adquiera una especial relevancia la participación ciudadana y en los que se persiga, como máxima fundamental, la correcta conjunción de los distintos bienes jurídicos en juego.

## OBJETIVOS

- Recopilar la información existente sobre el diseño de Planes de Acción contra el Ruido en cualquier sector y dar traslado al ámbito local.

- Recopilar la documentación práctica, recursos bibliográficos y fuentes de información existentes para acometer este trabajo.

- Abordar cuestiones íntimamente relacionadas con la elaboración de Planes Locales de Acción contra el Ruido, como son la evaluación de la molestia, el análisis de otros efectos del ruido, la participación ciudadana en el diseño de medidas contra el ruido y/o la problemática asociada a la difusión pública del diagnóstico acústico que aportan los MER previamente elaborados.

- Analizar la importancia del ruido como agente contaminante y sus efectos sobre la salud de las personas desde el punto de vista de la ciudadanía, con el objetivo de acercar la gestión municipal de la contaminación acústica a los intereses y demandas de la población en relación con este contaminante.

- Analizar y diagnosticar el estado de desarrollo y ejecución de los Planes de Acción contra el Ruido en los municipios españoles que cuenten con MER.

- Elaborar una Guía Práctica para el diseño de Planes de Acción contra el ruido en el ámbito local.

- Elaborar un catálogo general de propuestas de acción contra el ruido, considerando distintos tipos de fuentes, medios y receptores.

Concello de Vigo